ANUARIO BRIGANTINO



2000 nº 23

ANUARIO BRIGANTINO

Historia - Arte - Literatura - Antropoloxía - Entidades culturais e deportivas - Acontecementos do ano - Administración Municipal

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité científico

Alfredo Erias Martínez (director)
Xosé Mª Veiga Ferreira (subdirector)
Xulio Cuns Lousa (secretario)

Fernando Alonso Romero
Manuel Ares Faraldo
Xosé Ramón Barreiro Fernández
José Antonio Fernández de Rota y Monter
José García Oro
Antonio Meijide Pardo
José Antonio Miguez Rodríguez
Luis Monteagudo García

Colaboradores técnicos:
Mª Isabel Sánchez Edreira
Alberto López Fernández
Leonor Sánchez Edreira
Mª del Pilar Vázquez Ares

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2000 **nº 23**

Dos traballos asinados responden os seus autores; dos demais, a dirección do ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Excmo. Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais
Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña
Tlf. (981) 771946

bibli1@alsernet.es

O ANUARIO BRIGANTINO é analizado sistematicamente polo «CENTRO DE INFORMACIÓN Y DOCUMENTACIÓN CIENTÍFICA» (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C. e incluído na base de datos ISOC. Ésta ofrece información sobre artigos publicados en máis de 1.000 revistas especializadas nos diferentes campos do coñecemento que pertencen ás Humanidades ou ás Ciencias Sociais.

A base de datos ISOC, accesible en liña desde calquer PC ou terminal de ordenador pola rede telefónica conmutada ou por liñas especializadas para a transmisión de datos (X-25), distribúese tamén en CD-ROM e en forma de repertorios bibliográficos impresos.

O seu enderezo é:
Calle Pinar, 25, 3º, 28006 MADRID.
Tlelf. (91) 4112220. Fax 564 50 69.

***

Así mesmo, os traballos do ANUARIO intégranse nas bases de datos da BIBLIOTECA XERAL da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA...

Cuberta:
A queima dos templarios. Iluminación da Crónica de Francia ou de Saint Denis, s. XIV. Brithis Library / Bridgeman Art Library.

Contracuberta:
Escudo de Iohan Freyre de Andrade que remata os releves con motivos de caza do ábside da igrexa de San Francisco de Betanzos. Debuxo: Alfredo Erias.

Deseño da cuberta, composición e maqueta: Alfredo Erias.

Depósito legal: C-1217-2001
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI -Betanzos-

Ilmo. Sr. Don Manuel Lagares Pérez

Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Betanzos

Volta o ANUARIO BRIGANTINO cunha chea de traballos, con moitas imaxes coma sempre, algo que o define, volta a iluminarnos ós de Betanzos e ós galegos todos. Porque non é só o concello o que está entre estas páxinas; está a comarca, a antiga provincia, Galicia e, ás veces, aínda máis aló. Ese é o espírito: servir de canle á investigación nun senso amplo, sen caer en localismos pechados.

Cando este número vexa a luz, ó mesmo tempo o Concello de Betanzos, a través da súa páxina web, **http://www.betanzos.net**, poñerá a disposición de quen queira un ÍNDICE XERAL DO ANUARIO BRIGANTINO, que, elaborado por Alfredo Erias e Xosé Mª Veiga, permite atopar rapidamente calquera referencia bibliográfica relativa a tódolos traballos que desde 1948 ata nós se levan publicado nesta revista.

Por outra banda, maio segue a ser un mes de ricos froitos literarios, sobre todo no que respecta á recuperación de escritores esquecidos da cidade e da comarca. Pero este ano o Concello fixo tamén unha edición á que non estabamos acostumados: trátase da gravación, recollida en CD, dun concerto da Banda Municipal de Betanzos, realizada o 20 e 21 de maio na Aula Municipal de Cultura, baixo a dirección de Juan A. Ferrer Cerveró e de Raúl Galán Cerveró. ¡Unha marabilla!

As publicacións en xeral definen ben a política cultural do Concello e do pobo de Betanzos, posto que non quero esquecerme dos periódicos, libros, folletos, carteis, etc. que tamén fan diversas entidades betanceiras.

O meu agradecemento especial, como é costume, para o director do Anuario Brigantino, Alfredo Erias, para o subdirector, José Mª Veiga, o secretario, Xulio Cuns e tódolos demais membros do Comité Científico e colaboradores técnicos. Non podo esquecerme tampouco do papel que xoga neste éxito Francisco Díaz, como responsable da Delegación Municipal de Cultura. ¡Gracias a todos!



Jesús Núñez: PASO DE ALMANSUR. 1990. Xilografía - litografía - aditivos. Mancha: 76x110 cm. Papel: guarro Super Alfa. Matrices: 5. Tirada: 7.

ÍNDICE

Historia...

*O tesouro de Bedoya: análise de localización, polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS..... 11

*O «boom» arqueolóxico de finais do s. XX na bisbarra de Ferrol: análise comparativa, polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS..... 21

*Contribución á carta arqueolóxica da Península do Barbanza: dezasete petroglifos e unha mámoa -inéditos- do Concello de Porto do Son (A Coruña), por JORGE GUITIÁN CASTROMIL e XOÁN GUITIÁN RIVERA..... 39

*Las tres leyendas célticas de Macha: reflejos de la transición hacia una sociedad patriarcal, por MANUEL ALBERRO..... 57

*Las almas y las abejas en el rito funerario gallego del *abellón*, por FERNANDO ALONSO ROMERO..... 75

*La cirugía en el Imperio Romano, por LUIS MONTEAGUDO GARCÍA..... 85

*El monasterio de las Cascas (III), por SANTIAGO DAVIÑA SÁINZ..... 151

*La Casa de la Moneda de A Coruña en los siglos XV y XVI (III), por JOSÉ GARCÍA ORO y Mª JOSÉ PORTELA SILVA..... 161

*Dúas encomendas templarias galegas descoñecidas: Lendo (A Laracha) e San Sadurniño, por CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ..... 201

*Los memoriales de Sobrado y Monfero y sus autores, Fray Bernardo Cardillo de Villalpando y Fray Mauricio Carbajo, por JOSÉ LUIS LÓPEZ SANGIL..... 229

*Aportación a la historia económica de Pontedeume en la primera mitad del s. XIX, por ANTONIO MEIJIDE PARDO..... 239

*Os serenos: historia e historias da Garda Municipal de Betanzos, por XULIO CUNS LOUSA e XOSÉ Mª VEIGA FERREIRA..... 255

*Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936), por ALFREDO ERIAS..... 311

*Castelao, Ministro do Goberno Republicano no Exilio: unha fotografía descoñecida, por CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ..... 375

Arte, Literatura, Antropoloxía...

*La Pasión y el Juicio Final en los murales de Santa María de Mañón, por ALICIA P. SUÁREZ-FERRÍN..... 379

*Mito y utopía: sabiduría pedagógica del 'Pasatiempo', por DELFÍN MARIÑO ESPIÑEIRA..... 423

*El patrimonio etnográfico y el arte popular: cruceros y petos de ánimas de los municipios de Moeche y San Sadurniño, por JUAN JOSÉ BURGOA..... 477

*Dúas versións da composición «O puzo do Lago» de Eladio Rodríguez González, por CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL..... 495

*A traducción ao castelán dun poema de Eugénio de Castro en *El Eco de Galicia*, por CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL..... 525

*Poemas de la vejez, por JOSÉ ANTONIO MIGUEZ..... 529

*Lección de humildad, por JOSÉ ANTONIO MIGUEZ..... 533

*Recordo dun mestre: unha ética xeral, por JOSÉ ANTONIO MIGUEZ..... 534
Náufragos mugardeses en «El Censor», por BRAIS DA BOUZA..... 537

*Carta a Uxío Novoneyra, por OLGA PATIÑO..... 543

Entidades culturais e deportivas...

*Fundación CIEC: Centro Internacional de la Estampa Contemporánea, por ANNE HEYVAERT..... 547

*Outras entidades..... 557

Acontecementos do ano

*Pregón da Festa do Viño, por XAIME ALBERTO PITA VARELA..... 581

*Pregón da IIIª Feira Franca Medieval, por CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ..... 588

*Pregón das Festas Patronais de San Roque, por ROBERTO TOJEIRO DÍAZ..... 593

*Función do Voto, por MANUEL LAGARES PÉREZ..... 594

HISTORIA...



Jesús Núñez: IDRIS. 1989. Xilografía - aguatinta. Mancha: 72x98 cm.
Papel: guarro Super Alfa. Matrices: 4. Tirada: 3.

O tesouro de Bedoya: análise de localización

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

O Tesouro de Bedoya está formado por pezas de ouro de orixe castrexa (celta) e por aneis e moedas de ouro e prata da época romana, que se conservan no Museo de Pontevedra (España). O artigo describe detalladamente cómo se producíu o descubrimento e cómo chegan ó museo, ademais de engadir un estudio microtoponímico da zona, concluíndo cun apéndice no que se analiza o topónimo "pereiro" e as súas variantes, como indicativo da posible presencia dun asentamento castrexo.

Abstract

The Bedoya Treasure consists of golden items with a castrexa origin (celtic) and of gold and silver rings and coins from the Roman Times, which are kept in the Pontevedra Museum (Spain). The article describes in minute detail how the discovery took place and how they came to the Museum, it also adds a study of the origin of the names of small places in the area, ending with an appendix, where it analysis the place-name «pereiro» and its varieties, as a sign of a possible existence of a castrexo settlement.

I- INTRODUCCIÓN

Dende a súa fundación, a nosa Asociación "Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos", tivo como un dos principais obxectivos o estudio e divulgación dos diferentes depósitos arqueolóxicos, as mámoas, petroglifos e castros centraron os nosos primeiros esforzos, todo iso acompañado do estudio das fontes documentais, e a recompilación das lendas, tradicións, etc...

Este ano recuperamos da memoria popular, algo tan abraiante como é a historia do descubrimento dun tesouro, o de "Bedoya", e dalgún xeito intentamos dar luz ó mar de dúbidas no que se sumiu a súa localización, quizais por intereses de tipo persoal.

A denominación de "Tesouro de Bedoya" vén dada pola familia que o encontrou, xa que a incerteza sobre o lugar no que se atopou, non permitiu asinarlle un apelativo local (ex: Tesouro de Caldas, Elviña, etc.); polo tanto non se debe denominar Bedoia, senón Bedoya[1], ó tratarse do apelido desta familia con orixe no país vasco.

A aparición deste tesouro, marca un fito na historia da arqueoloxía galega, ó aparecer xoias prehistóricas asociadas con moedas, algo que viña sucedendo no resto da península ibérica, inédito en Galicia naqueles tempos, o que serve como mínimo de referencia para data-las xoias, e as técnicas de traballo das mesmas; se ben a presencia das moedas non asevera que as xoias sexan coetáneas, xa que o tesouro puido formar parte dun acubillo posterior.

Unha vez coñecido o lugar exacto do descubrimento, o noso traballo centrouse en facer un estudio microtoponímico da área (uns 400 m. de diámetro), para intentar localizar os depósitos arqueolóxicos máis próximos que puideran ter algún tipo de relación co tesouro.

***A Asociación Cultural "Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos" constituíuse en Ferrol o 28/10/91, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico. Está formada na actualidade por 15 membros.**

1 Moralejo Lasso, A., "*Toponimia Gallega Leonesa*", 1977 pag.55, "...BEDOBRE cuyo primer elemento fuese el mismo de BEDOJA o BEDOXA, BEDOYA y otros topónimos gallegos y no gallegos, y del antiguo BEDUNIA, o sea la voz céltica BEDUS -zanja , arroyo-".

Por último, no apéndice I, tratamos un novo topónimo "Pereira/o" e os seus derivados como sinónimo de Castro, polo menos na zona NL da provincia da Coruña, que pode axudar dalgún xeito a identificar algún destes asentamentos.

II-HISTORIA DO DESCUBRIMENTO

Tras un traballo de campo non exento de problemas, dificultades e, por que non dicilo, tamén de inestimables colaboracións logramos coñecer que ó principio dos anos 40, no lugar da Chousa - Barca de Arriba (parroquia de San Román de Doniños, concello de Serantes -hoxe absorbido polo concello de Ferrol, coordenadas xeográficas 8º 28´54.6''– 43º 22´35.6´´ e UTM 55865-4817335), D. Francisco Bedoya Fojo, mandou limpa-las pedras dunha eira contigua á casa onde vivía. O servente encargado da limpeza traballaba á altura do antigo pozo (logo galiñeiro e hoxe garaxe) cando despois dun golpe de sacho atopou un pequeno recipiente de bronce con algo que brillaba no seu interior, semellando ser píntegas; sorprendido, buscou ó seu impedido amo, que a lombos dun cabalo, achegouse ata o pozo. Ante a importancia do achado, temeroso de que se soubese o que alí aparecera, ocultouno no faiado da casa, onde estivo gardado durante uns 10 anos (nin que dicir ten que o resto da finca foi peneirada, sen que se teñan noticias de que atopasen ningún obxecto máis que lles chamara a atención, e si moitas pedras soltas).

Pasado este tempo D.Justo Bedoya leva á súa filla a Santiago á consulta do Dr. Echeverri (gran afeccionado á numismática), coñecendo a afección do médico fixéronlle sabe-lo que tiñan gardado. Inmediatamente o Dr. Echeverri, comentoullo ó seu amigo D. José Filgueira Valverde (Director del Museo de Pontevedra) e xuntos acordaron que na próxima consulta da familia Bedoya, levasen as pezas en cuestión; unha vez o tesouro estivo en Santiago, tras verifica-la súa autenticidade, D. J.Filgueira Valverde incitounos a depositalo nun museo.

Tras chegar a un acordo ó 12 de outubro de 1953 ó tesouro pasa a engrosa-las vitrinas do Museo Provincial de Pontevedra, previo pago pola Deputación Provincial da nada desprezable cantidade de 30.000 ptas[2] (hoxe en día equivalería a máis de 1.600.000 ptas:10.000 euros). No momento do ingreso no museo, a familia Bedoya alegou que ignoraba a súa procedencia, xa que era algo gardado por D. Francisco Bedoya no faiado da casa.

O material procedente do achado chegado ós nosos días está composto de:

-1 diadema de ouro.
-2 arracadas de ouro, de tipo arriñonado.
-2 arracadas de ouro, de tipo laberintiforme.
-1 anel signatario de ouro, con entalle.
-1 anel de ouro, cunha pedra (amatista) engarzada.
-2 áureos, datados entre os anos 54 e 85 d.C..
-27 denarios de prata, datados entre os anos 63 a.C. a 91 d.C.
-1 recipiente de bronce, que foi onde apareceu o tesouro.

2 Amable información facilitada polo director do Museo Provincial de Pontevedra, D. José C. Valle Pérez.



Tesouro de Bedoya. Museo de Pontevedra, fotografías de J. M. Castaño García.



Lugar de aparición do tesouro.

Asentamentos castrexos.

Zona de estudio microtoponímico.

III-ANÁLISE DE LOCALIZACIÓN

Por unha banda creuse que o tesouro procedía da zona da Graña-Brión (Ferrol), onde residía quen o atopou; pero por outra banda un membro da Corporación Provincial de Pontevedra, comunicoulle ó museo unha posible procedencia da comarca do Salnés, concretamente das inmediacións de Noalla (onde a comisaría de escavacións e o Museo de Pontevedra centraban os seus traballos) [3]; sen dúbida tratábase dunha manobra de distracción. Dende o primeiro momento, a familia ó realiza-la entrega do mesmo, indicaba que "aquelo" levaba dez anos no faiado, momento no que non se escavaba en Noalla.

Como xa indicamos, o tesouro atopouse no lugar da Chousa-Barca de Arriba (Doniños-Ferrol); o lugar na actualidade está fortemente urbanizado polo que co ánimo de intentar esclarece-lo contexto arqueolóxico onde apareceu, realizamos un estudio da microtoponimia nun radio de 200m. da localización do achado, co resultado dos seguintes topónimos, dos que facemos unha breve reseña sobre o seu posible significado:

ANTONIO, SAN ANTONIO, SOBRE SAN ANTONIO: Os tres topónimos teñen relación coa próxima igrexa de San Antonio da Cabana.

3 FILGUEIRA VALVERDE, J. e BLANCO FREIJEIRO, A. *"Nuevas joyas prehistóricas gallegas El Tesoro de Bedoya"* CEG , Tomo IX, fasc. XXVIII, 1954, páx. 162.

BALÓN VELLO: *Baluivetus* na documentación do Mosteiro de Sobrado dos Monxes, é probablemente de orixe etrusca, xentilicio de *Bal(l)onius* CIL VI.
BARCA DE ARRIBA: Polo seu emprazamento xeográfico na parte alta do monte, debe relacionarse con Barca de Abaixo, xa no litoral, que serviu como punto de embarque dunha barca entre Ferrol e as propiedades do Mosteiro de Sobrado na actual Graña.
BUZA: 'Boca ou entrada', probablemente dunha finca ou terreo (referiríase ás cancelas de entrada do mesmo). Existe tamén o topónimo PORTA DA BUZA: Tautoloxía de Buza, polo tanto 'porta da boca ou entrada'.
CACHAVILLEIRA: Forma sincopada de Cacha da Avilleira, 'noval ou terreo roturado, próximo a unha abelleira'.
CARBALLÁS: Plural de Carballal, colectivo de Carballo.
CASTRO (·): Asentamento castrexo da Idade do Ferro.
CERDEIRAS: 'Lugar de Cerdeiras'. Árbore da cereixa, non é cereixeira, xa que ó topónimo evolucionou de *Ceresaria>*Cerseira>*Cerceira>*Cerdeira. [4]
COBIÑA: Cova pequena.
CORTIÑAS: Terreo bo, prado ou leira.
COUTOS: *Cautum*, participio pasado de *cavçre*: precaver ou gardarse, 'finca ou terreo cercado'.
CHOUSA: *Clausa*, 'monte ou terreo pechado', xeralmente cun valado.
ESPIÑO: Lugar onde houbo ou hai espiños. Probablemente xentilicio de SPINNIUS CIL V (feminino de SPINIA CIL XIII, da cidade de SPINA, desembocadura do Po).[5]
FONDÓN: Zona baixa, xeralmente xunto ó regato, dos terreos ou aldeas (cf. Fondevila).
GIRALDE: Posiblemente disimilación de *Gil-aldus*, probablemente nome de orixe Franco ou Ostrogodo. [6]
LAMELA DE ABAIXO, LAMELAS: Prados ou terreos húmidos.
LAMOSO: Sufixo abundativo de Lama-oso, sinónimo de lameiro.
LAXE: Do latín *laganum* 'pastel plano', medieval *Lagenam*[7] 'pedra lisa, chá e xeralmente de pouco grosor'.
LEIRIÑA: Leira ou terreo pequeno.
MONTECURUTO: Forma sincopada de Monte do Curuto (monte con forma picuda).
MONTE MEÁ: Monte mediano.
MONTE DO PICO: Monte con forma picuda (v. MONTECURUTO).
OUTEIRO: De *altarium*>altar[8], tamén 'monte de pouca elevación, illado e de forma redondeada'.
PEDREGÁS: Plural de Pedregal 'terreo ou zona de pedras'.
PENAVILLEIRA: Forma sincopada de Pena da Avilleira, 'afloramento de pedra próximo a unha abelleira' (v. CACHAVILLEIRA).
PEREIRA/O (·): Pedreira 'lugar de onde se sacan pedras' (v. apéndice I)
PUCHEIROS (·): Relacionado sen dúbida coas olas, ou anacos de cerámica que se atopan nun castro.

4 RIVAS, E. *"Topónimia de Marín"* pág. 159.
5 SCHULZE, W. *"Geschichte Lateinischer Eigennamen"* pág. 426.
6 Amable información de D. Luis Monteagudo.
7 MONTEAGUDO, L. *"Hidronimia Gallega"*, pag. 286, documento de Silo do ano 775.
8 MONTEAGUDO, L. *"La Religiosidad Callaica..."*, pag. 56

REDONDA: Finca ou terreo de forma redondeada, probablemente pechada.
SANCHA: Deriva de *Santia* feminino de *Sanctus* 'venerado, venerable, virtuoso'.
SOUTO, SOUTO DE BALÓN: *Saltus,* 'bosque' xeralmente de castiñeiros.
TORRE: Atalaia, lugar de vixilancia.
TORREIROS: Variante do plural de Turreiro 'extensión de labradío que rodea unha casa', ou 'terreo normalmente cha onde se fai a festa ou baile (xeralmente próximo á igrexa)'.
URXEIRA: De *Hordeum,* probablemente 'campo ou terreo onde se cultivaba a cebada'[9]
VIDUDE: Xenitivo de *Bitutius* (Roma CIL VI), de *Bitius* CIL II (SOL 35), probablemente nome de orixe céltico. Tamén probablemente de *Bittonius*[10] nome de orixe etrusca ou céltico.
VILASANCHEZ: Vila de Sancho – *Santius* (v. SANCHA)
VIÑA: Lugar de vides.

Os 3 topónimos que figuran con (·), correspónden co Castro de Vilasánchez tamén coñecido como Castro dos Pucheiros.

Chegados a este punto e xa que non tiñamos indicios suficientes, sobre a posible orixe do tesouro, ampliouse o radio de estudio coa aparición doutro asentamento castrexo situado a 1km. ó O (Castro dos Mouros ou Castelo dos Gafos), ó pé do lugar do Pereiro (v. Apéndice I), que a diferencia do anterior -Castro de Vilasánchez-, ten contacto visual co lugar onde se encontrou o tesouro.

IV-A MINERÍA DA ZONA

Se difícil resulta o sabe-la procedencia do tesouro, moito máis difícil resultaría sabe-la procedencia do mineral, xa que non coñecemos ningún estudio ou traballo da minería na antigüidade en toda a provincia da Coruña. Dentro da comarca é evidente que hai algúns exemplos de xacementos castrexos relacionados coa minería, como "O Pereiro" en Valdoviño a carón das minas, e mesmo o de "Taraza" en Meirás que tivo as minas en explotación no século XX dentro do mesmo recinto castrexo.

A modo orientativo citaremos algúns datos sobre a minería da nosa comarca, sendo dentro das coñecidas, a mina de Cobas (lugar de Covarradeiras, San Martiño de Cobas-Ferrol) a máis próxima ó lugar do descubrimento do tesouro, en que as referencias escritas de principios do século XX dinnos *"El nombre de esta parroquia proviene indudablemente de las grandes excavaciones que de tiempo inmemorial existen en el término..."* e, ó falar do seu abandono, indícannos *".. no sin antes haber encontrado en una galería curiosos objetos y artefactos empleados antiguamente."*[11], así mesmo o Instituto Geológico Minero Español dinos no Mapa Minero-Metalúrgico de Galicia, en referencia un informe do Irimo *"Los filones primarios son todos filones de cuarzo con minispíquel, al que va asociado oro. En muchos de ellos se conoce la existencia de labores romanas, habiendose explotado algunos a finales del siglo pasado y comienzos de este. Los indicios más importantes son Corcoesto (Santiago), Cobas (Serantes) y zona de Carballino..."*[12]

9 MORALEJO LASSO, A., *"Toponimia galaico-leonensa",* 1977.
10 SCHULZE, W. *"Geschichte Latei..",* pág. 211,4.
11 CARRE ALDAO, E. *"Geografía del Reino de Galicia, Provincia de La Coruña",* Barcelona 1936.
12 IRIMO, A 1934, *"Yacimiento aurífero de Cobas, en término municipal de Serantes"* Cátalogo descriptivo de criaderos minerales de España, tomo II.

A mina de Cobas está englobada nunha corrida filoniana de pirita arsenical aurífera, que comezando en Valdoviño desprázase uns 60 km cara ó SL, pasando por Monfero, Curtis e Sobrado dos Monxes. Na zona de Ferrol-Serantes-Cobas os filóns son de granito gneis de seixo aurífero, cunha potencia que chega ata os 4 metros con pirita arsenical, cun contido en ouro de 66 a 106 g/Tm, e que no caso concreto de Cobas con leis en (Au) e (Ag) van dende 2 ata 144 g/Tm. Posteriormente (en 1917) unha compañía francesa aproveitou estes xacementos montando un taller de concentración de mineral elevando a lei a 220 g/Tm; sendo as explotacións abandonadas pola gran afluencia de auga e barro.

V-CONCLUSIÓNS

Segundo o exposto afirmamos, sen ningún tipo de dúbidas, a orixe ferrolá do Tesouro de Bedoya, nembargantes a falta de novos datos, coa proximidade dos dous asentamentos castrexos anteriormente citados, non podemos decantarnos por ningún deles, á hora de intentar adxudica-lo tesouro a un asentamento concreto.

Esto fainos pensar que o tesouro foi acochado con probabilidade nun momento de incerteza ou inestabilidade, escollendo un lugar máis ou menos referencial (por ex. o pé dun carballo, acochado xunto a unha rocha, etc.), onde o dono puidese recuperalo noutra época de máis seguridade; non cremos que se trate do producto dunha espoliación producida en época mais recente, polo recipiente onde se atopaba resgardado, o que confirma dalgún xeito a intención ou predisposición ó ocultamento.

A confirmación xeográfica do tesouro, vén salienta-la riqueza arqueolóxica dunha bisbarra, tradicionalmente abandonada polas escavacións arqueolóxicas oficiais, en contraposición ás continuas espoliacións a que foron sometidos sistematicamente os diversos depósitos arqueolóxicos, o que pon de manifesto a importancia que tivo esta terra na antigüidade.

APÉNDICE I

A toponimia xoga un papel moi importante no momento da localización dos distintos depósitos arqueolóxicos, a denominación de Castro/s, Castrelo/s, Castelo/s, Croa/s, Coroa/s, entre outros, son case sempre sinónimos de asentamento castrexo espallándose pola nosa xeografía a centos; nembargantes nós neste punto, queremos abrir unha nova posibilidade de sinónimo de castro, alomenos dentro do ámbito do NL da provincia da Coruña, o topónimo de Pereiro/a que significa Pedreiro/a, ou sexa lugar de onde se sacan as pedras (algo moi habitual na nosa terra foi o desmonte das murallas castrexas e mesmo dos castelos medievais, para aproveita-las pedras en construcción de vivendas, alpendres, peches de fincas, etc., pedras moito máis fáciles que telas que extraer dunha canteira, e labralas), e que nada ten que ver con lugar de pereiras *(pirum)* como indica algunha etimoloxía popular.

Por amable información do Dr. D. Luis Monteagudo, desenvolvémo-la evolución deste topónimo, tendo como orixe *Petraria*, o cal cambiou o *t* xordo polo *d* sonoro, quedando *Pedraria*, unha posterior sonorización do *d* fixo desaparecer este quedando por tanto *Peraria*, unha metátese despois do *r* acabou cambiando de lugar o *i* co que quedounos *Peraira* e un achegamento do *a* ó palatal *i* acabou coa transformación en *ei* co que quedóuno-lo actual Pereira. Esta transformación en aparencia complicada esta plenamente confirmada noutros exemplos, como a evolución do nome *Petrus>Pedro>Pero*, neste caso só unha férrea regra no latín eclesiástico fixo que se conservara o Pedro en vez de

Pero (quizais por San Pedro), anque nos quede na actualidade Pérez (fillo de Pero); outro exemplo témolo na documentación do Mosteiro de Caaveiro, ó deslinda-los límites do couto xurisdiccional que nos di. *"..cautum monasterii supra dicti primo incipiens ipsum cautum a termino qui dicitur Portus Peraria..."* , este *Portus Peraria*, é sen dubida o *Portus* que cruzaba o Eume a altura do lugar da Pereira (San Pedro de Eume-As Pontes, A Coruña), debido á transformación antes exposta.

Descifrado o significado do topónimo, tan só tivemos que asociar este ós distintos asentamentos castrexos coñecidos, cun resultado sorprendente como se poderá observar. Este sinónimo de castro coñecido por nós dende 1990, fixo que no traballo de campo desenvolvido con motivo do libro *"Narón un concello con historia de seu"*, A. Pena Graña (1991), se utilizase para buscar novos asentamentos castrexos, e a pesar das catalogacións xa existentes de Ana Mª Romero (1985) e Ateneo Ferrolán (1987), apareceron 2 novos asentamentos, o castro do Pereiro (San Mamede de Atios-Valdoviño) e o de Pereiruga (San Salvador de Pedroso-Narón). Cabe aclarar que na maioría dos montes ou lugares onde aparece o topónimo de Pereiro/a e as súas variantes, non existen claros sinais de afloramentos graníticos nin de outro tipo de pedras, polo que o seu significado parece claro. Nembargantes o topónimo Pedroso/a, si adoita significar monte de Pedras ou de afloramentos, co que salvo raras excepcións, non será sinónimo de Castro.

A continuación expoñemos algúns dos exemplos do topónimo Pereiro/a coas súas variantes que teñen relación directa cun asentamento castrexo recoñecido, situándose a menos de 400 m. do mesmo:

-Pereiro, NL do Castelo dos Gafos (San Román de Doniños-Ferrol).

-Pereiro, O do Castro de Eiravedra (San Estevo de Sedes-Narón).

-Pereiro, S do Castro do Pereiro (Sta. Eulalia de Valdoviño-Valdoviño).

-Pereiro, SO do Castro do Pereiro (San Xoán de Moeche-Moeche).

-Pereiro, S do Castro do Seixo ou Pereiro, é este un dos casos máis significativos para a confirmación da nosa teoría xa que se atopa o topónimo de Pereiro e 200 m. ó L o topónimo Castro, atopándose o asentamento nas mesmas casas do lugar do Pereiro, sendo de aí de onde sacaron as pedras (San Pedro do Val de Xestoso-Monfero).

-Pereira, N do Castro de Vilasánchez (San Salvador de Serantes-Ferrol).

-Supereira, O de Tralocastro (San Xoán de Esmelle-Ferrol).

-Supereira, S do desaparecido Castro de Ferrol Vello (San Xiao-Ferrol), con este topónimo denominábase a ribeira do mar a altura do actual peirao de Curruxeiras[13] .

-Pedreira, L do Castro da Revolta (San Estevo de Sedes-Narón).

-Pedreira, SL do desaparecido Castro de Taraza (San Vicente de Meirás-Valdoviño).

-Pedreira, SL do Castro de Mehá (San Vicente de Mehá-Mugardos).

-Pereiruga, (probablemente diminutivo despectivo de Pereira, v. *verrûca* –verruga-, ou *lactûca* –leituga-) NL do Castro da Pereiruga (San Salvador de Pedroso-Narón).

Mesmo poderiamos incluír aquí un exemplo de Pedroso, L do Castro da Ermida (San Salvador de Pedroso-Narón), como xa dixemos, aínda que moitas veces signifique paraxe ou monte de pedras, a falta de estas, ven podería telo mesmo significado que Pereiro, sobre todo se temos en conta que é moi posible que neste caso o topónimo non

13 MONTERO AROSTEGUI, J. *"Historia y Discripción de El Ferrol del Caudillo"*, edición de 1972, pág. 220.

evolucionara polas férreas regras do latín eclesiástico, xa que no lugar de Pedroso, atopábase un dos mosteiros máis importantes de Galicia o Mosteiro de San Salvador de Pedroso, que lle deu nome á actual parroquia.

É evidente que non se trata dunha casualidade, anque ignoramos se este mesmo caso se produce no resto de Galicia, polo que cremos que o topónimo Pereiro/a e as súas variantes (con algunhas reservas) débense considerar coma un topónimo de clara significación arqueolóxica (sinónimo de castro), polo menos na zona NL da provincia da Coruña; pero sen esgota-la posibilidade de que ó tratarse dun lugar de onde se sacan pedras, poría ter unha significación arqueolóxica moito máis ampla a túmulos, o subtraerse as pedras da coiraza (encontrandonos que nalgunhas excavacións existen na coiraza, grandes calvas de pedra), ou como vén sendo habitual arrincando as chantas da cámara; dando tamén a pista para a localización de asentamentos romanos ou medievais.

Non debemos minimiza-la importancia que o presente topónimo, e as súas variantes poden chegar a ter para arqueoloxía galega, xa que atopasen espallados por toda Galicia en máis de 200 lugares habitados, máis outros tantas paraxes e montes.

AGRADECEMENTOS

Especialmente agradécemo-la súa información e axuda desinteresada á familia Bedoya, ó profesor D. Luis Monteagudo (polos seus estudios de toponímia), D. Carlos C. Valle (Director do Museo Provincial de Pontevedra), D. Bieito Pérez Outeiriño (Director do Museo das Peregrinacións), e a todas aquelas persoas que colaboraron no desenvolvemento deste traballo.

Caldeiro onde se atopou o tesouro.
Foto cedida por D. Bieito Pérez Outeiriño

O “boom” arqueolóxico de finais do s. XX na bisbarra de Ferrol: análise comparativa

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Preséntase unha análise dos traballos feitos entre 1985 e 2000 referidos ós concellos da ría de Ferrol no referente as mámoas, petroglifos, castros e vestixios de época romana, onde se reflicten as discrepancias de criterios entre os diversos autores.

Abstract

An analysis of the works done between 1985 and 2000 refering to the townships on the coast of Ferrol about the megalithic momuments, rock-engravings, Celtic villages and remmants from the Roman Times, where the difference of opinions are shown among the several authors.

I- INTRODUCCIÓN

As postrimerías do século XX inicio do XXI, son un bo momen para realizar balance de calquera tip de materia; nós aportámolo nos pequeno gran de area, realizando unh recompilación de traballos realizado en materia arqueolóxica nos 15 últimc anos, centrando a área xeográfica nc concellos que limitan a ría de Ferro ámbito este no que se produciu u “boom”, que afectou á arqueolox galega, e que como indicamos Ferr e comarca non quedaron á marxe. (Fi 1).



Fig. 1.- Situación xeográfica da bisbarra de Ferrol.

Compilamos, dentro do nos coñecemento, as publicacións traballos realizados dende mediad dos 80 ata finais do 2000, e no que como se verá non todo o publicado, a pesar de estar realizado, na súa maioría por profesionais en arqueoloxía, se corresponde coa realidade, orixinando unha serie de traballos contradictorios, que nalgún caso chegan a confundir ó lector. Nembargantes non debemos esquecer que nun principio as políticas administrativas eran reticentes a unha divulgación exhaustiva dos depósitos arqueolóxicos (para dalgún xeito preservalos da man dos espoliadores e desaprehensivos, chegándose a publicar coordenadas erradas dalgún depósito, co gallo de evita-la a súa localización), esta opinión común en moitas comunidades autónomas foi mudando, chegando á

***A Asociación Cultural “Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos” constituiuse en Ferrol o 28/10/91, tendo por fins a investigación, inventeriado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico. Esta formada na actualidade por 15 membros.**

conclusión de que o único xeito de preservalos, é que sexan coñecidos, xa que son os propios veciños os que, ó estar en contacto cos depósitos arqueolóxicos, poidan dala voz de alarma, no caso de sufrir algunha alteración.

Ninguén está libre de tal caos divulgativo; se ben como dixo o sabido "Débense de conta-las verdades de hoxe, que mañá serán mentiras; xa que as mentiras de hoxe, mañá serán atrocidades".

Dos máis de 40 traballos dos que temos constancias nestes últimos 15 anos, en referencia ó ámbito xeográfico da ría ferrolá, a case totalidade deles son producto do esforzo e dedicación dos profesionais e outros investigadores que empregaron o seu tempo (na meirande parte dos casos, desinteresadamente) para plasma-las súas investigacións e estudios. É tamén encomiable o labor dispensado polas distintas asociacións, universidades e institucións de carácter local que tomaron a testemuña absurdamente abandonada pola administración autonómica, cando publica no ano 1989 o último libro de *"Informes de arqueoloxía"*, co conseguinte baleiro e complicación que supón para o labor investigador, xa no tan só ó non poder contar cunhas publicacións de referente bibliográfico, sobre as últimas investigacións que se foran realizando, senón tamén obrigando a busca-las referencias escritas entre un senfín de pequenas publicacións, en moitos casos de carácter local e mesmo nas follas parroquiais das festas.

Intentando seguir unha pseudo correlación cronolóxica, principiámo-la análise comparativa polas mámoas, seguindo polos petroglifos, castros e restos de época romana.

II – TRABALLOS SOBRE MÁMOAS

Comezamos esta análise comparativa cos traballos sobre os antergos túmulos funerarios galaicos, en moitos casos coincidente cos dos depósitos castrexos, por tratarse de catalogacións xenéricas, ou catalogacións arqueolóxicas dun concello determinado. A primeira referencia é a de Ana Mª Romero e Xosé M. Pose en *"Catalogación arqueolóxica da Ría de Ferrol"* (1985), onde nomean a existencia de túmulos nos altos do Monte Marraxón (Fene), nun número aproximado de 21/26, sen aportar ningunha planimetría, nin localización dos mesmos, poñémolo no cadro comparativo dese concello, con tódalas reservas, pola súa ambigüidade.

Tamén en 1985 a publicación *"Arqueoloxía prehistórica no concello de Fene"*, de VV.AA. dá exactamente os mesmos datos que a anterior, entre 21/26 túmulos no Monte de Marraxón, polo que tan só teremos en conta un destes traballos para o noso cadro comparativo.

O primeiro traballo que debemos ter en conta é o de Andrés Pena *"Narón, un concello con historia de seu"* (1991), pioneiro neste tipo de depósitos arqueolóxicos, que abarca non só o concello de Narón, senón tamén os de Ferrol, Neda e Fene.

En 1995, aparece *"El fenómeno tumular en Narón. Análisis de localización"* artigo publicado por Juan Carneiro en Estudios Mindonienses nº 11, que abarca Narón e as súas lindes con San Sadurniño, Ferrol e Valdoviño, co que copia parte do traballo de 1991 de Andrés Pena.

En 1997, a nosa Asociación Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, publica dentro do Anuario Brigantino nº 20 *"Túmulos prehistóricos no concello de Ferrol"*.

Neste mesmo ano (1997) sae a luz *"Así se fixo Ferrol"* de Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez, no que tan só se fai vaga referencia á presencia de túmulos nas zona de Brión e Mougá (Ferrol), polo que non o teremos en conta no cadro comparativo dese concello.

En 1998, de novo a Asociación Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos publica no Anuario Brigantino nº 21 *"Túmulos prehistóricos no concello de Narón"*.

Posteriormente, tamén en 1998, dentro do libro "Historia de Ferrol" no Capítulo nº I *"Ferrol na prehistoria. Dende o Paleolítico ata a Idade de Ferro"*, Emilio Ramil publica os túmulos do concello de Ferrol.

Outra publicación aparecida en 1998, é *"O Seixo no pasado"* de Juan Carneiro. Nela fai referencia ós túmulos existentes nas proximidades desta localidade, e que en número de 52 espállanse polos montes dos concellos de Fene e Cabanas, sen precisar cantos hai en cada zona ou concello, polo que non o teremos en conta para o cadro comparativo.

Neste mesmo ano (1998), María Rivera publica un artigo no nº 12 da revista FerrolAnálisis *"Restos arqueológicos en la parroquia de Sillobre"* que como indicaremos no apartado dos castros do concello de Fene, utiliza como base para o seu traballo o libro de A. Pena (1991), aportando o mesmo número de túmulos que este autor.

No 2000 aparece *"Arqueoloxía e Paisaxe. O arco Ártabro desde a Prehistoria recente ata o Medievo"* de Juan Carneiro, publicado no nº 7 da revista Cátedra, que abarca os mesmos concellos que Andrés Pena no seu traballo antes citado (1991), aumentando o ámbito, ó concello de Cabanas.

Tamén no 2000 no último traballo que chegou ás nosas mans foi *"Sillobre ven de antigo"* de María Rivera, que non aporta nada novo ó seu anterior traballo de 1998.

Como queira que non se podería facer unha análise comparativa de cada un dos túmulos, optamos por engloba-los dentro de zonas, que adoitan ser coincidentes na práctica totalidade dos autores, poñendo en cada unha a cantidade de túmulos localizados por cada autor.

Como complemento das anteriores publicacións, facemos referencia ós distintos profesionais e empresas de arqueoloxía, dos que temos coñecemento que realizaran traballos de prospección, delimitación ou intervención nos distintos depósitos arqueolóxicos, no ámbito da ría ferrolá, e que poden aportarnos un pouco máis de luz ás dúbidas e erros ós que nos levan as publicacións anteriores.

En tódolos cadros aplicamos un (X) para el depósito localizado, (—) para o non localizado, (D) para o desaparecido, entendendo por desaparecido aquel depósito do que se sabe a súa localización, pero do que no momento de realiza-lo estudio os autores non tiñan sinais externas do mesmo, sendo este un dos temas de discordia á hora de clasifica-los, (R) para o depósito do que os autores tiñan referencias orais ou escritas, pero descoñecen o seu emprazamento, e (*) para outros comentarios.

CONCELLO DE FERROL

NOME DA ZONA	ANO DE PUBLICACIÓN			
	1991 Pena, A.	1997 G.A.T.T.	1998 Ramil, E.	2000 Carneiro, J.
MONTE DE CHA-BRIÓN	30	39	¿40?	24 +6*
MONTES DE MOUGA	19	21	15	19+1*
SAN PEDRO DE LEIXA	2	4	2	2



Entre os catro autores existen claras discrepancias nas dúas primeiras zonas, no tocante ó número de túmulos. Na zona de Monte Cha-Brión, asentada maiormente na parroquia de Brión, o traballo de 1991 (PENA, A.) Localiza 30 túmulos. O traballo de 1997 (G.A.T.T.) Localiza 39 túmulos. Namentres o traballo publicado en 1998 (RAMIL, E.) di: *"Entre Brión e Monte do Chá están localizados preto de 40 túmulos.."* de aí que figure no cadro comparativo o número de túmulos localizados entre signos de interrogación, xa que non aclara en verdade cantos hai, tampouco presenta un plano de localización suficientemente intelixible dos mesmos; dende logo non é moi fiable se nos atemos ós datos aportados. Por último o traballo do 2000 (CARNEIRO, J.) Localiza 24 túmulos + 6 Desaparecidos, se ben este por se-lo último traballo, debería de segui-la progresión lóxica na localización de novos túmulos, agás que foran destruídos recentemente (que non é o caso). Dáse a triste circunstancia de que dende a nosa Asociación aportóuselle en 1994, os datos e coordenadas de tódolos túmulos por nós publicados en 1997, co triste balance da localización de 18 túmulos menos dos aportados, se temos en conta que dá 6 por desaparecidos e aporta 3 diferentes.

En 1997 o Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais (LAFC), realizou unha primeira prospección con motivo do proxecto de parque eólico no NO dos Montes de Brión (zona A da nosa publicación), que non se profundizou ó paralizarse o proxecto do parque, e no que se refrendan 23 túmulos dos aportados polo traballo de 1997 (G.A.T.T.)

A zona de Monte de Mougá, atópase partida polas parroquias de Doniños e Esmelle. O traballo de 1991 (PENA, A.), publica 17 túmulos en Doniños e 2 máis en Esmelle. No de 1997 (G.A.T.T.), publícanse 19 en Doniños e 2 máis en Esmelle. O traballo de 1998 (RAMIL, E.), indica que tan só hai 15 sen aportar ningún tipo de plano ou esbozo. Namentres que no traballo publicado no 2000 (CARNEIRO, J.) indícase a existencia de 19 túmulos en Doniños máis 1 Desaparecido, esta aparente concordancia cos datos reflectidos no traballo de 1997 (G.A.T.T.), non é tal, xa que por un lado o traballo do 2000, publica 8 túmulos que se atopan dentro da zona militar, (á que nós como autores do traballo de 1997 non chegamos a entrar e do que tan só citamos os 2 túmulos que se poden ollar dende fora das instalacións), así mesmo non fai referencia a ningún túmulo da parroquia de Esmelle, localizados pola empresa Adóbrica Arq., con motivo da concentración parcelaria en 1995, e xa nomeados en 1991 (A. PENA); co que a diferencia entre estes dous traballos é de 8 túmulos.

Por último na zona de San Pedro de Leixa, existe unha plena concordancia entre os traballos de 1991 (PENA, A.), 1998 (RAMIL, E.), e 2000 (CARNEIRO, J.) ó publicar tan só 2 túmulos, dos que o traballo de 1998 (RAMIL, E.), como ben sendo habitual non amosa ningún plano de localización, namentres que no traballo realizado en 1997 (G.A.T.T.) publícanse 4 túmulos.

CONCELLO DE NARÓN:

NOME DA ZONA — ANO DE PUBLICACIÓN

	1991 Pena, A.	1995 Carneiro, J.	1998 G.A.T.T.	2000 Carneiro, J
VAL – SAN MATEO	3 + 1	2 + 1	4	3 + 1
MTE.DE NENOS-SEDES	12 + 2	14 + 2	18 + 2*	13
ALTO DE PEDROSO	--	--	6	–



Na zona do Val – San Mateo, os traballos de 1991 (PENA, A.) e 1995 (CARNEIRO, J.) reflicten como de Narón os 2 túmulos de Leixa, que figuran no cadro do concello de Ferrol; así mesmo figuran nos traballos de 1991 (PENA, A.), 1995 e 2000 (CARNEIRO, J.) un "+1", que se refire a un túmulo que na actualidade está dentro do concello de Valdoviño, e que o traballo de 1991 (PENA, A.), cítao dentro do concello naronés para explica-la función de mámoa como marco (ó igual que fixo cos 2 túmulos de Leixa que pertencen a Ferrol e outros 2 do lugar de Moimentos-San Sadurniño, que figuran dentro da zona de monte de Nenos, e que son copiados erroneamente polo autor dos traballos de 1995 e 2000 - CARNEIRO, J.).

Aínda así no traballo de 1995 (CARNEIRO, J.) non identifica como tal o túmulo denominado a Arca de Vespasante e o mesmo autor dáo como Localizado no seu traballo do 2000. Con todo iso tan só o traballo de 1998 (G.A.T.T.), aporta un novo túmulo nesta zona, tamén Localizado no 2000 polas arqueólogas Mª José Bóveda y Paz Blanco durante a prospección realizada para a construcción do parque eólico do Monte da Lagoa-O Val.

Na zona Monte de Nenos os traballos de 1991 (PENA, A.) e 1995 (CARNEIRO, J.), como xa dixemos anteriormente citan 2 túmulos que pertencen a San Sadurniño.

O traballo de 1998 (G.A.T.T.) aporta 18 túmulos + 2 dos que se ten constancia que desapareceron, sen embargo o traballo do 2000 (CARNEIRO, J.) da tan só 1 como Desaparecido e presenta 5 túmulos menos que o traballo de 1998 (G.A.T.T.) e mesmo 1 túmulo menos que o seu propio traballo de 1995.

Sobre esta zona pódese dicir que foron Localizados os 18 túmulos pola empresa Adóbrica Arq. en 1995, durante os traballos realizados con motivo da concentración parcelaria realizada na parroquia de Sedes e parte deles tamén pola empresa Tomos, durante uns traballos desenvolvidos nesa zona. Sen embargo é raro que no traballo do 2000 (CARNEIRO, J.) indique: "*Un inicial punto de partida para os concello de Ferrol e Narón foi revisar a catalogación exposta en A.Pena: "Narón Un concello con historia*

de seu" Narón.1991. Inda que na catalogación do fenómeno tumular no concello de Ferrol deixa amplas zonas sen examinar.." é claro que a vista destes dous concellos, o autor deste traballo tan só aporta 1 túmulo máis (se contámo-los que dá por desaparecidos), e non estudia ningunha nova zona que non estudiara A. Pena, aínda que se esquece de menciona-lo concello de Fene, no que por suposto coincide co traballo de A. Pena.

Ó respecto da zona do Alto de Pedroso, nada que indicar, xa que tan só son Localizados no traballo de 1998 (G.A.T.T.) 6 túmulos.

CONCELLOS DE FENE + NEDA:

NOME DA ZONA — ANO DE PUBLICACIÓN

	1985 Romero, A.Mª.	1991 Pena, A.	2000 Carneiro, J.	2000/1 Rivera M.
MONTE MARRAXÓN	¿21/26?	18+1	17 + 2	18+ 1



Esta zona atópase dividida entre os concellos de Fene e Neda, coma xa indicamos ó principio deste apartado, o traballo de 1985 (ROMERO, A.), figura con signos de interrogación, pola súa ambigüidade, xa que neles se di: *"..., no periquiño do Coto do Rei, 359 m., consérvanse os restos dunha mámoa, ó S..., outro conxunto máis numeroso... quizais se poidan contar ata 20/25 mámoas.."*. O resto dos traballos, aínda que co mesmo número de túmulos, non son coincidentes, a xulgar polos planos presentados polos seus autores, xa que os de 1991 e 1998 diferéncianse dos do 2000 polo menos en 5 túmulos.

Cabe destacar que os traballos realizados en 1985 (ROMERO, A.) e (VV.AA.), fan Referencia, xunto co traballo de 1998 (CARNEIRO, J.) a outros túmulos espallados por este concello, inda que ningún deles figura como Localizado.

III – TRABALLOS SOBRE PETROGLIFOS

Neste apartado pouco que dicir, xa que en todo o marco xeográfico dos concellos que lindan coa ría de Ferrol, tan só se atopa publicado un petroglifo propiamente dito, o denominado petroglifo de Chamorro, chamado así por atoparse nunha das pedras da base da ermida do mesmo nome, e que é citado polos cinco traballos que indicamos, anque con diferencia de criterios.

A primeira referencia bibliográfica sobre o gravado (agás dunha noticia aparecida do mesmo autor, en prensa), é de Andrés Pena en *"Narón un concello con historia de seu"* 1991, nel dise: *".. nunha pedra a carón do recinto exterior* (da ermida) *pódese apreciar unha cazoleta con tres anelos concéntricos.."*

En 1996, a nosa Asociación Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, publica un artigo no nº 19 do Anuario Brigantino *"Aporte sobre vellos cultos no Monte de Chamorro (Ferrol)"*, no que se presenta un debuxo das 4 combinacións circulares, que existen na pedra (todas elas esvaecidas pola erosión) e alomenos 7 cazoletas (Fig. 3 -4).

Dentro do mesmo Anuario aparece o artigo *"La religiosidad Callaica: estela funeraria de Mazarelas (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrales, priscilianismo y outeiros"* de D. Luis Monteagudo, en no apartado 1.4 cita este mesmo petroglifo, facendo referencia ó artigo da nosa Asociación.

Dous anos máis tarde Emilio Ramil, na "Historia de Ferrol" Capitulo II *"Ferrol na prehistoria dende o Paleolítico ata Idade do Ferro"*, describe o gravado dicindo *"Nas proximidades da ermida de Chamorro, hai unha cazoleta con círculos concéntricos, único posible vestixio de gravados rupestres.. o tratarse dun tema moi simple en ocasións a propia erosión granítica produce cazoletas, de todo-los xeitos aparece acompañada de varias liñas curvas formando círculos concéntricos polo que aventuraremos a hipotesis de que estaríamos diante dun gravado abstracto.."*, e claro que autor dúbida da existencia do gravado en cuestión, ou cando menos non estivo no mesmo lugar que os outros autores.

Por último, no ano 2000, no artigo do nº 7 da Revista Cátedra *"Arqueoloxía e Paisaxe. O arco Ártabro desde a Prehistoria recente ata o Medievo"* de Juan Carneiro publícase unha foto de Ramón Fábregas, que pode sacar de dúbidas a calquera, anque o autor do artigo, di: *"... consta de varias coviñas e dúas combinacións circulares... con coviña central"* , se ben a claridade da foto xa nos amosa como mínimo tres das catro combinacións circulares existentes. En resumo, o petroglifo existe a pesar das dúbidas dalgún dos autores, que probablemente non ollaron a pedra.

Neste apartado non temos en conta como petroglifos as cazoletas, ou cruces illadas que existen en número indeterminado dentro deste ámbito xeográfico, anque de calquera xeito tan só os traballos do 2000 (CARNEIRO, J.) e (RIVERA, Mª.), se fan eco dunhas cazoletas existentes na base dunha mámoa de Marraxón (Fene), e a mesma RIVERA, Mª no seu artigo de 1998, de diferentes "¿Petroglifos?", algún deles moi recente, espallados pola parroquia de Sillobre, que despois non volve a mencionar no seu traballo do 2000.

IV- TRABALLOS SOBRE CASTROS

A mediados dos oitenta, o Ateneo Ferrolán creou unha vocalía de arqueoloxía, que tiña coma fin a realización dun traballo de catalogación dos depósitos arqueolóxicos da bisbarra; nembargantes as discrepancias entre os directores deste traballo, provocou que en 1985, desligándose do proxecto de Ateneo, saíra á luz *"Catalogación arqueolóxica da Ría Ferrol"* dirixida por Ana Mª Romero e Xosé Manuel Pose, que pasa por se-la primeira catalogación seria dos diferentes depósitos castrexos e romanos.

Tamén en 1985, aparece *"Arqueoloxía prehistórica no concello de Fene"*, de VV.AA., editado por este concello, que engloba tódolos depósitos arqueolóxicos, dese concello (No noso cadro comparativo aparecera como 1985/1 ó consideralo posterior a publicación anterior).

Dous anos mais tarde (1987), é o propio Ateneo Ferrolán quen no seu caderno n° 7, publica *"Catalogación castreña da bisbarra de Ferrol"*, dirixida por X. Carlos Fernández, co ámbito xeográfico na Ría de Ferrol e os concellos de San Sadurniño e Valdoviño (non coincide plenamente cos anteriores autores, cos que tiña principiado o traballo, e

diferénciase tamén en que soamente se limita ós castros).

Entre 1989-90 publícanse varios traballos, *"Camiños de Ferrolterra"* VV.AA. (1989), *"Traballos prácticos de xeografía"* VV.AA. (1989), *"Ferrol a través dos textos históricos e literarios"* VV.AA. (1990), en todos eles Ana Mª Romero participa como coautora, pero non aporta nada novo respecto do seu primeiro traballo (1985) polo que non se terán en conta para os cadros comparativos.

En 1991 sae á luz *"Narón, un concello con historia de seu"*, de Andrés Pena, que sen realizar una exhaustiva catalogación dos depósitos arqueolóxicos (agás os propios do concello de Narón), abarca o mesmo ámbito que o Ateneo Ferrolán.

En 1996, aparece una publicación de ámbito local *"Barallobre no pasado"* dirixida por Mª Xesús Arias e Henrique Sanfiz, que dentro do apartado Monumentos Artísticos e Historia, analiza tan só o castro de Barallobre.

En 1997 tralo Congreso Ferrolterra Galaico-Romana organizado pola Facultade de Humanidades de Ferrol, publícanse as actas, nas que se inclúen dous artigos en referencia o mundo castrexo, *"O hábitat castreño na ría de Ferrol"* de Ana María Romero, que segue sen aportar nada novo ó xa publicado por esta mesma autora en 1985, e *"Os castros de Ancos, Cerdido e Poulo: Vértices dun triángulo de destrucción do noso patrimonio"* de Rosa Méndez.

Tamén en 1997 aparece *"Así se fixo Ferrol"* de Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez, que utilizan como base do seu traballo o libro do Ateneo (1987), sen aportar novos datos.

En 1998, sae a luz *"Historia de Ferrol"*, que no seu Capítulo II *"Ferrol castrexo e galaico romano"*, Emilio Ramil trata entre outros aspectos da arqueoloxía, os depósitos da cultura castrexa.

No mesmo ano 1998, aparece o nº 1 da Revista de Neda, que recolle un artigo de Rosa Méndez titulado *"O Castro de Ancos: Patrimonio da Historia colectiva"*, que se centra tan só neste depósito castrexo.

Tamén en 1998 aparece outra publicación de ámbito local *"O Seixo no pasado"* de Juan Carneiro, no que se cita tan só o castro de As Escadas.

Outra publicación máis neste ano (1998), aparece un artigo no nº 12 da revista FerrolAnálisis *"Restos arqueológicos en la parroquia de Sillobre"* de María Rodríguez, no que estudia tan só o castro de Orra, e nomea o restos dos asentamentos castrexos que existen no concello de Fene, tomando como referencia o libro de A. Pena (1991).

En 1999, dentro do nº 6 da revista Cátedra *"Arqueoloxía e folclore: Concellos de Ares y Mugardos"*, Juan Carneiro, estudia o folclore destes concellos, e nomea entre outros os depósitos castrexos, localizados neles.

Tamén en 1999, nas actas do I Congreso do Patrimonio da Diocese de Mondoñedo, aparece ó artigo *"Patrimonio arqueolóxico de Ferrol: Modelo teórico para promover o seu uso social"*, dirixido por Juan Carneiro e Emilio Ramil, que se limita a unha síntese historiográfica dos castros do concello e o uso social dun deles, o de Lobadiz.

Por último no 2000 unha nova publicación de Mª Rivera *"Sillobre ven de antigo"* volve a repeti-lo estudio do castro de Orra, nesa parroquia de Fene.

Nembargantes non incluímos nos cadros comparativos, como xa dixemos con anterioridade, ningún dos artigos publicados por Ana Mª Romero como coautora nos anos 1989-90, nin tampouco o publicado nas actas do Congreso Ferrolterra Galaico-Romana, xa que non variaba con respecto ó seu traballo de 1985. Tampouco temos en conta o

traballo de Rosa Méndez, xa que tan só fai referencia ó castro de Ancos en Neda, nin o artigo publicado pola mesma autora un ano máis tarde na Revista de Neda nº 1 *"O Castro de Ancos: Patrimonio da Historia colectiva"*, nin están os artigos de tipo localista que non aportan ningún novo dato como *"Barallobre no pasado"*, *"O Seixo no pasado"*, *"Así se fixo Ferrol"*, *"Restos arqueológicos en la parroquia de Sillobre"* ou *"Sillobre ven de antigo"* nin o artigo de 1999 publicado dentro das actas do Congreso de Patrimonio da diocese de Mondoñedo.

Temos en conta, nembargantes, o traballo que aparece en internet, con data de execución 1990, titulado *"Catálogo de Castros de Ferrolterra"* realizado por José I. Fernández e Carlos A. Serantes, con ámbito nos concellos de Ferrol, Narón e Valdoviño. Tamén incluímos o traballo de tese de licenciatura de César Aparcero, realizado en 1993 *"Estudio del Emplazamiento y distribución de Castros en la Provincia de A Coruña. El caso de la zona de Ferrol"*, nomeado como referente por algúns autores.

CONCELLO DE FERROL:

NOME DO CASTRO	ANO DE PUBLICACIÓN					
	1985 Romero , A.Mª	1987 Ateneo Ferrolán	1990 Fdez, J.E. Serantes,C	1991 Pena, A.	1993 Aparcero , C.	1998 Ramil , E
LOBADIZ	X	X	X	X	X	X
FONTA	X	X	X	X	X	X
VILABUIDE	X	X	X	X	X	X
TRALOCASTRO	X	X	X	X	X	X
PAPOI	X	X	X	X	X	X
CROA DE LEIXA	X	X	X	X	X	X
MANDIA	X	X	X	X	X	X
VILASANCHEZ	X	X	X	X	X	X
VILELA	X	X	X	X	X	X
SANTA ICIA	D	D	D	D	D	D
SANTA MARIÑA	D	D	X	D	D	X
FERROL VELLO	R	D	--	D	D	D
CANIDO	R	--	--	D	R	R
PICO DO OURO	R	--	--	--	R	R
SANTA COMBA	--	--	--	--	X	--



Ferrol, é sen dúbida xunto co Narón o concello da bisbarra máis estudiado, e polo tanto no que máis publicacións e traballos se realizaron nestes 15 últimos anos. No tocante ós depósitos reflectidos podemos observar unha plena coincidencia na localización de tódolos autores nos 10 primeiros, nembargantes esa unanimidade de criterios pérdese a

partir do castro de Sta. Mariña; se ben os traballos de 1985 (ROMERO, A.), 87 (ATENEO), 91 (PENA, A.) e 93 (APARCERO, C), dan o castro como Desaparecido, os traballos de 1990 (FDEZ, J.) e 1998 (RAMIL, E.), dano como Localizado. O caso deste depósito é moi singular, xa que a pesar de estar moi alterado, pódese observar en fotografía aérea como a súa estructura non está suficientemente alterada, para consideralo coma Desaparecido; de aí as diferencias de criterios dos autores, decantándonos nós na actualidade como castro Localizado (fig. 5 - 6). Temos que sinalar que a empresa Adóbrica Arqueoloxía realizou un informe favorable, neste senso, sobre o estado do Castro en 1997.

En canto ós castros de Ferrol Vello, Canido e Pico do Ouro, existen discrepancias xa que no traballo 1985 (ROMERO, A.) danse como Referencia, namentres que noutros non se nomean ou danse por Desaparecidos.

É tamén destacable que tan só o traballo de 1993 (APARCERO, C.), reflicte como Localizado o castro de Sta. Comba, algo que por outra banda foi referendado coa prospección levada a cabo pola empresa Adóbrica (1995), con motivo da concentración parcelaria das parroquias de Cobas, Esmelle, Marmancón e Mandiá (no que tamén confirman a localización dos castros de Tralocastro, Papoi, Mandia e Vilela).

CONCELLO DE NARÓN:

NOME DO CASTRO	ANO DE PUBLICACIÓN				
	1985 Romero, A.M'.	1987 Ateneo Ferrolán	1990 Fdez, J.E. Serantes, C	1991 Pena, A.	1993 Aparcero , C.
QUINTA	X	X	X	X	X
SEQUEIRO	X	X	X	X	X
REVOLTA	X	X	X	X	X
EIRAVEDRA	X	X	X	X	X
VICAS	X	X	X	X	X
COUTO	X	X	X	X	X
STA Mª DE CASTRO	D	D	D	D	D
ERMIDA	D	X	X	X	--
SAN MATEO	--	X	X	X	X
VILASUSO	--	X	X	X	X
PEREIRUGA	--	--	--	X	X
PENA LOPESA	--	--	D	D	D



Neste concello non existen demasiadas discrepancias de criterios entre os autores, anque si bastante diferencia ó localiza-los castros, se ben o traballo de 1985 (ROMERO, A.) é o máis pobre de todos, xa que non se localizan os castros de San Mateo, Vilasuso, Pena Lopesa e Pereiruga, estes dous últimos tampouco localizados no traballo de 1987

(ATENEO), o que nos amosa unha clara progresión cronolóxica na localización dos depósitos, por outro lado totalmente lóxica.

No caso do castro da Ermida, tan só discrepa o traballo de 1985 (ROMERO, A.), que o da como Desaparecido, cando o resto dano como Localizado, agás o traballo de 1993 (APARCERO, C.), que non o nomea, por non entrar dentro do seu ámbito xeográfico. Neste concello realizou en 1996 a empresa Adóbrica traballos sobre a concentración parcelaria de Sedes confirmando a localización dos castros desa parroquia (Eiravedra, Sequeiro e Revolta).

CONCELLO DE NEDA:

NOME DO CASTRO	ANO PUBLICACIÓN		
	1985 Romero, A.Mª	1987 Ateneo Ferrolán	1991 Pena, A.
ANCOS	X	X	X
VILADONELLE	X	X	X
SAN NICOLÁS DE NEDA	--	--	D



A escasa cantidade de depósitos arqueolóxicos, fai que este pequeno concello, sexa o menos discrepante entre os autores, aínda así no traballo de 1991 (PENA, A.) dáse como Desaparecido o castro de San Nicolás de Neda, algo non indicado polos outros dos traballos.

CONCELLO DE FENE:

NOME DO CASTRO	ANO DE PUBLICACIÓN			
	1985 Romero, A.Mª.	1985/1 VV.AA.	1987 Ateneo Ferrolán	1991 Pena, A.
PRISMOS	X	X	X	X
CARDOEIRO	D	D	D	D
MAGALOFES	X	X	X	X
ORRA	X	X	X	X
RÍO CASTRO	X	*	X	D
SARTEGO	X	--	D	D
BARALLOBRE	D	X	D	D
AS PÍAS	--	D	D	D



Nas tres catalogacións xenéricas deste concello, existe unha práctica unanimidade de criterios na localización dos depósitos, tan só se discrepa no castro do Sartego que o traballo de 1985 (ROMERO, A.) o dá como Localizado e os outros o dan como Desaparecido. Namentres o castro das Pías non é nomeado no traballo de 1985 (ROMERO, A.) e si nos outros traballos.

Sen embargo nese mesmo ano (1985/1 VV.AA.) aparece unha publicación propia dese concello, na que se dá como Localizado o castro de Barallobre (ó igual que a publicación *"Barallobre no pasado"* de 1999 – ARIAS, X e SANFIZ, H.) a diferencia dos outros tres autores que o dan como Desaparecido, e indica a posibilidade de existencia de asentamentos castrexos no Campo de Marta (Maniños), Escurial (Limodre) e Río Castro (publicado polos outros tres autores con diferencia de criterio sobre o seu estado de conservación). Neste traballo tamén se fai referencia ó castro de Escadas como pertencente ó concello de Fene cando na realidade atópase no de Mugardos, como vemos no cadro comparativo dese concello.

CONCELLO DE ARES:

NOME DO CASTRO	ANO DE PUBLICACIÓN			
	1985 Romero, A. Mª.	1987 Ateneo Ferrolán	1991 Pena, A.	1999 Carneiro, J.
CERVÁS	X	X	X	X
ARES	D	X	D	*
CAAMOUCO	X	X	X	X
STA.MARIÑA-CERVÁS	X	X	X	X
LUBRE	D	D	D	*
BAILADORA	--	--	D	--



Neste concello existen ademais das tres catalogacións xenéricas un cuarto traballo realizado sobre arqueoloxía e folclore, que fai mais difícil para o lector as interpretacións verquidas polos autores, xa que agás do castro das Escadas no que coinciden os catro autores, no resto dos depósitos existin claras diferencias de criterios.

Namentres no castro de Mugardos os traballos de 1985 (ROMERO, A.) e 1987 (ATENEO) dano como Localizado, os traballos de 1991 (PENA, A.) e 1999 (CARNEIRO, J.) o dan como Desaparecido.

No caso de San Vitorio, hai todo tipo de criterios, os traballos de 1985 (ROMERO, A.) e 1999 (CARNEIRO, J.) dano como Referencia, en 1987 (ATENEO) dáo como Localizado e 1991 (PENA, A.) como Desaparecido.

O mesmo acontece co castro do Eixo, o traballo de 1985 (ROMERO, A.) dáo como Referencia, en 1987 (ATENEO) non é Localizado, en 1991 (PENA, A.) sinálao como Localizado, e 1999 (CARNEIRO, J.) dubídase de que realmente fora un castro.

O castro de Mehá, lévanos a un caso semellante ós anteriores, mentres que no traballo de 1985 (ROMERO, A.) non foi localizado, nos traballos de 1987 (ATENEO) e 1991 (PENA, A.) dáse como Localizado (fig. 2), e no traballo de 1999 (CARNEIRO, J.) di xunto co castro do Eixo *"... non existen datos suficientes para asegurar que son ou foron realmente castros. Unicamente unha actuación arqueolóxica nos sacaría de dúbidas"*. En 1998, a empresa Adóbrica (un ano antes desta publicación) con motivo do plan urbanístico deste concello, delimitou e refrendou os castros que figuran no cadro comparativo.

Fig.2.- Estado actual da estructura defensiva (leste), do castro de Mehá (Mugardos).

CONCELLO DE MUGARDOS:

NOME DO CASTRO	ANO DE PUBLICACIÓN			
	1985 Romero, A. Mª.	1987 Ateneo Ferrolán	1991 Pena, A.	1999 Carneiro, J.
ESCADAS	X	X	X	X
MUGARDOS	X	X	D	D
SAN VITORIO	R	X	D	R
MEHÁ	--	X	X	*
EIXO	*	–	X	*



Para o concello de Ares, son as mesmas publicacións que para Mugardos, e se ben hai unanimidade de criterios en citar como Localizados os castros de Cervás, Caamouco e Santa Mariña (Cervás), non ocorre o mesmo cos restantes.

O traballo de 1991 (PENA, A.) é o único que nomea o castro da Bailadora, aínda que o dá como Desaparecido.

No caso de Lubre as tres catalogacións xenéricas coinciden en citalo como Desaparecido, mentres que ó castro de Ares os traballos de 1985 (ROMERO, A.) e 1991 (PENA, A.) dano como Desaparecido o de 1987 (ATENEO) o da como Localizado, pois ben a última publicación sobre este concello, 1999 (CARNEIRO, J.) di: *"Os castros de Ares e Lubre non existen na actualidade (e na época das catalogacións anteriores tampouco..)"*, tal aseveración créalle ó lector unha idea equivocada, sobre os anteriores traballos, máxime se temos en conta que con anterioridade a ela, que ó igual que sucedera co concello de Ares, a empresa Adóbrica (1998), con motivo do plan urbanístico, delimitou e refrendou os seis castros que figuran neste cadro comparativo, e mesmo realizou unhas escavacións no castro de Ares nos anos 1998 e 2000, localizando (segundo consta na documentación da Consellería de Cultura) parte da estructura defensiva exterior (fig. 7 - 8), un alxibe, preto de dúas mil pezas de cerámica, etc.., co que podemos afirmar sen dúbida que a publicación de 1999, aínda sendo posterior as estas intervencións, está errada.

V- PUBLICACIÓNS SOBRE DEPÓSITOS ROMANOS

A pesar de ter localizado menos de dez depósitos, propiamente de época romana no ámbito xeográfico da ría de Ferrol, é tal a cantidade de publicacións referidas a este tema, que non imos poder realizar un cadro comparativo deste tipo de depósitos, xa que non existe unha catalogación como tal, e si multitude de referencias ós mesmos, polo que limitámonos a tentar nomear tódolos traballos publicados nestes quince últimos anos, que fan ou teñen relación directa con algún destes asentamentos, sobre todo debido á escavación realizada entre finais dos anos 80 e principios dos 90 en Noville (Mugardos) e á celebración do Congreso Ferrolterra Galaico-Romana.

ALMEIDA, F. *"Prospecçâo geofísica em Mugardos. 2ª Campanha"* Universidade de Aveiro (Portugal). 1990

CARNEIRO REY, J. *"O Seixo no pasado"*. Seminario de Estudios de Ferrolterra. 1998.

MONTEAGUDO GARCÍA L, e PENA GRAÑA, A. *"Longaras (S. Martiño de Xubia, Narón, A Coruña)"* en Arqueoloxía-Informes nº 2.- Xunta Galicia. 1991.

NAVEIRO LÓPEZ, J. *"El comercio antiguo en el N.W.Península"* Museu Arqueolóxico da Coruña (Monografías urxentes nº 5). 1991.

NAVEIRO LÓPEZ, J. *"Panorama cultural de la comarca ferrolana durante la antigüedad, en el conjunto del golfo Ártabro"*. Ferrolterra Galaico-Romana. 1997.

PENA GRAÑA, A. *"Narón, un concello con historia de seu"*. Concello de Narón. 1991.

PENA GRAÑA, A. *"A importancia de Lóngaras.."*. Ferrolterra Galaico-Romana. 1997.

PÉREZ LOSADA, F. *"A villa romana de Noville (Mugardos, A Coruña, Galicia). Estructuras e estratigrafía arqueolóxica (Campañas 1988 e 1989)"*. Castrelos 3-4 Vigo. 1990/1.

PÉREZ LOSADA, F.*"Noville (Franza, Mugardos, A Coruña)"* en Arqueoloxía-Informes nº 2.- Xunta Galicia. 1991.

PÉREZ LOSADA, F.*"Unha peza excepcional procedente de Noville (Mugardos, A Coruña, Galicia)"*. II Congreso peninsular de Historia Antiga. Universidade de Coimbra (Portugal) 1993.

PÉREZ LOSADA, F. *"Excavación arqueolóxica, prospección xeofísica e consolidación da villa romana de Noville (Mugardos, A Coruña)"*. Arqueoloxía Informes. Xunta Galicia. 1993.

PÉREZ LOSADA, F. *"Sobre a Villa romana de Noville (Mugardos): Síntese científica divulgativa e valoración patrimonial"*. Ferrolterra Galaico-Romana. 1997

PIÑEIRO, ESPERANZA e GÓMEZ, ANDRÉS *"Así se fixo Ferrol"*, Concello de Ferrol, 1997.

RAMIL, E. *"Historia de Ferrol"*. Capitulo nº II. 1998

ROMERO MASÍA, A.Mª. e POSE MESURA, X.M. *"Catalogación arqueolóxica da ría de Ferrol"*. Museu Arqueolóxico da Coruña (Monografías urxentes nº 2). 1985.

SÁNCHEZ FEIJOO, L. *"Prospecciones submarinas en la Ría de Ferrol"*. Ferrolterra Galaico-Romana. 1997.

VÁZQUEZ GÓMEZ, X.L. e SAN CLAUDIO SANTA CRUZ, M. *"Unha factoría romana de salgadeira en Cariño (Ferrol)"*. Larouco nº 2. 1997.

VV.AA. "Prospecçâo arqueológica em Noville (Mugardos, A Coruña-Galiza)". Universidade de Aveiro. Geociências volumen 5 fascículo 1. 1989.

VV.AA. *"Estudio do material arqueolóxico da villa romana de Noville (Mugardos, A Coruña)"*. Minius nº 1 . Ourense 1992.

Analizadas estas publicacións, indicaremos que son recoñecidos como asentamentos de época romana os seguintes depósitos:

Ferrol.- Esmelle (ou Casal), e Cariño.

Narón.- Lóngaras.

Fene.- Vilar do Colo e Tellado

Mugardos.- Noville e Santa Lucía

Ares.- Figueirido.

AGRADECEMENTOS

A tódolos que nalgún momento depositaron en nós a súa confianza, para facer realidade esta análise



Fig. 3.- Reproducción do petroglifo de Chamorro. Anuario Brigantino 1996.

Fig. 4.- Petroglifo de Chamorro. Estado actual.

Figs. 5-6.- Castro de Santa Mariña (Ferrol) antes e despois da construcción dos depósitos municipais de auga.

Fig. 7.- Castro de Ares. Detalle da excavación, ano 1998.

Fig. 8.- Castro de Ares. Corte da muralla defensiva, excavación ano 1998.

Contribución á carta arqueolóxica da Península do Barbanza: dezasete petroglifos e unha mámoa -inéditos- do Concello de Porto do Son (A Coruña)

JORGE GUITIÁN CASTROMIL*
XOÁN GUITIÁN RIVERA**

Sumario

Este traballo recolle a descripción de 17 petroglifos e unha mámoa, todos eles inéditos, situados no territorio de Porto do Son (A Coruña), un dos concellos máis ricos de Galicia en patrimonio arqueolóxico.

Abstract:

This paper introduces 17 new rock engravings and a megalithic monument from Porto do Son (A Coruña, northwestern Spain), whose arqueological heritage is one of the most important in Galicia.

INTRODUCCIÓN

O presente traballo pretende dar a coñecer unha parte ata agora inédita do riquísimo patrimonio arqueolóxico do Concello de Porto do Son. Os autores non somos arqueólogos nin especialistas no estudio da prehistoria e, xa que logo, non imos entrar en interpretacións ou análises complexas dos elementos de interese arqueolóxico ós que se refire o noso traballo. Limitarémonos a sinalar a súa existencia, indicar a súa situación e intentar a súa descripción axudándonos con fotografías e debuxos. En relación cos debuxos cómpre dicir que se trata de simples ilustracións orientativas e non de representacións gráficas exactas.

A publicación deste traballo ten un dobre obxectivo. Por unha parte, facilitar ós investigadores e especialistas datos inéditos sobre o pasado remoto de Porto do Son e, en xeral, da península do Barbanza. Pero ten tamén unha segunda intención. Coa divulgación da existencia destes elementos arqueolóxicos queremos animar ós responsables municipais de Porto do Son a continuar o labor xa iniciado de coidado, difusión e posta en valor da sorprendente riqueza arqueolóxica do territorio municipal, coa certeza de que ese haberá de ser un labor cultural e socialmente rendible.

A indicación do acceso ós lugares nos que se atopan os petroglifos non é, en algúns casos, doada por tratarse de zonas de relevo complexo no que se desenvolve unha enguedellada rede de camiños e carreiros. A fin de facilitar a súa localización organizamos os petroglifos en tres grupos. O segundo e o terceiro destes grupos preséntanse en forma de roteiros, o que facilita a descripción do acceso a cada petroglifo mediante instruccións a partir do petroglifo anterior, simplificando considerablemente as indicacións.

***Jorge Guitián Castromil (Vigo) é Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago. É autor de diversos traballos sobre arte de Galicia.Na actualidade prepara o seu doctoramento sobre a arquitectura e o urbanismo galegos do Renacemento e o barroco.**

****Xoán Guitián Rivera (Santiago) é Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago, onde tamén cursou estudios de Historia. É autor dun libro e de diversos traballos sobre arte de Galicia. Na actualidade é funcionario da Universidade de Santiago.**

GRUPO 1: BAROÑA

1.1: Petroglifo de A Gurita II

Parroquia: Baroña

Lugar: Monte da Gurita

Mapa: Folla 119-IV (1:25.000) Porto do Son

Coordenadas: 42º 42' 9'' N - 9º 00' 39'' W (aprox.)[1]

Altitude: 155 m.

Acceso: Desde o petroglifo do Monte da Gurita[2], a uns 250 m. do petroglifo do Outeiro da Pedra Bicuda[3], dirixímonos cara ó Oeste camiñando pola mesma ladeira sen perder altura. A uns 50 metros atopamos unha rocha plana na que se atopa o petroglifo.

Descrición: O único motivo visible neste petroglifo é unha combinación circular de catro círculos concéntricos e coviña ou coviñas centrais. Unha parte do gravado perdeuse pola forte erosión. (Foto 1)



Foto 1.- Petroglifo da Gurita II

1.2: Petroglifo de Fontandurín

Parroquia: Baroña

Lugar: Monte de Fontandurín

Folla do mapa: 119-IV (1: 25.000) Porto do Son

Coordenadas: 42º 42' 09'' N – 9º 00' 18'' W (aprox.)

Altitude: 175 m.

Acceso: Partimos da igrexa de Baroña e collemos a estrada que por tras da escola vai ás instalacións dun taller de transformación de granito. Desde o taller seguimos a estrada en dirección a Montemuiño ata que remata a subida e a estrada atravesa unha chaira. Na metade da recta, onde existen unhas grandes laxes de granito á beira da estrada, tomamos o camiño

Foto 2.- Petroglifo de Fontadurín.

1 Tódalas coordenadas e altitudes son aproximadas e foron tomadas do Mapa Topográfico Nacional. Edición de 1991.

2 MARIÑO DEL RIO (2000). Pax.38-39.

3 Citado en GUITIÁN CASTROMIL, J. e GUITIÁN RIVERA, X. (1999) como Petroglifo de Baroña.

que baixa en dirección NW. A uns 300 metros atopamos a rocha plana, que apenas sobresae do chan do seu contorno, na que se atopan os gravados.

Descrición: Varios motivos circulares de pequenas dimensións espallados pola superficie da rocha, dos que dous son perfectamente identificables na actualidade. Hai unha combinación máis visible e completa, composta por dous círculos concéntricos, outra máis erosionada e diversos trazos curvos moi deteriorados pola erosión. Ningunha das combinacións supera os 15 cm. de diámetro. (Foto 2)

GRUPO 2: PEDRAFURADA-CORZO

2.1: Petroglifo de Pedrafurada

Parroquia: Caamaño
Lugar: Pedrafurada
Mapa: Folla 151-I (1: 25.000) Bretal
Coordenadas: 42º 39' 55'' N - 9º 01' 43'' W (aprox.)
Altitude: 90 m.

Acceso: Partimos da Capela da Virxe de Pedrafurada no punto quilométrico 54'300 da estrada C-550. Tomamos o camiño por tras da capela e subimos ós depósitos da auga que se atopan por riba das casas da aldea. Desde os depósitos seguimos o camiño de carro que sube cara ó monte. O petroglifo atópase nunha rocha plana situada no medio do camiño, aproximadamente a uns 150 metros dos depósitos, na zona na que o camiño discorre paralelo a un muro.

Descrición: Trátase da representación incompleta dun cérvido. O corpo aparece configurado por dous trazos, un modelo ben coñecido e que se vai repetir en tódalas representacións de animais que imos comentar. O primeiro trazo perfila a pata dianteira anterior, o colo, a cabeza e a curva cérvico-dorsal. Se a representación estivera completa, esta liña continuaría pola parte traseira do corpo para rematar coa pata traseira posterior. O segundo trazo perfila a pata dianteira posterior e o ventre do animal. A erosión borrou a continuación desta liña, que remataría configurando a pata traseira anterior.

Foto 1.- Petroglifo de Pedrafurada.

As principais medidas da figura son as seguintes:
-Altura máxima (Pata dianteira-cabeza): 72 centímetros
-Anchura do corpo (lombo-ventre): 30 centímetros
-Lonxitude total (cabeza-parte posterior): 100 cm.

A representación presenta tamén un único corno visible de considerables dimensións. O outro corno e posibles ramificacións non se aprecian con claridade (Fig.1). Na mesma rocha pódense apreciar outros trazos moi erosionados.

Malia tratarse dunha representación incompleta, a súa semellanza con modelos coñecidos existentes na mesma comarca fai doada a reconstrucción hipotética das partes do gravado perdidas pola erosión e permite calcular que a figura completa acadaría unhas medidas aproximadas de 100 x 100 centímetros.

O petroglifo que comentamos contén unha representación de cérvido de dimensións pouco habituais e ten a particularidade de atoparse nunha rocha plana situada no medio do camiño, localización pouco frecuente nos petroglifos que coñecemos. Esta mesma localización pode se-la causa do alto grao de erosión que presenta.

2.2: Petroglifo de Monte do Curro I

Parroquia: Caamaño
Lugar: Légoa Seca
Mapa: 119-3 (1: 25.000) Tarrío
Coordenadas: 42º 39' 58'' N – 9º 01' 37'' W (aprox.)
Altitude: 120 m.

Acceso: Desde o Petroglifo de Pedrafurada seguimos subindo polo camiño en dirección N. outros 200 metros paralelamente ó muro de pedras. Ó remata-la subida, onde o muro cambia de dirección, cambiamos tamén nós seguindo un carreiro que se dirixe ó Leste, cara ós cumios rochosos que pechan o pequeño val. Pasamos preto dunhas rochas planas de bó tamaño próximas ó muro, nas que podemos ollar con certa dificultade o gravado.

Descrición: Só é visible un motivo circular de pequenas dimensións (13 centímetros de diámetro) con coviña central. O trazo do gravado é groso. O estado de conservación do petroglifo é moi malo e só se fai visible con iluminación axeitada de luz rasante.

2.3: Petroglifo de Monte do Curro II

Parroquia: Caamaño
Lugar: Légoa Seca
Mapa: 119-III (1:25.000) Tarrío
Coordenadas: 42º 40' 00'' N – 9º 01' 34'' W (aprox.)
Altitude: 140 m.

Acceso: Continuamos a subida cara ó Leste en dirección ó cumio máis próximo, presidido por unha gran rocha granítica disposta verticalmente. Ó pé desta rocha, nunhas laxes planas inclinadas cara o Oeste, atopamos o petroglifo.

Descrición: A rocha aparece gravada en boa parte da súa superficie con trazos moi erosionados. No conxunto pódense identificar dúas figuras de animais e unha importante cantidade de outros trazos que orixinalmente formarían parte, moi probablemente, de representacións de animais hoxe irrecoñecibles.

A figura principal é unha representación moi estilizada de cervo macho de 49 centímetros de ancho por 25 centímetros de alto, altura á que habería que engadir a dos cornos. A figura presenta atributos sexuais masculinos claramente identificables.

A segunda representación de cervo contida nesta estación é a imaxe incompleta dun cérvido ou cáprido de 37 x 21 centímetros. A figura perdeu algúns trazos da cabeza e patas e presenta un único corno. Non presenta atributos sexuais recoñecibles.

Existen neste petroglifo outras dúas figuras moi incompletas que podemos identificar como partes de senllas representacións animais. Para o resto dos trazos, un total de seis, é imposible un intento de identificación. O estado de conservación deste grupo é moi malo (Foto 3).

2.4: Petroglifo de Légoa Seca I

Parroquia: Caamaño
Mapa: Folla 151-1 (1:25.000) Bretal
Coordenadas: 42º 39' 55'' N – 9º 01' 21'' W (aprox.)
Altitude: 180 m.

Acceso: Desde o petroglifo de Monte do Curro II volvemos ó petroglifo 2.2. Seguimos o carreiro que pasa polo Sur do cumio rochoso no que se atopa o petroglifo precedente e

camiñamos baixando en dirección Leste ó val posterior. Alí tomamos o camiño de carro que ven de Queiruga e o seguimos cara ó Sur uns 20 metros. Aquí fixaremos o punto A do noso roteiro. Desde este punto tomamos un desvío que sube pola ladeira do monte en dirección S-L. Logo de 200 metros chegamos preto dunha gran pedra negra de granito situada en posición inclinada na ladeira da montaña. Nesta pedra atópase o petroglifo.

Descrición: O conxunto está formado por alomenos catro figuras incompletas de animais, posiblemente cérvidos, e outros trazos de difícil identificación. O tipo de representación dos animais é semellante ás que vimos describindo ata agora. A figura situada máis á dereita corresponde a un dos animais parcialmente desaparecidos. Tendo en conta que os trazos parciais que hoxe se conservan miden 60 centímetros, podemos imaxinar que a figura completa sería a dun cérvido de dimensións considerables. O estado de conservación deste petroglifo é moi malo e os gravados só son visibles con luz rasante.

2.5: Petroglifo de Légoa Seca II

Parroquia: Caamaño

Mapa: Folla 151-I (1:25.000) Bretal

Coordenadas: 42º 39' 55'' N – 9º 01' 19'' W (aprox)

Altitude: 190 m.

Acceso: Desde o petroglifo de Légoa Seca I subimos uns 30 metros pola ladeira do monte, desviándonos lixeiramente á dereita, ata atopar outra rocha escura e plana de menores dimensións inclinada cara ó Oeste. Nesta rocha atópase o petroglifo.



Fig. 2.- Petroglifo de Légoa Seca II.



Foto 3.- Petroglifo de Monte do Curro II.

Descrición: Conxunto formado por tres representacións de animais, presumiblemente cérvidos. En dúas delas, incompletas, non é visible a cabeza do animal. A figura central é a mellor conservada. Na mesma rocha hay outros trazos que poderían formar parte de outro animal hoxe irrecoñecible (Fig. 2).

As medidas da figura principal son 37 x 36 centímetros mentras as outras dúas figuras non superan os 30 centímetros no seu eixe lonxitudinal. O estilo das representacións correspóndese novamente co das figuras de cérvidos configuradas por dous trazos.

2.6: Petroglifo do Rego de Corzo I

Parroquia: Caamaño
Lugar: Corzo
Mapa: Folla 151-1 (1:25.000) Bretal
Coordenadas: 42º 39' 49'' N – 9º 01' 25'' W (aprox)
Altitude: 140 m.

Acceso: Desde Légoa Seca I e II baixamos ó camiño para situarnos no punto A. Seguimos desde alí o camiño en dirección Sur e cruzamos un primeiro regato. O camiño vai trazando curvas entre os penedos e logo semella desaparecer converténdose nun carreiro estreito. Camiñamos a carón dun muro ata que o camiño comeza a baixar en dirección S. cara ó fondo do pequeno val polo que pasa outro regato. Uns vinte metros máis adiante, preto do regato, atopamos a estación nun grupo de rochas planas de grandes dimensións.

Descrición: O petroglifo do rego de Corzo I non presenta motivos figurados e pertence, xa que logo, a un tipo diferente dos que vimos analizando ata agora. Ocupa un conxunto de rochas de características diversas que imos describir separadamente.

Rocha A: Trátase dunha rocha granítica avultada situada á esquerda do grupo. Presenta un motivo circular formado por tres círculos concéntricos. O conxunto ten un diámetro de 58 centímetros e ten a particularidade de estar gravado arredor do avultamento da rocha, aproveitando a súa convexidade. (Foto 4)

Rocha B: Rocha de forma aproximadamente triangular. Na súa superficie aparecen tres motivos circulares. Un deles está formado por dous círculos concéntricos e coviña central. Do círculo exterior parte unha liña recta. Preto deste grupo aparece un segundo motivo circular formado por dous círculos concéntricos con dous trazos radiais. A pouca distancia atopamos un terceiro motivo circular, máis erosionado. Do que foi sen dúbida outro motivo de círculos concéntricos só se

Foto 4.- Conxunto de petroglifos de Corzo I. En primeiro termo, gravado da rocha A. Ó fondo, grupo da rocha B.

conservan hoxe un círculo e parte de outro máis interior. Na mesma rocha atopamos un trazo recto sen aparente conexión cos motivos citados (Fig.3).

Rocha C: Rocha plana e inclinada de grandes dimensións. Presenta un conxunto moi complexo de gravados nos que é posible identificar dous motivos circulares con círculos concéntricos, liñas rectas e curvas e oito concavidades semiesféricas semellantes a coviñas.

O motivo circular da dereita, formado por tres círculos concéntricos e cazoleta central, ten un diámetro de 50 centímetros. O motivo circular da esquerda, situado a uns 60 centímetros do anterior, conserva visible o círculo máis exterior cun diámetro de 45 centímetros pero a parte central deste segundo motivo foi picada en época recente perdéndose nesta agresión ós círculos interiores.



Fig. 3.- Representación conxunta dos gravados das rochas A e B do petroglifo de Corzo I.



Foto 5.- Conxunto de petroglifos de Corzo I. Gravados da rocha C, entre os que se poden distinguir os motivos circulares, e os efectos da agresión.

De cada un destes motivos circulares parten liñas rectas e curvas de amplo radio que se entrelazan e ramifican formando unha complexa rede de trazos. Pola parte esquerda do conxunto discorre unha longa liña ondulada. Tódalas liñas semellan confluir nun punto situado na parte superior do conxunto a 112 e 120 centímetros respectivamente dos dous motivos circulares citados. (Foto 5 e Fig.4).

Por riba deste punto atopamos, en aparente desorde, oito concavidades excavadas na rocha que non nos atrevemos a chamar "coviñas". Para moitos especialistas, as coviñas non adoitan superar os 5 centímetros de diámetro, mentras as concavidades que aparecen na parte superior da rocha C teñen unhas medidas comprendidas entre 8 e 14 centímetros de diámetro. Por este motivo falamos de concavidades semellantes a coviñas.

O conxunto da rocha C presenta certas semellanzas con motivos existentes no "Couto do Castro" de Valongo, Cepeda (Pazos de Borbén), representado na Tab.XLIX do "*Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*" de SOBRINO BUHIGAS [4] .

Rocha D: A rocha que sinalamos coa letra D é a máis erosionada. Presenta numerosos trazos por toda a súa superficie pero o alto grao de erosión impide a identificación dos

4 SOBRINO BUHÍGAS (1935).

motivos. Pode adiviñarse un motivo circular de aproximadamente 50 centímetros de diámetro con longo trazo radial e, á súa dereita, un grupo de liñas case rectas que superan o metro de lonxitude. Tamén son visibles unha serie de trazos illados. O conxunto ten unha fasquía semellante ó existente na rocha C.

Existen outras dúas rochas neste conxunto que presentan motivos insculturados, ainda que de menor relevancia. Nunha pequena laxe situada aproximadamente entre as rochas B e D aparece un único motivo circular moi erosionado. Para rematar, nunha última rocha situada a uns 7 metros ó norte deste conxunto aparece unha concavidade illada, do mesmo tipo que as comentadas na rocha C, de 8 cm. de diámetro.



Fig. 4.- Representación gráfica do conxunto de gravados da rocha C da estación de Corzo I.

2.7: Petroglifo do Rego de Corzo II

Parroquia: Caamaño

Lugar: Corzo

Mapa: Folla 151-1 (1:25.000) Bretal

Coordenadas: 42º 39' 50'' N; 9º 01' 29'' W (aprox.)

Altitude: 145 m.

Acceso: Desde Rego de Corzo I volvemos uns 20 metros atrás. Preto de nós en dirección Oeste hai unha finca pechada por un muro de pedras. Entramos na finca e baixamos polo camiño aproximadamente 100 metros. Á nosa esquerda vaise afondando o pequeño val polo que transcorre o regato. Pronto chegamos preto dun penedo con grandes rochas. Na base da rocha que coroa este grupo está o petroglifo.

Foto 6.- Petroglifo de Corzo II.

Descrición: Petroglifo de pequeño tamaño formado por un motivo circular simple con coviña central da que parte unha cruz. A figura lembra algunhas representacións de cruciformes recollidas por CUEVILLAS e BOUZA BREY[5] na zona do Barbanza. O conxunto mide 29 centímetros e o diámetro do círculo é de 14 cm. (Foto 6). O tipo de suco, o escaso grao de erosión e a tipoloxía do motivo, permiten concluír que se trata dun petroglifo de época plenamente histórica, posiblemente un petroglifo de término relacionado coa propiedade da terra.

5 LOPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F.(1927).

2.8: Petroglifo do Outeiro de Campelos

Parroquia: Caamaño

Lugar: Outeiro de Campelos-Corzo

Mapa: Folla 151-1 (1:25.000) Bretal

Coordenadas: 42º 39' 44'' N; 9º 01' 25'' W (aprox.)

Altitude: 155 m.

Acceso: Volvemos ó petroglifo 2.6 e desde alí tomamos a dirección SW cruzando o pequeño regato ata o camiño de carro. Seguimos subindo uns 200 metros ata atopar á nosa dereita un penedo no que están os gravados.



Fif. 5.- Cérvidos da rocha vertical do Outeiro de Campelos.

Descrición: Trátase do conxunto mellor conservado e máis espectacular de tódolos presentados neste traballo. Os motivos aparecen distribuidos en dúas rochas, unha vertical e a outra horizontal.

Na rocha vertical, de maiores dimensións, atopamos representado un grupo de tres cérvidos que semellan avanzar cara á dereita do espectador. Os animais aparecen ordeados de maior a menor segundo a suposta dirección da marcha. O primeiro ten unha altura de 104 centímetros entre os extremos dos cornos e os das patas dianteiras. A cornamenta ramificada presenta catro puntas secundarias nun corno e dúas no outro, todas elas dirixidas cara ó interior. Este cérvido represéntase dotado de atributos sexuais masculinos.



Fig. 6.- Representación de cérvido con coviña no Outeiro de Campelos.

O segundo cérvido, que é o mellor conservado, ten unhas dimensións de 84 x 57 centímetros, presenta atributos sexuais masculinos e unha extraordinaria cornamenta ramificada con seis puntas secundarias nun corno e cinco no outro, sempre dirixidas cara ó interior.

O cérvido menor, con medidas de 38 x 40 centímetros, ten cornos sen ramificar e non presenta atributos sexuais recoñecibles. (Fig.5)

Na rocha horizontal, situada ó pé da anterior, atópase un interesante conxunto

Foto 7.- Petroglifo do Outeiro de Campelos. Á esquerda, cérvidos gravados na rocha vertical. Na parte inferior dereita, cérvido con coviña.

formado por unha representación de cérvido e coviña. O cérvido ten unhas dimensións de 54 x 48 centímetros con cornamenta ramificada de tres puntas secundarias nun corno e unha no outro, orientadas todas elas cara ó interior. Sobre o lombo deste cérvido e a unha distancia de 4 centímetros hai unha concavidade a xeito de coviña de 7 centímetros de diámetro. Este representación atópase en aceptable estado de conservación. E pode relacionarse cos exemplos presentados por MONTEAGUDO, que os interpreta como relacións entre animais e círculo solar.[6] Nesta mesma rocha horizontal hai outros gravados de imposible identificación polo alto grao de erosión (Foto 7 e Fig. 6).

2.9: Petroglifo de Campo Grande

Parroquia: Caamaño
Lugar: Campo Grande
Mapa: Folla 151-II (1:25.000) Pobra do Caramiñal
Coordenadas: 42º 39' 44'' N; 9º 01' 15'' W (aprox.)
Altitude: 175 m.

Acceso: Partimos do petroglifo do Outeiro de Campelos e camiñamos 15 metros en dirección Sur ata atopar un camiño de carro que sube das aldeas situadas ó pé do monte. Tomamos cara á esquerda subindo por este camiño no que son visibles as fondas rodeiras deixadas polo paso dos carros. Seguimos subindo 250 metros ata entrar nunha valgada entre piñeiros cercada por un muro de pedras. Camiñamos paralelos ó muro que hai a uns 15 metros á nosa esquerda. Do outro lado do muro, nunha rocha granítica escura e case vertical situada na parte baixa dos penedos, está o petroglifo.

Foto 8.- Petroglifo de Campo Grande. Poden comprobarse as grandes dimensións da cérvido principal por comparación co tamaño dos pés visibles na parte superior.

6 Vid. MONTEAGUDO (1996) Paxs.48-49 e Fig.69.

Descrición: O petroglifo ocupa, como diciamos, unha parede case vertical na parte baixa do penedo e está composto por tres representacións de animais de diferentes tamaños.

A figura principal é a representación dun gran cérvido macho dotado de cornamenta ramificada. A representación pertence, como as anteriores, ó tipo de representacións de dous trazos pero presenta a particularidade de que o gravador aproveitou unha diaclasa vertical existente na rocha para representar a parte traseira do corpo e a pata traseira posterior do animal. A figura complétase con dous grandes cornos ramificados. As puntas secundarias, tres nun corno e catro no outro, aparecen dispostas cara ó interior, como ocorre en tódalas representacións de cérvidos con cornamenta presentados neste traballo.

As dimensións deste gran cérvido poden cualificarse de extraordinarias, cando menos no seu contexto máis inmediato. A figura mide 135 centímetros de alto desde a base da pata dianteira ata o extremo superior da cornamenta e outro tanto de largo o que a converte na representación de cérvido máis grande coñecida ata agora na península do Barbanza e probablemente na provincia da Coruña.

Á esquerda deste gran cérvido atopamos unha figura menor que semella ser a representación dunha femia. Ten unhas medidas de 30 x 43 centímetros. Máis abaixo hai outra figura de animal incompleta cunhas dimensións de 19 x 25 centímetros (Foto 8).

O conxunto, que podería representar un "grupo familiar" composto por macho, femia e cría, presenta unha importante desproporción entre as figuras de acordo coa xerarquización segundo a cal o macho ocupa o lugar principal e se representa en maior tamaño.

2.10: Pedra das cruces de Campo Grande

Parroquia: Caamaño
Lugar: Rocío - Campo Grande
Mapa: Folla 151-II (1:25.000) Pobra do Caramiñal
Coordenadas: 42º 39' 40'' N; 9º 01' 15'' W (aprox.)
Altitude: 210 m.

Acceso: Desde o petroglifo de Campo Grande continuamos subindo polo camiño ata pasar o muro de pedras. Xa fora da propiedade cercada, camiñamos uns 300 metros por un carreiro estreito en dirección Oeste. Nunha pequena chaira sen vexetación atopamos a gran pedra horizontal na que está o petroglifo.

Descrición: Os motivos, unha coviña e sete cruciformes, distribúense en aparente desorde pola superficie da rocha plana de preto de 8 metros de largo. Dúas das cruces aparecen xuntas formando un único motivo. As demais presentan diferentes orientacións e tamaños.

O conxunto aparece moi degradado pola erosión. A pedra que lle sirve de base presenta unha lixeira tendencia á concavidade e nela acumúlanse auga e terra nos meses do inverno, o que contribúe a desagregación dos materiais que forman a rocha granítica.

2.11: Petroglifo de Feáns I

Parroquia: Caamaño
Lugar: Rocío - Feáns
Mapa: Folla 151-II (1:25.000) Pobra do Caramiñal
Coordenadas: 42º 39' 39'' N - 9º 01' 24'' W (aprox.)
Altitude: 185 m.

Acceso: Desde a Pedra das Cruces seguimos o camiño en dirección Oeste cara á



Roteiro dos petroglifos do grupo 2 (Corzo-Rocío).



Roteiro dos petroglifos do grupo 3 (Esparrelle).

ladeira de forte pendente que cae sobre o lugar de Rocío. O petroglifo atópase nunha enorme laxe granítica situada na parte alta da ladeira.

Descrición: Neste conxunto son visibles tres representacións de animais de pequeño tamaño, entre os 20 e os 30 centímetros. As representacións pertencen –como tódalas anteriores- ó grupo dos cérvidos de dous trazos. Esta estación presenta moita semellanza coa de Légoa Seca I. Os gravados aparecen moi erosionados e cubertos en parte por musgo e liques, o que dificulta a súa observación.

GRUPO 3: ESPARRELLE

3.1: Petroglifo da Casa das Abellas

Parroquia: Caamaño
Lugar: Esparrelle
Mapa: Folla 151-II (1:25.000) Pobra do Caramiñal
Coordenadas: 42º 39' 21'' N; 9º 01' 09'' W (aprox.)
Altitude: 100m.

Acceso: O acceso realízase a partir da entrada do lugar de Esparrelle desde a igrexa de Caamaño. Alí collemos un camiño á dereita que se interna no monte por tras da primeira casa do lugar. No alto tomamos un camiño de carro que baixa en dirección Norte e camiñamos por el ata unha ponte e unha casa de pedra, coñecida como a Casa das Abellas. Continuamos polo camiño que vai paralelo ó muro por tras da casa ata atopar, á esquerda do camiño, unha laxe inclinada de boas dimensións na que aparecen insculturados os motivos.

Descrición: Os gravados aparecen espallados pola superficie de dúas rochas contiguas. Na de maior tamaño (uns 8 metros de largo) atopamos 14 coviñas sen orde aparente, un semicírculo con coviña, un cruciforme e un motivo formado por círculo e cruz. Este motivo é semellante ó que presentamos no petroglifo de Corzo IV pero de menores dimensións.

Sobre a superficie da rocha foron introducidos, seguramente en época máis recente, outros motivos como caracteres alfabetiformes e pequenos ocos semellantes a coviñas.

Na rocha menor, situada á dereita, pódense apreciar tres coviñas e un cruciforme moi erosionado.

O Petroglifo da Casa das Abellas atópase, en xeral, en moi mal estado de conservación, ainda que os motivos que consideramos mais recentes presentan sucos claramente definidos.

3.2: Campo das Cruces de Esparrelle[7]

Parroquia: Caamaño
Lugar: Esparrelle
Mapa: Folla 151-II (1:25.000) Pobra do Caramiñal
Coordenadas: 42º 39' 24'' N; 9º 00' 58'' W (aprox.)
Altitude: 110-120 m.

Acceso: Desde o petroglifo da Casa das Abellas camiñamos uns 250 metros en dirección NL. Os gravados aparecen en diversas rochas graníticas situadas na parte baixa dun pequeño val.

7 Incluimos baixo este epígrafe unha serie de rochas, moi próximas entre si, que presentan motivos semellantes.

Descrición: Trátase, máis que dun petroglifo, dun numeroso conxunto de gravados cruciformes, alomenos unha ducia, de moi diversas características que aparecen espallados nunha extensa área.

O grupo principal está formado por tres grandes cruces gravadas nunha laxe inclinada. As dimensións das cruces, ordeadas desde a parte superior da rocha, son as seguintes:

	Trazo vertical	Trazo horizontal
Cruz A	40 cm	28 cm
Cruz B	50 cm	35 cm
Cruz C	37 cm	28 cm



Foto 9.- Vista parcial do grupo principal do conxunto do Campo das Cruces de Esparrelle. Na foto pódese apreciar a profundidade do gravado. Á esquerda, cruz potenzada incompleta.

O extremo inferior dos trazos verticais das tres cruces presenta un ensanchamento en forma de pé ou base triangular. Trátase de gravados de gran potencia con sucos fondos que acadan, no caso da cruz B, os sete centímetros de ancho.

Este primeiro grupo complétase con outras seis cruces menores entre as que cómpre destacar unha cruz potenzada incompleta situada á esquerda das cruces maiores. (Foto 9)

A uns 50 metros deste primeiro grupo en dirección NL atopamos outra rocha con dúas cruces. A primeira está formada por trazos perpendiculares de 30 e 26 centímetros, e a segunda de 25 e 20 centímetros. O gravado é nestas cruces de suco estreito e con bordes vivos e ásperos, o que lles confire un aspecto de menor antigüidade.

A aproximadamente 15 metros ó N deste segundo grupo de cruces, nunha rocha máis elevada, pódense apreciar con dificultade os restos moi erosionados de dous motivos circulares sinxelos de pequenas dimensións.

Uns 40 metros ó Leste podemos ollar, na parte máis baixa do val, unha laxe plana e horizontal a carón dun muro de pedras. Nela atopamos un único motivo cruciforme formado por trazos perpendiculares de 20 e 15 centímetros.

3.3: Petroglifo do Monte Espiñeiro I

Parroquia: Caamaño

Lugar: Esparrelle- Monte Espiñeiro

Mapa: Folla 151-II (1: 25.000) Pobra do Caramiñal

Coordenadas: 42º 39' 23'' N - 9º 00' 48'' W (aprox.)

Altitude: 160 m.

Acceso: Desde a zona do Campo das Cruces subimos pola beira do Rego do Curral de Baixo que baixa entre os montes Espiñeiro e Esperoi. A unha distancia aproximada de 500 metros chegamos, na cota dos 160 metros de altitude, a un camiño que baixa en dirección Sur. Na metade do camiño está a rocha na que se atopa o petroglifo. A súa localización non é doada debido á erosión dos motivos.

Descrición: Este petroglifo, formado por dez coviñas e un cruciforme, ten características moi semellantes ó da Casa das Abellas (3.1). O seu estado de conservación é moi malo debido á súa situación no medio do camiño.

3.4: Petroglifo do monte Espiñeiro II

Parroquia: Caamaño

Lugar: Esparrelle - Monte Espiñeiro

Mapa: Folla 151-II (1: 25.000) Pobra do Caramiñal

Coordenadas: 42º 39' 23'' N - 9º 00' 48'' W

Altitude: 220 m. aprox.

Acceso: Desde 3.3 subimos pola ladeira en dirección SL ata chegar a unha pista forestal. Camiñamos pola pista ata que uns 100 metros antes de chegar ó alto ollamos unha pequena valgada á nosa esquerda. No fondo desa valgada, nunhas laxes planas de granito, atópamos os gravados. Compre sinalar que nas proximidades deste conxunto se atopa o petroglifo de Esparrelle[8] .

Descrición: Os motivos insculturados aparecen en dúas rochas graníticas. Nunha delas, a de maiores dimensións, atopamos catro círculos simples con diámetros entre 14 e 9 centímetros. Xunto a eles hai dous cruciformes de brazos iguais. O maior está formado por trazos de 19 centímetros e o menor de 11.

A aproximadamente 4 metros en dirección N. atopamos outro motivo cruciforme con base poligonal. A figura ten unhas dimensións de 23 x 16 centímetros.

Cómpre sinalar que no mesmo grupo de rochas e a aproximadamente 20 metros de distancia en dirección Leste aparece insculturado un podomorfo aínda inédito. A súa existencia foinos comunicada por Manuel Mariño del Rio, autor de traballos de catalogación de petroglifos do Concello do Son[9] .

4.1: Mámoa da Lagoa

Parroquia: Caamaño

Lugar: Lagoa de San Isidro

Mapa: Folla 151-II (1: 25.000) Pobra do Caramiñal

Coordenadas: 42º 39' 30'' N; 9º 00' 28'' W (aprox.)

Altitude: 225 m.

Acceso: Desde a C-550 tómase preto de Xuño a estrada que sube a Cabrais. Logo de aproximadamente 4 quilómetros, nunha curva pronunciada, collemos o camiño que en dirección NW sube cara ó monte. Despois de camiñar uns 300 metros, nunha chaira á dereita do camiño, atopamos a lagoa e, ó SW dela, a mámoa.

Descrición:

A mámoa aparece situada á beira da lagoa, nun terreno plano poboado de fentos e toxos baixos. O túmulo mantén todo o seu perímetro sen alteracións. Na parte central do túmulo presenta cono de violación de grandes dimensións. O túmulo ten na actualidade as seguintes medidas:



Fif. 7.- Representación gráfica da sección da Mámoa da Lagoa.

8 MARIÑO DEL RIO (2000), Páxs.48 e 49.

9 Ibidem.

Eixe N-S: 17 metros
Eixe E-W: 16 metros
Altura: 160 cms.

Restos de cámara: No interior do cono de violación, na súa zona oriental, é visible o extremo superior dunha gran pedra granítica chantada verticalmente na terra que forma o túmulo. A parte visible desta pedra ten unhas dimensións de 100 x 70 centímetros. No interior do cono atópase tamén unha segunda pedra parcialmente soterrada e da que só é visible actualmente unha pequena parte. Hai dispersas polo cono de violación outras pedras menores (Fig.7).

O túmulo que presentamos pertence ó grupo de túmulos do Barbanza que CRIADO denomina "mámoas"[10], túmulos con dimensións comprendidas entre 15 e 20 centímetros de diámetro e 1-2 metros de altura, diferenciándoos dos túmulos que chama "tipo Pedra da Xesta" que terían medidas comprendidas entre 6'5 e 10 metros de diámetro (e en todo caso sempre inferior a 10 metros) e alturas de 30 a 80 centímetros.

En canto á súa inserción na paisaxe, simplemente cabe sinalar que esta non presenta ningún rasgo fora do habitual neste tipo de monumentos. Estes rasgos foron perfectamente establecidos tanto para o seu entorno mais inmediato[11] como para o conxunto do noroeste peninsular[12], e mesmo para outras áreas atlánticas con manifestacións semellantes.

CONCLUSIÓNS

Y por parte de don Diego Lopes de Bibero, thesorero de la dicha Casa de la Moneda, se presento ante nos la lista de los oficiales questan por prober en la dicha Casa de la Moneda, y nos suplico los mandaçemos prober conforme a la probiçion de su Magestad, porque abia dellos mucha neçiçidad. Y confiando /de vuestra suficiencia y abilidad vos probemos el oficio de valenciario de la dicha Casa de la Moneda, que al presente esta baco, conforme a la dicha probicion de su Magestad, y mandamos que useis del en todas las cosas y casos a el anexas y concernientes, segundo y de la manera que lo usaron, pudieron y devieron usar las personas que antes de bos usaron el dicho oficio, y que bos acudan con todos los derechos al dicho oficio devidos y pertenicientes, segundo y de la manera que acudieron <e> pudieron acudir ansi al balançario que ante de vos a çido como a los otros valançarios que an çido de la dicha Casa, sin que bos mengue cosa alguna, y que vos guarden <e> sean guardadas las onras, franquesas, prehemiencias e libertades que por razon del dicho oficio vos deven ser guardadas asi, segundo y de la manera que se guardaron <e> pudieron guardar a los otros valençarios que antes de vos an sido de la dicha Casa, sin que en ello ny en parte dellos bos sea puesto ni conçientan poner enbargo ni <in>pedimiento alguno. Y mandamos al dicho tesorero de la Casa de la Moneda de la ciudad de la Coruña que, echo por vos el juramiento y solenidad que en tal caso debies hacer, hos reçiba por balençario de la dicha Casa de la Moneda y vos haya y tenga por tal. E los unos ny los otros no fagades ende al so pena de dies mill marabedis para la camara de su Magestad, so la

qual mandamos a qualquier escrivano que para esto fuere llamado de testimonio signado con su sino de lo que le fuere pedido.
Dada en Santiago, tres dias del mes de otubre, de mill e quinientos y setenta y ocho años.
Don Pedro Portocarrero.
El licenciado Diego Lopez de Sunion. El licenciado Barais. Por mandado de los señores regente y oydores. Figueroa.
Vala lo enmendado entre renglones, ende faltan y estan por prober. E lo testado o diz bada e diz en pena. El qual dicho treslado de titulo, que de suso se aze mençion, yo Juan Montero, escrivano de su Magestad, del numero de la çiudad de la Coruña, hise sacar el treslado del dicho titulo del oreginal que quedo en poder del dicho Hestebo de Beira, a que me refiero. E por ende lo sino e firmo en el a tal.
En testimonio de verdad Joan Montero, escrivano *(Signado y Rubricado)*.
Titulo de valançario de la Casa de la Moneda de la ciudad de la Coruña conforme a la probiçion de su Magestad aquiençerta.

1579, octubre, 18. La Coruña
En la Casa de la Moneda de la ciudad de la Coruña, a dies y ocho dias del mes de otubre, de mill e quinientos y setenta y nuebe años. Antel illustre señor don Diego Lopez de Bibero, tesorero della, parescio Estebo de Bei<ra> y presento este titulo y merced que los muy illustres señores regente y oidores deste Reino de Galicia le han fecho del officio de balançario de la dicha Casa, y a su merced suplico le mandase del dar la posicion a el segundo e conforme al dicho titulo. Y bisto por el dicho señor tesorero el dicho titulo dijo lo hobedecia y obedecio como debia, y luego dixo daba e dio la posesion real, corporal vel casi del dicho oficio al dicho Esteban de Beira, y mando se le acudiese e recudiese con los derechos que por razon del dicho oficio de tal balançario le sean debidos, al qual, segun dicho es, le recebia e recebio segundo e conforme al dicho titulo. E luego recebio juramiento, el qual lo hiço en forma, so cargo del qual prometio segun las leis e prematicas de su Magestad, e no consentir ni desimular en la Casa se aga fraude, falçedad ni el escribano alguno, y si lo sinte he abisan dello hara lo que es obligado.
Testigos presentes: el licenciado Cano, el bachiller Pineira, alcaldes de la dicha Casa, Manuel de Rosende, Sebastian Basques, \ensayador/[13]. Y lo firmo el dicho tesorero don Diego Lopez de Bibero.
E yo Melchor Garcia, escribano de su Magestad e numero e Casa de la Moneda de la dicha çibdad, fise y lo firme en forma y fise el sino y firma, que a lo que dicho es presente <fui>.
En testimonio de verdad Melchor Garcia, escribano.
Bala lo enmendado entre renglones o diz ensayador. Y no bala lo testado o diz el fondidor.
Yo Juan Montero, scrivano de la Magestad Real del numero de la çiudad de la Coruña, fui presente al corrijir e conçertar desta posesion y la hize sacar del titulo del dicho Hesteban de Beira que queda en su poder, a que me refiero, y por ende lo sine e firme en ella.
En testimonio de verdad Joan Montero, scrivano *(Signado y Rubricado)*.

1583, abril, 1. Madrid
«Scrivania de la Cassa de la Moneda de la Coruña a Juan Lopez de Taivo, scrivano de V.M., por vacaçion de Jacome Alonso».
A.G.S., CC. 785.
Don Philippe por la graçia de Dios Rey de Castilla, de Leon, de Aragon, de las dos Sicilias, de Jerusalen, de Portugal, de Navarra, de Granada, de Toledo de Valencia, de Galiçia, de Mallorcas, de Sevilla, de Çerdeña, de Cordova, de Corçega, de Murçia, de Jaen, de los Algarves, de Algeçira, de Gibraltar, de las yslas de Canaria, de las Indias orientales y oçidentales, yslas e tierra firme del mar oçeano, archiduque de Austria, duque de Borgoña, Bravante y Milan, conde de Habspurg, de Flandes, de Tirol y Barçelona, señor de Vizcaya y de Molina etc.
Por hazer bien y merced a vos Juan Lopez de Taivo, nuestro scrivano y del numero de la çiudad de

la Coruña, acatando vuestra sufiçiencia y avilidad y los serviçios que nos aveis hecho y esperamos que nos hareis, nuestra voluntad es que de aora y de aqui adelante para en toda vuestra vida seays nuestro scrivano de la Cassa de la Moneda de la dicha çiudad de la Coruña, en lugar y por vacaçion de Jacome Alonso, nuestro scrivano que fue della, por quanto es fallesçido y passado desta presente vida. Y mandamos al thesorero, valançarios, monederos, capatazes, guardas y otros offiçiales de la dicha Cassa que, luego que con esta nuestra carta fueren requeridos, tomen de vos em persona el juramento y solenidad acostumbrado. El qual asi hecho y no de otra manera os reçiban, ayan y tengan por nuestro scrivano de la dicha Cassa de la Moneda en lugar del dicho Jacome Alonso y usen con vos el officio en todo lo a el conçerniente. Y ellos y el conçejo, justiçia, regidores, cavalleros, escuderos, offiçiales y hombres buenos de la dicha çiudad os guarden todas las onrras, graçias, mercedes, franquezas, livertades, exemptiones, preheminençias, prerrogativas e inmunidades que por razon del deveis haver y gozar, y os hagan recudir con los derechos, salarios y otras cossas a el annexas y pertenesçientes, si y segun se uso, guardo y recudio asi a vuestro anteçesor como a cada uno de los otros nuestros scrivanos que an sido y son de la dicha Casa de la Moneda, todo bien y cumplidamente, sin faltaros cossa alguna, y que en ello ympedimento alguno os no pongan ni consientan poner. Que nos desde aora os havemos por reçibido al dicho officio y os damos facultad para lo usar y exerçer caso que por los susodichos o algunos dellos a el no seays admitido. Y mandamos que todas las scripturas y autos judiçiales y extrajudiçiales que ante vos pasaren y se otorgaren, tocantes al dicho officio, en que fuere puesto el dia, mes y año y el lugar donde se otorgaren y los testigos que a ello fueren presentes y vuestro signo acostumbrado, de que usais como nuestro scrivano, valgan y hagan fee en juicio e fuera del, asi como cartas y escripturas firmadas y signadas de mano de nuestro scrivano de la dicha Casa de la Moneda pueden y deven valer. Y por evitar los perjuicios, fraudes, costas y daños que de los contratos hechos con juramento y de las submisiones que se hazen cautelosamente se siguen, os mandamos que no signeis contrato hecho con juramento ni por donde lego alguno se someta a la jurisdiction eclesiastica ni en que se obligue a buena fee sin mal engaño, so pena que si lo hiziereses por el mismo caso perdais el officio y quede vaco para hazer merced del a quien fueremos servido.
Dada en Madrid, a primero de abril, de mill y quinientos y ochenta y tres años.
Yo el Rey *(Rubricado)*.
Yo Juan Vazquez de Salazar, secretario de su catholica Magestad, la fize escrevir por su mandado.
V.M. hizo merçed deste officio a Pedro de Siones y Rodrigo Marquez, de la guarda de a cavallo, y nombran a este.
El licenciado Fuenmayor. El licenciado Juan Thomas.
Registrada Jorge de Olaalde Bergara *(Rubricado)*. Cançiller mayor Jorge de Olaalde Bergara *(Rubricado)*.

1588, diciembre, 19.
Sebastián Martínez, Martín Alonso y Gonzalo de la Iglesia solicitan el oficio de «balanceros» de la Casa de Moneda de la Coruña.
A.G.S., CC. 644.
Señor: \Sebastian/[14] Martinez, de la guarda de a cavallo, y Martin Alonso, de la guarda de a pie de V.M., y Gonçalo de la Yglesia, offiçial del receptor Paredes, suplican a V.M. que por lo que an servido y sirven les haga merced del officio de valençario de la Casa de la Moneda de la Coruña, que esta vaco por muerte de Juan Martinez Varela. Y por ynformaçion que por cedula de V.M. se a traydo consta que el dicho officio esta vaco y que V.M. puede hazer merced del a quien fuere servido, porque aunque el regente \que era/ de aquel Reyno proveyo los offiçios de la dicha Casa de Moneda, \fue/ por particular çedula de V.M. hasta que otra cosa se le mandase, y que todos los offiçios que en ella se llaman mayores, como lo es este, los usan y exerçen por çedula y merced de V.M. Y que si fuese renunçiable valdra 100 ducados y no lo siendo no se hallaran por el çinquenta, y que si alguno diere algo por el tan solamente compra algunas livertades anexas al dicho officio y no provecho alguno por la poca moneda que en ella se labra[15]. Y el capitan / de la guarda, a quien se

ordeno ynformase de lo que estos soldados an servido y de su nesçesidad, dize que Sebastian Martinez sirve desde 14 de diziembre del año de 54, y el dicho Martin Alonso desde primero de mayo del de 77.
Y visto en la Camara ha paresçido que sirviendose V.M. dello puede hazerles merced a todos tres del dicho officio por yguales partes.
Las personas que supplican por un officio de valançario de la Casa de la Moneda de la Coruña que esta vaco por muerte de Juan Martinez Varela.
Vista, que informe el capitan.
1589, agosto, 22.
Esteban de Beira, balancero de la Casa de la Moneda de la Coruña, solicita se confirme su título de tal.
A.G.S., CC. 665.
Señor: Esteban de Beyra, vezino de la ciudad de la Coruña, balançario de la Casa de la Moneda della, dize que V.M. por su real provision, de dos de mayo passado de setenta y siete, mando al regente y alcaldes mayores de la Audiençia Real de Galicia, que al tiempo heran, probeyesen en la dicha Cassa de la Moneda los ofiçiales que faltasen entretanto que por V.M. se probeyese. Y quel fue nonbrado por la dicha Audiencia por balançario. Y en virtud del dicho nonbramiento desde el dicho tiempo a usado y usa el dicho ofiçio con la fidelidad que se requiere, hasta aora que un Pedro de San Martin, tonelero, ocurrio a V.M. y se le hizo titulo del dicho officio sin ser el çitado ni llamado, lo qual es en gran daño y perjuiçio suyo. Y V.M., siendo servido, a de mandar retener el titulo del dicho officio, de que hasta aora no se dio posesion al dicho Pedro de San Martin, y mandar que no use del por las caussas que tiene alegadas en respuesta del dicho titulo real, y particularmente de mas de honze años a esta parte a servido el dicho oficio de balançario con mucho cuidado y fidelidad, sin que en todo el dicho tiempo aya echo en el cossa yndivida, y a echo muchos serviçios a V.M. Y ultimamente en el çerco que la armada ynglesa hizo en la dicha çiudad de la Coruña, con su persona y dos hijos suyos, a echo los serviçios que constan por çertificaçion del Marques de Çerralbo, ynformaçion y probacion de don Francisco Arias Maldonado, alcalde mayor de la dicha Audiençia Real y auditor de la gente de guerra, que tiene presentados en el Consejo de Camara de V.M., por donde ansimismo consta que el enemigo yngles le quemo sus cassas que tenia en la pesquederia de la dicha ciudad y toda su hazienda, de valor de mas de seisçientos ducados. Y no aviendo como no a echo cossa yndevida en el dicho ofiçio, y aviendo echo los dichos serviçios, que no solamente son dignos de que no se le quite el dicho ofiçio pero de que demas dello se le haga mas merced y se le premien los dichos servicios, por ser dignos dello y averle quemado el enemigo sus /cassas y toda su hazienda. Suplica a V.M. que, teniendo consideracion a lo susodicho, se sirba de denegar el titulo y sobrecarta que del pidiere el dicho Pedro de San Martin del dicho officio de balançario, mandando que no use del que se le dio y que se retenga, y confirmado el que se hizo al dicho Esteban de Beira por la dicha Audiencia de Galizia, o haziendosele de nuebo del dicho oficio, atento los dichos serviçios y a quel dicho officio de principal no bale mas de setenta ducados, que en ello el y sus hijos resçiviran particular merced de V.M.
Esteban de Beira, balançario de la Cassa de la Moneda de la çiudad de la Coruña.
Al secretario Juan Vazquez. Juntese con lo que tiene el relator.

1591, diciembre, 8.
Don Juan de Vivero solicita los oficios de alcaide de la fortaleza de la Coruña y tesorero general de la Casa de Moneda por haber fallecido su hermano Diego López de Vivero.
A.G.S., CC. 765.

Señor: el doctor don Joan de Vivero de Palaçios Rubios dize que su hermano mayor, don Diego Lopez de Bivero, alcayde que fue de V.M. en la fortaleza de la Coruña y tesorero de la Casa Real de la Moneda della, se murio a diez y siete dias del mes de octubre proximo pasado deste presente años, y dejo una sola hija, unica heredera de su casa y mayorazgo, a la qual su madre doña Ysabel

Guerra de la Vega ha traydo a esta corte para sus disinios e yntentos que tiene, difirentes de lo que conbiene al serviçio de V.M. y a la autoridad y conservaçion de la memoria de la casa del dicho don Diego y de sus antepasados donde desçiende. Y los Reyes Catolicos, de gloriosa memoria, nuestros señores, y la Magestad del Enperador que esta en el çielo, sienpre tubieron atençion a los serviçios de los padres y aguelos y antepasados de los dichos don Diego y don Juan, su hermano, para les hazer merced, como se la hicieron del dicho officio de la alcaydia de la dicha fortaleza de la Coruña, segun que ansimesmo V.M. fue servido de hazer merced al dicho don Diego de anbos a dos los dichos offiçios. Los quales el dicho don Joan de Vivero usso y sirvio mucho tienpo y años por ausencia del dicho don Diego, su hermano, y aunque su prinçipal profesion es la de las letras se ha exerçitado tambien en la de las armas, conforme podra ser V.M. servido de se ynformar del governador y de los alcaldes mayores del Reyno de Galiçia. Y ultra desto tiene el dicho don /Joan un solo hijo varon, de hedad de doze años, y la dicha hija de su hermano mayor difunto tiene catorze años. Suplica a V.M. que, pues del dicho su hermano don Diego no quedo hijo varon, sea V.M. servido de a el o a su hijo hazerles merced de los dichos offiçios que sin ellos *(sic)* tendra la hija del dicho don Diego con que se sustentar aunque no muy conpetentemente, respecto de aver quedado muy enpeñado el mayorazgo. Y siendo V.M. dello servido, supuesta la dispensaçion de Su Santidad, dize el dicho don Joan que su hijo se casara con la dicha hija de su hermano, y desta suerte hara V.M. merced a todos y todos quedaran remediados y no peresçera la autoridad y conservacion de la casa de los antepasados de los dichos don Diego y don Joan, su hermano, que tan continuos y leales vasallos y criados de V.M. siempre han sido.
El doctor don Juan de Vivero.
Al secretario Juan Vazquez.

1595, diciembre, 1. Santiago
A.G.S., CC. 766.
Señor: don Diego Lopez de Vivero, mi hermano mayor, diffunto que agora es, fue alcayde de V.M. en la fortaleza de la Coruña, por merced que V.M. fue servido de hazerle de edad de diez y seis años, y a Joan Lopez de Vivero, mi padre, le hizo la mesma merced la Magestad del Emperador que esta en el cielo de edad de [dez años], por aver muerto en su real servicio Gonzalo Perez de Vivero, mi aguelo, alcalyde que tanbien fue de la dicha fortaleza, segun que ya de antes lo avia ansimesmo sido Vasco Perez de Vivero, su aguelo y revisaguelo mio. Y al dicho mi padre se le dio por coadjutor a su tio el licenciado Alonso Perez de Vivero hasta que tubiese edad competente. El qual, sin enbargo de profesar las letras, sirvio el dicho officio como tal coadjutor. La causa que a V.M. movio para hazer merced de la dicha alcaydia al dicho don Diego, mi hermano, esa mesma milita en mi que es el ser hijo del dicho Joan Lopez de Vivero y nieto del dicho Gonzalo Perez de Vivero y lo mesmo del capitan Joan de Mercado, primero castellano de Milan y maese de campo que en muchas batallas fue en servicio de la Corona Real de Castilla, cuyos servicios de padres y aguelos paresce que son dignos de la acostumbrada merced que siempre la real mano de V.M. suele hazer a sus vasallos y criados. Y que yo no sea de peor condicion que mi hermano, padre y aguelo para esto han sido, supuesto que del dicho mi hermano no quedo hijo varon alguno sino una sola hija, e yo tengo hijo varon, y en el mesmo ministerio de la dicha fortaleza e servido a V.M. por ausencia del dicho mi hermano en tiempo del Marques de Cerralbo y con pleyto omenaje porque, aunque mi profesion principal es de las letras, tambien e usado y seguido la de las armas, y en lo uno y en lo otro puedo servir a V.M. y tengo sufficiencia para ello, como, siendo V.M. servido, podran informar el Governador y /alcaldes mayores del vuestro Reyno de Galizia. Y ansi en las ocasiones tocantes al tribunal de justicia me e ocupado por comision de la dicha Real Audiencia muchas y diversas vezes, y en las ocasiones tocantes al tribunal de la guerra ando al presente ocupado por comision del Governador, dende veinte y çinco del mes de setiembre a esta parte, segun dello enbio certificacion y testimonio, a cuya causa no voy por agora a besar las reales manos de V.M. y a supplicar a V.M. se sirva de hazerme esta merced porque la casa de mi padre y antepasados, que tan calificada y autorizada ha sido con esta merced de la alcaydia de la dicha fortaleza de la Coruña, no quede agora sin ella.

Dios guarde la catolica persona de V.M.
De Santiago de Galizia, primero de diziembre, 1595.
Don Joan de Vivero de Palacios Rubios *(Rubricado)*.

1591, diciembre, 12. Madrid
Antonio de San Miguel solicita el oficio de guarda de la Casa de la Moneda de la ciudad de la Coruña.
A.G.S., CC. 716.
Señor: Antonio de Sant Miguel, uxer de camara de V.M., supplica a V.M. que, acatando lo que ha servido y que por ser cassado y tener hijos passa neçessidad, le haga merced de un officio de guarda de la Cassa de la Moneda de la Coruña que esta vaco por muerte de Rodrigo Marquez. Y por informaçion que por cedula de V.M. a traydo sobre ello, a su costa, paresce que esta vaco el dicho officio, y que valdra vendido por una vez 100 ducados, y que labrandose moneda tendra de aprovechamiento cada año [...] ducados, y que al pressente ay en la dicha Cassa otros dos officios de guarda. [16] \Tanbien supplica por este officio un hierno del difunto, teniendo consideracion a quel dicho su suegro murio/ en el çerco que los ingleses hizieron en la dicha Coruña.
Y visto en la Camara, y teniendose consideracion a que el \dicho Rodrigo Marquez/ fue preso y muerto en el çerco de la Coruña, ha paresçido que, siendo V.M. servido, puede hazer merced del dicho officio \al dicho su hierno/ dando al dicho Antonio de Sant Miguel \20 ducados/.
En Madrid, a 12 de diziembre, 1591.

NOTAS

[1]*Tachado*: los sobredichos [AB 1999, 173].
[2]Ba escrito entre renglones Antonio Lopez e Francisco Gome, vale. E testado lo sobredicho, no vale [AB 1999, 173].
[3]*Tachado*: Bazquez.
[4]*Tachado*: cosas.
[5]*Tachado*: razon.
[6]Va testado o diz ofiçi, no enpesca.
[7]*Tachado*: debria.
[8]*Tachado*: razon.
[9]*Tachado*: nuestros.
[10]*Tachado*: por alguna manera so pena de la nuestra merced y de diez mill maravedis.
[11]*Tachado*: en lugar.
[12]*Tachado*: dicho.
[13]*Tachado*: fondidor.
[14]*Tachado*: Juan.
[15]*Tachado*: y visto en la Camara.
[16]*Tachado*: y el juez en su paresçer dize que un hierno del difunto ha pedido este offiçio y que a su pedimiento se hizieron.

Dúas encomendas templarias galegas descoñecidas: Lendo (A Laracha) e San Sadurniño

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ

Sumario

Neste artigo dase a coñecer a existencia de dúas novas encomendas templarias galegas: Lendo e San Sadurniño (A Coruña, Galicia, España)

Abstract

In this article we can know about two Galician templars commendations which were unknoun: Lendo and San Sadurniño (A Coruña, Galicia, Spain)

INTRODUCCIÓN

Parece un lugar común na historiografía sobre as Ordes Militares na Península Ibérica que, no que se refire aos reinos de Galicia, León e Castela a implantación da Orde do Temple foi relativamente escasa. Ao noso xuízo, a razón na que se fundamenta esta opinión é a ausencia dun corpus documental propio da Orde referido a estes reinos. O feito de que as súas propiedades –e, por tanto, os documentos que delas nos falaban- non pasasen na súa totalidade, como estaba previsto, á Orde de San Xoán, senón que fosen repartidos, como despoxos, fundamentalmente entre nobreza varia, enfronta ao investigador a un deserto no que hai poucas fontes documentais nas que saciar a sede de coñecemento.



Fig. 1.- Selo templario.

Sen embargo, a paciencia sempre dá os seus froitos.

Hai xa anos que sabemos da existencia destas encomendas templarias galegas, Lendo e San Sadurniño. Nalgúns traballos anteriores da nosa autoría insinuamos a súa realidade. Agora, por primeira vez, dámolas a coñecer.

Quizais alguén se sorprenda de que, estando os documentos xa publicados, ninguén reparase na súa importancia. Quizais foi debido a que, ao apareceren insertos en estudios referidos a outras ordes monásticas, os investigadores que as publicaron ou ben non localizaron o topónimo, ou, aínda que se fai referencia ao cargo, comendador, e ao lugar onde o exerce, descoñécese á Orde á que pertencía.

Cremos que non son as únicas encomendas templarias galegas que faltaban por saír á luz. Xa na aproximación que fixemos sobre a encomenda de Betanzos apuntamos a posibilidade de que en Codesoso, moi preto do mosteiro de Sobrado, puidesen os templarios ter organizado outra sede administrativa. Non podemos, neste momento, confirmar se foi encomenda propia, pero non o descartamos.

***Carlos Pereira é funcionario do Concello de Culleredo, historiador e membro da Sociedade Española de Estudios Medievais.**

Fig. 2.- Cabaleiro templario.

1.- A ENCOMENDA DE LENDO

1.1. Localización da encomenda

A primeira encomenda da que falaremos, en terras de Bergantiños, é a de Lendo. San Xulián de Lendo é unha parroquia do concello de A Laracha (A Coruña). Está situada cabo dun monte, o de Lendo, e gobernando un amplo val agrícola. A poucos quilómetros está Caión, vila marítima vencellada á pesca dende a Idade Media. Por esta parroquia pasaba un importante camiño medieval, antiga vía romana: no *Catastro* do marqués de Ensenada figuran, entre os topónimos do lugar, **calzada de riba** e **calzada de abaixo**.[1] Pero aínda existen outros datos que indican a importancia estratéxica desta parroquia, hai poucos anos algo afastada da estrada Coruña-Carballo e hoxe outra volta próxima á autopista que une ambos os dous lugares: nunha das súas viaxes por Galicia, o 28 de xuño de 1228, o monarca Afonso IX fai parada **apud Leedo**, expedindo alí dous diplomas ao mosteiro de Melón.[2] Dado que Afonso IX se dirixía á Coruña, isto indica que Lendo, probablemente xa en mans dos templarios, era unha entidade de poboación importante neste camiño.[3] Esta vía de comunicación, tanto na cartografía elaborada por Domingo Fontán, como noutro mapa referido a camiños militares, depósitos de víveres e pobos de etapa, do ano 1814, a única entidade de poboación que aparece no camiño da Coruña a Malpica é Lendo. Na súa orixe, probablemente, foi unha vía romana.

Fig. 3.- Igrexa de San Xulián de Lendo (Laracha, A Coruña). Porta Norte.

Fig. 4.- Lendo. Arco da Porta Norte.

Pode semellar excesivo insistirmos tanto na localización xeográfica, pero no caso dos templarios a súa preferencia por emprazar as súas encomendas xunto ás vías de comunicación explicaría que a escolla de Lendo, e non outro lugar, debeuse, a parte das propiedades que alí puidesen posuír, que serían numerosas, á situación estratéxica.

¿Cando se instalaron aquí os templarios? Non é doado saber a data exacta, pero foi con anterioridade ao ano 1241, no cal se redacta unha concordia entre o mosteiro cisterciense de Oseira e a Orde do Temple, referida a certos bens na Terra de Bergantiños e outros lugares.[4] Neste documento aparece a encomenda constituída, co seu comendador, e fálase de bens templarios nestas paraxes sobre os que exercían a propiedade antes desta data. Hai que supoñer que houbo previamente un proceso de acumulación de propiedades na comarca, que nun principio dependerían directamente da bailía de Faro. Esta circunstancia obrigaría aos templarios a crear, nun lugar máis ou menos céntrico e ben comunicado, e a unha distancia de aproximadamente 30 quilómetros, tal como sinala Demurguer ao estudiar a estructura territorial de algunhas encomendas templarias francesas[5], unha nova sede administrativa para xestionar directamente estes bens. O feito de aparecer Lendo como encomenda en 1241 indica que xa levaría algúns anos funcionando, quizais dúas décadas.

1.2. Posesións

No documento de 1241 o mosteiro de Oseira cede aos templarios unha serie de propiedades nesta comarca, que lles vendera Gómez Ares e a súa esposa María Fernández; localizábanse estes bens **in tota terra de Trastamar et de Duvria et in Bregantinos et in Canzes...**.[6] Como é lóxico, a dispersión destes bens, e o seu afastamento respecto do mosteiro, fixo que rapidamente os monxes de Oseira tentaran desfacérense deles dun xeito satisfactorio. E isto conseguírono coa concordia coa Orde do Temple. Para elo, Menendo, abade de Oseira, e Pedro Eanes de Faro, **commendator de Faro et de tota Gallecia**, no nome do Mestre do Temple, apelaron a uns **homes bós**, Fernando Gutiérrez e Suerio Sueriz, monxes de Oseira, e frei Xoán e frei García, comendadores de Lendo e Amoeiro, respectivamente, por parte dos templarios. O acordo alcanzado foi o seguinte: os templarios cedían a Oseira, na parroquia de Prado (Lalín) algúns casais, a cuarta parte da igrexa de San Martiño e tres cuartas partes dun muíño;[7] engadían outros bens en terras de Ourense. Os templarios, pola súa banda, reciben as seguintes propiedades:

-Tres casais en San Martiño de Cances.[8]

-A oitava parte da igrexa de San Martiño de Cances.

-Un casal en **Baz**.[9]

-Un casal en **Vilar de Asalo**.[10]

-Un casal en **San Salvatore de [...]**.[11]

-A cuarta parte do pazo de San Salvador.

-O quiñón que tiña o mosteiro na igrexa dese lugar.

A isto temos que engadirlle a cuarta parte do couto de San Martiño de Cances, que posuían os templarios (usurpando quizais o que alí tiña Oseira), a posesión do cal é precisamente o que motiva a concordia, xa que supoñemos que o mosteiro de Oseira, dado o afastamento destes bens, non tería moitos desexos de comezar preitos longos, preferindo a mellor solución, un acordo amigable.

Por tanto, temos que, a partir da concordia, a Orde do Temple posúe practicamente todo o couto de Cances.

É interesante destacar a presencia de Pedro Eanes, que nos amosa un pouco como funcionaba a xerarquía templaria. Neste caso, ademais de ser o superior xerárquico dos templarios galegos, a súa presencia é obrigatoria dada a proximidade de Lendo á bailía de Faro, que rexía. Era, en resume, quen tiña que dar o visto bo á concordia; iso si, en representación do Mestre do Temple, algo que se repite constantemente na documentación templaria.

Non sería San Salvador de Bembibre a única parroquia do concello de Val de Dubra onde a Orde posuía bens. Xa o 30 de xullo de 1199 recibirían de Urraca Fernández, filla do conde Fernando Pérez de Traba, que facía o seu testamento, **XX mvr. et quantum habeo in Aravegio cum sua populatione**.[12] Este lugar é Santa María de Arabexo.

Entrando no terreo das suposicións, xa que non coñecemos ningún documento que o probe, puidese ter pertencido aos templarios o lugar de «Freiría», localizado en Centiña, parroquia de San Paio de Coristanco, aínda que igualmente podería ter sido posesión do mosteiro de Seavia, tamén en Coristanco, ou do de Mens (Malpica); por iso apuntámolo só a título de hipótese. Tamén en San Pedro de Barizo, próximo a Asalo, un documento da Colexiata da Coruña fala dun muíño que chamaban **da voz dos cabaleiros**, pero estes cabaleiros, témolo que recoñecer, non tiñan porque ser necesariamente templarios; o documento pode referirse, como vemos noutros moitos, a cabaleiros laicos, non monxes.

Figs. 5, 6, 7.- Lendo: motivos decorativos das xambas da Porta Norte.

É simplemente debido á proximidade a un lugar onde si tiveron posesións, e á data do documento, 1390, cando aínda o recordo dos templarios podía permanecer fresco na memoria da xente, ou que nos fai traer aquí esta suposición.

A todos estes bens hai que engadir, loxicamente, Lendo, coa súa igrexa, sede da encomenda.

Dependerían así mesmo da encomenda de Lendo as propiedades templarias, moi importantes ao parecer, en Serantes e Laxe, coas que se fixeron os Mariño e posteriormente os Moscoso.[13]

Por tanto, polo que coñecemos na actualidade, os bens templarios da encomenda de Lendo localizábanse nos concellos de Val do Dubra, Malpica, Carballo, Laxe e A Laracha, e quizais tamén en Coristanco, e eran, fundamentalmente, coutos, casais, pazos, vasalos, unha igrexa e parte de outras dúas. A orixe da encomenda debeu partir de bens cedidos á bailía de Faro, que, ao iren aumentando, obrigaron a fundar a de Lendo.

O que descoñecemos é o tempo que funcionou esta encomenda, xa que na citación que se lles fai aos templarios de Castela e León en 1310 non aparece Lendo. Quizais desapareceu con anterioridade, ou tamén cabe

Figs. 8, 9, 10.- Lendo: canzorros da igrexa. Repárese na cabeza de elefante.

a posibilidade de que, como acontecerá no caso de San Sadurniño, apareza, cos seus freires, englobada na bailía de Faro. Nos inclinámonos por esta última hipótese, xa que nos documentos posteriores, que logo veremos, nos cales podemos observar o destino dos bens templarios, sempre se menciona Lendo xunto a Faro, o cal indica, ao noso xuízo, que debía existir como encomenda, sometida a Faro, ou, cando menos, que tiña unha entidade o suficientemente importante para ser continuamente citada.

1.3. Comendadores e freires

Só coñecemos o nome dun comendador, o que asina a concordia de 1241, frei Xoán.

1.4. A igrexa de San Xulián de Lendo

Non nos imos deter en exceso neste epígrafe. Mencionaremos tan só que a igrexa de San Xulián de Lendo ten dúas partes diferenciadas: unha románica e outra barroca (a fachada). Aínda que non puidemos entrar nela, sabemos por informacións que posúe un arco triunfal de medio punto, que da paso a unha ábsida cuadrangular. Mais o que interesa sobremaneira é o muro norte, onde se encontra unha porta con arco de medio punto e diversa decoración (estrelas e rosetas nas xambas), e, sobre, todo, os canzorros. Un deles representa a cabeza dun elefante, elemento iconográfico rarísimo no románico galego.[14]

2. A BAILÍA DE SAN SADURNIÑO

2.1. Os templarios en San Sadurniño

A primeira noticia da existencia dunha encomenda templaria en San Sadurniño remóntanos ao ano de 1248. Nunha venda que Marina e Rodrigo Pérez, e os seus sobriños, fan ao mosteiro de Caaveiro, de cóengos regulares de Santo Agostiño, referida a bens en lugares como Recemel, Naraío ou Espiñaredo, localizados nos concellos coruñeses de As Pontes de García Rodríguez, As Somozas e San Sadurniño, aparece confirmando **frater Martinus, commendatori Sancti Saturnini**.[15]

A importancia deste documento é extraordinaria, porque confirma que, xa a mediados do século XIII, estaba constituída esta encomenda de Ferrolterra, e que probablemente dende xa facía algunhas décadas era constatable a presencia templaria nesta comarca.

A segunda referencia documental que encontramos que ten relación con este lugar vén na citación aos templarios de 1310, para seren interrogados en Medina del Campo sobre as acusacións das que eran obxecto: entre os convocados da bailía de Faro figura **fratri Didaco de Sancto Saturnino**.[16]

Este dato, por si só, non indica que aínda pervivise a encomenda de San Sandurniño, pero, como veremos, aínda que no documento non se cite si seguía funcionando.

Dous anos despois do documento anterior, temos a clave para a resolución deste enigma. Nunha carta do Meiriño Maior de Galicia, Afonso Gómez, ordenando unha información testemuñal sobre se o mosteiro de Pedroso estaba obrigado a dar xantar ao Adiantado de Galicia, declaran varias testemuñas, entre elas **Frey D[iego], comendador da Valiía de San Sadornino, diso pe llo iuramento que fez, diso que él acorda e sabe o moesteyro de Pedroso, des XL aut L. anos, et que vyo os Priores que ouve en este entanto e que os conosció et que vio os Endeantados que a esta terra chegaron por el Rey et que nunca a nen d-elles vio dar yantar ao Prior que en Pedroso ouvesse a Endeantado nen dineiro por él, salvo ende ao Infante don Fillipe, qando chegava, que le fazian commo a**

Senor, en lugar de donna Blanca, sua tya, que era ende herdeyra et Senor, po llos Condes. Et disso que non sabe ende mays.[17]

Como podemos comprobar, este comendador, Diego, é o mesmo que aparece na citación de 1310, e que podería levar na Orde do Temple, en San Sadurniño, entre 40 e 50 anos.[18]

A importancia deste documento, como a do de 1248, excede da brevidade da información, porque, a parte de confirmar que aínda existía unha bailía en San Sadurniño, indícanos que en 1312, moi pouco tempo antes de que se celebre o Concilio de Vienne, aínda seguían os templarios funcionando, como se despois do Concilio de Salamanca de 1310, no cal foran absoltos, nada malo lles fose pasar.

2.2. Posesións

¿Que posuían os templarios en San Sadurniño? Para sabelo teremos que agardar ao ano 1508, data na cal o pontífice Xulio II, por unha bula, aproba a erección dunha igrexa en dito lugar, denominada de Nosa Señora de San Sadurniño, con cinco capeláns; todo isto debido á iniciativa de Fernando de Andrade, que edificara dito templo sobre outro que existira con anterioridade e que estaba arruinado, a advocación do cal era Santa Olaia,[19] e sobre un hospital, o de San Xoán de Xerusalén, que pertenceran aos templarios: **Ecclessia Sancti Eulalii templariorum, seu hospitalii Sancti Johani Jerosolimitani**.[20] Anos máis tarde, a igrexa de Nosa Señora de San Sadurniño, patrocinada por Xoán Freire de Andrade, serviría de base para a edificación dun convento dominico, o de San Domingos de San Sadurniño.[21]

Partimos, por tanto, da base de que a sede da bailía templaria eran unha igrexa e un hospital, é dicir, que a bailía cumpría especialmente unha función asistencial; non en van San Sadurniño está situado nun dos Camiños do Norte de peregrinación, dos que procedían de Asturias e do norte das provincias de Lugo e A Coruña. Vemos outra vez como os templarios buscan lugares estratéxicos para emprazar as súas encomendas: camiños transitados, ríos, etc.[22]

Cunha máis feble base documental encontrariámonos con que no propio "Feroll" (Ferrol), "França" (Franza) e "Santeirum" (Chanteiro) terían tido establecementos os templarios. Un portolano veneciano de 1498, debuxado por un piloto chamado Andrea Corso, membro da "Capitana do Golfo" (unha especie de policía do mar veneciana), no que aparece detallada a ría de Ferrol, engade tres cruces templarias nestas localidades, aparecendo tamén no mapa lugares como Recemil, Xubia, Mugardos, Graña, Prior e Segaño. Os investigadores ferroláns que dan a coñecer este portolano mencionan que, nun denominado "Líber Templum", conservado en Montpellier, referidos a Galicia ("Provincia de Gallaecia") aparecen a igrexa de "Sainte Catherine de Chanteiro", o hospital de "Sancti Spiriti de Franka" e o hospital do "Sancti Spiriti de Ferreol" como establecementos tutelados polos templarios.[23]

Outro autor amplíanos esta información; así, os establecementos serían "Sainte Catherine de Chanteiro", "Saint François de Ferrol" e o hospital de "Sancti Spiriti de Franka".[24]

Non podemos, polo de agora, confirmar estes datos contrastando a información. Parece que existiu unha orde hospitalaria denominada do "Sancti Spiritus", aínda que hai unha certa confusión a cerca de cando se fundou. Non descartamos, sen embargo, a posibilidade de que, efectivamente, fosen propiedades da Orde do Temple.

As citadas son as únicas posesións templarias documentadas. Sen que poidamos facermos unha atribución precisa, hai tamén un documento, nun libro de documentos do mosteiro de Xubia, que fala dunha información sobre propiedades en Caranza, do 12 de setembro de 1375, citándose unha denominada "cortiña das Ordenes..". Como as únicas ordes militares que teñen un número importante de bens nesta comarca son a do Temple e a do Hospital (esta cun "partido" en Régoa e Teixido), quizais estas cortiñas puidesen pertencer a ambas as dúas institucións, pero non temos a completa seguridade.[25] Pero a bibliografía, ou as tradicións, fan que a presencia templaria se estenda por un amplo territorio. Así, tamén hai quen pensa que en San Vicente da Illa, illa pertencente á parroquia de Santalla de Ladrido, concello de Ortigueira (A Coruña), existiu un convento xa no século VI, que sería posteriormente ocupado polos templarios, e, ao abandonar estes o lugar, serían substituídos polos franciscanos.[26]

Fig. 11. Igrexa e convento de San Sadurniño, edificados sobre antigas construccións da Orde do Temple.

Tamén no mesmo concello de Ortigueira, na parroquia de San Paulo dos Freires, por onde pasaba un «camino real»,[27] existe a crenza de que houbo un convento de templarios, que foi demolido polo bispo mindoniense Sarmiento, no século XVIII, erixindo a actual capela de Nosa Señora dos Freires.[28]

Cremos que neste caso o propio topónimo Freires dálle bastante verosimilitude á filiación templaria.

Seguindo no norte de Galicia, no extremo noroccidental da provincia de Lugo, no concello de O Vicedo, existe outro lugar sobre o que teñen corrido ríos de tinta respecto á posesión polos templarios deste emprazamento; referímonos á illa de San Miguel da Coelleira, pertencente á parroquia de San Estevo de Vicedo.

Está probado que no século X existía, na illa, un mosteiro bieito, o cal, segundo un documento do ano 1095, estaba baixo a advocación de San Salvador, Santa María e San Miguel.[29] Séculos máis tarde, no XV, concretamente en 1420, xa estaban instalados cóengos regulares de Santo Agostiño na illa, como o indican algúns documentos do A.H.N. de Madrid,[30] ou do arquivo da Catedral de Mondoñedo.[31]

¿Que aconteceu entre os séculos XI e XV? Cal Pardo, baseándose en que entre 1155 e 1156 chegaron a posuír San Martiño de Mondoñedo, e xa estaban en Pedroso (anque recoñece que so é unha simple suposición, xa que non se conservan probas documentais) pensa que pasou a pertencer, no século XII, aos Cóengos Regulares.[32]

Pero a tradición ponse do lado dos templarios. É ben sabido que coas tradicións hai que ter moitas precaucións, xa que ás veces non se fundamentan en datos obxectivos. Porén, noutros casos, o que nun principio formaba parte do imaxinario popular acaba por

reforzarse con probas documentais. Non queremos tomar partido nesta ocasión. Relataremos tan só todo o que a tradición di respecto da presencia dos templarios na Coelleira, que outros autores recolleron dende fai moito tempo.

O primeiro autor, que saibamos, que a recolle é don Justo Pico de Coaña, que conta que os templarios de Coelleira trasladábanse a Viveiro para diciren misa nunha capela que serviu despois de primeira igrexa a los franciscanos.[33] Estes templarios tamén levarían á igrexa de San Román do Val, no concello do Vicedo, un cadro coa imaxe de San Estevo, que foi obxecto de grande veneración.[34]

Pero, tamén relacionada coa presencia templaria na illa, hai outra tradición máis fúnebre, que, seguindo a Cal Pardo e outros autores, imos relatar a continuación.[35]

A lenda sitúanos no convento templario da illa Coelleira, na época na cal Felipe o Fermoso, rei de Francia, mandara moitos freires á fogueira. Unha noite, o señor de Viveiro desembarcou na illa e decapitou a 35 templarios, salvándose so un, que se presentou ante os verdugos dicíndolles: «Aquí me tedes. Son o derradeiro da Orde» [Laredo di que eran templarios fuxidos de Francia[36]], sendo asasinado tamén.

Anos máis tarde morreu un nobre pertencente á familia asturiana dos Bernaldo de Quirós, que eran os que asasinaran aos templarios. Cheo de remordementos, deixou un testamento que establecía nunha das súas cláusulas: «E también mando que se digan unhas cuantas misas por la alma dos templarios que matei e fice matar por orden do noso Señor Rey en San Miguel da Colleira».[37]

Outra tradición afirma que este derradeiro templario, chamado Guillelme de la Torre, estaba namorado dunha moza, Rosalía, á cal declarou o seu amor, pero dicíndolle que sería imposible, xa que debía ser templario. Ela respondeulle: «Ti templario ¡ai!, tal vez deixe fora do meu cadaleito a man de desposada; se é así, estréitaa; pero pronuncia tamén o meu nome antes de morrer». O mozo marchou a Palestina e cando regresou viu que na igrexa celebrábanse os funerais por unha muller, pendendo unha man do cadaleito. Estreitouna, chorou de dor e retirouse a un afastado lugar para meditar, o mosteiro da illa Coelleira, sendo alí asasinado cos outros 35 freires.[38]

Pero aínda existe outra lenda máis, que nos fala dun sobrevivente, que se refuxiou, vestido de paisano, nunha casa de Vicedo, no barrio de Baltar, que conserva aínda hoxe o nome de «Casa do Paisano».[39]

É curiosa a relación que poderiamos establecer entre esta lenda, na que se nos fala de 35-36 templarios, e os 33 que, pertencentes á bailía de Faro, son convocados a declarar en Medina del Campo, sobre todo cando outra lenda fala tamén dunha batalla entre os templarios e os Andrades; lenda que, non o esquezamos, data do século XV. Dado que non é probable que ningún autor dos que mencionan a lenda dos templarios da illa Coelleira tiveran lido a obra do Padre Fita, e anque hai evidentes erros (Viveiro non era de ningún señor laico, senón do bispo de Mondoñedo e do rei...) ¿cabería pensar en que, efectivamente, houbo algún tipo de episodio bélico debido quizais á renuencia dos templarios a abandonar as súas propiedades?

Sen mencionar as lendas, pensan así mesmo que os templarios estiveron na illa Coelleira outros autores.[40]

Por último, na cidade episcopal, Mondoñedo, existiu unha rúa, das tradicionais, nas inmediacións da Catedral, denominada «dos Templarios».[41]

Fig. 12. Execución dos templarios na fogueira.

2.3. Comendadores e freires

So coñecemos o nome de dous: frei Martiño, comendador en 1248, e frei Diego, comendador en 1310-1312.

3. O DESTINO DOS BENS TEMPLARIOS

Non é momento agora de repetir o que xa temos dito noutro lugar sobre o proceso que levaría á disolución da Orde do Temple, aínda que nos reinos de Galicia, Castela e León, así como na maior parte dos Concilios convocados nos reinos europeos foron absoltos. A bailía de Faro, na que se encadraba Lendo, pasou ao reguengo. Pero en 1334 Afonso XI, decidido a captar para o seu bando a Pedro Fernández de Castro, concerta o matrimonio do seu fillo Henrique con Xoana, filla de Pedro, e dóalle o Burgo de Faro.[42] .

Anos máis tarde, o 16 de abril de 1367,[43] outro membro desta linaxe, Fernando de Castro, doa o Burgo de Faro a Pedro Ruíz Sarmiento. Hai un problema de datación no que se refire a 1367, porque, segundo a *Chronología*, o 22 de xullo de 1367 Pedro I doa a

Fernando de Castro a bailía e terra de Faro e Lendo.[44] Fernando de Castro, loxicamente con posterioridade a esta data, aínda que no documento non se mencione, manda aos seus vasalos da merindade do Burgo de Faro, da Mariña dos Freires, do couto de Cecebre, e da Terra de Lendo e a de Miño, que sexan vasalos obedientes da súa esposa, dona Leonor, comunicándolles que todos eses coutos e vasalos, co seu señorío e rendas, dállos á dita condesa, como llelos dera a el Pedro I polo seu privilexio de 22 de xullo de 1367.[45]

Fig. 13. Abaixo, á dereita, o estandarte templario, chamado «baussant».

É evidente que na cronoloxía destas doazóns hai problemas de coincidencia de datas. Parece claro que Fernando de Castro estivo asediado en Lugo, a finais de 1366, por Henrique II, abandonando o monarca Galicia en novembro.[46] E que Fernando de Castro acompaña a Pedro I logo de que este regrese a Castela, estando con el na batalla de Nájera (3 de abril de 1367), na que derrotan a Henrique II.[47] Non parece, pois, que tivese neste momento a necesidade de doar nada. Posto que logo segue acompañando ao rei en La Mancha e Sevilla (onde, efectivamente, se puido realizar a doazón do 22 de xullo, posto que estaban alí), a mencionada a Pedro Ruíz Sarmiento debeu facela no momento en que pacta con Henrique II en Lugo, ou un pouco despois.[48]

Probablemente despois da derrota e morte de Pedro I, e sobretodo coa marcha de Galicia a Portugal de Fernando de Castro en 1371, será cando os Sarmiento recuperen, con toda seguridade por nova doazón -ou confirmación da de Fernando de Castro- por parte de Henrique II, o Burgo de Faro e a súa Terra. En mans da familia Sarmiento permanecía o

Burgo de Faro a finais da década seguinte, xa que en 1388 é o seu señor o Adiantado Diego Pérez Sarmiento.[49]

Será a finais do século XIV cando os Andrades obteñan o dominio do Burgo de Faro e da bailía. Descoñecemos como chegaron os bens ás súas mans (posiblemente lles foron vendidos ou cedidos por Diego Pérez); o certo é que Pedro Fernández de Andrade, II Señor de Pontedeume, logo de señorearlos un tempo, venderíaos á raíña dona Beatriz. Pouco tempo estiveron os bens de Faro en mans desta: a raíña, á súa vez, faría doazón deles a Pedro de Andrade, fillo do anterior e á súa nai Mencía de Meira, en 1403, en partes iguais, pasando todos os bens a Pedro á morte da súa nai.[50] Das mans de Pedro de Andrade pasarían ás do seu fillo Xoán Freire do Burgo.

Fig. 14. Frei Jaume d'Ollers, dignatario templario catalán.

Pero non permanecerá moito tempo a conflictiva herdanza en mans dos Andrades; a mediados do século XV serían os Mariñas, concretamente Gómez Pérez das Mariñas, os que lla arrebatarían a Xoán Freire do Burgo,[51] seguramente antes de 1467, porque neste ano o rei Henrique IV concédelle 30.000 marabedís de xuro da renda das alcabalas de diversas parroquias e lugares do arcebispado de Santiago; un destes lugares é Santa María de Faro, no que asenta 200 marabedís.[52] Máis tarde, Gómez Pérez cedería estas herdades á súa filla María das Mariñas.[53] María das Mariñas estaba casada con Diego de Andrade; de aí que indirectamente os bens volvesen a concentrárenrse nesta casa nobiliaria.

3.1. Lendo

O destino dos bens de Lendo irá ligado aos da bailía de Faro. Nun primeiro momento pasaron a mans de Fernando IV, permanecendo no reguengo ata que Afonso XI doa a Pedro Fernández de Castro o que tiñan os templarios nos reinos de Galicia e León, do que antes falamos.

O 27 de marzo de 1366, en Lugo, Fernando de Castro, conde de Tastámara, Lemos, etc. doa a Martín Sánchez das Mariñas, entre outros lugares**, a vos e ahos vosos herderos para sempre, ho meu juzgado de toda ha terra de leendo que vos de min teniades por en vosa vida. E mando ahos da dita Terra de Leendo, que vos aian, e teran, e conozcan, e deban conoscer, con vosas voces, para sempre, segun que usaron fasta aqui**.[54] É, como vemos, unha confirmación dunha doazón anterior, a data da cal descoñecemos.

Pero a partir de aquí xurden os problemas e as confusións, como vimos ao estudiar o caso da bailía de Faro, polo que non volveremos insistir. O certo é que, nun primeiro momento, Fernando de Castro comunica aos seus vasalos, entre eles os de Lendo, que entrega o señorío á súa esposa dona Leonor, mandándolles que a obedezan. Máis tarde, en 1367, entrega boa parte das propiedades que foran do Temple (Faro, Lendo, Miño, etc.) a Pedro Ruiz Sarmiento: **... y valia de ffaro con leendo en el Reyno de Galicia cerca de Malpica, Coruña y Betanzos**.[55]

O 25 de xaneiro de 1403 (xa o vimos no caso de Faro) a raíña dona Beatriz fai doazón a Pedro de Andrade e á súa nai, Mencía de Meira, curmá súa, da bailía de Faro e Lendo, que ella lle mercara ao pai de Pedro, Pedro Fernández de Andrade. En mans desta persoa seguía en 1424.[56] No século XVI segue en mans dos Andrades, concretamente do conde de Vilalba Fernando de Andrade.

Por tanto, os bens templarios da encomenda de Lendo seguen os mesmos pasos que os da bailía de Faro.

3.2. San Sadurniño

Os bens, polo menos os da sede da bailía, pasaron, no século XV, a mans dos Andrades; un deles edificaría alí o convento de San Sadurniño a principios do século XVI.

NOTAS

1 Arquivo do Reino de Galicia, Catastro do Marqués de Ensenada, atado 1547, Real de leigos da parroquia de Lendo.

2 Luis Sánchez Belda: *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia*, Madrid, 1953, páx. 265.

> «...son insuficientes para vigilar como es debido el recinto del pueblo, especialmente de noche, siendo esto indudablemente causa de que desde poco tiempo a esta parte se cometieren e intentasen varios robos sin poder conseguir nunca el descubrimiento de sus autores, entienden que es de necesidad reforzar o aumentar dicho cuerpo; por lo menos con otros dos individuos, y ordenar el servicio de manera que los que lo presten de día lo hagan permanentemente, lo propio que los de noche; mas como para esto no alcanza el crédito....hacese preciso reducir la dotación del Cabo que se destine al servicio diurno y el de algunos de los guardias que de este deben pasar a prestarlo de noche, con lo cual no se les causa perjuicio, antes bien entienden los que suscriben que ha de resultarles beneficio, puesto que el primero podrá descansar durante la mayor parte de la noche y los últimos dedicarse durante el día a cualesquiera clase de trabajos particulares...»

Foto: Marínez Santiso

Fig. 3.- Os Serenos na porta do Concello gardando a orde pública no día da Proclamación da Segunda República (15 de abril de1931)

Quedaron organizados con dous servicios distintos e independentes para o día e a noite. O xefe, o Sr. Pena, faría de xefe de día con catro gardas e para o servicio nocturno nomeouse outro cabo, recaendo o nomeamento no Sr. Carro, un licenciado do exército, que con outros oito gardas realizaría o servicio de noite. A reorganización complementaríase co establecemento dunha oficina de prevención, que se tiña pensado instalar nos baixos do Colexio de Orfas, onde habería sempre un municipal de garda, para evitar o que acontecía ata este momento, que cando había que buscar a axuda dun garda era necesario recorrer todo Betanzos[15] . Foi finalmente na planta baixa da Casa Consistorial onde se estableceu esta oficina -ou cuartel- no 1895[16] .

Con esta forma tan peculiar de organización, e sentando xa de principio a pouca consideración cara a eles e o seu traballo, non é estraño que fosen pouco respectados, máxime cando se admitía que era como un segundo emprego despois de traballar nas leiras polo día. Uns anos máis tarde o periódico *La Aspiración* falaría da necesaria reforma da Garda Municipal[17] :

---

[14] AMB. Acta de 31 de decembro de 1894. C-34.
[15] *El Diario de Galicia*, nº 1.101 de 27 de decembro de 1894.
[16] *El Diario de Galicia*, nº 1.261 de 9-7-1895.
[17] *La Aspiración*, nº 35 de 28-XI-1904.

Fig. 4.- A Corporación Municipal baixo Mazas sal do Concello para facerlle unha homenaxe a D. Juan García Naveira (1929). Na esquerda os gardas municipais Manuel Espiñeira e Andrés Otero; polo medio dos dous pode verse o «Tourís», que botaba os bandos e salía co tambor do Turito; os Alguacilillos «Terrero» e «Manín»; os Maceiros son os «Arangueses»; no centro o Concelleiro Marcelino Garrido; á dereita da foto o garda Manuel Quintián López.

> «Sabemos por autorizados informes, que el Sr. Alcalde abriga el decidido propósito de acometer una radical reforma en la rolda municipal.»
> «Con tal motivo el Sr. Sánchez Sanmartín se preocupa de llevar a cabo la reorganización del referido cuerpo con amplio espiritu de equidad y ciñéndose estrictamente a las necesidades del servicio público dentro de los recursos de que permite disponer el erario municipal.»
> «La reforma es tanto más plausible, cuanto se dejaba sentir la urgente necesidad de realizarla, y puede esperarse confiadamente del elevado criterio, ilustración y buen sentido práctico del Sr. Alcalde, que al poner en ejecución su proyecto de subsanaran muchas de las deficiencias que existen en la ronda actual, empezando por dotarla de individuos fuertes, probos, relativamente instruidos y de reconocida formalidad.»

A pesar dos intentos, a consideración por parte do concello ós gardas municipais seguía sendo escasa, tanto no moral como no material, así nun periódico local de 1904[18], coméntase o seguinte: «Señor Alcalde: los serenos hallanse mal de vestuario y de bolsillos ¿Y no puede comprender V.S. que con el insignificante sueldo que ganan no pueden atender a sus más imperiosas necesidades ni tampoco cumplir como Dios manda con su obligación? No es, pues extraño que brillen por su ausencia porque cuando menos debian estar retribuidos con dos pesetas diarias.»

[18] *La Aspiración*, nº 1 de 3 de abril de 1904, p. 3.

Os distintos cadros de persoal:

1851: Manuel Torres (Cabo Xefe), Narciso Deibe, Cayetano Bouza, José Lendoiro e José Parada.

1873: Pedro Núñez Castro (Xefe), Juan Caramés Rico, Antonio Martínez, Severo Naveira, Pedro Suarez, Rafael Vales, Angel Vasco, Santiago Vasco. E probablemente Nicolás García Grandal (1869) e Antonio Maroño (1869).

1895-96: Manuel Pena (Cabo), Felix Carro Amor (Cabo ronda nocturna), Juan Caramés Rico, Angel Parga, Manuel Amor, Antonio García, Antonio Martínez, Antonio López,Domingo Fernández Paz, Lendoiro, Antonio Illobre, Manuel Hermida, Antonio Vázquez Sánchez (suplente).

1913: Manuel Gondell Rodríguez (Cabo da Ronda Municipal), Andrés Martín Lagares (sub-cabo), Vicente Sánchez Noguerol, Juan Rodriguez Brañas, Ramón Vázquez García, José Yllobre Fernández, Juan Barreiro Bugueiro, Francisco Castiñeira Villar, Claudio Naveira Rodriguez, Manuel Pedreira Veiga, Manuel Angel Cadaveira Naveira, Francisco López Gándara, Andres Otero Freire.

Fig. 5.- Unha clásica estampa da Ponte Nova: as vendedoras de froita e o Sereno de posto. A foto non nos permite saber quen é, non importa, por alí pasaron todos.

1928: Antonio Amor Barallobre (Cabo), Claudio Naveira (Guardia distinguido), Manuel Angel Cadaveira Naveira (Guardia distinguido), Andres Otero Freire, Francisco Castiñeiras Villar, Antonio López Miño, Luis Rojo Leal, Juan Vidal Naveira, Manuel Díaz Pato, Manuel Quintián López, Manuel Espiñeira Pérez, Bernardo Hermida Vázquez (foi despois porteiro das escolas do Asilo).

1934: Antonio Amor Barallobre (xefe) Gardas: Manuel A. Cadaveira Naveira, Andrés Otero Freire, Francisco Castiñeiras Villar, Luis Rojo Leal, José Ceán Taboada, Juan Teijo García, Ramón González Valledepaz, Manuel Díaz Pato, Manuel Espiñeira Pérez, Ramón Porto Rey, Antonio Ares Barral.

1942 : Antonio Amor Barallobre (xefe), Manuel Cadaveira (subxefe), Andres Otero Freire, Juan Teijo García, Perfecto Gonzalez Mosquera, Ramón Porto Rey, Manuel Díaz Porto, Manuel Espiñeira Pérez, Alberto Rodriguez López, Jesús Espiñeira Pérez, Marcelino Villaverde Viqueira, Jesús José María Rico López.

1948: Juan Teijo García (xefe), Emilio Regueiro García, Ramón Porto Rey, Manuel Espiñeira Pérez, Manuel Díaz Pato, Alberto Rodriguez López, Jesús Espiñeira Pérez, Marcelino Villaverde Viqueira, Jesús Pico López, Antonio Doporto Lago, Manuel Casanova Santos, Alfredo Pérez Raposo, Antonio Otero Velo, Perfecto Martínez Lago.

1955: Juan Teijo García (xefe), Jesús Espiñeira Pérez, Marcelino Villaverde, Antonio Otero Velo, Manuel Casanova Santos, Perfecto Martínez Lago, Fernando García López,

Gardas de 1947

Manuel Espiñeira Pérez

Antonio Doporto Lago

Manuel Díaz Pato

Manuel Casanova Santos

Jesús Espiñeira Pérez

Andrés Otero Freire

Perfecto Martínez Lago

Alfredo Pérez Raposo

Marcelino Villaverde

Ramón Porto Rey

Jesús Pico López

Antonio Otero Velo

Fig. 7.- Fernando García, Jesús Espiñeira, Manuel Teijo, Adolfo Golpe, Manuel Nogueira e Paulino Rojo diante do Concello nos anos setenta.

Ramón Porto Rey, Antonio Doporto Lago, Emilio Regueiro García, Raimundo Rilo Rocha.

1970: Luis Sanchez Romero (xefe), Paulino Rojo Rua (xefe), Manuel Nogueira Copa, Manuel Teijo Martínez, Jesús Espiñeira Pérez, Agustín Romay Romay, Manuel Torres Loureda, Fernando García López, Antonio Otero Velo, Daniel Ramos Insua, Manuel Casanova.

En 1983[19]: José Fernández Rodríguez (Sarxento), José Medín Crespo, Adolfo Golpe Lobeiras, Manuel Teijo Martín, Antonio Vazquez Gomez, Antonio Ares Faraldo, Agustín Romay Romay, Manuel Torres Loureda, Fernando García López, Paulino Rojo Rúa, Raúl Caamaño Lata, Antonio Naveira Placer, José Fidalgo García, Manuel Calaza Fernández, Andrés Rey Orgeira, José Vidal Moreira.

Ano 2001: José Enrique Fidalgo García (Sarxento), José Vidal Moreira (Cabo), Manuel Seijo Vázquez (Cabo), Andrés Rey Orgeira (Cabo), Raúl Caamaño Lata, Antonio

Foto: Selgas

Fig. 8.- Co traxe de gala nos anos cincoenta. Fernando García López, Manuel Casanova Santos e Manuel Teijo Martín.

[19] Algúns destes gardas proviñan do extinguido corpo de axentes de arbitrios, como: Agustín Romay, Daniel Ramos, Adolfo Golpe e Antonio Ares Faraldo.

Fig. 9.- Mediados dos anos setenta. 1ª fila: Fernando García, Agustín Romay, Adolfo Golpe, Manuel Casanova, Jesús Espiñeira e Manuel Nogueira. 2ª fila: Antonio Otero, Manuel Torres, Manuel Teijo, Paulino Rojo e Antonio Ares.

Naveira Placer, Manuel Calaza Fernández, Raúl Brea Morlán, Alberto Fernández Seijo, José Gil Sesar, José Amado Pose, Carlos Gómez Dopico, Simeón Porto Fernández, Antonio Vázquez Filgueiras, Victor Méndez Vázquez, Pedro Rodríguez Pedreira, Francisco Fernández Otero, Javier Fernández Seijo, Juan Rozados Saya.

Outras forzas de seguridade e de policía

Existían outras forzas ou corpos encargados de velar pola orde e seguridade pública, entre os que non nos podemos esquecer da Garda Civil, Gardas Rurais e Gardas Xurados.

O Garda Rural é unha figura antiga que xa existía no s. XVI, pero era máis como unha carga que se lles impoñía ós veciños que un emprego. No século XIX a figura de Garda Rural vai ser remunerada, aínda que eso si, soamente aparece en épocas de crise de subsistencias, concretamente na década de 1850, 1890 e 1930.

Un exemplo desto témolo nas actas do concello de 1853, en que a crise agrícola trouxo a fame a moitos labregos, complicándose máis pola aparición do tifo e do cólera[20] :

> «Se dió cuenta de una solicitud de varios vecinos de este pueblo en que refieren los escandalosos hurtos que con toda frecuencia se obserban en las hortalizas y propiedades rurales de este distrito causados por una multitud de pobres que concurren al pueblo procedentes de aldeas inmedatas, concluyendo con pedir que se aumenten dos guardas por cada Montería a los cuales se les satisfaga la retribución de un real a cada uno por cada individuo que tenga propiedades de este genero que guardar; y el Ayuntamiento conocedor de los hechos que se refieren y encontrando justo cuanto reclama el vecindario acuerda acceder a lo que se solicita y delegar para el nombramiento de las personas que hayan de desempeñar estos cargos a los señores D. Manuel

[20] AMB. Acta de 25 de xuño de 1853.

Foto: Agilda

Fig. 10.- A Garda Municipal nunha procesión de Semana Santa do ano 1963.

Vales y D. Simón Francisco Ramos a los cuales se encarga el que prebengan a los guardas que siempre que por su abandono o poco celo sucediese algun hurto, ademas de perder el derecho que se les da al percibo del real serán responsables del daño y perjuicio que se sigan, dandose conocimiento al publico de esta determinación por medio de bando.»

Outra época de crise foi a finais do s. XIX, o que deu orixe a unha nova oleada de roubos, e polo tanto de inseguridade. Esto ocasionou que os propietarios e comerciantes das rúas Travesa, do Castro e Praza da Constitución tiveran a curiosa iniciativa de constituír unha sociedade ou «Asociación de Defensa contra Robos de la ciudad de Betanzos», que aprobou e imprimiu os seus estatutos no 1895[21]. A única función desta sociedade, que contaba con 48 socios, era a de crear unha praza de «Sereno Particular». Poderíamos dicir que naceu desta maneira a figura de Garda Xurado en Betanzos.

Poucos anos despois, concretamente en 1919, o serradoiro e a fábrica de luz eléctrica na Ponte Nova contratou tamén dous gardas particulares[22]. A causa inmediata foi un incendio no serradeiro, polo que solicitou ó Concello o permiso para poñer de vixiantes a Manuel Rendal e Manuel Pedreira Veiga, dotándoos de credenciais para usar armas de fogo.

A década dos trinta viu xurdir moitos destes gardas na cidade, así por exemplo en 1932 un bo número de comerciantes de Betanzos páganlle a un garda xurado para custodiar os comercios da Praza do Castro e Campo. Pola súa parte a Banca Núñez puxo outro garda xurado para vixiar o banco e o edificio comercial. En 1934 ponse outro no polvorín con depósito e despacho de explosivos da propiedade de»Hijos de Modesto Castro», no camiño da Veiga, que arranca da estrada do Mandeo[23].

[21] *Reglamento de la Asociación de Defensa contra Robos de la ciudad de Betanzos*. Betanzos, 1895.
[22] AMB. Expts. Orde Pública. C-191.

Foto: Selgas

Fig. 11.- Os Serenos na Ponte Nova nos anos sesenta.

Non foron so os industriais e comerciantes os que recorreron ós gardas xurados, senón que a inestabilidade que se palpaba fixo que a igrexa dos Remedios nomease o seu, cargo que desempeñou Xulio Souto Cuns a partir de 1933, ou o mesmo Convento de San Francisco a partir tamén do 1933.

No ano 1956 aínda existía algún garda xurado como Emilio Buyo que vixiaba a maior parte dos comercios da cidade.

A Garda Civil, fundada en 1848, está moi cedo documentada a súa presencia na cidade de Betanzos, en concreto no 1862[24]. En 1865 aparecen censados no padrón de habitantes catro gardas civís, en 1890 cinco e en 1935 doce[25]. Pero houbo algúns anos en que esta forza non estivo presente na cidade como na época anterior a 1920, polo que se solicita por parte do Concello ó Ministro de Gobernación a instalación en Betanzos de «Guardias de Seguridad». No escrito alúdese de pasada á Garda Municipal, que non sae moi ben parada[26]:

> «En efecto, en esta Ciudad, cabeza de partido judicial de ascenso, que cuenta con ocho mil ochocientos veintiseis habitantes de hecho con arreglo al censo de población de mil novecientos diez, se hace preciso, para que las personas y propiedades esten garantidas, establecer individuos del cuerpo de Seguridad, ya que la escasa Guardia Municipal, con poco prestigio y mal dotada, a causa de la estrechez económica del Municipio, carece de fuerza moral para desempeñar su cometido, en la forma que los momentos presentes requieren y que al ejercicio de su importante misión de policia cumple.»

---

[23] AMB. Ibidem. C-192.
[24] AMB. Libros Rexistro de Correspondencia. C-5.131.
[25] ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo: *Estructura socioprofesional de Betanzos: 1840-1935. Anuario Brigantino 2000, nº 23.*
[26] AMB. Orde Pública. C-1.074.

«Por eso, Excmo. Sr. se acordó recabar de V.E. el establecimiento en esta localidad de 6 parejas del indicado cuerpo de seguridad, ya que el mayor respeto y prestigio de tales agentes, obligan a todos los vecinos al mas exacto cumplimiento de sus deberes, poniéndolos a la vez a salvo de ataques que la clase obrera pudiera iniciar, siguiendo las tendencias, ciertamente aquí mui acentuadas, de varias importantes capitales de nuestra patria, en orden a los ideales comunistas.»

Instalouse así un Destacamento permanente de forzas do Corpo de Seguridade, en atención á importancia da cidade, compostas dun Cabo e seis gardas na rúa de Santiago (alí estaba o «cuartelillo»).

Este destacamento tampouco vai ser permanente, xa que a súa documentación chega soamente a 1922.

Houbo outro tipo de gardas que eran empregos que poderíamos considerar de anecdóticos como o garda das árbores da Alameda, que o cesaron no 1852[27] :

Foto: Selgas

Fig. 12.-Os gardas Fernando García López, Manuel Torres Loureda e Manuel Teijo Martín nunha procesión das festas de San Roque dos anos setenta.

«...Teniendo presente el Ayuntamiento el mal comportamiento del guardia Tomás Gómez y la ninguna necesidad de la conserbación de este empleo, que sin reparar beneficio alguno suma el gasto anual de doscientos cuarenta reales a los fondos del comun acuerda separar al Gomez de dicho destino, de conformidad con lo manifestado por el Sr. Alcalde Presidente y encargar del cuidado del poco arbolado existente al que lo está de la limpieza pública Manuel Galdeano, sin por ello aumentarle ni mas sueldo del que disfruta, ni otra alguna gratificacion».

A FIGURA DO SERENO

Unha puntualización

Quixemos dar cabida neste apartado a un esbozo da figura do Sereno en Betanzos, pero hai que recoñecer que non foi posible facela dun xeito imparcial. As fontes utilizadas como son as notas de prensa do s. XIX e principios do XX, así como algunhas historias que se contan deles, ofrécennos unha visión distorsionada, tal vez máis divertida, pero dende logo non obxectiva.

Partindo da base de que cada individuo que a conformaba tiña as súas propias características e as súas virtudes e defectos, tratados en forma corporativa e por boca das xentes resaltáronse sempre máis os aspectos negativos e chocalleiros que os que puideran ter como cualidades positivas.

A todo este remexido engadímoslle algunhas historias de *colleita* propia que consideramos que poden facer máis amena a lectura.

---

[27] AMB. Acta de 30 de xuño de 1852. C-25.

Fig. 13.- Plantilla da Policia Municipal no ano 1983. De esquerda a dereita: Antonio Ares, Manuel Torres, José Medín, Manuel Teijo, Adolfo Golpe, Agustín Romay, Antonio Vazquez, Andrés Rey, José Fernández, Paulino Rojo, Manuel Calaza, Fernando García, José Vidal, Juan Manuel Espiñeira e Antonio Naveira.

A (des) consideración pública

Como xa dixemos en apartados anteriores do presente traballo, déronse unha serie de factores que influíron moi negativamente na consideración dos serenos, principalmente no s. XIX e primeiros anos do s. XX.

A desconsideración partiu xa dende a propia autoridade municipal ó consideralos empregados menores, escasamente remunerados, desautorizándoos en moitas ocasións ó non facer efectivas as multas que eles impoñían, utilizando o nepotismo.

A pouca cultura foi outro aspecto que se lles botaba en cara, xa que moitos deles tiñan moitas dificultades para ler ou escribir. Outros aspectos que axudaron foron a súa fama de bebedores, mal falados, etc...Defectos que, francamente, non eran exclusivos deles.

A Autoridade

Pode dicirse que a autoridade era directamente proporcional á consideración pública, que como xa vimos era máis ben escasa. A prensa local encargouse de resaltar esta carencia, así como algunha das razóns xa anteriormente sinaladas. Destas crónicas eliximos unhas mostras que van a continuación:

> Firmado por *Un padre de familia* «...En cambio si un agente municipal castiga aún cuando sea benignamente a cualquier travieso muchacho hijo de alguna significada familia, se le amonesta y se le intima corrección si vuelve a incurrir en tan «atrevido desacierto» y de este modo los señoritos por temor o privilegio de clase y los humildes por abandono, tienen franca patente para hablar y hacer cuanto se les antoje, esté dentro o fuera de los preceptos de la moralidad, de los mandatos de la ley...»
>
> «Acabemos, pues, de una vez, refórmese la ronda municipal, impóngase a sus individuos el debido respeto para que no sean befa y escarnio de niños y mayores de hombres y mujeres.»[28]

[28] *La Aspiración*, nº 76 de 5-10-1905.

Fig. 14.- Nunha peregrinación a Santiago nos anos oitenta.

«Hemos oido a varios guardias municipales reiteradas quejas porque la autoridad local no hace efectivas las multas que ellos imponen.»
«Es verdaderamente desconsolador que se vean tan desatendidos algunos servicios, efecto de la lenidad y complacencia con que los Alcaldes desautorizan a los encargados de la vigilancia, levantando el castigo que mandan los bandos de buen gobierno»[29].

«Por lo que quiera que sea, el caso es que todos los dias hay disputas y jaleos en la fuente del Campo con las criadas; y los municipales... ca, los municipales...nada.» [30]

«Respecto á la autoridad gubernativa local volvemos á repetirle, haciéndonos eco de lo que la misma autoridad sabe por voz pública, que la opinión pide con insistencia que se le

Foto: Cesar

Fig. 15.- Inauguración das novas dependencias en abril de1997.

[29] *El Mendo*, nº 241 de 5-3-1891.
[30] *La Libertad*, nº 37.

Fig. 16.- A Garda Municipal diante do Concello en 1994. Na primeira fila de esquerda a dereita: Raúl Caamaño, Antonio Naveira, Andrés Rey, Enrique Fidalgo, José Vidal, Alberto Fernández e Manuel Calaza. 2ª Fila: Manuel Seijo, Antonio Vázquez, Raúl Brea, José Amado, Francisco Muiño, Carlos Gómez, José Gil, Victor Méndez e Simeón Porto.

dé la absoluta á toda la guardia municipal, excepto á su jefe, por haberse demostrado ahora y antes de ahora la perfecta inutilidad de los que componen la actual ronda.»
«Pero á esto contestará el Sr. Alcalde: -Predicame frade... Y mientras tanto vamos colocando en la guardia municipal á un tal Liso, que, aunque por aficionado á empinar el codo fué ya expulsado de sereno, ha sido criado de mi padre y... siga su curso la procesión. Así anda todo»[31].

«...Nuestra ronda municipal tal cual está constituida actualmente, dista mucho de responder a los fines para que fué instituida; y prueba elocuentísima de ello, son los deplorables espectáculos que con frecuencia vienen dando algunos de los individuos que la componen...»
«Es menester que el Sr. Alcalde y sus dignos compañeros se preocupen un poco de este asunto, empezando por hacer una escrupulosa selección en el cuerpo para purgarlo de perniciosos parásitos e inutiles individuos por su decrepitud senil o por su debilidad orgánica para las libaciones.»
«Jubilese a los primeros y suspéndase a los segundos si no con palo de obra por medio de la corrección ...»[32]

O Emprego

O cambio de traballar baixando o lombo nas leiras a facelo gañando un xornal aínda que fose pequeno, víase como unha importante mellora, máxime se para gañalo non había que facer nada máis que folgar...ou eso polo menos pensaba a xente.

Da escasa consideración á burla hai moi pouco treito, e así no Apropósito de Carnaval de 1892 de J. Alguero Penedo, posta en escena no Teatro Alfonsetti, quedaban caricaturizados da seguinte maneira:

[31] *El Diario de Galicia*, nº 1.033 de 6-10-1894. Br. Hungarelo.
[32] *La Aspiración*, nº 8 de 22-5-1904.

ESCENA VIII (DICHOS Y CORO DE SERENOS). **Música de la «Perra Chica»**
SERENOS: (Entran como buscando alguna cosa que no encuentran)

1ª Letra
Con las subidas y las bagadas
del menisterio conservador,
los que subimos y que bagamos
semos nosotros; ellos no son.
¡Ay si esta vida
chegara a netos!
sempre pasiando
c´as mas nos petos,
sempre pasiando
por unh´a acera
desde la fuente
hastra el Cantón
¡Y que buen tipo que nos jastamos
dándonos pisto
con el bastón!
dandonos pisto
con el bastón.

Muñoz

Pero todo en el mundo varea
y si cambia la situación,
¡adios siestas! ¡adios para sempre
bancos d´o Mesón!

2ª Letra
Dicen que a todo chegamos tarde
y, francamente, eso no es verdad,
la culpa de no prender a muchos
la tienen ellos... ¡por no aguardar!
Sempre que pasan
los concegales
(con la costumbre
de casos tales)
¡Ay! que saludos
mais pistonudos
que lles facemos
con el chacó...
¡ainda que pasen cando dormimos
los distinjimos
por el olor
los distinjimos
por el olor!

Muñoz

Pero todo el mundo varea
y si cambia la situación,
¡adios siestas! ¡adios para sempre
bancos d´o Mesón[33] !

[33] Este mesón estaba no actual Cantón de Claudino Pita, e tiña un portalón grande por onde entraban os carros. Ós lados da porta estaban os bancos onde os serenos se sentaban.

Dilixencia e puntualidade

Foi unha constante ó largo dos anos o de queixarse dos serenos por este motivo, e unha boa parte de culpa poida que a tivesen, pero tamén hai que dicir que ata hai pouco íase moito tempo na localización por parte dos interesados. Os serenos ían de rolda a un dos barrios que lles tocase no seu turno, polo que se facía difícil localizalos. Recordar que é recente a aparición deses bichos metálicos cantaríns, que son os teléfonos móviles, e que obrigan a estar sempre localizadas ás persoas. ¡Cousas do diaño, a nova peste da fin do milenio!

Antes era outra cousa, ademais sen contar o propio tempo da localización, o segundo movemento compoñiao a *intervención*. Intervención que moitas veces era correr a pé detrás dalgún maleante, non en coche como agora. Así pois, era perdoable se moitas veces había algún retraso, e tampouco era de esaxerar como dicían os da Aspiración[34] :

«Y aquí lo de la zarzuela del Barberillo de Lavapiés
Las guardias walonas
tienen la canción
siempre llegan tarde
a la procesión.»

Paciencia

Unha das principais cualidades dos bos Serenos era sen lugar a dúbidas a paciencia, algo que non todos tiñan pero a dicir verdade a maioría ían sobrados. Aparte de aguantar e tolerar moitas cousas a toda clase de xentes, a palma levábana as catervas de rapaces, que converteron en tradición meterse cos Serenos.

Dedicábanse a berrarlles polo alcume arrimándolle ademais algún pareado para chinchar ó garda. Algún destes por exemplo:

Carrancholas, Zoqueiro, Planchado, Cañero, Cabezudo, Jondello, Fontanero, Tejero, Trillas, Detective, Pataqueiro, Napoleón, Patalixeiro, Crocajuevos, Sarito, Picos, Paxaro, Tocho, Xico, Niño Jesús, Chucky, Tonán, Coteno...

Como mostra desta tremenda paciencia temos o seguinte relato publicado no *Eco de las Mariñas*[35] por Saulo (Manuel Lousa Rodríguez) en homenaxe a un dos máis destacados gardas, D. Luís Rojo Leal.

Fig. 19.- Rapaces na porta da igrexa de San Francisco (Anos vinte). Seguramente planeando algunha falcatruada.

[34] *La Aspiración*, nº 73 de 15-9-1905.
[35] *El Eco de las Mariñas*, nº 7 de 16 de maio de 1956.

A Don Luis Rojo Leal

«¿Quién que haya cumplido el cuarto de siglo no recuerda un hombre alto, enjuto, de bigote a la antigua usanza, mirada bondadosa y vestido de Guardia Municipal? ¿Precisáis una descripción más fácil, concisa y exacta? Vestid a D. Quijote con el uniforme antes citado y ahí teneis a nuestro hombre.

Era uno de aquellos pacientes varones que a las órdenes del Sr. Antón y en unión del Cadaveira como cabo de noche, el señor Manuel, el Sr. Otero y el señor Ceán, como veteranos, formaban la Guardia Municipal.

Aquellos «sufridos veladores del orden municipal», eran verdaderos caballeros. Su autoridad estaba respaldada, más que por el talonario de multas (menudo aprieto sería para alguno de ellos obligarle a cubrir el formulario de la multa. Seguro estoy que a la mayoría se les desintegraba el talonario en el bolsillo sin haber hecho uso de él), por los paternales consejos que a los «delincuentes» nos daban.

Les llamo «sufridos veladores del orden municipal» porque tenían que sufrirnos a chicos y mayores. Entonces no se estilaba lo que hoy: al dejar el chupete coger novia. A los 15 y 17 años nuestra ilusion aún era meternos con los serenos. Y, así como los politiquillos de entonces trazaban su plan de operaciones en vísperas de elecciones, así también nosotros trazábamos nuestro plan semanal, entrando en él, como número sine qua non, meternos los domingos con los serenos. Si entre semana nos daba por enterarnos con miras al domingo, también se aceptaba: con que uno del grupo lo propusiera o simplemente saliera una voz: ¡Chapurro, Pirulí!, bastaba: Oteábamos nuesta víctima, y él y nosotros nos divertíamos.

¿Cuántas veces le habremos hecho esto al Patalixeiro? Es cosa que nadie puede precisar. Lo que sí puedo asegurar es que era una de nuestras preferidas víctimas.

Muchas son las anécdotas que de nuestro Municipal podíamos referir.

En una de nuestas correrías de domingo nos tenían peparada la celada cuatro de los «sufridos veladores del orden municipal». Entre ellos el Patalixeiro.

Caímos en ella: Dos se situaron en la cima de la calle de Roldán, junto al Ayuntamiento. Otros dos en la boca-calle de la Pescadería. Las dos docenas de chicos que éramos estábamos en la trampa: teníamos el paso cortado por los extremos. Nos reunimos en medio de la calle para deliberar y decidimos, ayudados por la pendiente, atacar en tromba a los que nos cerraban el paso en la parte de abajo. Los desbordamos. Los desbordamos todos menos uno. Este, con mucha cachaza, se dirige a sus sitiadores y les pregunta por dónde quiere que les escape. Y aquí división de opiniones: Los sitiadores de abajo estaban doloridos de la anterior deserción en masa y querían, cogiendo a éste, justificarse ante sus compañeros de arriba. Estos, por su parte, querían darle una lección a sus compañeros de abajo mostrándoles la forma en que debían haber operado, (es posible que algunos de los sitiadores se acordase de las operaciones envolventes de la guera de Cuba). Al ver que no se ponían de acuerdo, nuestro compañero decidió escaparles por arriba para que la pugna quedase en tablas. Así se lo hizo saber y dando quiebros y requiebros, vueltas y revueltas, pudo liberarse sin mayor esfuerzo de sus sitiadores.

Ninguno vociferaba como el Patalixeiro. Vociferaba para que lo oyésemos nosotros, felicitándonos por la «hazaña», terminando así su perorata:

- Non se pode co sangue novo. No terminamos de la mano de nuestros sitiadores, más poco nos faltó. No nos guardaban rencor: una cualidad de los caballeros.

Pocos días faltaban para su retiro definitivo cuando sucedió lo que a continuación refiero.

Había un chico en la ciudad travieso entre los traviesos. Regordete, rubio de ojos claros, los pelos siempre de punta y simpático.

Entre sus travesuras cotidianas estaba la diversión de decirle algo a Patalixeiro. Era poco menos que imposible qué pasase sin merienda. Si cualquier día por cualquier motivo no la tomaba, reclamaba, dos al día siguiente.¡Y había que dárselas!. Pues bien, era más fácil para él pasar sin merienda que dejar de volver loco todos los días al Patalixeiro durante el tiempo que le pareciera oportuno. Era su obsesión. Ya podía ver a cualquiera de los demás «sufridos veladores del orden municipal» que no le hacía mella. En cuanto veía a nuestro hombre, nuestro niño no podía retraerse.

Hacía ya dos días que el Patalixeiro lo echaba de menos y, temiendo que al niño le pasaría algo grave, se encaminó a la casa del rapaz. Le salió la muchacha a la puerta. La fuerza moral que a la fámula le daba la certeza de que el Patalixeiro no podía dar queja alguna del chico, la hizo encararse con el agente de la autoridad. Entablándose entre ambos este pequeño pero sabroso diálogo:

- Hoxe non me pode dar queixa ningunha do meu rapás.

- A eso viña. Quería saber qué lle pasou: xa fai dous días que non se mete conmigo.

No erraba el Patalixeiro: hacía dos días que el crío había salido hacia Portugal para incorporarse a un Colegio de Religiosos Españoles.

Así era de caballero don Luis Rojo Leal.

Guerra civil española

A mediados de xullo de 1936, sabemos todos que xurdiu en España unha guerra civil que dividiu o país en dúas zonas: A chamada Nacional, que correspondía, máis ou menos á metade occidental, e, o resto era o que dende acó se lle chamaba a zona Roxa, xa que estaba rexida por partidos de esquerdas, tamén coñecidos por roxos.

En todos os concellos da Zona Nacional íanse creando, ademais das corporacións municipais, o que se chamaba Consejo Local del Movimiento, integrado por membros da Falange e que dirixían a cuestión política do Concello.

Comentouse, sen que tiveramos confirmación ningunha, que en certa reunión do citado Consejo Local del Movimiento, fíxose un comentario que, con mala rima e peor verso, puidera ser así:

El señor Patalixeiro
debiera de cambiar
los apellidos que tiene,
para bien o para mal.
No es dado que quien nos guarda
vigilando la ciudad,
quien tiene como consigna
salvaguardar nuestra paz,
con un cargo tan honroso
de Guardia Municipal,
ostente unos apellidos
que insultan a nuestra Patria,
como son ROJO LEAL.

Algúns Serenos non tiñan tanto aguante como o bo de D. Luís, como vemos polo que lle ocorreu a un rapaz por meterse co apelido do xefe de Serenos, o señor Amor[36]:

> «Entre una y dos de la tarde del sábado un muchacho llamado A. G., estaba en el Cantón Grande cantando con intención o sin ella, la popular canción que empieza: «Amor tengo en esta calle...», pero el municipal Amor que se encontraba de punto en dicho paraje, fuese por anteriores precedentes o por encontrarse bajo la acción de un ataque bilidoso, el caso es que se escamó, como el personaje del cuento, y alzando el garrote que llevaba a guisa de bastón, lo descargó despiadadamente sobre el filarmónico muchacho produciéndole una herida en el ombro...»
> «Ahora si que podemos cantar aquello de «Hay amor como me has puesto...», con perdón sea dicho del aludido representante de la autoridad, cuyo temperamento es refractario a las delicias del divino arte...»

O Saúdo

¡Usted lo pase bien, don Julio!

Os gardas municipais, dende sempre, cando se atopaban con algunha autoridade ou persoa de certo respecto e importancia, saudábana utilizando a forma ou xeito militar, elevando a man dereita ben estendida, ata tocar coa punta dos dedos na viseira da gorra de prato. Supoñemos que a frase complementaria e acompañante do saúdo sería, para o señor Alcalde e concelleiros «*a sus órdenes*» e con respecto a outros señores de certa alcurnia e consideración, «*usted lo pase bien*», así, en castelán, xa que con todas estas clases de xentes non se lles podía faltar ó respecto falándolles en galego.

Cando pillou o poder o franquismo os Alcaldes eran nomeados polos gobernadores civís e, incluso algúns polo mesmo Franco. Estes alcaldes, seguindo o mesmo método nomeaban ós concelleiros. Os concelleiros, se se portaban ben...-¿enténdese?- duraban «*per secula seculorum*». Así foi que, naquel tempo houbo aquí un concelleiro, que tiña por nome Xulio e que durou no cargo moitos anos, como xa era vello paseaba moito tempo antes de ir ó Liceo a integrarse nalgunha tertulia.

Xusto, naquela hora, por xubilación ou falecemento do Cabo-Xefe da Garda Municipal, facía as veces de tal cargo o garda Marcelino Villaverde Viqueira, ingresado no ano 1941, polo cupo de «excombatiente». Era un home bo, intelixente, sen máis aspiracións que as de gañar un xornal para manter a súa familia.

Dende que ocupou o cargo e durante as horas de servicio, facíase ver, máis que nada, pola Praza do Campo, onde o podían localizar máis facilmente.

O concelleiro don Xulio, a quén fixemos antes alusión, ou ben

Muñoz

[36] *La Aspiración*, nº 65 de 13-7-1905.

paseaba pola referida praza ou pasaba por ela para o Liceo. Cada vez que ambos se cruzaban o Garda Municipal saudábao, tanto de maneira xesticular como verbal, dicíndolle: «Usted lo pase bien, don Julio», frase que tamén se emprega para tomarlle o pelo a algún que presume moito.

Muñoz

Pasados algúns meses repetíndose a anterior escena, o concelleiro certo día, a continuación do saúdo do sereno, díxolle:

-Oiga, Villaverde, ¿eso de «usted lo pase bien, don Julio», lo dice en serio o lo dice de coña?

A linguaxe

Non nos referimos á forma máis ou menos clara de expresión que usaban, que tamén se podería xa que nalgúns apropósitos de carnaval foron ridiculizados pola maneira que tiñan de falar en castelán. Pero o que aquí nos ocupa é un pequeno apartado que son os xuramentos, que eles como autoridade municipal de preservación dos bos costumes tiñan a obriga de reprender. Moitos deles usaban estas formas de reafirmar as frases -como diría Cela- bastante a miúdo, así foron varias veces multados por esta razón e tamén feitas reseñas destas pequenas faltas na prensa local da época:

> «Mas moralidad»
> «Varias respetables personas, nos han denunciado el hecho de que dos agentes de la autoridad nocturnos cuando se ven obligados a reprender a alguien, usan un lenguaje feo, inmoral y hasta blasfemo en ciertas ocasiones, y por si fuese cierto tan imperdonable falta, llamamos sobre ello la atención del Sr. Alcalde para que prohiba en absoluto semejante abuso.»[37]

> «Un Guardia municipal blasfemo»
> «Era lo que nos faltaba por ver, pues por más que ya sabíamos que los mismos encargados de perseguir la blasfemia juraban peor que carreteros, dándose el caso de corregir á un blasfemo con peores dichos que los que aquel profería, no habíamos llegado á ver castigado un agente del orden por incurrir en lo mismo que él está obligado á evitar.»
> «Y ayer fué condenado por el Juez municipal señor Martínez Santiso, que persigue ese horrible vicio con gran tesón, á 5 días de arresto al guardia municipal Amor por proferir palabras altamente injuriosas contra el Supremo Hacedor.»
> «Véase si teníamos razón al pedir el licenciamiento de tales guardias municipales.»[38]

[37] *El Pueblo,* nº 21 de 20-12-1900.
[38] *El Diario de Galicia*, nº 1.028 de 30-9-1894. Br. Hungarelo.

«Serenos»

Moito se ten rido a xente do nome de «Serenos», polo significado de sobrios. Sabido é que neste punto a fama os precede, aínda que non todos lle daban á *perrita,* había algúns que si tiñan ese costume. En fin, para que imos afondar máis...

José Tomás

«Serenos a la Cárcel»
«Cuéntase que una de las noches de fiestas, dos serenos de los que hacían servicio extraordinario en esos días, trataban de llevar á la Prevención á un borracho, y como los *serenos* estando muy mal de serenidad no podían reducir al beodo, armaron la gran escandalera en el preciso momento en que pasaba el Alcalde Sr. Leis, quien viendo el estado lamentable de los tres, actuó de verdadero sereno metiéndolos a todos en el cuarto de detenidos.»
«Este rasgo del Alcalde merece el aplauso de todo el mundo.»[39]

«Al retirarse los guardias municipales del servicio diurno, Caramés y Martís, en la noche del 22 los encontró el Sr. Alcalde en el cuerpo de guardia completamente borrachos.»
«Los suspendió de empleo y sueldo por ocho días, y al Caramés lo relegó además al servicio nocturno pasando a ocupar su plaza de día el de noche Illobre.»
«No nos parecen aún bastantes estos castigos, pero bueno algo es algo para hacer andar derechos a esos malos agentes que no sirven para nada y que sólo se sostienen por las recomendaciones, agobiando al jefe Sr. Pena que tiene que hacer su servicio y el de sus ineptos subordinados.»[40]

Vocación de Garda Municipal.

Non coñecimos ningún Sereno que realizase a súa labor por vocación, era por motivos máis prosaicos como o soldo a fin de mes.

Ó único que se lle vía verdadeira vocación era o coñecido como:

O Jato da Perrera

Foi un dos personaxes máis famosos que tivo Betanzos. O seu nome era Anxel Parga, anque todo o mundo lle chamaba «*Gilito*», diminutivo de Angel, moi usado en Betanzos. O pobre -dicimos pobre no máis amplo sentido da palabra- cando o coñecemos era un home feito e dereito. Non mediría máis de metro e medio, contando o piso dos zocos e a altura da gorra de prato, que usaba de cote. Deficiente mental, polas mañás estaba case sempre, se había bo tempo, polo Cantón Grande, que é un dos sitios que da o sol máis

[39] *El Diario de Galicia,* nº 995 de 23-8-1894. Br. Hungarelo.
[40] *El Diario de Galicia,* nº 1.332 de 1-10-1895.

axiña. E logo víaselle tamén merodeando polos arredores da Casa Consistorial. Cando alguén se metía con el chamándolle: ¡Jato da Perrera! El replicáballe botándolle unha multa, que podía oscilar entre un ou dous reás ata un peso. Ademais da multa tamén botaba ós multados para fora de Betanzos.



Luís Otero

Os rapaces pensabamos que este pobre home estaba crido que el era o Alcalde, ou, polo menos algunha autoridade importante. Chegou o día en que nos enteramos de que o pai del, tamén chamado Anxel Parga, fora Garda Municipal dende o ano 1896 ata que morrera. E aquí está a explicación de todo. Logo de morto seu pai, un día pillou a gorra do uniforme del, e marchou para afora a substituílo, botando multas a destro e sinistro a todo aquel que atopara pola rúa, sobre todo se se metía con el.

Informadores turísticos

Unha das obrigas de todo Sereno era, e é, o coñecemento da cidade, das rúas, algo de historia, etc. Aínda que as informacións que daban algunhas veces eran cando menos curiosas, o que deu pé á formación dalgunhas historias esaxeradas como imos ver.

No Apropósito de Carnaval: *Betanzos el año pasado o la ciudad desde un tejado*, na escena 9 aparece unha conversa dun forasteiro cun garda municipal, onde este último dalle conta dalgunhas características da igrexa de San Francisco e do sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, que fora daquela nomeado monumento nacional:

GUARDIA:

Pues...ya lo creo. Esa Iglesia de San Francisco la declaró el gobierno monumento nacional... Y como si no aún está en lo mismo.

FORASTERO:

Debe ser una cosa digna de ver.

GUARDIA:

¿Y no ha de ser? (Pausa) Según entra por la puerta se ve en el frente una cosa tan bonita que parece el firmamento tirado por dos caballos, que mismamente parece que estan galopando[41] .

FORASTERO:

Eso debe ser de mucho mérito...

[41] Refírese ó retábulo de Ferreiro, que formaba parte do altar maior e que ardeu no ano 1936, cando incendiaron o convento.

GUARDIA:

Asi que lo vea es cuando puede hablar. Luego hay dos cerdos aguantando del baño que son muchos bichos. Están tan bien hechos que hasta parece que hablan cuando entra uno por la puerta.

FORASTERO:

¡Hombre no exagere!.

GUARDIA:

Le juro que no exagero. Vaya verlos y se convencerá. ¡Le son muchos cerdos! Yo en mi vida vi otros como ellos (Aparte) Por algo los llevan a la exposición.

FORASTERO:

Pues voy a convencerme por mis propios ojos. (Pausa) Antes de entrar debía limpiarme la ropa un poco que está llena de polvo del viaje.

GUARDIA:

Eso no le preocupe, que en cualquiera de esos sitios le hay un buen enjambre de cepillos...

FORASTERO:

Bueno, agradecido por todo y hasta otra vez...

Santander, eres novia del mar....

Outra vez, no cruce da Ponte Nova, entraba un coche que viña da Coruña, e parou onde o Sereno. Sacou a cabeza pola xanela e preguntoulle:

-Por favor: la carretera para Santander.

-¿Para onde?

-Para Santander.

O garda quedou abraiado, nunca tal lle preguntaran.

-¿Para Santander?

-Si, si.

-Pois... para Santander...

Miraba para unha. Miraba para a outra. Miraba por se viña alguén con pinta de saber por onde se ía e, en vista de que non atopaba solución para tal pregunta, dixo:

-Mire señor. Coido que para Santander terá que ir vostede embarcado, porque desde aquí carretera para aló non a hai.

A crónica negra. Malos Tratos

Tódolos corpos policiais, militares e de orde publica, existentes dende que o mundo é mundo, estiveron, e seguen a estar, rodeados dunha sona de brutalidade e malos tratos que nós non somos quen de afirmar nin negar. ¿Pode ser que houbera e que siga a haber de todo? ¿Pode ser que conforme se desenrole o asunto ou caso e quen sexan os protagonistas -tanto dunha banda como doutra- as consecuencias resulten dun xeito ou doutro? ¿E que sempre, cada suceso que ocorre ten un lado branco e outro negro?

Na prensa local dos derradeiros vintecinco anos do século XIX podemos atopar unha respectable cantidade de denuncias de malos tratos «barbaramente»

exercidos polos gardas municipais como con «un borracho hasta el extremo de excitar la compasión de los transeuntes»[42].

Sen meternos a dirimir a veracidade ou non destes acontecementos temos que pensar que naquela época a «oposición» ó goberno municipal o primeiro que facía era sacar á rúa un periódico co obxecto de criticar a quen mandaba. Claro que, tampouco somos nós quen, para poder negar semellantes feitos.

Ratifícase esta idea en momentos como cando a Alcaldía nomeou cabo da ronda municipal a Luis Teijo, presidente fundacional da Sociedade Obreira, quen foi expulsado desta Sociedade que presidira, por consideralo un «vendido», expulsándose tamén de socios a outro sereno e incluso o sepultureiro, por ser empregados do Concello[43].

O que sí é de dominio público é a existencia do «cuarto», onde levaban a algúns detidos para vapulealos de bo xeito, e sen que se informara ó Sr. Alcalde.

A xente de Betanzos chegou a estar enfrontada nalgunha ocasión que se deron casos deste tipo, chegando a ser tratados nos plenos municipais, e tamén algúns deles pasaron ó xulgado[44].

Crónica branca

Pero non sempre as crónicas foron tan negativas, tamén houbo polo medio algunha que conta a dilixencia dos gardas. A verdade é que non aparecen moitas, pero si algunhas. Ademais que os serenos cumprisen co seu deber non era noticia, a noticia aparecía cando algo non era normal, como as notas antecedentes.

Non imos facer aquí tampouco unha relación de feitos ou actuacións máis destacadas, que tamén se podería, pero de momento conformámonos co que nos relata un periódico local dunha actuación cando menos curiosa[45]*:*

> «Metamorfosis»
> «Contra los que niegan la metensipcosis podemos citar el siguiente y curioso ejemplo ocurrido en la mañana de la feria de 1º.»
> «Diose el caso de que un caballo que se hallaba atado en el atrio de Santo Domingo encontróle de pronto su dueño transformado en burro, y aunque su sorpresa fué grande por la súbita metamorfosis y después de los primeros momentos pensó que como hombre del siglo XX, no debía creer en «milagros, encantos» ni en otras «supercherías», pero si en «gitanerías».»
> «Y en efecto fuese derecho a tres gitanos que juzgó más hábiles en el arte de la magia y con la misma entabló una contundente reclamación de la que protestaron enérgicamente los acusados, y tras un acalorado exordio entraron en materia yéndose a las manos por si era caballo o burro el personaje del cuento.»
> «El guardia municipal Sr. Luna que es hombre de convincentes argumentos y sólidas teorias, puso paz entre los contendientes y echándolos delante de si, los condujo al Ayuntamiento donde el caballo recobró su primitiva forma y los «magos» pasaron a descansar de sus fatigas en el gabinete particular de la prevención.»

---

[42] *La Libertad*, nº 6 de 1886.
[43] TORRES REGUEIRO, Xesús: *Os inicios do movemento obreiro e agrario en Betanzos (1899-1919)*. Anuario Brigantino, nº 21 de 1994, p. 212-213.
[44] Algunhas noticias relativas a malos tratos aparecen na prensa, así por exemplo: *El Pueblo*, nº 30 de marzo de 1901; *La Aspiración*, nº 6 de 8-5-1904; *La Aspiración*, nº 8 de 22-5-1904; *La Aspiración*, nº 33 de 14-11-1904; *.La Aspiración*, nº 35 de 28-11-1904; *La Aspiración*, nº 34 de 21-11-1904.
[45] *La Aspiración* nº 127 de 8-9-1902 .

D. Adolfo Sánchez Díaz, Alcalde Presidente del Excmo. Ayuntamiento de esta ciudad.

HAGO SABER: Que en mi deseo de corregir abusos contrarios a las buenas costumbres y a la salud del pueblo, creo conveniente recordar el exacto cumplimiento de los artículos 6.º, 8.º, 9.º, 10, 11, 178, 180, 181, 182 y 214 de las vigentes ordenanzas municipales, que dicen:

ART. 6.º Se prohiben la blasfemia, las acciones y ademanes indecentes y los actos que, ofendiendo la moral pública, el pudor y decoro de las personas, mancillen el buen nombre del pueblo y la cultura de sus habitantes.

ART. 8.º La embriaguez en parajes públicos se considerará y castigará como exceso ofensivo a la moral y al orden, y los que con ella causaren escándalo o perjuicios, incurrirán, además de las penas que marca el Código, en la de detención provisional gubernativa, siendo conducidos a sus respectivos domicilios por los agentes de la autoridad, siempre que no produzcan escándalo.

ART. 9.º Los padres, tutores o encargados serán responsables de los daños que sus hijos causaren a los animales, arboles, faroles, pretiles y edificios.

También serán responsables los encargados de los incapacitados de los daños que éstos causen.

ART. 10. Se prohiben en absoluto los juegos de billarda, pelota o cualquier otro con el que se impida el libre tránsito por las calles y plazas o se perjudique de algún modo a los habitantes y transeuntes.

La autoridad local designará los puntos en que se permitan tales entretenimientos.

ART. 11. Se prohibe el ejercicio de la mendicidad por las calles, plazas, paseos y arrabales de esta Ciudad a los mendigos forasteros o no domiciliados al presente en la misma y extramuros. Estos, si se hallaren, serán despedidos para los puntos de su respectiva naturaleza, vecindad o domicilio.

ART. 178. Las funciones teatrales deberán empezar a la hora anunciada en los carteles y su ejecución sólo podrá variarse cuando la necesidad lo exija previo permiso de la autoridad y anuncio al público.

ART. 180. Durante la representación no se podrán producir ruidos, dar gritos o hablar en voz alta en los pasillos o galerías que rodean las localidades.

ART. 181. Mientras el telón estuviese levantado, deberán todos los espectadores estar descubiertos. Se prohibe fumar en el salón y en las localidades, pudiéndose hacer solamente en los pasillos o sala de descanso.

ART. 182. En el teatro se guardará la compostura, orden y buenas formas de un pueblo culto y que exigen las conveniencias sociales, no permitiéndose dar voces destempladas, golpear con paraguas, bastones u otros objetos y proferir expresiones que puedan ofender la decencia o turbar el orden.

ART. 214. Se prohibe dejar a los perros sueltos sin bozal, debiendo ser, cuando menos, conducidos por una cadena.

Confiando en la sensatez del vecindario, primer interesado en que el pueblo ocupe entre los demás de la provincia el lugar que por su importancia le corresponde, espero no habrá de ponérseme en el trance de aplicar las sanciones establecidas para los infractores de dichos artículos, lo que estoy dispuesto a hacer, sin contemplaciones de ningùn género.

Los agentes de mi autoridad velarán porque se cumplan los referidos artículos, promoviendo cuantos partes sean necesarios; rogando encarecidamente a los vecinos los auxilien en tal misión.

Fig. 25.- Bando do mes de abril de 1922.

COSTUMES PÚBLICAS: AS ORDENANZAS MUNICIPAIS E AS MULTAS.

A labor principal da Garda Municipal foi a de facer respectar as ordenanzas municipais, e consideramos que pode ser interesante recordar unha pequena selección delas, que por outra parte eran as máis incumpridas. Estas ordenanzas recollidas aquí foron aprobadas polo Concello en 1894 e publicadas ó ano seguinte[46].

Sen embargo en anos anteriores e incluso posteriores saían regularmente os bandos da Alcaldía, os que incidían conxunturalmente nalgunha cuestión específica que se vise de interese para a sociedade, de interese político ou para o Alcalde de cada momento.

De todos os xeitos moitos deles cumpríanse no momento e despois facíase o mesmo de sempre, ou nin tan sequera eso. Como dicían no periódico Las Mariñas[47] :

> «¿Saben Vdes. lo que es la espada de Bernardo, que ni pincha ni corta? Pues lo mismo es este bando que será como todos letra muerta».

As ordenanzas postas en vigor en 1895 constaban de 306 artigos distribuídos en capítulos que tratan materias de relixión, moral, política urbana, obras públicas, matadeiro, festas, espectáculos, asonadas, cinzarradas, anuncios, paseos e arborado, pesas e medidas...Delas di o Bachiller Hungarelo[48] :

> «A esto hemos llegado después de no poca brega, pero falta lo principal: llevarlas a la práctica, hacer efectivas esas disposiciones, lo cual nos parece un poco dificilillo en un pueblo como Betanzos donde los vecinos están acostumbrados a no hacer caso de los bandos de la Alcaldía contando con los faldones de don A. ó D. B.»
> «Y no es menor la dificultad para que no sean letra muerta el caso de que buena parte de los agentes del Municipio, encargados de su cumplimiento, no saben leer y habrá que establecer para ellos una cátedra donde a viva voz se les enseñen los principales artículos, porque para aprender la lectura ya van siendo algo talluditos.»
> «Nosotros, es decir la prensa, ayudaremos con mucho gusto a la Alcaldía en la misión de plantear su cumplimiento, cuidando con la publicidad de que las Ordenanzas las cumpla todo el mundo, ricos y pobres.»

Culto e relixión

Artículo 1º. Siendo la Religión Católica la del Estado, se prohibe todo acto que constituya faltas o menosprecio que redunde en desdoro de la misma.

---

[46] Ordenanzas Municipales del Ilustre Ayuntamiento de la ciudad de Betanzos. La Coruña, 1895.
[47] *Las Mariñas*, nº 169 de 6- 8- 1893.
[48] *El Diario de Galicia*, nº 1.255 de 2-7-1895.



Fig. 27.- A multa máis antiga conservada no Arquivo Muncipal de Betanzos (1852).

> Cuando tenga lugar cualquier acto del culto externo de la Religión Católica, los concurrentes estarán obligados a guardar los miramientos debidos para no herir los sentimientos religiosos de los demás; se debe también respeto al culto interno de otras religiones.
> Artículo 2º. El Ayuntamiento, por medio de sus agentes, auxiliará el libre ejercicio del culto, conforme a las creencias de los que profesan la Religión Católica, así en los templos como en cualquier acto exterior.
> Art. 6º. Se prohiben la blasfemia, las acciones y ademanes indecentes y los actos que, ofendiendo la moral pública, el pudor y decoro de las personas, mancillen el buen nombre del pueblo y la cultura de sus habitantes.

Non atopamos moitos incumprimentos con respecto a este punto, aínda que nalgunhas ocasións os cregos queixábanse de que a xente ía traballar ás leiras nas festas de gardar, como no 1853 en que se sacou un destes bandos prohibindo esta falta[49] :

> «Teniendo presente el Ayuntamiento la ofensa que se hace a los sagrados principios de nuestra religión con el abuso que se obserba entre la gente menestral de este pueblo en ocuparse de sus ordinarias faenas en los dias de fiesta de guarda, acuerda se publique bando prohibiendolo absolutamente...»

Dentro das igrexas non coñecemos casos en que houbese que multar a ninguén por comportamento indebido, pero fóra xa era outro cantar, sobre todo nas procesións. E si non que llo pregunten a José Antonio Pardo, cando presenciaba o 14 de xullo de 1895 o paso da procesión da Nosa Señora do Carme pola rúa das Monxas. Presenciou a procesión co sombreiro posto, e a pesar de lle advertir que o sacase non quixo facelo. O resultado foi unha multa dunha peseta «...por no guardar los miramientos debidos para no herir los sentimientos religiosos de los demás[50] ...»

Ou a do coñecido cego Ramón -por certo pai dun dos serenos- que debido seguramente a efectos do día de festa botou algún xuramento cando pasaba a procesión dos Remedios[51] :

[49] Acta 2-7-1853.
[50] Multas 1895.

«Por haber blasfemado escandalosamente el día de la Virgen de los Remedios en la calle del Cristo, o de los cristos, se le impuso por el Juzgado municipal la pena de 5 días de arresto, 5 pesetas de multa y las costas....»

«Aplaudimos la conducta que sigue el Juez municipal Sr. Martínez Santiso castigando como se debe el feo y asqueroso vicio de la blasfemia, tan arraigado por desgracia aquí; así como censuramos al señor Alcalde, y no a sus agentes, -que estos hacen lo que les permite la autoridad, que por las trazas parece que se ha erigido en protector de la canalla- por el abandono que demuestra en esta cuestión, mas importante de lo que a nuestro Alcale se le figura.»

Foto: Ferrer

Fig. 28.- Cucañas na Ponte Vella no verán de 1903. Anos máis tarde estaría prohibido bañarse na ría, salvo nos lugares delimitados para este fin.

«Pues horripila oir en cualquier calle y a cualquier hora los mas feroces juramentos y los mas escandalosos dichos, sin que el guardia municipal tome cartas en el asunto.»

Baños

Art. 7º. Se prohibe que las personas de ambos sexos se bañen en un mismo punto: unos y otros se bañarán cubiertos con algún ropaje y en los sitios más retirados que puedan proporcionarse. Los niños y niñas menores de doce años no podrán bañarse sólos sino a la vista y cuidado de una persona interesada.

Unha vez chegado o verán, era costume dunha boa parte da poboación saír a tomar os baños ós balnearios, casas de baños e praias dos arredores, pero os que non saían, que eran a maioría, as ribeiras dos ríos eran o lugar preferido para atenuar as calores.

Estes baños no río creaban nalgunha xente unha serie de problemas morais que quedaron refrexados na prensa local da época como o aparecido no periódico «El Escobón» en 1888, onde se di[52]:

«Suplicamos al alcalde que a hora de pleamar durante el día, envie al Puente Viejo y Rivera un agente municipal al fin de que impidan se bañen con el «*traje entero*» con que los dotó la Naturaleza, muchos de los muchachos en estos puntos que dan triste idea de decencia y de cultura».

Esta «*idea de decencia*» tratou de subsanarse impedindo os baños en lugares próximos a poboación, polo que se impuxo a zona da Cangrexeira como a máis apropiada para estes mesteres. Eso si, con bañador e respectando un lugar distinto para cada sexo. Desta

[51] *Las Mariñas*, nº 175 de 17- 9- 1893.
[52] *El Escobón*, nº 26 do ano de 1888.



Don Adolfo Sánchez Díaz, Alcalde Presidente del Excmo. Ayuntamiento de esta Ciudad,

HAGO SABER: Que en consonancia con lo que se halla dispuesto en el artículo 7.° de las vigentes Ordenanzas municipales, se designa como lugar en donde pueden bañarse las personas que lo deseen, mayores de doce años, en la presente época estival, cualquiera de las márgenes de la ría mar, después del canal del Puente Nuevo, a inmediaciones del ferrocarril de Betanzos a Ferrol, siendo obligación realizarlo provistos con traje de baño completo y en diferentes lugares cada uno de los distintos sexos.

Los niños y niñas menores de doce años, podrán realizarlo en otros parajes, retirados, a la vista y cuidado de otra persona mayor interesada y responsable y también con traje de baño.

De conformidad con lo que se halla dispuesto por las Leyes, se prohibe que sean perseguidos los pájaros, empleando liga, tirabales ó cualquier otro engaño o procedimiento, así como deshacerles sus nidos, ó de otra manera alguna atacarles o maltratarlos.

La infracción de las precedentes disposiciones será castigada con la correspondiente multa, si las personas encartadas no dieren lugar con sus procedimientos a mayores rsponsabilidades, que desde luego serán exigidas.

La guardia municipal y demás agentes de mi autoridad, serán los principalmente encargados de velar por el cumplimiento de lo aquí dispuesto, dándome cuenta, para la sanción correspondiente, bajo su responsabilidad.

Lo que se hace pùblico para conocimiento y fiel observancia

Betanzos a____de____de 19____

Fig. 29.- Bando publicado entre 1922-23.

DON JUAN-JESUS GARCIA IRIBARNE, Alcalde-Presidente accidental del Excmo. Ayuntamiento de Betanzos.

HAGO SABER: Que en virtud de lo ordenado por el Excmo. Sr. Gobernador civil de la provincia en Circular de carácter general, queda prohibido tomar baños, sin que los bañistas utilicen trajes adecuados, compuestos de traje completo de baño y pantalón, los de los varones, y traje completo de baño y falda para las señoras.

Asimismo se prohibe pasearse o estacionarse en playas ni en otro paraje, en trajes de baño sin ir cubiertos del correspondiente albornoz cerrado, así como también echarse o recostarse en la arena o en otras márgenes donde lo prohiba la Autoridad, aun cubiertos con el albornoz.

Igualmente queda prohibido vestirse y desnudarse en las playas, debiendo a estos efectos hacerlo en los departamentos habilitados o lugares resguardados en los campos cercanos donde no hubiere casetas.

Del propio modo se prohibe transitar por las calles con albornoz ni bajar a las playas en traje de baño aun cuando fueren cubiertos con el albornoz.

Por lo que respecta a las normas que han de regir para los baños en las rías de esta ciudad he acordado, de conformidad con lo dispuesto en el artº 7º de las Ordenanzas municipales, que las personas mayores de 12 años solo podrán bañarse en la ria a partir del puente de hierro del F.C. hacia fuera y éstas lo harán con los trajes ordenados por la superior Autoridad de la provincia. En el resto de la ria podrán bañarse las personas de ambos sexos menores de 12 años, también con trajes de baño sencillo y al cuidado de una persona mayor que impida cualquier accidente desagradable.

Queda también absolutamente prohibido bañarse fuera de los puntos indicados de la ria, en ninguna embarcación, ni desnudarse ni vestirse en las mismas ni pasearse en traje de baño, aunque sea con albornoz.

Espero de la cultura de los habitantes de esta ciudad habrán de acatar estas disposiciones, especialmente por la finalidad que se persigue con las mismas y no dando con ello lugar a que esta Alcaldía se vea precisada a imponer a los infractores el máximo de las multas de que puede hacer uso sin perjuicio de las medidas disciplinarias que las circunstancias aconsejen, de conformidad con lo ordenado para caso de transgresión por el Excmo. Sr. Gobernador civil de la provincia.

Betanzos, 31 de mayo de 1.937.

separación á hora de toma-lo baño fálanos outro periódico no ano 1901[53].

> «Sr. Alcalde luego empieza la temporada de baños y no estará demás que para evitar ciertos abusos que se cometieron el año pasado, se diesen las oportunas ordenes para no permitir que los hombres se bañen en el sitio destinado para mujeres, ni estas en el destinado para aquellos; aunque no sea más que por lo que a moralidad se refiere».

> «Comienza la época de baños y los chicuelos, algunos ya talludos se refrescan a la faz del público, con grave detrimento del decoro, sin que se les ponga coto de ningún género, como todos los años sucedió y seguirá sucediendo ¡Pudor![54]».



Fig. 31.- Denuncia do xefe da Garda Municipal a varios rapaces por bañarse na Ponte Vella.

Outro tipo de baños ós que se fai mención era que algunha xente aproveitaba as fontes para darse un pequeno aseo, como o que se menciona do costume de lavar as pernas nestes lugares[55]:

> «Es un atentado contra el pudor público la costumbre de lavarse las piernas en los pilones de las fuentes, que tienen algunas mujeres, a ciencia y paciencia de nuestros impertérritos municipales. Hoy hemos presenciado uno de esos espectáculos en la fuente de la Plaza de Cassola[56]».

Os municipais, supoñemos que atenderían ó espectáculo si este merecía a pena...

Borracheiras

Art. 8º. La embriaguez en parajes públicos se considerará como exceso ofensivo a la moral y al orden, y los que con ella causaren escándalo o perjuicios, incurrirán, además de las penas que marca el Código, en la detención provisional gubernativa, siendo conducidos a sus respectivos domicilios por los agentes de la autoridad siempre que no produzcan escándalo.

---

[53] *El Progreso,* nº 35 de 1901.
[54] *El Mendo,* nº 38, p 3.
[55] *El Mendo,* nº 44, p 3.
[56] A Praza da Cassola era a do Campo ou Praza Irmáns García Naveira.

É curioso que nun pobo onde un dos seus ditos máis coñecidos é aquel que di: ¡Que suba o pan e baixe a caña!, é onde hai e houbo máis tabernas per cápita do mundo -sen contar as adegas do viño do país-, non se multou nunca a ninguén por estar de borracheira. Exceptuando, eso si, á propia garda municipal.

En descargo dos Serenos, diremos que unha das obrigas máis importantes era cerciorarse do horario de peche das tabernas, cafés, adegas..., polo que moitas veces o dono, para alongar un pouco a hora do peche, convidábaos a unhas copiñas. Esta situación vémola refrexada en clave de humor nun apropósito do carnaval de 1931[57] :

Escena nunha caseta de consumos, a da Ponte Nova, aparecen un garda municipal e un empregado de consumos:

GUARDIA:
Tambien vosotros tenedes que sufrir con esta gente a vosa parte.
CONSUMERO:
Home cala por Dios. Sinte un, ás veces cada cousa...
GUARDIA:
Hay que oir de todo. Vosotros menos mal que por lo menos lo compensais con alguna perra que queda pegada entre los dedos para tomar la mañana... y nosotros también sufrimos las nuestras y sin embargo...
CONSUMERO:
Sempre andades cheos de chiquitas.
GUARDIA:
¡Tu parece que toleas!. Como llega el sueldo para tanto extraordinario.
CONSUMERO:
¡E non vou toleare!. Ti seique pensas que non teño observado nas tabernas que hai por ahí adiante. Chegades e petades na porta, o taberneiro tan pronto ve que é un de vos, e sabendo que petades para que cerre, envitavos a un «chinguirito» e prolongades o cierre por media hora, ou máis...»

A pesar disto as multas por peche a deshora son moi numerosas, e con elas non dubidamos que se poida facer unha completa guía das adegas do viño do país e de todos os demais establecementos. Establecementos que estaba tamén incluído o seu regulamento nestas ordenanzas:

> Art. 15. Los cafés y billares se cerrarán a las once de la noche en invierno y doce en verano, y las tabernas y demás establecimientos públicos lo harán a las diez y once respectivamente sin dejar dentro de unos y otros persona alguna que no sea de la casa. Después de cerrados sólo podrá despacharse, a petición del sereno o agente de la autoridad municipal, para satisfacer una necesidad doméstica o urgencia sobrevenida en la calle.

Xogos

> Art. 9º. Los padres, tutores o encargados serán responsables de los daños que sus hijos causaren a los animales, árboles, faroles, pretiles y edificios.

[57] *Betanzos el año pasado o la ciudad desde un tejado (Apropósito carnavalesco)*, representado o venres 13 de febreiro de 1931 no Teatro Alfonsetti.

Don Manuel Villuendas Pena Alcalde Presidente del Excmo Ayuntamien
to de esta Ciudad.

Hago saber: Que habiendose manifestado por diversos elementos de esta localidad que se padecia una crisis de trabajo y observandose a la vez que los establecimientos dedicados a la venta de bebidas, no solo tenian una constante afluencia, sino que permanecian abiertas fuera de la hora determinada en las vigentes Ordenanzas municipales, he dispuesto recordar al vecindario como lo verifico, que la hora de cierre de las tabernas es la de 10 de la noche y el de los cafes la de 11

Lo que se hace publico para general conocimiento y extricta observancia, en la inteligencia de que esta Alcaldia se propone que el cierre indicado sea una realidad y por tanto advierte que sera inflexible en la imposicion de correctivos que efectuara sin pretesto de ningun genero y con el rigor que la contumancia o mala fe aconsejen.

La Guardia municipal y demas agentes de mi autoridad, me daran cuenta de las infracciones que se cometan bajo su mas extricta responsabilidad

Betanzos 31 de Diciembre de 1931

ALCALDIA CONSTITUCIONAL

También serán responsables los encargados de los incapacitados de los daños que éstos causen.
Art. 10. Se prohiben en absoluto los juegos de billarda, pelota o cualquier otro con el que se impida el libre tránsito por las calles y plazas o se perjudique de algún modo a los habitantes y transeuntes.
La autoridad local designará los puntos en que se permitan tales entretenimientos.

Moi pouco queda daqueles fatos de rapaces que había antes. A televisión, o internet e os programas de actividades acabaron en boa parte con aquelas catervas, que pasaban a metade do tempo xogando e a outra metade planificando trasnadas.

Xa mostramos como os rapaces tiñan o costume de meterse cos gardas. No que se refire ós xogos estaban prohibidos dentro da cidade, pero é que tampouco se dispoñía de



Don Manuel Villuendas Pena Alcalde Presidente accidental del Excmo Ayuntamiento de esta Ciudad

HAGO SABER: Que observando esta Alcaldia, que por parte de gran numero de niños de esta vecindad, se ocasionan constantes molestias al vecindario con el uso de un artefacto conocido con el nombre de TIRABALAS, con lo cual incluso se pueden producir daños de consideracion en las personas y en las cosas y habiendo a mayor abundamiento, recibido diversas quejas en orden a dicho particular he acordado no solo retirarselos a las personas que los ostenten, sino que, ademas quedan conminados los mismos o sus padres o encargados, si fueren menores, con la multa de cinco a veinticinco pesetas, que sera impuesta indefectiblemente.

Lo que se hace publico para general conocimiento

Betanzos 26 de Noviembre de 1931

M. Villuendas

ningún outro lugar onde se puidesen realizar. Foi a partir da construcción do ferrocarril de Ferrol que se dispuxo dun campo onde se podían realizar actividades lúdicas, e que posteriormente deu lugar ó primeiro campo de fútbol de Betanzos ó lado da estación. Pero este campo quedaba un pouco a trasmán e os xogos dos rapaces seguiron desenrolándose polas rúas e prazas da cidade, gracias á pillería dos rapaces e tamén hai que dicilo, á vista gorda que facían os gardas municipais.

Moitos dos xogos non tiñan consecuencias para os transeúntes como era o caso da churra, a pilla, escondite..., pero había outros máis difíciles de soportar como o fútbol a partir dos primeiros anos do s. XX ou a tradicional billarda como se fai mención na prensa local da época[58]:

> «Estos dias se ven jugar a la billarda (ó lipe) en las calles de Betanzos, con toda tranquilidad y sin que nadie les estorbe, a varias cuadrillas de muchachos.»
> «Puede pasar esto un dia, y aun que ocurra en un punto dado, pero que suceda a todas horas y en las calles y plazas mas concurridas de la ciudad, es cosa que no se explica en donde se dice que hay agentes de la autoridad que deben cumplir con su deber.»
> «Uno y otro dia se ve el transeunte expuesto a ser escalabrado, y ya hemos presenciado mas de un golpe, alguno que pudo tener consecuencias.»

[58] *El Mendo*, nº 227 de 17-2-1891.



Para las que se impongan por infraccion de las Ordenanzas Municipales y bandos de policia.
El 10 por 100 del importe de este pliego corresponde á la Hacienda.
Parte inferior que se ha de unir al expediente.

Equivale á la multa impuesta á Antonio Otero vecino de esta Ciudad por haber pasado conmigo con mi caballo por las calles del Valonsel.

Betanzos 24 de Julio de 1872

El Alcalde



Para las que se impongan por infraccion de las Ordenanzas Municipales y bandos de policia.
El 10 por 100 del importe de este pliego, corresponde á la Hacienda.
Parte inferior que se ha de unir al expediente.

Equivale á la multa impuesta á Alberto Amador y Sanchez vecino de la calle de la Reina de esta Ciudad por haber dejado andar desvendado libremente por la Plaza y por la puerta de la Casa Consistorial de esta Ciudad.

Betanzos 20 de Septiembre de 1877

El Alcalde



Por infraccion de las Ordenanzas, bandos, reglamentos y disposiciones de las Autoridades Municipales de esta localidad
Parte superior que se ha de dar al interesado

Papel de multas correspondiente a la impuesta por esta Alcaldía a Don Juan Garcia Martinez por haber recibido juramentado en el Juzgado del Partido

el dia de de 19

Betanzos 2 de Julio de 1937

MULTAS 5 PESETAS 5

$900



Para las que se impongan por infraccion de las Ordenanzas Municipales y bandos de policia.
El 10 por 100 del importe de este pliego, corresponde á la Hacienda.
Parte inferior que se ha de unir al expediente.

Equivale á la multa impuesta á Eduardo Conto Blanco vecino de la calle de la Puerta Nueva por haber faltado al respeto Amador

Betanzos 26 de Septiembre de 1877

El Alcalde



Para las que se impongan por infraccion de las Ordenanzas Municipales y bandos de policia.
El 10 por 100 del importe de este pliego, corresponde á la Hacienda.
Parte inferior que se ha de unir al expediente.

Este pliego de papel timbrado la multa impuesta a Manuel Pereiras maestro de la escuela municipal de este pueblo por faltas a la academia.

Betanzos 27 de Mayo de 1875



Por infraccion de las Ordenanzas, bandos, reglamentos y disposiciones de las Autoridades Municipales de esta localidad
Parte inferior que se ha de unir al expediente

MULTAS 5 PESETAS 5

Papel de multas correspondiente a la impuesta por esta Alcaldía a Don Antonio Souto, vecino de [illegible] por infringir la circular del gobierno civil de la provincia, de 4 de junio último, que prohibe el uso del agujeta para cuntigar a las reses vacunas el dia de agosto de 1870.

Betanzos 23 de agosto de 1870.

El Alcalde accal.



Para las que se impongan por infraccion de las Ordenanzas Municipales y bandos de policia.
El 10 por 100 del importe de este pliego corresponde á la Hacienda.
Parte inferior que se ha de unir al expediente.

Equivale á la multa de cinco pesetas impuesta por el Sr. Alcalde de esta Ciudad á Domingo Vaamonde Ruiz por blasfemo

Betanzos 3 de Mayo 1917

El Alcalde accidental



Multa impuesta a Gilberto Rodriguez de S. Pedro de Cesa por haber cometido el delito de blasfemia publicamente en el dia de ayer, lo que se participa al efecto de la Guardia

Betanzos [illegible] de 1926

El Alcalde Municipal

Don Emilio Romay Montoto Alcalde Presidente del Excmo Ayuntamiento de es
ta ciudad

Hago saber: Que el Excmo Sr Gobernador civil de la provincia en cir
cular publicada en el Boletin Oficial numero 284 de fecha 7 de los corrien-
tes dice lo siguiente:

" 1º — Solo se permitira en esta provincia el uso de la "aguillada" a los que
guien ganado vacuno de trabajo uncido al carro o aperos de labranza, debien-
do el aguijon de hierro de la vara de que esten provistos, no exceder de me-
dio centimetro de longitud.

2º — Queda prohibido el empleo de la "aguillada" para arrear y conducir to-
da clase de ganados de pasto, ferias, mataderos o estaciones de embarque.

3º — En sustitucion del aguijon podran emplearse una tralla, latigo, fusta
o vara de madera, desprovistas en absoluto de pinchos torturadores.

4º — Los infractores seran multados la primera vez con 25 pesetas, la segun
da con 50, la tercera con 100 y las sucesivas con prision correccional.

5º — Transcurridos quince dias de la publicacion de la presente circular,
la Guardia civil, los Agentes de mi Autoridad y las autoridades municipales
denunciaran a este Gobierno civil todas las infracciones que observen, por
uso indebido de la "aguillada". "

Lo que se hace publico para general conocimiento y fiel observan
cia

Betanzos 10 de Diciembre de 1926

«Si porque era carnaval, se permitia estos dias jugar tan desenfrenadamente, pase.
Pero el carnaval terminó y debe bastar de bromas.»

Outros entretementos xa non entraban propiamente no apartado de xogos e si no de cafradas como as guerras a pedradas con outros rapaces, que eran case diarias, ou apedrando calquera cousa que se movese ou non como sucedía na Ponte Vella, razón pola que se pedía un garda municipal para evitar estes *xogos*[59] *:*

[59] *La Aspiración,* nº 415 de 3-9-1911.

«...a fin de evitar las salvajadas de cierta inculta turba de chiquilleria la que satisface sus criminales instintos apedreando a los botes que surcan el Mandeo por aquella parte del río.»

Limpeza de rúas e prazas

Art. 95. También se prohibe arrojar en las calles y plazas aguas inmundas ni otro cualquier objeto, sea de la clase que fuera, que perjudicare a la salud pública.

Art. 118. Tampoco se permite arrojar a la calle aguas limpias ni de baños, porque puede ofenderse al transeunte. En las casas que no tengan conducto a la cloaca general, podrán sacarse a mano a las calles, las aguas procedentes de baños, desde las doce de la noche hasta las seis de la madrugada; pero sin arrojarlas desde las ventanas y balcones, y cuidando de que no queden retenidas en remansos y lagunas.

Nalgún tempo non era estraño que alguén tomase un baño sen depender da época do ano, soamente era necesario arriscarse a pasear polas rúas no momento xusto, era o que se deu en denominar «*Hidroterapia de Impresión*». Aplicábase esta tanto a sans coma a enfermos desde calquera balcón con augas sobrantes máis ou menos claras. O efecto inmediato nos sufridos pacientes era de supoñer, quen saían despabilados e seguramente perfumados.

«Hace poco tiempo se publicó un bando sobre policia urbana y, hasta hoy, ni se ha cumplido por los vecinos, ni sabemos que se haya impuesto una sola multa.»

«De muchas casas siguen arrojando agua... «y otros escesos» sobre los transeuntes.»

«¿Para cuando son las multas?[60] »

Outras veces o de tirar auga ía perfectamente dirixido, e servía como crítica a calquera actividade artística, como a multa que se lle impuxo a un veciño que tirou un caldeiro de auga en plena actuación da Banda Municipal[61] .

Tránsito público

Art. 105. Se prohibe embarazar el paso en las calles, plazas y caminos con carros, caballerías, cargas ni otro objeto alguno sino el tiempo puramente preciso para la carga y descarga e introducción de los efectos en las casas y almacenes.

Art. 108. Ningún conductor de carro o carruaje podrá abandonarlo ni separarse del mismo. Tampoco podrá dejarlo desuncído en la calle ni aún con pretesto de cargar, pues esta operación debe hacerse cuando ya se hallen uncidos los bueyes o caballerías.

Tampoco se permite el tránsito por las calles de la Ciudad y arrabales, de carros del país chirriando.

Art. 110. Los coches diligencias que sean conducidos por más de dos caballos, siempre que no lleven delantero, irán guiados, desde su entrada en la Ciudad hasta la casa paradero, por un conductor que los lleve al paso, y del diestro, el primero, de los caballos.

Art. 112: Las aguadoras, mozos de cuerda y cualesquiera otras personas que lleven carga con la que puedan incomodar a los transeuntes, cuidarán de no marchar por las aceras y sí por el centro de la calle.

O tráfico sempre trouxo problemas, non hai máis que ver hoxe en día as nosas rúas, pero o problema ven de moito máis lonxe. Foi premonitorio que a primeira multa imposta

[60] *El Censor*, nº 1 de 29 de octubre de 1883.

[61] Multas, 1915. C- 109.

pola Garda Municipal fose a un vehículo, non precisamente a un dos modernos automóbiles, senón a un carro do país. A causa da multa foi a de traer un carro cantando polo medio da poboación, que como se sabe era unha cousa moi tradicional entre os labregos da comarca, mesmo coñecerse a distancia polo canto do carro.

Despois desta primeira viñeron moitas máis, ata ben entrado o século XX a maioría das multas impostas fórono por este motivo. As causas eran sinxelas, por un lado os labradores non renunciaban ó seu costume e por outro os gardas municipais non tiñan ningún problema en poñerlles multas. Esto último que parece verdade de pé de banco non o é tanto, xa que impoñer multas a un veciño sempre ía a traerlles problemas, pero multar a un labrador da comarca non, xa que ía a pagar caladiñamente sen queixarse e ademais xeralmente non se coñecían.

Outro apartado de multas de vehículos podería ser as impostas ás dilixencias, pero principalmente ós coches de viaxeiros que facían o servicio entre a cidade e a estación do Norte, como a finais do s. XIX acontecía con *El Competidor* e con *El Veloz*, en que os chamados «zagales» de ambas compañías pugnaban nunha loita feroz por cada viaxeiro, o que ía acompañado dalgunhas multas cando a cousa se poñía fea ou cando chegaban ás mans e incluso algunha que outra coitelada entre eles.

Coa chegada do s. XX apareceron tamén paseniñamente os automóbiles, que eses si que ían a traerlles problemas ós pobres municipais, que nun primeiro momento veríanos segundo nos di Vales Villamarín con humor, como:

catro rodas, un caixón
cruzado todo por ferros:
E por dentro un gran salón...

Estes instrumentos logo comezaron a facer das súas pola cidade adiante sen respectar a ninguén nin a nada, tanto se botaban enriba de tranquilos transeúntes, chocaban coas casas máis nobres ou invadían o mesmísimo «*paseo dos melancólicos*»...pero a isto había que poñerlle o freo, e efectivamente intentouse.

O asunto correspondeulle ó Ministerio de Agricultura, de quen dependían os novos trebellos, quen solucionou o asunto sinalando límite á velocidade, obrigando os conductores a non pasar de dez quilómetros por hora en poboacións, que representaría a velocidade dun cabalo ó trote... En Betanzos, no caso dos días de feira, pensouse na posibilidade de pasar do trote ó paso lento...!

Pero xa se comezaba albiscar o perigosos que ían ser, e senón, vexamos os seguintes soltos na prensa[62]:

> «El jueves 1º del corriente, hubimos de ser testigos presenciales de un atropello que estuvo a punto de suceder en las personas de varios paisanos que sin darse cuenta se les echó encima un cuatriciclo automóvil y que por milagro nada sucedió. Llamamos la atención del señor Alcalde para que obligue a los que viajan en dichos vehículos, que al entrar en las poblaciones, cumplan la reciente Real Orden del Ministerio de Agricultura, que obliga a los conductores de los mismos a que no excedan en su velocidad de diez kilometros por hora, que equivale al trote corto de un caballo. Además en días de feria puede obligarles a que entren en la población a paso lento y de este modo se evitarían los conflictos consiguientes»

[62] *El Pueblo*, nº 14, p 2 de 1900. El Pueblo nº 19 p 2. La Aspiración, nº 360 de 31-7-1910.

«Quizá por milagro de la Providencia no hayan ocurrido hasta la fecha desgracias en la pléyade de chiquillos que diariamente a la entrada de la población se cojen a los extremos y partes salientes de los automóviles, para «vatir el record» con la máquina, echándoselas de andarines e intrépidos, pero desde luego en previsión de lo que pueda ocurrir, llamamos con todo interés la atención del Sr. Alcalde para que ordene terminantemente a los guardias municipales, que en absoluto prohíbase semejante abuso a fin de evitar que cuando menos lo imaginemos, suceda algúna lamentable catástrofe»

José Tomás

«Quejas del vecindario»
«El martes último a las nueve de la mañana un automóvil que llevaba una velocidad formidable al pasar el Puente Viejo, mató un par de gallinas, quedando lleno de plumas el lugar del siniestro.»
«¿Han leido ustedes el párrafo anterior? Bien pues sepan en primer lugar, una de las dichas aves era propiedad de una mujer a quién los malditos automóviles le han muerto ya cinco gallinas...los «chaufeurs» no apagan sus brios y los automóviles atraviesan las carreteras de la ciudad llevándose todo lo que encuentran por delante...»

Os gardas foron os que máis sufriron este problema, xa que aparte dos riscos para os viandantes, as ditosas argalladas traian outra cousa engadida, que eran algo que se lle deu en chamar: «Normas de Circulación», e que lles daba tormento cada vez que lles tocaba o posto da Ponte Nova.

E da súa mestría da dirección do tráfico xurdiron distintas historias con varias modalidades, que poden ser certas ou non, e para que non faltase nada tamén estivo ilustrada por un apropósito de carnaval do ano 1931[63]:

GUARDIA:
Bueno, yo me voy.
CONSUMERO:
E que presa tes. Nunca en millor sitio estubeche. O xornal córreche o mismo...
GUARDIA:
Si uno se fija en eso nunca nada hace y el deber nunca debe abandonarse.
CONSUMERO:
Para donde vas hoxe de servicio?
GUARDIA:
Ahí para la Puente Nueva. A dirigir el tráfico.

[63] *Betanzos el año pasado o la ciudad desde un tejado (Apropósito carnavalesco)*, representado o venres 13 de febreiro de 1931 no Teatro Alfonsetti.

CONSUMERO: Debe ser o servicio máis aburrido que tedes. ¿Verdad?.

GUARDIA:

No te creas. Ahora bien; solo es un poco peligroso, si te descuidas por que luego hacen contigo una tortilla a lo natural.

CONSUMERO:

Debianvos poñer no medio da carretera, alí donde estades sempre, unha pedra de medio metro de altura, polo menos para que non vos entrara a humedad, con unha verxa de ferro para que os dos automobles vos vexan millor...

Foto: Francisco Iglesias

Fig. 38.- De servicio na Ponte Nova (anos sesenta).

GUARDIA:

Para esmagarnos. Estamos así mejor, cuando se siente un automovil a tu sitio enseguida. ¿Ves que trai delante junto al manubrio una C? pues ya lo hechas por Rivalta arriba en direción a la Coruña. ¿Que trae otra letra cualquiera?, pues para riba allá en el Campo que escoja su rumbo..Queirís...El Coto... La Infesta... según para donde mas le convenga.

En fin, esto era porque non todos andaban como o señor Pepe o Limiñón:

¡Se fixeran todos como o señor Pepe!...

Os primeiros en ter coches dos chamados de turismo foron aquelas poucas persoas podentes e ricaces e, máis tarde, algúns industriais que mercaron camionetas e camións, para servicio dos seus negocios. E así lle ocorreu ó señor Pepe que tiña un almacén de materiais de construcción na rúa da Ribeira.

Mercou o camión e aprendeu a conducilo ou guialo, como se dicía daquela. Pero como era home de moi bo corazón, incapaz de facerlle mal a ninguén, compasivo coa xente e cos animais, non foi quen de disfrutar nunca do seu vehículo.

Xa dixemos que na Ribeira tiña un almacén, pero como non lle chegaba o espacio, tiña outro moi grande en Bergondo. Deste xeito precisaba facer viaxes dun almacén a outro para servir ós clientes.

Certo día, indo por Bergondo atopouse cun fato grande de galiñas que andaban moi tranquilas pola estrada peteirando. O señor Pepe minorou a marcha e tocou repetidamente a bucina, pero as galiñas non fixeron caso e seguiron a peteirar pola estrada. El parou o coche, baixou e botou a andar cara ás galiñas. Ó chegar onda elas empezou a bati-las mans e a berrar: ¡Churra! ¡Churra! Elas foron indo cara a casa e o señor Pepe montou na camioneta, acendeu o motor e seguiu a busca-lo material que necesitaba. Nunha ocasión ocorreu un accidente motivado polo choque de dous vehículos no cruce da Pontenova, que, por sorte, non causou máis que feridas leves nalgúns dos ocupantes, e o conseguinte deterioro dos dous coches. Armouse alí un barullo tremendo entre protagonistas e espectadores, e estes botábanlle a culpa ó Sereno que estaba de servicio.

O Sereno dicía que non tivera a culpa de nada; que el indicara o sinal correcto e que os vehículos non lle fixeran caso.

Muñoz

Pouco a pouco fóronse acalmando os ánimos, unha vez comprobado que as feridas non eran graves nin moito menos, que a reparación dos coches ascendía a poucos cartos e ese momento aproveitouno o Sereno para a súa explicación maxistral, como única autoridade alí presente, en materia de tráfico:

-Aquí o que pasa é que a xente non sabe circular. O único que fai todo dunha maneira correcta é o señor Pepe.

-¿Que señor Pepe? -preguntou un.

-O dese almacén de construcción de aí máis adiante.

-E logo, ¿ese que fai?

-Pois ese señor, cando ven de Bergondo, cargado co material para este almacén de aquí, antes de chegar ó cruce para o coche onda a Fábrica de luz. Báixase e ven onda o garda e dille:

«Prepárate, que agora vou pasar eu.»

Animais

Art. 120. Se prohibe absolutamente andar los cerdos por las calles, caminos, plazas, ni ningún otro sitio del casco y radio de la población. Sus dueños habrán de retenerlos constantemente en casa o en corrales de modo que nunca salgan a las calles, caminos, plazuelas o cualquier otro sitio público de los atrás mencionados, y unicamente se permite que vayan al cuidado de personas o del pastor que el municipio tiene, al punto destinado en el camino de las Cascas; porque además de la incomodidad que producen o perjuicio que pueden causar a los transeuntes, dañan, ensucian y destruyen el arbolado y el pavimento de las mismas calles, caminos y terrenos.

Art. 121. También se prohibe la entrada de toda clase de ganados en el paseo alameda y en los cantones de las plazas de Cassola y Constitución.

Art. 214. Se prohibe dejar a los perros sueltos sin bozal, debiendo ser, cuando menos, conducidos por una cadena.

Art. 218. Queda prohibido maltratar a los perros con palos, piedras o de otra suerte.

Outro problema que tiñan que sufrir os betanceiros deste tempo era o dos porcos soltos polas rúas, nas que campaban ás súas anchas, e non vaian pensar que era por rúas de segunda orde... polas máis principais da poboación: Rúa Travesa, Praza de Arines, Porta da Vila, incluso pola mesma porta da casa Consistorial.

O dos cochos tampouco tiña amaño, probáronse varias solucións. Unha delas consistiu en librarse deles polo menos os días de feira e de festa, polo que se empregou unha persoa exclusivamente encargada de manter as rúas libres destes viandantes tan pouco estéticos.

Outra das solucións que se idearon foi facer un paseo exclusivamente para eles, cerrouse por este motivo o antigo camiño das Cascas con cancelas, para paseo e solaz destes nobres animais...

Fig. 40.- O porco de San Antón, que non debía de sentirse moi só polas rúas de Betanzos.

Así, na prensa aparecían estes versos[64]:

Si no rogamos en balde
Y nos libra usted de «quinos»
Ya verá si los vecinos
le quieren señor Alcalde.

Cuestións coma esta prestábanse para que as comparsas no antroido as incluísen nas súas críticas a Betanzos. Unha das que acadou máis éxito, realizada a principios de século e que aínda actualmente se recorda, era aquela que dicía:

Betanzos historia ten
de tempos atrás
cando non había ninguén
namais que larchás,
A cárcel e o matadeiro,
as calles mal empedradas,
os porcos nas alamedas,
e os celadores de farra
¡Pobres betanceiros
que vai ser de nós!
¡Hai que repoñerse
contra estes lambós!

[64] *El Censor*, nº 6 de 1-12-1883.



10 pesetas
10 pesetas

Tengo el honor de participar á S.S. que Francisco Barreiro Casal, vecino de la 1ª Travesía de la Torre, y Julio Mellid Rey, ve cino de la Calle de Sardiñas, en la noche del 1 al 2 del corriente mes promovieron un escandalo, á la una y media, de la noche, los dos á bofetadas en el Baile, pú blico, que se celebraba, en la Calle de la Rivera;

Lo que pongo en su conocimi ento para los efectos siguientes; Dios güa á V.S. muchos Betanzos 2 de Julio de 1924

El Jefe.

Antonio Limas

Sr. Alcalde del Escmo Ayuntamiento de esta Ciudad

Despois de visto isto, é de supoñer que o porco de San Antón non debía de atoparse moi solo polas rúas da cidade... eso si, este polo menos cos papeis en regra.

Son numerosas as multas impostas por andar os porcos ceibos polas rúas, pero non solo eran eles, senón que tiñan serios competidores nas galiñas, coellos, etc

Alarmas, ruídos, cinzarradas, etc.

Art. 204. Se prohibe producir alarmas en el vecindario por medio de disparo de armas o petardos, gritos, voces subversivas, toque de campanas o de cualquier otra forma semejante.
Art. 205. Se prohiben las rondas, músicas o serenatas sin permiso escrito de la autoridad; las canciones y voces estrepitosas de noche por las calles, que puedan perturbar el sueño y la tranquilidad de los vecinos; los cantares obscenos y subversivos etc.
Art. 206. Nadie podrá ridiculizar por ningun concepto a persona alguna, cualquiera que sea su clase, ni dirigirle palabras o canciones ofensivas y malsonantes.
Art. 207. Se prohibe severamente el dar cencerradas a nadie, ya sea de día o de noche, bajo ningun concepto o pretesto, por ser tales manifestaciones impropias de un pueblo culto y civilizado y abiertamente contrarias al orden público y al respeto que se debe a todos los ciudadanos.

Pelexas

Aquí ían as pelexas, que eran bastante frecuentes, aínda que sen pasar a maiores. Hai que reseñar que no s. XIX aínda se deu o caso dalgún duelo, pero a maioría eran motivadas polo alcohol, as rapazas, e as que eran amañadas na parte de atrás da Alameda. Entresacamos a seguinte pola forma curiosa de narrala e pola alusión os Gardas Municipais[65] :

«Anteayer se liaron a zurriagazos con arreos de caballos dos zagales, uno de ellos conocido por el *Cardador*, que atizaba firme al otro infeliz en plena plaza del Campo a las siete menos quince de la tarde, rodeados por más de trescientas personas, sin que un municipal asomase el morro por ninguna parte a pesar de buscarlos con insistencia.
No apareciendo ningún agente, el juez municipal interino señor Martínez Santiso tuvo que hacer valer su autoridad, citándoles para el día siguiente en el Juzgado, por no haber quien los condujese a la cárcel.»
«¡Vaya unos municipales!»

Rifas e alborotos

Outro motivo de escándalo eran as liortas entre mulleres, que algunhas por un arrédame alá esas pallas xa montaban algunha trifulca. Era polo tanto raro o día que en Betanzos non houbese unha disputa. Había incluso algunhas virtuosas ás que lles saía con toda clase de adornos, e case sempre con réplica e contrarréplica, orixinado tal vez pola secular tradición das regueifas. Moitas eran verdadeiramente un espectáculo con público incluído, e que se me apuran nalgunha ocasión a algún se lle ten ocorrido cobrar entrada pois a xente sentábase como se fose no cine.

Os motivos múltiples, pero o máis normal estaba nas quendas da fonte e cos veciños de porta por porta ou da mesma rúa.

Aquí unha pequena mostra que traspasou o rueiro e foi aparecer nos papeis da prensa[66] :

«Sr. Alcalde: a las dos y media de la tarde de ayer dos mujeres, en el callejón de Caraña, riñeron de lo lindo. No faltaron palabras soeces y otras cosillas que no son para dichas.»
«¿No habrá un municipal que luciendo su *pelo rico* ponga término a tales abusos? Si no llega el sueldo que el municipio les paga (a los municipales se entiende) les daremos de nuestro peculio particular una *perra chica*.»

[65] *El Diario de Galicia*, nº 1.313 de 10-9-1895.
[66] *El Mendo*, nº 232 de 3-3-1891. *La Aspiración*, nº 6 de 8-5-1904. *El Censor*, nº 5 de 26 de novembro de 1883.

Foto: Blanco

Fig. 42.- Esperando para enche-la sella. As fontes eran os lugares onde máis disputas se daban.

«¡Que miedo! era escandaloso a la caida de la tarde del jueves último, ver como en la calle del Cristo sostenian un *meting* de controversia dos vecinitas de aquella via llamadas *Matias* y una tal Teresa (a) *Leoncia* sacando a relucir para dar más realce al acto mil parajes de la vida privada de ambas *oradoras*.»
«Con tal motivo acudió al lugar infinidad de familia que escuchaba en silencio el *tema* que las referidas propagandistas desarrollaban.»
«Como delegado de la autoridad acudió al mismo sitio el municipal Luis López, que, en nombre de la misma, suspendió la *tarea* por ser algo grosera como indecorosa para el tranquilo vecindario que las escuchaba.»

«No pasa día sin que la fuente de San Francisco se convierta en un verdadero campo de Agramante, a causa de quien ha de llenar primero las sellas.»
«¿Podríamos saber para que sirven nuestros municipales?»

Cinzarradas

Era unha tradición tamén arraigada nos séculos pasados. Na prensa do s. XIX e primeiros anos do XX, localizámolas, pero sempre nos barrios das aforas da cidade como a Madalena ou Roibeira. Nalgunha delas interveu severamente a Garda Municipal[67] .

«Porque Dolores...., viuda, de 40 años, contrajo matrimonio el día 1 con Baltasar... de 27 años, soltero, los vecinos del barrio les armaron una monumental cencerrada con cuernos, calderos y demás instrumentos propios del caso, amenizando el acto oradores encargados de propalar a grito pelado las «virtudes» de los conyujes.»
«Como era lógico, a las once de la noche del miercoles se presentaron cuatro o cinco serenos

[67] *Las Mariñas*, nº 161 de 11-6-1893. *El Pueblo*, nº 49, p. 215 de 1912.



Sor Alcalde

A las nueve de la noche de ayer promovieron un escándalo en la fuente del Campo por cuestion de vez, Benita y Asuncion Vazquez, conpeidas por las hijas del Carne asada y al intervenir el Sua mupal alli de servicio Vicente Sanchez lo insultaron de malas palabras y hasta le amenazaron que lo echarian fuera del cuerpo con una patada, no pudiendo ser detenidas por hallarse una de las citadas mujeres en estado interesante.

De estos echos pueden dar razon mas de cincuenta mu jeres que se encontraban en la fuente á llenar sus sillas.

Lo que participo á V.S. para

19-10-912

para dar fin a la salvaje diversión, deteniendo a tres o cuatro de los improvisados músicos y pregoneros; pero como si no, estaban empeñados en que habian de ser nueve los días de cencerrada, y el jueves volvieron a obsequiar a los desposados con estruendosa serenata a que dieron remate los guardias municipales, no sin que tuviesen que hacer uso de los sables para hacerse respetar de aquellos bárbaros.»

«Y gracias a que las mujeres encerraron a sus hombres en las casas, que sinó, como ellas decian, hay muertes.»



Sr Alcalde

Tengo el honor de manifestar a VS. que Marcelino Vazquez Lopez pelonrico y Antonia Buyo, (a) Santanderina vecinos de la calleja de cavaña, a pesar de ser requeridos por los agentes de la autoridad siguen tocando calderos y cuernos, todas las noches de las ventanas de sus casas, y con esto molestando al vecindario,

y como esto constituye una falta a lo prevenido en el art. 207, de las ordenanzas Municipales lo pongo en conocimiento de VS, a los efectos consiguientes

Dios

«Una mujer que se metió a redentora recibió algunos cintarazos en la contienda habida con los serenos, y la muy ladina se tendió en la carretera hasta que viniese el forense, que la dió por sana.»
«Y pax Christi».

« Armados de cuernos calderos, panderos y otros instrumentos, arman cencerrada en dicha calle de la Magdalena sin que los guardias puedan cumplir con su servicio, pues al verlos se retiran a sus casas o pasan por la taberna de F. S. a la parte trasera y desde dichas casas siguen con la cencerrada hasta cerca de la media noche burlando la vigilancia de la Guardia Municipal».

Para finalizar imos falar das gamberradas, en concreto da titulada:

Gamberros Marítimos

Estabamos nunha adega do viño do país no barrio da Galera e, entre nós había dous que tocaban bastante ben a guitarra. O viño estaba bo e a xente ben o sabía, así que, pouco a pouco, ían chegando ata que se encheu a tope. Entre os últimos en entrar había tres que cantaban moi ben e que, como eran amigos, estaban moi compenetrados. Non se sabe como nin como non, apareceron dúas guitarras. A festa xa estaba armada.

O tempo pasaba e ninguén se daba conta da hora que era, así que, cando a festa estaba no mellor aparecen dous números da Garda Municipal e dixéronnos que xa pasaba das doce e que había que pechar.

-Si, ho, si. Imos acaba-las xerras que temos botadas e xa arrancamos- dixo un que andivera ó mar toda a vida.

Saíron os gardas e volta a cantar e a tocar. Botaron outras xerras máis e, cando nos demos de conta, xa estaban os serenos alí outra vez. Desta vez puxéronse máis serios. Parte da xente ergueuse e largou e outros, máis pachorrentos, entre pagar, face-las contas, recolle-las guitarras, ir verter augas, etc., fomos quedando e ó pouco, xa estabamos outra vez na xolda.

Pero, cando a cousa estaba no mellor aparecen por terceira vez os mesmos gardas e xa, con toda a razón, impoñendo orde e en plan de desaloxa-la bodega.

Todos baixamo-las orellas, mais ou menos, pero houbo un que se repuxo á autoridade, argüíndo que nós non molestabamos a ninguén, que alí os veciños non eran molestados porque non faciamos barullo e moitas «razóns» máis que non tiñan moita validez porque as bodegas do viño do país tiñan a obriga de pechar ás doce da noite e xa ía da-la unha. Dicían os municipais que eles cumprían ordes do Sr. Alcalde que era quen mandaba no pobo.

Ante iso o que protestaba, que era o guía e espada da Danza de Mareantes, albanel de profesión e mariñeiro ocasional, mandou encher un garrafón de viño e dixo ós que estabamos aínda no bodega:

-Todos para o meu bote. Traede as guitarras e subide o viño e máis os vasos, que vou pilla-los remos. No bote seguémo-la farra, porque -dirixíndose ós municipais- en terra mandará o Alcalde pero na ría manda o Comandante da Mariña -e logo dirixíndose a nós-, para que se decaten estes «*chapurros*».

Alí mesmo, na Galera, montamos todos no bote e empezamos unha serenata marítima, vogando cara á Ponte Vella, coa intención de baixarnos alí en canto se acabara o viño de

garrafón. Pero cando chegamos alí xa estaban os gardas esperando. Demos media volta e a remar outra vez cara á Galera. O chegar alí topamos cos mesmos gardas. Outra vez para a Ponte Vella e así topamos cos mesmos gardas. Outra vez para a Ponte Vella e así ata que os municipais se cansaron.

Ós dous ou tres días foinos notificando a todos ou case todo-los que estabamos na lancha do Cueiro, tomando parte activa ou pasiva na «*Serenata Marítima*», a multa que o Axuntamento nos impuña con motivo dunha «*Gamberrada fluvial*» da que foramos protagonistas o día tantos de tantos do ano en curso.

Naquelas notificacións viñamos todos relacionados polos alcumes, xa que en Betanzos todo «fillo de veciño» ten un alcume cando menos.

O Cueiro pediu audiencia ó Sr. Alcalde e alí, no seu despacho recriminoulle o feito de que naquel papel oficial viñeramos todos relacionados polos alcuños.

-Pois teña vostede en conta que todos temos nome e apelidos.

Así terminou a súa perorata e sen deixarlle pilla-la palabra ó Alcalde deu media volta e marchou.

O Manín da Lola -que tamén formaba parte da «gamberrada», segundo as autoridades, da serenata, segundo nós, saíu ós poucos días, que era feira, por todo o pobo cun peto de barro colgado do pescozo por un cordello e un letreiro que dicía «PRO MULTA GAMBERROS MARÍTIMOS». Como todo o mundo estaba enterado do acontecemento, moita xente botaba algunha moeda solta, incluíndo ó Alcalde.

Un día que o Cueiro estaba a deshora no Café Bar Chirri, que era o último en pechar, entraron dous gardas municipais a tomar un café, refregando as mans, pois fóra facía frío. Logo o propietario -que tamén participara na gamberrada ou serenata- invitounos a unha copa e cando a estaban tomando o Cueiro, que tiña unha voz estentórea, empezou a dicirlle á xente, berrando canto podía:

-!Aí os tedes!. As autoridades do pobo tomando copas de coñá á unha e pico da mañá, nun establecemento público que xa tiña que estar pechado. ¡Aí están! De uniforme e en horas de servicio.

A xente escachaba coa risa pero os gardas viraron as copas e saíron avergoñados.

A multa non se pagou. A cousa quedou así e o Antón o Cueiro deixou de leva-las altas e baixas da Garda Municipal.

Luís Otero

ÍNDICE DE GARDAS MUNICIPAIS

Amado Castelo, José (1891,1895)
Amado Fernández, Julio (1914)
Amado Pose, José (1991-)
Amor Viqueira, Manuel (1875-1905)
Amor Barallobre, Antonio (1913-1942)
(Cabo xefe)
Ares Barral, Antonio (1920-1934)
Ares Faraldo, Antonio (1976-1983)
Balado, Ramón (1905-1906)
Barreiro Bugueiro, Juan (1905-1920)
Barros Vázquez, José (1902-1903)
Bouza, Cayetano (1851-1857)
Brea Morlán, Raúl (1986-)
Caamaño Lata, Raúl (1979-)
Caamaño Vázquez, Serafín (1907)
Cabanas Martínez, José (1904-1908)
Cachaza Lousa, Luis (1914)
Cadaveira Naveira, Manuel (Subxefe),
(1908-1942)
Calaza Fernández, Manuel (1982-)
Campos Medín, Manuel (1905-1912)
Caramés Rico, Juan (1873-1895)
Carreño, Arturo (1912)
Carro Amor, Felix (1895) (Cabo de noite)
Casanova Santos, Manuel (1946-1976)
Castiñeira Villar, Francisco (1905-1938)
Cean Taboada, José (1920-1938)
Cortés, Silvestre (1852)
Couce, Pedro (1960)
Deibe, Manuel (1853)
Deibe, Narciso (1851-1853) (Xefe)
Díaz Pato, Manuel (1925-1948)
Díaz Porto, Manuel (1938-1942)
Doporto Lago, Antonio (1946-1961)
Edreira, Luis (1901-1904) (Guardia distinguido)
Espiñeira Deive, Juan (1980)
Espiñeira Pérez, Jesús (1940-1976)
Espiñeira Pérez, Manuel (1929-1957)
Expósito Expósito, José (1906)
Fandiño (1904)
Faraldo, Manuel (1852)
Fariñas Tellado, José (1895-1902)
Feito Losada, Juan (1912-1914)
Fernández, Domingo (1895, 1901) (Cabo de noite)
Fernández Bitriz, Alfredo (1906-1909)
Fernández Lagoa, Manuel (1902-1904)
Fernández Otero, Francisco (1997-)
Fernández Rodríguez, José (1983) (Xefe)
Fernández Seijo, Alberto (1988-)
Fernández Seijo, Javier (1997-)
Fidalgo Cainzos, Antonio (1914)
Fidalgo García, José Enrique (Sarxento) (1983-)
Fraga, Antonio (1961)
Gabín Lafuente, Jesús (1912-1914)
Gabín, B. (1920-1930)
García, Antonio (1896)
García Grandal, Nicolás (1869)
García López, Fernando (1955-1983)
García Rey, José (1945-1950)
García Rodríguez, José (1904)
Gesto González, Juan (1921)
Gil Sesar, José (1991-)
Golpe Lobeiras, Adolfo (1976-1983)
Gómez Dopico, Carlos (1991-)
Gondell Rodríguez, Manuel (1907-1914) (Cabo)
Gonzalez Mosquera, Pegerto (1942)
González Valledepaz, Ramón (1930-1938)
Hermida, Manuel (1896-1902)
Hermida Vázquez, Bernardo (1915-1928)
Illobre Gómez, Antonio (1875-1905)
Illobre Fernández, José (1901-1918)
Lago Taibo, José (1925) (Xefe)
Lendoiro, José (1851)
Lendoiro (1895)
López Gándara, Francisco (1912-1914)
López Miño, Antonio (1897-1928)
López Rodríguez, Luis (1903-1904)
Maceira Miño, Felix (1909)
Maceira Rodríguez, Claudio (1909)
Maroño, Antonio (1869)
Martín Lagares, Andrés (1900-14) (Sub-cabo)
Martínez Lago, Perfecto (1946-1961)
Martínez Ríos, Antonio (1873-1905)
Martínez (1904)
Martís (1904)
Medín Crespo, José (1983)
Méndez Vázquez, Victor (1996-)
Muiño, Francisco (1994)
Naveira Incógnito, José (1905-1906)
Naveira Placer, Antonio (1981-)
Naveira Rodriguez, Claudio (1903-1933)
(Guardia distinguido)
Naveira, Severo (1873)
Nogueira Copa, Manuel (1970-1976)
Noguerol, Carlos (1854)
Noguerol, Manuel (1854)
Núñez Castro, Pedro (1868-1879) (Xefe)
Otero Freire, Manuel (1903-1908)
Otero Freire, Andres (1912-1942)
Otero Velo, Antonio (1945-1976)
Parada, José (1851)
Pardo Viqueira, Vicente (1914)
Parga, Angel (1896)
Pato, Vicente (1921)
Pedreira Veiga, Manuel (1913-1914)
Pena Castro, Manuel (1895-1923) (Cabo xefe)
Pepin, Adrián (1853)
Pérez Lareo, Francisco (1912)
Pérez Raposo, Alfredo (1948-1952)
Pico López, Jesús (1948)

Placer, Antonio (1869)
Placer Luna, Severino (1910-1914)
Porto Espada, Severino (1945-1951)
Porto Fernández, Simeón (1991-)
Porto Rey, Ramón (1929-1961)
Purriños Cagiao, Antonio (1906-1910)
Quintián López, Manuel (1928)
Ramos Insua, Daniel (1970-1976)
Rey Orgeira, Andrés (Cabo) (1981-)
Regueiro García, Emilio (1943-1957) (Subxefe)
Rico López, Jesús José (1942)
Rilo Rocha, Raimundo (1955)
Rodriguez Brañas, Juan (1905-1914)
Rodríguez López, Alberto (1939-1957)
Rodríguez Pedreira, Pedro (1996-)
Rojo Leal, Luis (1901-1938)
Rojo Rua, Paulino (1970-1983) (Xefe)
Romay Romay, Agustín (1970-1983)
Rozados Saya, Juan (1995-)
Ruanoba, Manuel (1854)
Rumbo, Juan (1859-1868) (Cabo)
Sanchez Romero, Luis (xefe) (1970)
Sánchez Noguerol, Vicente (Guardia preferente) (1905-1912)
Sas Casal, Manuel (1903)
Seijo Vázquez, Manuel (Cabo) (1986-)
Suarez, Benito (1854)
Suarez, Pedro (1873)
Suarez Prieto, Germán (1924)
Teijo Barreiro, Luis (Xefe nocturno) (1901-1914)
Teijo García, Juan (Xefe) (1930-1957)
Teijo Martínez, Manuel (1970-1993)
Torres Loureda, Manuel (1961-1983)
Torres, Manuel (1851-1853) (Cabo xefe)
Vales, Rafael (1873)
Vasco, Angel (1873)
Vasco, Santiago (1873)
Vázquez Filgueiras, Antonio (1996-)
Vázquez García, Ramón (1913-1914)
Vazquez Gomez, Antonio (1979-1983)
Vázquez Sánchez, Antonio (1895-1902)
Vázquez Villlamil, José (1904)
Veiga Ramallo, José (1961-1978)
Vidal Moreira, José (Cabo) (1981-)
Vidal Naveira, Juan (1912-1928)
Villaverde Viqueira, Marcelino (1941-1961)
Zas (1904)

Fig. 46.- «Pito do sereno» pertencente ó garda municipal D. Adolfo Golpe Lobeiras.

Agradecementos:
A D. Adolfo Golpe Lobeiras, D. Manuel Casanova Santos, Familia Espiñeira e D. Antonio Vázquez Filgueiras por deixarnos diversos materiais e fotografías que nos serviron para ilustrar este traballo. E ós debuxantes, José Luís e Eduardo Muñoz Vales, Luís Otero Sánchez e José Tomás Díaz Teijo, polo seu entusiasmo e bo humor. A todos, graciñas.

Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936)

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Sumario

Utilizando como documentación esencial os Padróns Municipais de Habitantes de 1840, 1865, 1890, 1920 e 1935 estúdiase a evolución da estructura socioprofesional de Betanzos, pero enmarcada nun esquema de estructura social, para a que este traballo é un paso previo necesario.

Abstract

By using the Town Census of 1840, 1865, 1890, 1920 and 1935, as basic documents, the social and professional structure of inhabitants in Betanzos is studied, in order to privide a starting point for later and further research of the social structure of the area.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

As fontes documentais utilizadas

Cinco padróns municipais de habitantes son a base esencial sobre a que se desenrola este traballo. Son os de 1840, 1865, 1890, 1920 e 1935, todos no Arquivo Municipal de Betanzos. O de 1840 elixiuse por ser o máis antigo completo da cidade; o de 1935, por estar ó final dunha era que remata coa Segunda República e o inicio da Guerra Civil. E, por fin, os do medio, dentro das posibilidades do Arquivo, por manter unha certa equidistancia entre 25, 20 e 15 anos.

Os padróns de habitantes dannos o nome das persoas, de onde son orixinarias, en que barrio e rúa viven, como se constitúen as familias (nº de persoas por casa, parentesco...), que oficio ten cada membro delas, se saben ler e escribir (1920 e 1935), etc. De maneira puntual, tamén nos serviu un padrón dos individuos que pagan o imposto de carruaxes de luxo e que, aplicado ó caso dos automóbiles, abarca desde 1914 a 1936.

Faltan datos e tempo aínda para un estudio profundo da sociedade, datos máis próximos á ideoloxía das persoas, datos que nos falen de como se articula esa poboación ó longo do tempo, tanto no que respecta a razóns económicas como a outras de tipo ideolóxico. Todo eso e máis queda fóra deste traballo de momento. Pero, con todo, achegarémonos ós grupos socioprofesionais, verémolos evolucionar no seu número de membros, algúns aparecen e outros desaparecen ó ritmo dos cambios tecnolóxicos e da propia transformación económica da cidade. En fin, intentaremos deixar ó descuberto algúns aspectos fundamentais, con obxecto de que sirvan de base a ulteriores investigacións.

O esquema estructural

Non faremos agora unha análise teórica de por que aplicamos uns conceptos ou outros nin tampouco razoamos a complexidade da estructura socioprofesional, posto que todo eso xa ven sendo obxecto de estudio no Departamento de Historia Contemporánea da Univ. de Santiago, e, por conseguinte, aquí o que facemos é aplicar ese método, retocalo

Alfredo Erias Martínez é director do Anuario Brigantino, do Arquivo e Biblioteca Municipais de Betanzos e do Museo das Mariñas. http://www.alfredoerias.com

sobre a marcha, se parece oportuno e, en todo caso, deixar unha referencia máis para ulteriores análises, onde a teoría se reforce de xeito inductivo aproveitando as conclusións deste e doutros traballos[1].

Si é preciso dicir que se establece este estudio como unha introducción á estructura social de Betanzos no século anterior á Guerra Civil de 1936, partindo da estructura socioprofesional que obtemos das cifras dos padróns. Polo tanto, impórtanos xa de entrada, trazar un *esbozo* da **elite urbana**, das chamadas **clases medias**, dos **asalariados**, dos **campesiños e mariñeiros** e dos **marxinados**. Queda para o futuro afondar nas liñas aquí trazadas e chegar a definir coa maior precisión posible esa estructura social.

Betanzos como definición

Desde que no 1219 Alfonso IX permitiu o traslado da xente de *Betanzos o Vello* (na parroquia de San Martín de Tiobre) á *vila de Untia*, asentada no castro do mesmo nome, os límites xeográficos de Betanzos quedaron considerablemente ben definidos. Por unha parte, os ríos Mendo e Mandeo eran as fronteiras naturais polo N., E., e O., pero é que ademais a nova vila de Betanzos, reutilizando parte das defensas castrexas, construíu novas murallas, posteriormente ensanchadas, que a defendían dos de fóra.

E fóra quedaba, polo Sur, o *Campo da Feira* (xa desde o s. XIII), que na súa parte oriental estaba flanqueado xa de antigo por un barrio popular chamado *da Fonte de Unta*, que, co tempo, a efectos administrativos, quedaría englobado no *Barrio do Campo*. Polo Sur o límite a este espacio público estaba nunha capela, substituída despois pola igrexa e convento de Santo Domingo (s. XVI-XVIII). Máis aló o *camiño do Rollo*, que ía cara a Compostela tiña algunha que outra casa illada. E polo Oeste, o *Campo* non debeu ter construccións moi significadas ata que se edificaron as sucesivas capelas de San Roque desde o s. XVI, e o Hospital de San Antonio no XVII (substituíu unha caseta para pesar grans e un «hospital» ou, mellor, hospedaría rexida pola Orde de San Xoán de Deus), seguido do Edificio Arquivo do Reino de Galicia e do Colexio de Orfas, na segunda metade do XVIII.

Ó outro lado da Ponte Vella (cara ó E.) debeu haber xa desde antigo un barrio que, por máis que pertenza á parroquia de Tiobre e desde o século XVI-XVII teña igrexa propia (o Santuario de Nosa Señora do Camiño), adoita aparecer nos documentos como integrante da cidade, chamado *barrio da Ponte Vella*.

Máis aló da Ponte Nova (cara á Coruña), o *barrio da Madalena*, da parroquia de San Pedro das Viñas, non se considera parte da cidade. Quizais se debera a que no medio quedaba un espacio demasiado amplo de aluvión e xunco. Nel tiña Betanzos, nembargantes, o seu particular Hospital de Lazarados, xa desde a Idade Media, formado por «casetas», unha capela (a actual é posterior), unha casa con lagar, terras, etc. que aínda hoxe permanecen en boa parte. Alí tamén se construiría no 1837 a *Fábrica de Curtidos «La Magdalena»*, por parte de Don Marcelino Etcheverría, fábrica que tería nese mesmo século outra compañeira na zona do Carregal: a de D. Juan Pedro Lissarrague Etchard. Sen dúbida, aínda que os padróns consideren estas zonas como exteriores á cidade e, polo tanto, non figuren nos nosos datos, teremos que telas en conta en máis dunha ocasión.

---

[1]Agradezo expresamente a axuda dos profesores D. Xosé Ramón Barreiro Fernández e D. Xusto Gónzález Beramendi, as suxerencias dos historiadores D. Xosé Mª Veiga Ferreira e D. Carlos Pereira Martínez, así como a colaboración técnica de D. Santiago Boullosa Cerviño.

Unha ollada ó plano que o coronel de enxeñeiros Francisco Coello debuxou de Betanzos para o *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico* de Madoz a mediados do século XIX danos unha idea moito máis clara do espacio que estudiamos, que se caracteriza por un estancamento secular, derivado da propia orografía e da escasa expansión demográfica.

Resumindo, nos cinco padróns de habitantes que tomamos como base para este estudio, o problema da definición xeográfica de Betanzos queda clara, posto que coinciden todos en considerar a cidade como constituída polos cinco barrios seguintes: *O Campo*, a *Rúa Nova*, *San Francisco*, a *Ribeira* e a *Ponte Vella*.

Como queira, ademais, que a gran expansión urbana é moi posterior a 1935 (desde a década de 1960) os datos que eses padróns nos ofrecen son perfectamente comparables. Eso si, hai que ter moi presente que os funcionarios que os fixeron non tiveron sempre os mesmos criterios. A principal desviación que observamos neste senso sintetízase nos homes e mulleres sen oficio:

Nº DE PERSOAS SEN OFICIO EN BETANZOS, SEGUNDO OS PADRÓNS DE 1840, 1865, 1890, 1920 E 1935

PADRÓNS	1840	% pob.	1865	% pob.	1890	% pob.	1920	% pob.	1935	% pob.
Homes	930	20,53	829	18,43	341	7,16	319	5,77	296	5,03
Mulleres	1.669	36,85	1.431	31,82	502	10,55	271	4,9	243	4,13
TOTAL	2.599	57,38	2.260	50,25	843	17,71	590	10,67	539	9,17

Elaboración: Alfredo Erias a partir dos Padróns Municipais de Habts.

Aquí vemos que no 1840 o 57,38 % da poboación non aparece con oficio algún, o que resulta claramente un erro da fonte. A cuestión é saber onde se acocharán esas persoas e, polo menos no caso das mulleres sen oficio (36,85 % da pob. total) descubrimos que, salvo as nenas, están a maioría no que chamariamos amas de casa... Semellante causa pódese atopar no 1865, mentres que se contemplan as amas de casa como oficio desde 1890 sen variacións demasiado grandes.

Evolución demográfica de Betanzos desde o censo de 1787 ós padróns municipais de habitantes posteriores.

Elaboración: Alfredo Erias

Aspectos demográficos

Aínda que teña o título de cidade desde 1465 (dado por Enrique IV), Betanzos é demograficamente unha cidade pequena, máis ben unha vila. No censo de 1787[2] ten 3.508

[2]EIRAS ROEL, Antonio. «Una primera aproximación a la estructura demográfica urbana de Galicia en el censo de 1787». La ciudad y el mundo urbano de Galicia, coordenado por Ramón Villares Paz. Santiago, Tórculo, 1988, pp. 155 e ss.

habitantes, sendo superada pola Coruña, Mondoñedo, Lugo, Santiago, Ferrol, Pontevedra... Eso si, Ourense (2.961) e Vigo (3.434) están por debaixo, pero por pouco tempo.

De 1787 a 1840 medra a poboación en 1.020 habitantes (29,07%) a pesar das crises de 1809, 1823 e 1838. Este crecemento é paralelo ó que se produce en España ata 1850 aproximadamente[3] e tamén ó que experimenta Galicia[4] no seu conxunto: un período que foi, ademais, positivo para a economía galega.

Nos 50 anos que van de 1840 a 1890, o estancamento demográfico en Betanzos é manifesto: baixa a poboación en 31 hbts. ata 1865 e só medra despois en 261 cara a 1890 (5,8%). Un estancamento máis forte que en España e tamén en Galicia, pero a grandes trazos hai coincidencia, posto que estamos diante dun período de desaceleración do crecemento, debido á emigración, ó desequilibrio entre poboación e recursos, ó estancamento da natalidade e ó peso dunha mortalidade excesiva[5].

En cambio, nos 45 anos seguintes, ata 1935, o incremento demográfico en Betanzos é moito maior: 1.119 habitantes (23,5% respecto a 1890). Unha tendencia tamén paralela a España e Galicia: 773 persoas ata 1920 e 346 ata 1935. A subida cara a 1920 de 773 persoas (16,2%) explícase quizais pola continuación dunha inmigración de xentes da comarca (xornaleiros, etc. que documentamos para 1890), pero tamén por un aumento xeral da natalidade que, nembargantes, parece rematar arredor de 1910 e aínda logo baixa de súpeto, debido ós efectos da gripe de 1918-19 que afectou sobre todo, ós nenos de menos de 4 anos e ós adultos maiores de 60[6]. Se eso foi así, daquela teremos que engadir ademais o efecto emigratorio para explicar a baixada de adultos varóns (desde os 25 anos) no 1920, efecto que xa se entrevía no 1890.

Máis polo miúdo, a pirámide de idades de 1840 amósanos o predominio dunha poboación moza e adulta, pero caendo rapidamente a natalidade e, polo tanto, tendendo a curto prazo a un crecemento negativo, como denota o número de rapaces de 0-4 anos e de 5-9, feito debido á recente crise de 1838 e que supón que neste ano de 1840 estemos nun dos puntos máis baixos de nacementos anuais de todo o século XIX. As cristas violentas de baixadas e subidas no número de homes e mulleres cada 5 anos, a partir dos 25 (dos 15 para os homes) amósannos claramente unha historia de crises cíclicas, de tal maneira que parecen superpoñerse dúas pirámides, unha negativa de mortos e ausentes e outra optimista (a que existiría se non houbese esas crises) que, en calquera caso, tamén se afunde a partir dos 65 anos.

As 211 casas baleiras que hai na cidade nese ano de 1840, reiterando as expresións «sin colono» ou «sin habitador», son tamén un indicativo destas crises e do conseguinte estancamento demográfico. A súa distribución é a seguinte: 61 no barrio de San Francisco, 53 na Ribeira, 46 na Rúa Nova, 36 no Campo e 15 na Ponte Vella.

---

[3]Os factores que se apuntan para esta expansión en España son: 1) o mantemento do «ideal populacionista» do s. XVIII, 2) o fin da emigración cara a América, debido á independencia das colonias, e 3) os progresos da hixiene e da Medicina. LACOMBA, Juan Antonio. «Estructura demográfica y dinámica social en la España del siglo XIX». *Historia social de España siglo XIX*... p. 49.

[4]BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. *Historia de Galicia: IV. Edade Contemporánea*. Vigo, Galaxia, 1981, p. 15.

[5]VICENS VIVES, J, NADAL, J. e ORTEGA, R. «España durante los siglos XIX y XX». Historia de España y América social y económica. Barcelona, Vicens-Vives, 1977.

[6]FERNÁNDEZ, C., VEIGA, X.M. «La «gripe» de 1918-19 en Betanzos». Anuario Brigantino 1995, nº18.



EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DE BETANZOS NO S. XIX.

Elaboración: Alfredo Erias a partir da táboa do crecemento vexetativo publicada por Xosé Mª Veiga Ferreira no traballo, "A poboación de Betanzos no s. XIX: introducción ó seu coñecemento", Anuario Brigantino 1987, p. 76.

É o reflexo das crises demográficas que van de 1809 (invasión francesa da cidade e ulterior estado de guerra)[7] a 1823 (fin do Trienio Liberal coa invasión da cidade polas tropas francesas de Angulema). Non hai máis que ver a evolución de nacementos e defuncións nesta etapa (v. gráfica) para establecer os efectos que este pasado deixou na poboación de 1840. Unhas crises estas de 1809, 1823 e 1838 que non serán as últimas, pero que marcan moito do estancamento endémico de Betanzos nos anos vindeiros. A seguinte (como as demais, curiosamente segue a oscilar entre os 14-16 anos), a máis forte de todas, será a que xunta as malas colleitas dos primeiros anos da década de 1850 co tifo de 1853 e o cólera morbo asiático de 1854-55[8].

A pirámide de idades de 1865 déixanos entrever que a meirande mortaldade do século no 1853-55 afectou por igual a ámbolos dous sexos, como se ve na semellante baixada de rapaces e rapazas de 10-14 anos, que afecta directamente ós nenos que ou non naceron ou

[7]A crise de 1809 correspóndese cunha xeral en España que vai de 1808 a 1812, unha etapa de catástrofe demográfica de lonxanos precedentes. É a Guerra da Independencia e os seus múltiples efectos a que está detrás. NADAL, Jordi. La población española (siglos XVI a XX). Barcelona, Ariel, 1971, pp. 134-5.
[8]VEIGA FERREIRA, Xosé Mª. «O cólera en Betanzos: 1854-1855». *Anuario Brigantino 1988*, nº 11, pp. 45-57. CARRO OTERO, José e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos. «La epidemia de «tifo», de 1853, en Betanzos». En: *Anuario Brigantino 1989*, nº 12, pp. 129-144.



*Pirámide de idades e estado civil da xente de Betanzos de **1840***

Elaboración: Alfredo Erias a partir do "Padron General de Almas" de 1840. AMB, c. 219.



*Pirámide de idades e estado civil da xente de Betanzos no **1865***

Elaboración: Alfredo Erias a partir do "Padrón General de Almas" de 1865 AMB.



*Pirámide de idades e estado civil da xente de Betanzos de **1890***

Elaboración: Alfredo Erias a partir do "Padron General de Almas" de 1890. AMB, c. 251.



*Pirámide de idades e estado civil da xente de Betanzos no **1920***

Elaboración: Alfredo Erias a partir do "Padrón General de Almas" de 1920 AMB.



*Pirámide de idades e estado civil da xente de Betanzos de **1935***

Elaboración: Alfredo Erias a partir do "Padron de Habitantes" de 1935. AMB.

morreron ó nacer naqueles terribles anos. Nembargantes a curva de baixada que seguimos vendo nas mulleres é moito máis acusada nos homes de 20-40 anos, cousa que hai que explicala tamén polo fenómeno migratorio.

Tamén se transluce a maior crise dos ss. XIX e XX, a de 1853-55 (subsistencias, tifo e cólera), na pirámide de 1890 con esa ausencia de homes entre 30 e 40 anos (morte e baixa natalidade) e a continuada emigración, que afecta ós mozos de cerca de 20 anos en adiante. A emigración marcará, así mesmo, a pirámide de 1920, afundindo máis da conta a entalla que aparece nos mozos de 25 anos para riba, debida á mortalidade e á conseguinte baixa de nacementos de 1889-90.

A pirámide de 1935 acusa perfectamente a gripe de 1918-19 na baixada de xente de 15-19 anos (os superviventes) e tamén na de 10-14 e 20-24. Mentres tanto, os mozos ían deixando vida e ilusións en América, seguindo a estela doutros que, como os Irmáns García Naveira ou Manuel Naveira, se fixeran ricos na Arxentina e encheran de obras benéficas a cidade. Neste senso, non parece claro que o fenómeno contrario, o da repatriación de Cuba e Porto Rico no 1898 e de América, despois da crise de 1929, tivesen moito efecto en Betanzos. En todo caso, a saída de xente, sobre todo de homes, desbordou con moito esa inmigración conxuntural.

Outro aspecto que descubrimos en todas estas pirámides de idades é o feito de haber na cidade moitas máis mozas solteiras que mozos, posto que estes foron os que máis emigraron sempre. Hai máis equilibrio entre casados. E, desde logo, sempre temos moitas máis viúvas que viúvos. En resume, parece claro que en todo este século de estudio, pero

sobre todo desde 1865, e aínda máis cara a 1935, solteiras, solteironas e viúvas debían ter unha presencia importante na paisaxe humana de Betanzos.

Sintetizando, pois, temos que de 1787 a 1840 hai crecemento; de 1840 a 1890, estancamento, e de 1890 a 1935, de novo crecemento. Por outra banda, a estructura xeral das pirámides de poboación, aínda que con matices puntuais, coinciden en amosar un predominio de xente moza e, por conseguinte, con tendencia a medrar. Outra cousa é que a poboación medre máis ou menos: as crises de subsistencia, as epidemias, a emigración e as conxunturas económicas, encargaranse de matizar esta tendencia.

No que se refire ós diferentes comportamentos demográficos en relación ó sexo, hai que dicir que as mulleres medran en núms. absolutos e porcentualmente de 1840 a 1890, ó pasar de 2.443 (53,95%) a 2.721 (57,18%), mentres que os homes baixan de 2.085 (46,04%) a 2.037 (42,81%). Nesta etapa as mulleres medran tamén no seo da poboación activa (non consideramos aquí as amas de casa) en números absolutos: de 592 a 1.326. Ademais, se vemos a evolución porcentual, os resultados son máis expresivos, porque avanzan dun 34,31% a un 44,28%, mentres que os homes con oficio baixan dun 65,68% a un 55,71%. Parece claro que a emigración, sobre todo masculina, explica estas diferencias.

Nembargantes, de 1890 a 1935 hai un cambio drástico no comportamento por sexos da poboación activa: os homes soben do 55,71% ó 72,73%, mentres que as mulleres caen do 44,28% ó 27,26%. A gran cantidade de oficios femininos que víamos no 1890, ligados ó comercio e á artesanía, desaparecen. Téñase en conta que desde 1890 o número de persoas dedicadas a oficios artesanais do mundo do vestido cae en picado na cidade.

A xente e os sectores socioeconómicos

Aínda sen estudiar outros documentos, as meras cifras da poboación aplicadas ós distintos sectores profesionais, déixannos entrever algo da evolución socioeconómica xeral de Betanzos entre 1840 e 1935.

EVOLUCIÓN DO Nº DE PERSOAS POR SECTORES SOCIOECONÓMICOS EN BETANZOS

SECTORES		1840	%	1.865	%	1890	%	1.920	%	1935	%
PRIMARIO		569	12,56	682	15,16	994	20,89	820	14,82	692	11,77
SECUNDARIO		506	11,17	525	11,67	491	10,31	386	6,97	416	7,07
TERCIARIO	**Comercio e *crédito***	110	2,42	148	3,29	192	4,03	241	4,35	259	4,4
	Servicios	308	6,8	328	7,29	338	7,1	380	6,87	380	6,46
	Estudiantes	58	1,28	24	0,53	822	17,27	978	17,68	1.204	20,48
	Administr. pública	174	3,84	147	3,26	157	3,29	262	4,73	209	3,55
Casa*		195	4,31	170	3,78	830	17,48	1.772	32,03	2.120	36,07
Marxinación		9	0,19	213	4,73	91	1,91	102	1,84	58	0,98
Sen especificar / dubidosos		2.599	57,39	2.260	50,25	843	17,71	590	10,66	539	9,17
TOTAL		4.528		4.497	..	4.758		5.531		5.877	

*Case tódalas cifras que aquí aparecen se refiren a "gobierno de casa" ou expresións semellantes, correspondentes ó que coñecemos como *amas de casa* (somente se engaden 4 "huéspedes" no 1935, 2 homes e 2 mulleres), pero, curiosamente, hai tamén algúns homes ós que se lles aplica estes termos no 1840 (14 "gobierno de casa"), no 1890 (1 "trabajos de casa") e no 1935 (13 "labores").

Elaboración: Alfredo Erias a través dos padróns municipais de habitantes.

O **sector primario** parece que tende a medrar cando pasa do 12,56 % no 1840 ó 15,16% no 1865, pero esa tendencia esaxérase conxunturalmente ata o 20,89 % no 1890 debido á existencia inhabitual nese tempo de nada menos que 628 xornaleiros, que supliron con creces a baixada en conxunto de propietarios e labradores. As cousas volven ó seu canle no 1920 con 14,82% e mesmo se chega ó 11,77% no 1935, nunha tendencia evidente a minguar na longa duración, aínda que o número absoluto de xente deste sector, 692, sexa algo máis alta que no 1840 (569) e no 1865 (682).

Os mariñeiros tradicionais dedicados á pesca de baixura soben de 6 no 1840 a 14 no 1865,1890 e 1920 (neste ano hai tamén 2 aprendices de mariñeiro e 7 «navegantes»), pero algo debe pasar cando soben a 36 no 1935 (sen contar os 11 «marinos»)

O **sector secundario**, aquel dedicado á elaboración de materias primas, aparece estancado en números absolutos, pero decrecendo progresivamente en canto a porcentaxe de poboación. É o mundo dos artesáns e dos seus asalariados, un mundo condenado a desaparecer. No campo do vestido, por exemplo, hai unha subida progresiva, tanto en números absolutos como porcentualmente, de 1840 a 1865 e 1890, pero un afundimento tamén progresivo despois. E nos demais, en case todos hai unha forte caída cara a 1890, con algunha recuperación cara a 1935, pero sen achegarse nin remotamente ós niveis de 1840.

Se os artesáns desaparecen, non ocorre o mesmo cos **comerciantes** (**sector terciario**), que soben, tanto en cifras absolutas como porcentualmente con respecto ó conxunto da poboación. Diríase que complementan coa súa subida a desaparición dos artesáns e que, naturalmente, o que se vende ven cada vez máis de fóra da cidade.

O **sector terciario**, no que respecta ós **servicios**, experimenta unha moi leve subida en números absolutos, con estancamento entre 1920 e 1935, e estancamento tamén en todo o período de estudio se consideramos as cifras porcentuais con respecto ó total da poboación (v. táboa). Están aquí: os empresarios (de hostalería, espectáculos, transportes, artes gráficas e outros); os profesionais liberais (xurídicos, de sanidade, de educación, prensa, pintura, fotografía, etc.); asalariados de servicios domésticos, transporte, sanidade e outros. A ocupación que máis medrou ata 1920 foi a de criada (150, 157, 198, 224, 169), tendendo a baixar despois. O resto de ocupacións parecen acusar o efecto das crises demográficas no 1890, pero soben con seguridade a partir de aquí (158, 171, 140, 156, 211).

Foi necesario illar ós **estudiantes**, porque é un grupo especial que pode prestarse a ocultacións segundo como se fixeran os respectivos padróns e ademais porque a súa enorme subida de 1890 e posterior (58, 24, 822, 978, 1204) alteraría a visión real de calquera conxunto.

Nas **administracións públicas** (tamén **sector terciario**) o número de persoas tende a manterse estable, sobre todo se o vemos porcentualmente. Móvense entre o 3,84% de 1840 e o 3,23% de 1890. No 1935 aínda que a cifra absoluta é a maior, 203, a porcentaxe quédase intermedia no 3,45%.

As **amas de casa** merecen ser illadas nunha categoría aparte porque o seu número non é real, por defecto, no 1840 nin no 1865 e quizais tampouco no 1890. Pero, sobre todo, no 1840 está claro que hai máis de 181 amas de casa e que as non sinaladas están agochadas no 57,39% de poboación que aparece sen oficio especificado: esto queda demostrado ó comprobar o comportamento simétrico (oposto) das dúas gráficas.

En canto ós **marxinados** (cegos, asilados, dementes, enfermos, imposibilitados, inútiles, mendigos, etc.) cando figuran menos é no 1840, soamente 9, para acadar a cifra máis alta xa



no 1865, 213, por efecto da grande crise de 1853-55, unha crise xeral en boa parte de España[9]. A partir daquí hai unha certa estabilización con tendencia final a baixar, oscilando entre 91, 102 e 56 no 1890,1920 e 1935 respectivamente.

En resume, o sector máis en alza, sobre todo desde 1890, é o terciario, particularmente no que respecta ós servicios, seguido do comercio a un nivel moi inferior e con tendencia moi pequena a subir na longa duración e sen altibaixos .

Despois, cabe falar dunha estabilidade xeral do sector primario, coa subida conxuntural de 1890, e das administracións públicas, deixando aparte a subida de 1865, e mesmo supoñemos que tampouco deberon variar moito as amas de casa, a pesar das cifras tan dispares dos padróns. Finalmente, chama a atención a caída progresiva do sector secundario, o dos artesáns, desde 1865, para estabilizarse por abaixo desde 1920.

I.- A ELITE URBANA

1.1. Propietarios e rendistas agrarios

Están integrados nas denominacións **«hacendado/a»** e **«propietario/a»**, se ben poden engadirse outras máis («propietaria y panadera», «propietario y abogado», «propietario y comerciante de vinos», etc.).

[9]NADAL, Jordi. Op. cit., pp. 149 e ss.

OS FACENDADOS DE BETANZOS NO 1840

"hacendados"	Natural	Idade e estado	Barrio	Rúa	Esposa/o	fillos	outros	criados	total casa
D. Manuel Dominguez	Betanzos	67 c	**Puente Viejo**	Aira Vieja, 15	Dª Antonia Espiñeira (49 a)	2	-	1	5
D. Roque de Ponte	" "	30 s	" "	" " 19	-	-	2	1	4
Dª Josefa de Puzo	" "	34 s	" "	Nuestra Señora, 11	-	-	-	3	4
D. Juan da Fraga	" "	30 c	" "	" " 34	Dª E. Menéndez (22 a)	2	-	1	5
D. Antonio Iglesias	" "	44 c	" "	" " 45	Dª Teresa Riobó (37 a)	5	5	-	12
D. Pedro González Moreno	Vivero	67 v	**Rúa Nueva**	Cachiñas de Arriba, 12	-	6	-	1	8
D. Francisco Patiño	Mezonzo	50 c.	" "	Rúa Nueva, 43	Dª Mª Sánchez (50 a)	3	-	2	7
D. Francisco de Ponte	Cos	62 c	" "	1º del Atrio, 1	Dª Juana Vazmonde (50 a)	7	-	1	10
D. Manuel Corral	Mondego	40 c	" "	Cachiñas de Arriba, 9	Dª Mª Sánchez Espiñeira (45 a)	-	1	1	4
D. Pedro de Brañas	Betanzos	72 c	" "	Plazuela de las Casas Viejas, 12	Dª Mª Vilariño (62 a)	5	-	1	8
D. Manuel de Castro	Betanzos	44 c	" "	Pza. Constitución, 7	Dª Micaela Piñeiro (30 a)	1	-	3	6
			S. Francisco	Herreros, 41			-	3	6
D. Gabriel Pita da Veiga	Betanzos	60 v	" "	" " 1	-	4	-	2	7
Dª Jacoba González	" "	66 v	" "	" " 6	-	4	-	2	7
D. José de Leis	Brexo	69 c	" "	" " 7	Dª Benigna Cordido (36 a)	1	-	1	4
D. Ramón Fernández	Culleredo	64 v	" "	" " 9	-	1	4	-	6
D. José Portal	Ponted.	44 c	" "	" " 20	Dª Mª Montenegro (37 a)	5	-	1	8
D. Froilán Troche y Zúñiga	Santiago	40 c	" "	" " 40	Dª Carmen Rodríguez (33 a)	6	-	2	10
Dª Andrea Riobó	Obre	60 v	" "	2ª de Noas, 1	-	-	-	1	2
Dª Rosa Freire	Carantoña	54 v	" "	" ", 19	-	1	-	2	4
D. Gregorio Amenedo	Sarandones	41 c	" "	Rúa Traviesa, 23	Dª Benigna Serbiño (35 a)	2	-	1	5
D. Joaquín Blanco	Betanzos	46 c	" "	Manz. de la R. Trav.., 1	Dª Dolores Villanueva (38 a)	6	-	-	8

Elaboración: Alfredo Erias a partir do "Padrón General de Almas" de 1840 (AMB).

O paso do tempo tamén trae consigo novas preferencias nas denominacións. Así, no 1840 todos, 23, son «hacendados/as», mentres que no 1865 hai 33 «hacendados», pero ademais 50 «propietarias» e 51 «propietarios». Ata aquí poderiamos pensar, con razón, que non é o mesmo facendado que propietario, pero no 1890 só aparecen 2 «hacendados» (un home e unha muller) e nada menos que 195 «propietarios», o que implica que moitos



dos antes chamados «hacendados», denomínanse agora «propietarios». Por outra parte, no 1920 xa desapareceu a alusión a facendados e só quedan como derivación deles 5 «rentistas» (4 homes e 1 muller) e despois, 72 propietarias, 72 propietarios e 1 «propietario y maestro nacional». Xa no 1935, só aparecen «propietarios»: 32, curiosamente unha cifra equiparable ós facendados de 1840 e 1865. Evidentemente a subida tan enorme de 1890, en que aparecen 204, e de 1920, con 150, indica criterios diferentes na confección dos padróns: sen dúbida, neses números tan altos están xentes da elite, pero tamén outras persoas moi afastadas dese nivel. Só unha ulterior análise poñerá a cada quen no seu lugar.

Desde logo, os facendados si están nesa elite e, en moitos casos, sobre todo no 1840 e 1865, representan o poder antigo dos fidalgos, categoría da que proceden todos ou case todos (comprobamos no 1840 e 1865 que deles saen os alcaldes e altos persoeiros da vida pública municipal), pero está claro que o trastoque na terminoloxía que vemos a partir de 1890 é un reflexo dos cambios sociais que se están a producir en toda España e que supoñen o acochamento dos vellos fidalgos e a subida dos burgueses, que se enriquecen a través de fábricas, bancos, etc., aínda que tamén se comproba un aburguesamento aparente (adaptación á nova imaxe do poder) dos vellos fidalgos[10].

Tódolos facendados de 1840 teñen o tratamento de «Don», que aínda conserva un valor simbólico importante na delimitación dos grupos sociais, pero nos padróns seguintes que aquí se estudian xa non aparece, aínda que sabemos que outras fontes paralelas, sobre todo no 1890 («Matricula Industrial...»), si o conservan e, polo tanto, iso quere dicir que a estas alturas o «Don» mantiña algo do seu significado como específico da elite.

Os vellos facendados preferían vivir nos barrios da Rúa Nova e San Francisco, pero xa no 1890 a preferencia é o Campo (aínda que San Francisco e a Rúa Nova sigan presentes), fenómeno que se mantén no 1935. O feito de vivir en certas rúas antigas (a Praza da Constitución, a Rúa dos Ferreiros, a Rúa de San Francisco, o Valdoncel...) perde paulatinamente o valor simbólico que tivo secularmente. O marcha cara ó Campo significa, por unha parte que os vellos propietarios se aburguesan e, pola outra, que os burgueses

[10]ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. «Fidalgos das Mariñas: Os Leis de Lema e Mondoi». *Anuario Brigantino 1996*, nº 19. «Addenda sobre os Leis». *Anuario Brigantino 1997*, nº 20.

se fan propietarios. Porque o Campo da Feira é o punto de chegada da modernidade: tódalas novidades pasan antes que por ningún sitio polo Campo: alí se cruzan os camiños e estradas e están as xentes que veñen de todas partes.

A análise rápida duns poucos destes facendados de 1840 xa nos falaría inmediatamente da súa importancia de cara á detentación do poder nun senso amplo.

D. Gabriel Pita da Veiga vémolo xa en decembro de 1820 como «Alcalde segundo constitucional y juez de 1ª instancia interino por ausencia del propietario». Máis tarde sería «Alcalde Presidente» (o primeiro despois do último correxidor) desde o 12-X-1835 ata o 22-II-1836. Era por ese tempo Capitán retirado de Infantería.

D. Froilán Troche y Zúñiga era administrador do Conde de Taboada e escribiu *El Archivo Cronológico-Topográfico: Arte de Archiveros* (1828), así como *El cazador gallego con escopeta y perro* (1834). Foi membro do Concello en varias ocasións...

D. José de Leis era un dos fidalgos máis poderosos de Betanzos[11]. Tiña unha enorme cantidade de terras, integradas arredor de dous «partidos» con sendos pazos: o de Santa Cruz de Mondoi (Oza dos Ríos) e o de Lema (Brexo, Cambre). O seu fillo, **D. Agustín Leis Cernadas** sería deputado a Cortes e os fillos deste, **D. Calixto** e D**. Agustín Leis Ponte**, alcaldes da cidade.

Unha incursión nos datos de 1890 volve testemuñarnos o gran peso social e económico dalgúns destes chamados agora «propietarios»[12].

---

[11]ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. «Fidalgos das Mariñas...» Op cit.

[12]Así, por exemplo, **D. Claudio Ares Lorenzo** foi Alcalde accidental co industrial **D. Antonio Núñez Piroto** (1894-95) e Alcalde propietario entre o 1-VII-1895 e o 10-II-1896. O Gobernador suspendeuno como Alcalde por exercer ó mesmo tempo os cargos de recaudador de consumos nos concellos de Cesuras e Bergondo.

D. Ignacio Dans Pita foi Alcalde accidental con **D. César Sánchez San Martín** (1886-1891) do Partido Liberal.

D. Agustín Leis Cernadas era fillo do fidalgo **D. José Francisco de Leis Vermúdez** e da súa segunda muller, **Dª Benigna Cernadas Cordido y Brandariz** A pesar da lei de desvinculación de 1841, herdou case todo o vello vínculo dos Leis (as 3/4 partes) no 1851 (seu pai morreu arredor de 1849), logo dun voluminoso pleito. As súas posesións abarcaban casas e terras en numerosas parroquias arredor dos pazos de Brexo («Partido de Lema») e de Santa Cruz de Mondoi («Partido de...»). Estudiou en Madrid e en Santiago e era avogado. Como político foi deputado a Cortes (1865...), pagando de contribución nese ano, 5.300 reais nos concellos de Betanzos, Cambre Cesuras, Coirós, Oza e Santiago. Boa parte dos seus discursos nas Cortes son para pedir pensións a diversas persoas, aínda que tamén trata os temas do Ferrocarril, Goberno das provincias, institutos de segundo ensino, etc. Serán Alcaldes da cidade os seus fillos **D. Calixto Leis Ponte** (1-I-1894 / 1-XII-1894 e 1-I-1906 / 11-III-1912) e **D. Agustín Leis Ponte** (1-I-1916 / 13-X-1917 e 8-XII-1917 / 1-IV-1920).

D. José Mª Miño Manibesa foi Alcalde accidental con **D. César Sánchez San Martín** (1886-1891) do Partido Liberal.

D. Domingo Núñez Taboada foi Alcalde accidental con **D. Agustín Valderrama Iglesias** (1881-82).

D. José Penedo López foi Alcalde accidental con **D. César Sánchez San Martín** (Partido Liberal) entre 1886 e 1891.

D. José Ildefonso Portal Montenegro figura como un dos grandes benefactores da cidade (*Sociedad de Seguros Mutuos de Artesanos*, ensanche da Porta da Vila...).

D. Manuel Sánchez Cordero, avogado, é neto do fidalgo **D. Ramón Sánchez Espiñeira** (Alcalde en 3 etapas entre 1836 e 1842). Foi Alcalde propietario (1-VII-1879 / 28-III-1881) e Alcalde interino desde marzo de 1884 ata agosto dese ano. Tamén foi «Juez de este término» para o bienio VII-1885 / VII-1887. Á morte, en maio de 1897, do notario, xefe do Partido Conservador e tamén propietario, **D. Juan Arines Montenegro**, herdaría del a xefatura local deste partido, con pouco éxito. O seu fillo **D. Antolín Sánchez Valeiro** tamén sería Alcalde (1914-15 e 1917), así como o seu bisneto, **D. Antolín**

Resumindo, aínda que resten moitos propietarios por analizar, só estas notas son xa ben demostrativas de que é neste grupo onde se concentra boa parte do poder económico e político, reproducíndose ademais na longa duración, cando fillos, netos e demais familia seguen ocupando postos de poder fundamentais da cidade. É o caso dos Sánchez nas súas dúas ramas, a liberal dos Espiñeira e a conservadora dos Cordero. E o mesmo poderiamos dicir dos Leis ou dos Montoto-Romay.

1.2. Empresarios e directivos superiores

Neste apartado, os distintos padróns non nos dan tódolos datos precisos, debido a que algúns persoeiros da elite social, empresarios industriais sobre todo, teñen as súas fábricas, e mesmo as vivendas, máis aló dos límites dos clásicos cinco barrios. Eso non impide que outras fontes documentais, como a matrícula da contribución industrial, os teñan presentes. As industrias de curtidos son as máis significativas, pero o cualificativo de «curtidor» non sempre responde a persoas da elite, cousa que comprobamos nalgún caso de 1935. O número deles vai de 2 no 1840 a 1 no 1865-1890, a 2 no 1920 e a 4 no 1935.

Así, por exemplo, no 1840 aparecen no padrón dous curtidores, **José Aguiar** e **Manuel Bermui**, dos que dubidamos da súa exacta categoría social, mentres que non aparece **D. Marcelino Etcheverría**, que fundou a «Fábrica de curtidos la Magdalena» no 1837 e que debía ser xa un dos homes máis poderosos da cidade e comarca, mercando gran cantidade de terras e detentando a dirección dun banco, que aínda hoxe permanece. A fábrica tiña «... 9 noques, 761 pieles y dos lechales en que reciben la última acción curtiente»; «un molino para triturar corteza y fruto tres meses al año»[13]. Hai que engadir unha «fábrica de loza ordinaria con horno de diez metros cúbicos de capacidad», tamén en San Pedro das Viñas a nome de **D. Marcelino Etcheverría Vila** (1890). Cando repasamos a contribución industrial de 1890, vemos que está encabezada precisamente polos chamados «**Hijos de Domingo Etcheverría**»[14] e por **D. Marcelino** con 920,76 pts., a moita distancia do segundo (un vendedor de aceite ó por maior, **D. Andrés Arribe**) con 641,11 pts.

Sánchez Presedo (1983-85). Tamén serían Alcaldes, o seu tío **D. Francisco Sánchez Mirás** (varias veces entre 1846 e 1875) e o seu primo, **D. César Sánchez San Martín** (varias veces entre 1882 e 1905) e os fillos deste, **D. César Sánchez Díaz** (1912-14) e **D. Adolfo Sánchez Díaz** (varias veces entre 1922 e 1931). Finalmente, aínda sería Alcalde o fillo de D. César Sánchez Díaz, **D. Ramón Sánchez García** (1976).

D. César Sánchez San Martín, a quen xa se aludiu, era neto de D. Ramón Sánchez Espiñeira e fillo do avogado e Alcalde D. Francisco Sánchez Mirás. Foi tamén Alcalde (13-II-1882 / 25-II-1884, 2-I-1886 / 1-VII-1891, 1-VII-1899 / 15-XII-1905). É primo do Alclade D. Manuel Sánchez Cordero. Pertence ó Partido Liberal que lidera o seu parente, o avogado e deputado **D. Agustín García Sánchez**.

D. Agustín Valderrama Iglesias era notario, «Gefe Honorario de Administración Civil» e Alcalde (2-IV-1881 /23-1-1882). Presumiblemente do Partido Liberal.

D. Manuel Villuendas Cagide trouxo a Betanzos desde Carballo, no 1859 a «Imprenta Villuendas». O seu fillo, **D. Manuel Villuendas Pena** será concelleiro e Alcalde accidental con **D. Víctor Montoto Arias** no 1931 e 1932. Mesmo aparecerá o 18-X-1834 como «Delegado gubernativo de este municipio».

[13]"Subsidio industrial y de Comercio» (AMB) de 1878.

[14]A descripción que aquí aparece é a seguinte: «Fábrica de curtidos en noques pilos o recipientes que en la actualidad sirven para la fabricación de pieles de ganado vacuno y caballar, la capacidad total [es] de 141 metros cubicos, de los cuales contribuyen solamente al pago del tributo 47 metros cúbicos que tienen los noques llamados de asiento y en donde las pieles estendidas y por capas alternadas reciben la última acción de la materia curtiente, pues los 94 metros cúbicos restantes pertenecen a pilos de mudanza... en donde se preparan las pieles para pasar a aquéllos, por cuya razón se hallan exentos de

D. Juan Pedro Lissarrague Etchard é outro home de peso na economía e na política local que tampouco aparece no padrón de 1890, porque vivía no Carregal (parroquia de San Pedro das Viñas) onde tiña tamén a súa fábrica de curtidos «... de 6 noques, 394 pieles y 15 lechales en que reciben la última acción curtiente»; «un molino para triturar corteza y fruto 3 meses al año»[15]. No *rankin* da contribución industrial de 1890 aparece en 3º lugar. No Concello terá unha longa presencia en distintas corporacións municipais, sendo Alcalde accidental co liberal D. César Sánchez San Martín (1886-1891), entre 1898 e 1899, logo do cese de D. Claudio Ares Lorenzo, e entre 1906 e 1912 con D. Calixto Leis Ponte.

Don Salvador Montoto Varela, que tampouco o vemos en ningún padrón, aínda que no 1890 ten unha irmá na rúa Quiroga, 26, é dono no 1878 dunha fábrica de curtidos de «... 4 noques, 280 pieles y 6 lechales»; «1 molino para triturar corteza» en Tiobre, quizais a que tivo na Xerpe ou a que se ve hoxe ruinosa en Caraña de Abaixo, nos Pelamios, e que pasaría en arrendamento a un dos irmáns Mendiburen.

Tivo Don Salvador unha presencia política importante, sendo o primeiro Alcalde do sexenio revolucionario (1-X-1868 / 7-XII-1868) e repetindo, entre o 11 de xaneiro e o 11 de marzo de 1874, logo do golpe do Xeneral Pavía (3-I-1874) que rematou coa Primeira República, e en espera da Restauración Monárquica que non tardaría en chegar.

Don Bautista Mendiburen Etchevestre aparece no 1878 rexentanto outra fábrica de curtidos na zona de Roibeira en Requián, de «... 4 noques de 1ª y de 2ª lechales»; «un molino para triturar corteza». E no 1890 quen figura como curtidor é, probablemente, o seu fillo, nado en Betanzos e que daquela tiña 26 anos, **D. Bautista Mendiburen Torres**, que vive con tres irmás na Rúa Nova, 4.

Na matrícula da contribución industrial de 1890 aínda atopamos outra fábrica de curtidos, que ten á fronte unha muller, **Antonia Naveira García** (sen «Don»). Curiosamente no padrón aparece co oficio de «gobierno de casa», vivindo na rúa da Marina, 85, de 59 anos e analfabeta ¿Como íamos sospeitar que rexentase algún tipo de industria? Pero é así e a citada matrícula dinos o seguinte: «Tegedora de lienzo con telar de ... ó volante. Fábrica de curtidos en que se curten en noques pieles de ganado vacuno por el sistema llamado de asiento en donde las pieles estendidas por capas alternadas reciben la última acción de la materia curtiente, la capacidad... de 92,25 metros cúbicos en pilos de mudanza ausiliares de los anteriores ó sea de los que sirven para preparar las pieles antes de pasar a aquéllos una cantidad total de 219,5 metros cúbicos...» Non sabemos se esta fábrica está tamén na Ribeira, onde ela vive. De tódolos xeitos, de contribución industrial paga pouco, só 8,12 pts. (a 222º do *rankin*, no que hai 237).

É evidente que esta Antonia Naveira García, a pesar da súa fábrica e do seu tear, de estar na elite social habería que situala, ou ben nas capas inferiores, ou mesmo cos autónomos.

No 1935 aparecen máis curtidores, 4 en activo e 1 retirado. Pero xa non son os mesmos tempos, a industria dos curtidos está en declive e a principal fábrica, a dos Etcheverría, non funcionaba desde finais da Primeira Guerra Mundial: o ferrocarril Betanzos-Ferrol inutilizou desde 1906 o seu peirao de atraque e, posteriormente, as dificultades derivadas da Primeira Guerra Mundial para as importacións de peles , remataron a súa historia.

---

pago de tributo, por ser dicha capacidad solamente el doble de la que arrojan los mencionados noques de asiento». Segue habendo un muíño para tritura-la casca.

[15]"Subsidio industrial y de Comercio» (AMB) de 1878.

Por outra parte, é preciso distinguir entre os curtidores como empresarios, que evidentemente acostuman ser xente poderosa, dos curtidores como obreiros en distintos grados de especialización. Por exemplo, os curtidores de 1935 deben pertencer a este grupo. Os catro en activo que coñecemos son: **Pío Guerra Sánchez**, **Ángel** e **Santiago Guerra Guerra** e **Jesús Pérez Prieto**. O curtidor retirado era **Ramón Sanjurjo Acea**. Sen máis datos, de momento non podemos aventurar a penas nada sobre a importancia social desta xente, aínda que ó non corresponder con nomes que coñecemos de industriais dos curtidos na zona, reiteramos a nosa impresión de que se trata de obreiros máis ou menos cualificados e, polo tanto, en modo algún haberá que consideralos dentro da elite.

Un exemplo da decadencia destes curtidores técnicos neste momento témolo en **Petronilo Martínez Crespo**, un técnico curtidor de 47 anos (nacera en Izagre, León) que chegou a Betanzos arredor de 1932 para traballar de encargado especialista na fábrica de curtidos de Caraña, pero ó pouco tempo esta pechou e no padrón de 1935 xa o vemos co oficio de «churrero» que mantivo durante moitos anos. Así, traballando frecuentemente diante do Cine Alfonsetti, mantivo á súa familia, composta pola súa dona, Juliana Guerra Bernardo e por catro fillos: Francisco, Eugenia, Pedro, Alejandro, Petronilo e Andrés. Curiosamente este último chegou a ser, a pesar da humildade da familia no aspecto económico, Alcalde accidental no 1978-79, e con intermitencia desde 1983, concelleiro de Alianza Popular (logo, Partido Popular), sendo o cabeza de lista D. Jaime Pita Varela, que rexenta precisamente o Alfonsetti, con seu irmán D. Emilio.

Como curtidor, e de xeito caseiro, Petronilo Martínez Crespo, paralelamente ó oficio de «churrero», aínda seguiu curtindo peles, con axuda dalgún dos seus fillos, na casa onde vivían na Rúa de Nosa Señora do Camiño, nº 17.

Se botamos unha ollada cara atrás, empezando no 1840, os **Nuñez** aínda non subiran á parte alta e máis elitista da cidade, esa onde a finais do s. XIX teñen o banco e unha fábrica de chocolate e que está preto do Concello: unha casona (hoxe sede da Fundación CIEC), pegada ó pazo de Bendaña e fronte a outros pazos antergos. Os Núñez no 1840 estaban aínda no nº 19 da «Calle de Sobre las huertas», no popular barrio da Fonte de Unta, onde predominaba o carácter labrego da xente, aínda que eles xa eran persoas de importancia económica e social. Alí vivía **D. Agustín Núñez**, de 48 anos, casado con **Dª Andrea Taboada**, de 40. Por ese tempo tiñan nada menos que 10 fillos. Os dous maiores aparecen co oficio de «curial», D. Agustín e D. José, de 20 e 15 anos. Os demais eran (todos con «Don»): Juana, Antonio, Marcial, Pastor, Benigna, Eladio, Rosa e Tomás (éste de 1 ano)[16].

[16]De orixe fidalgo, o cabeza desta familia, D. Agustín, debía ter nese tempo unha importante posición económica e mesmo política, posto que xa o vemos desde as dúas décadas anteriores formando parte de corporacións municipais en papeis destacados. Así, en pleno Trienio Constitucional, exerce como «Alcalde segundo...» do 2 ó 6 de xaneiro de 1823, sendo o primeiro o conde de Taboada, D. Manuel Roldán y Gil. Volve presidir como «Alcalde segundo constitucional» do 24 de xaneiro ó 14 de febreiro de 1823, sendo Alcalde primeiro, D. Antonio Noguerol. E tamén ostentará o mesmo cargo entre o 22 de febreiro e o 10 de xullo de 1823, logo que o Alcalde primeiro, D. Pedro de Brañas, fora «exonerado» polo xefe político. Desde logo, no 1823 a presencia de D. Agustín Núñez é permanente como Alcalde segundo, mentres os Alcades primeiros pasan con brevedade. Segundo isto, estariamos diante dun liberal de peso. El será, curiosamente, a última máxima autoridade do concello antes da entrada das tropas do Duque de Angulema en Betanzos o 14 de xullo de 1923, que deron por rematado o Trienio Constitucional na cidade.
A partir desta data aínda volveremos ver a D. Agustín Núñez como Alcalde accidental no 1845-47, sendo «Alcalde Presidente» D. Juan María Ramos Chas. Máis adiante, un parente seu, o avogado D.

Cando un século máis tarde, no 1935, vemos quen son os banqueiros da cidade, atopámonos con **D. Agustín Núñez Díaz** e **D. Domingo Etcheverría Naveira**.

Ezequiel Núñez López tamén será Alcalde accidental no 1869-73 con D. Francisco Sánchez Mirás, e no 1875-79 con D. Salustiano Caramés García. Ocupa na contribución industrial de 1890 o 29º lugar, pagando 151,48 pts. Pola súa parte, D. Jesús Núñez López será Alcalde accidental no 1895-98 con D. Claudio Ares Lorenzo. Un dos seus fillos, **D. Antonio Núñez Taboada** verémolo no 1890 como «propietario» e xa vivindo na casa da Praza da Constución (daquela adscrita á rúa de Sánchez Bregua). Está casado con **Enriqueta Piroto Duarte**, de 50 anos, de Buenos Aires e aparecen vivindo con eles os seus fillos, Enrique, estudiante de Farmacia (22 anos) e Hersilia (17 anos). O fillo maior, de 28 anos e nado en Montevideo, era **D. Antonio Núñez Piroto**, que figura como «comerciante» e que será Alcalde da cidade do 3-XII-1894 ó 1-VII-1895. Estaba casado con **Carmen Díaz Teijeiro**, de Ortigueira, e teñen nese 1890 tres fillos: Agustín (o banqueiro de 1935), de 4 anos, Antonio (de 1 ano) e Carmen (de menos de un ano). Na casa teñen unha criada, de 60 anos, de Reboredo. Será algún dos seus fillos o que tomará o seu relevo na política local, pero nun segundo plano. Así, **D. Domingo Núñez Taboada** aparece como Alcalde accidental no 1881-82 con D. Agustín Valderrama Iglesias.

A contribución industrial de 1890 déixanos ver outros fillos do vello D. Agustín: **D. Pastor Núñez Taboada**, por exemplo, ten un establecemento de «objetos de ferretería na rúa de Roldán, 5, polo que paga 243,46 pts, o que supón o 8º lugar de importancia en toda a cidade; **D. Antonio Núñez Taboada** ocupa o 15º lugar como «vendedor de tejidos al por menor» na rúa de Sánchez Bregua, 2, pagando 202,89 pts. O seu parente, D. Raimundo Núñez Codesal ocupa o lugar 11º polo seu establecemento de «objetos de ferretería» en Sánchez Bregua, 13. E D. Jesús Núñez López, o 40º como «vendedor de cristal al por menor», pagando 121,73 pts.

«ABOGADOS» 1840, 1865, 1890, 1920 e 1935
(nome / rúa / idade / natural de)

«Abogados» no 1840
Arias Uria, D. José, Plateros 16, 46, Betanzos
García Rodríguez, D. Ramón, Campo... 23, 36, Bet.
García Rodríguez, D. Ramón Mª, Campo... 23, 25, Bet.
Montoto, D. Tomás, Sobre la Muralla 3, 49, Villozás
Pérez, D. Pedro, Campo de la Feria 15, 60, Regueira
Sánchez Vaamonde, D. José, Campo... 2, 40, Bet.

«Licenciados en Leyes» no 1840
Martínez Del Río, D. Celestino, Plazuela del Horno 3, 32, Coruña
Pena, D. Agustín da, Arriba Puente Nuevo 4, 35, Bet.
Sánchez Espiñeira, D. Ramón, Cachiñas de Arriba 10, 63 Aranga

«Abogados» no 1865
Caramés García, D. Sebastián, Campo 7, 24, Bet.
Castro Ares, D. Jacinto, Fuente Unta 19, 24, Bet.
Castro Gutiérrez, D. Angel, Cachiñas Abajo sn, 31, Cor.
Couceiro Paredes, D. Manuel, Plaza sn, 29, Bet.
Martínez del Río, D. Celestino, Rúa Traviesa 7, 59, Bet.
Pedreira, D. Jacobo, Rúa Traviesa 39, 33, Bet.
Peón Rodríguez, D. Baltasar, Campo 11, 27 Bet.
Ramos Quiroga, D. Marcial, Plaza 9, 27 Bet.
Rodríguez Rilo, D. Manuel, Campo 5, 41 Puerto Marín
Vázquez Cordido, D. Juan, Herreros 6, 26, Bet.
Vázquez Illá, D. Antonio, Plaza 13, 32, Bet.

«Abogados» no 1890
Barús Lavandeira, Víctor, Hórreo 2, 25, Bergondo
Castro Ares, Manuel, Monjas 6, 36, Bet.
Cordero García, Benito, Sánchez Bregua 8, 65, Bet.
García Sánchez, Agustín, Pza. Cassola 8, 38, Bet.
García y García, Manuel, Rúa Nueva 7, 39, Bet.
Leis Ponte, Calixto, Valdoncel 2, 23, Mondoi
López y Ares, Maximino, Sánchez Bregua 11, 31 Bet.
López y Ares, Rafael, Sánchez Bregua 11, 31 Bet.
Morais Arines, Ricardo, Pza. Cassola 18, 40, Tuy
Naveira y Pato, Antonio J., Pza. Cassola 1, 29, Bet.
Naveira y Pato, Víctor, Pza. Cassola 1, 26, Bet.
Núñez López, Ezequiel, Pza. Cassola 19, 45 Bet.
Rodríguez Rilo, Manuel, Pza. Cassola 40, 62 Porto Marín
Sánchez Cordero. Manuel, Valdoncel 16, 43 Bet.
Vaamonde Ponte, Manuel, Lanzós 1 y 3, 33 Porzomillos

«Abogados» no 1920
Barús Labandeira, Víctor, Hórreo 2A y 4, 57, Bergondo
Borondo Sánchez, Rogelio, Avda. de Linares Rivas 6, 24, Argentina
Corral Castro, Agustín Monjas 27, 27, Betanzos
Costas Amenedo, Fabián, Quiroga 10, 56, Betanzos
Etcheverría Naveira, Marcelino, Praza Arines 38, 24, Betanzos. >>>

D. Agustín Núñez Díaz vive na Praza da Constitución, nº 3, piso 2º coa súa muller Araceli Corral Castro (os dous teñen 46 anos) e os seus fillos, Agustín (15 anos), Emilia (13 anos), Araceli (11 anos) e Pilar (8 anos). Ten dúas criadas (solteiras), unha de Betanzos, de 49 anos, Antonia Iglesias Corral, e a outra de Abegondo, de 27, Mª Antonia García Mazás.

Por outra parte, a casa dos Núñez, que aínda hoxe ten o letreiro, «Hijos de A. Núñez, Corresponsales del Banco de España» (ese «A. Núñez» é **D. Antonio Núñez Piroto**, pai deste D. Agustín Núñez Díaz) fora reconstruída de maneira ostentosa, segundo plano de 1923 do arquitecto Rafael González Villar, que deixou alí unha proba máis do seu persoal estilo postmodernista. Pero este D. Agustín Núñez Díaz non aproveitou os anos da postguerra e, ó parecer máis preocupado por cuestións relixiosas que polos negocios, levará á decadencia o próspero banco que formara seu pai a finais do s. XIX en paralelo ás «Industrias Núñez» de madeira e electricidade, á beira da Ponte Nova. Claro que no 1935 nada disto pasara aínda, e D. Agustín era daquela unha das máis poderosas persoas da cidade.

O outro banqueiro que no 1935 existe na cidade é **D. Domingo Etcheverría Naveira**. Vive na casa nº 38 da Praza dos Irmáns García Naveira. Ten 46 anos e está casado con **dona Asunción de la Muela Sierra**, de 29, coa que ten nese tempo tres fillos: Asunción (5 anos), Francisco (2) e Mª Cruz (1). Foi Alcalde de Betanzos, cidade na que naceu, do 1 de abril de 1920 ó 1 de abril de 1922 e tamén do 15 de xaneiro de 1923 ó 1 de outubro do

García Sánchez, Agustín, Valdoncel 24, 70, Betanzos
Gómez Navaza, Juan, Valdoncel 64, 51, Betanzos
López Ares, Maximino, Sánchez Bregua 11, 61, Bet.
López Ares, Rafael, Sánchez Bregua 11, 59, Betanzos
Martínez Baladrón, Arturo, Praza de Arines 8, 37, Ribadavia / transeúnte Buenos Aires residencia
Martínez Teijeiro, Manuel, Valdoncel 32, 56, Betanzos
Naveira Pato, Víctor, Praza de Arines 1, 55, Betanzos
Núñez López, Ezequiel Praza de Arines 19, 78, Bet.
Pérez Serrabona, Juan, Praza de Arines 13, 40, Vélez Rubio (Almería)
Romay Montoto, Emilio, Praza de Arines 37, 24, Bet.
Sánchez Díaz, César, Plaza Constitución 4, 37, Bet.
Sánchez Valeiro, Antolín, Valdoncel 16, 38, Aranga
Sánchez Valeiro, Benito, Sánchez Bregua 8, 37, Bet.
Valderrama Arias, José, Praza de Arines 39, 58, Bet.

«Abogados» no 1935

Alvarez García, Manuel, Valdoncel 24, 27, Bet.
Corral Castro, Agustín, Monjas 27, 42, Bet.
Curiel Rodríguez, Alfredo, Ribera 143, 41, Bet.
García Páez, Raimundo, Rúa Nueva 8, 34, Bet.
González Rodríguez, Luis, Valdoncel 20, 38, Lugo
López Da Torre, Bernardo, Valdoncel 29, 24, Bet.
López da Torre, Tomás, Valdoncel 29, 35, Bet.
Romay Montoto, Emilio, Sánchez Bregua 5, 38, Bet.
Sánchez Díaz, César, Hnos. García 21, 52, Bet.
Sánchez García, Agustín, Hnos. García 21, 25, Bet.
Sánchez Suárez, Julio, Rúa Traviesa 24, 41, Bet.
Sánchez Valeiro, Antolín, Valdoncel 16, 53, Aranga
Sánchez Valeiro, Benito, Ribera 145, 52, Bet.
Varela Franco, Juan, Hnos. García 6, 31, Coruña

«ESCRIBANOS» 1840, 1865, 1890, 1920 e 1935 (nome / rúa / idade / natural de)

«Escribanos» no 1840

Bara, D. Antonio, Puerta de la Ciudad 5, 59, Betanzos
Beleiro, D. Antº, Nª Sª del Camino 61, 40, Sta. Eulalia
Blanco, D. Simón, 2ª De Noas 3, 28, Betanzos
Caramés, D. Antonio, Campo de la Feria 21, 26, Bet.
Castro, D. Francisco, Plateros 15, 23, Sobrado
Codesido, D. José, 3ª De Clérigos 10, 34, Betanzos
Correa Corral, Benito, 1ª Del Atrio 3, 15, Betanzos
Couceiro D. Manuel, De La Plaza 2, 34, Betanzos
Couceiro y Andrade, D. Pedro, Rúa Nueva, 50, Rodeiro
García Couceiro, D. Ramón, Campo... 26, 28, Bet.
González, D. Ramón, Cachiñas de Abajo 6, 36, Bet.
Losada, D. Apolinario, Campo...16, 50, Sarandones
Meás, D. Jose Dómingo, San Francisco 11, 36, Betanzos
Montenegro, D. Vicente, Sobre La Muralla 12, 49, Bet.
Otero Pereiro, D.Agustín, Cachiñas Arriba 13, 15, Bet.
Patiño, D. José, Plazuela Casas Viejas 8, 36, Fisteus
Peña, D. Agustín Da, Arriba Del Puente Nuevo, 35, Bet.
Peña, D. José Victorio, Arriba de la Ribera 45, 60, Bet.>>

mesmo ano, data na que o Directorio Militar dá por rematadas as funcións desta Corporación: curtas etapas nas que, curiosamente, non figura a súa sinatura nos libros de actas.

1.3. Profesións liberais xurídicas

Pertencen á elite por definición. Só os fillos dos vellos fidalgos e os fillos dos novos ricos burgueses podían permitirse o luxo de facer a carreira de avogado, notario, etc.

Non debemos pasar por alto que, sobre todo no 1890, á beira da palabra «Abogado» tamén podemos atopar «y propietario de fincas rústicas y urbanas». Por outra banda, adoitan ter un papel de importancia non só na vida social en xeral, senón tamén na política[17].

Peón, D. Andrés, Campo de la Feria 11, 38, Coruña
Pérez, D. Andrés, Campo de la Feria 15, 89, Regueira
Picado Amor, Juan, 3ª De Clérigos 3, 17, Betanzos
Platas, D. Rosendo, Camino de Castilla 5, 38, Armental
Ramos, D. Blas María, De La Plaza 9, 66, Mondoñedo
Rego, D. Jacino Do, 3ª De Clérigos 13, 30, Betanzos
Río, D. José Del, Arriba de la Ribera 99, 31, Betanzos
Rodríguez, D. José, Cachiñas de Arriba 7, 32, Betanzos
Rodríguez, D. José, Rúa Traviesa 17, 30, Santiago
Salgado, D. Francisco, Campo de la Feria 18, 38, Betanzos
Tomé, D. Antonio, Campo de la Feria 35, 52, Lesa
Vidal, D. José María, De La Plaza 1, 38, Rianxo

«Escribanos» no 1865
Arines Montenegro, D. Juan, Campo 24, 38, Miño
Castro, D. Manuel Benito de, Fuente Unta 19, 43, Bet.
Contas Fernández,D.José M., Cachiñas Arriba10, 33, Bet.
Couceiro Vaamonde, D. Manuel, Plaza sn, 57, Bet.
García Lendoiro, D. Manuel, Pl. del Horno sn, 55, Bet.
Guerrero Montalbán, D. Santiago, C/Plaza sn, 55,
Núñez Taboada, D. Agustín, Rúa Traviesa 10, 41, Bet.
Peón Méndez, D. Andrés, Campo 11, 62, Mellid
Rego Pena, D. Jacinto do, Rúa Traviesa 39, 48, Bet.
Valeiro Varela, D. Pedro, Campo 5, 35, Viña
Vidal Figueiro, D. José M., Campo... l, 64, Rianxo

«Escribanos» no 1890
Martínez Teijeiro, Manuel, Valdoncel 22, 29, Betanzos

«NOTARIOS» 1890, 1920 e 1935
«Notarios» no 1890
Arines Montenegro, Juan, Pza. Cassola 18, 66, Miño
Valeiro Varela, Pedro, Pza. Constitución 11, 55, Viñas

«Notarios» no 1920
Valderrama Arias, Víctor, Pza. Constitución 11, 53, Bet.
Pérez Alonso, Emilio, Roldán 1, 64, Puenteareas
Teijeiro González, Ramón, Ribera 153, 55, Betanzos

«Notarios» no 1935
Alguero Penedo, José, Valdoncel 25, 63, Bet.
Pardo Argüelles, Rafael, Valdoncel 7, 46, Tineo (Oviedo)
Ramírez de Arellano Romero, Manuel, Constitución 11, 46, Coruña

«PROCURADORES» 1840, 1865, 1890, 1920 1935

«Procuradores» no 1840
Fajil, D. José, Santa Mª 6, 36, OZA
García, D. José, Sobre la Muralla 14, 60, Villamateo
García, D. José, Cachiñas de Arriba 5, 32, Bet.
Golpe, D. Baltasar, Rúa Traviesa 28, 50, Bet.
Guerra, D. Francisco, Rúa Traviesa 7, 50, Bet.
Martínez, D. José Ventura, Rúa Nueva 1, 50, Bet.
Martínez, D. Melchor, Plateros 3, 50, Bet.
Pandelo, D. Gregorio, 1ª de Clérigos 14, 52, Bet.
Pardo, D. Francisco, Santa Mª 4, 69, Bet. >>>

[17] **D. José Sánchez Vaamonde** estivo moi ligado ó Concello. Foi Alcalde accidental con D. Juan Mª Ramos Chas (1846-47) e tamén con D. Ramón Mª González (1848-49). Chegaría a ser Alcalde propietario do 29-VI-1853 ó 24-I-1854. E voltaría a ser accidental con D. Fernando Vázquez Carril (1856-1860).
D. Tomás Montoto debe ser da familia de D. Salvador Montoto Varela, que será Alcalde no 1868 e no 1874.
D. José Arias Uría (Ferrol, 1799, A Coruña, 1873) é o político máis importante e de maior transcendencia de Betanzos no s. XIX. No 1840 vivía na «Calle de los Plateros», nº 16 na compaña de seu pai, D. Angel Arias da Cal, de 80 anos, da súa muller, Dª Josefa Sande, de 36, un fillo de un ano, Víctor, e unha moza de 19, criada de Cullergondo, Francisca Barreiro.
Seu pai, tamén avogado, era dono (polo menos desde 1812) dunha fábrica de curtidos en San Martín de Tiobre. Na década de 1820 estaba á fronte dela o noso personaxe, D. José Arias Uría, que entrará en sociedade con D. Rafael de Lago. Cos importantes beneficios conseguidos, Arias Uría (e tamén Lago) mercará moitos bens raíces e concederá préstamos ós veciños de Betanzos e labregos da comarca (MEIJIDE PARDO, Antonio. «Las

1.4. Profesións liberais sanitarias

Boticarios ou farmacéuticos, médicos, cirurxiáns, veterinarios... son persoas de gran respeto na cidade, entre outras cousas porque delas depende a saúde da xente e dos

Picado, D. José, Rúa Traviesa 26, 36, Souto
Varela, D. Juan Antonio, Arriba Ribera 101, 62, Fisteus
Verea, D. Manuel, Plateros 6, 33, Salto

«Procuradores» no 1865
Guerra Carballo, D.Antº, Cachiñas Arriba 12, 36, Bet.
Lorenzo Villaverde, D. Jacobo, Puente Nuevo 1 4,6, Betanzos.
Martínez del Río, D. Manuel, Cachiñas de Arriba sn, 50, Betanzos
Taboada López, D. José, Camino Nuevo del Ferrol sn, 50, Arzúa
Varela Pose, D. Andrés, Campo 27, 33, Vixoi

«Procuradores» no 1890
Montes Rilo, Raimundo, Monjas 3, 29, Bet.
Navaza Martínez, Juan A., Monjas 9, 30, Bet.
Vieites Castro, Francisco, Rúa Nueva 45, 45, Bet.

«Procuradores» no 1920
Miño Abelenda, Francisco, Valdoncel 45B, 62, Betanzos
Navaza Bugallo, Policarpo, Plaza de Arines 5, 55, Bet.
Puente Pérez, Valentín Plaza de Arines 5, 60, Carral

«Procuradores» no 1935
Bonilla Seijo, Bernardo, Angeles 4, 29, Coruña
Costas Peláez, Jaime, Rúa Traviesa 38, 36, Bet.
Peña Rodríguez, Joaquín, Constitución 3, 35, Bet.
Sánchez Díaz, Adolfo, Méndez Núñez 24, 47, Bet.

---

primeras industrias del curtido en Betanazos». *Untia*, 2. Betanzos, 1986, pp. 34-36).

No Concello vémolo xa presidindo accidentalmente sesións no 1933-34, no tempo do correxidor D. Antonio de la Llata Palacios.

Foi elixido deputado a Cortes nas eleccións de 1839, sendo posteriormente tamén elixido nas de 1841, primeiras de 1843 e nas de 1854. Así mesmo, foi deputado provincial no 1843 (Boa parte destes datos e moitos máis poden verse en BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. «Xosé Arias Uría, un ministro progresista de Betanzos». *Anuario Brigantino 1984*, nº 7, pp. 51 ss.). No 1854 era fiscal da Audiencia de Mallorca e máis tarde maxistrado. O 15 de xaneiro de 1856 foi nomeado Ministro de Gracia e Xusticia por Espartero, cargo que ostentou ata o 14 de xullo dese ano.

Desde os anos de estudiante en Santiago mantivo unha fidelidade permanente ó progresismo liberal. Participou en tódolos grandes movementos que tiveron lugar en Betanzos, como reflexo do que pasaba en España. Así, no 1840 foi presidente da Xunta Revolucionaria que cambiou o Concello, e o mesmo pasaría no 1846 cando Solís ocupa a cidade...

O escribano **D. Blas Mª Ramos Chas** era irmán do avogado D. Juan Mª Ramos que será Alcalde no 1845-46, 1846-47 e 1850-51.

D. José Mª Patiño, tamén escribano, foi Alcalde 2º co liberal **D. Celestino Martínez del Río** no 1843-44.

O «licenciado en leyes» **D. Ramón Sánchez Espiñeira** era de Aranga e de ascendencia fidalga. Chegado a Betanzos coa súa muller e os seus fillos, fundará a saga de Alcaldes máis importante en número de toda a historia contemporánea de cidade. Dúas serán as súa ramas: a dos Espiñeira que segue o seu fillo Francisco, e a dos Cordero, que segue o seu fillo Manuel, casado cunha filla de D. Salvador Cordero. Entre todos darán 9 alcaldes ata hoxe por liña directa, sen contar os que houbo en parentes próximos.

D. Ramón Sánchez Espiñeira foi Alcalde de Betanzos do 24-X-1836 ó 9-III-1838, do 4-I ó 27-XII-1839 e do 1-I ó 26-XIII-1842.

O tamén «licenciado en leyes» **D. Celestino Martínez del Río** foi Alcalde do 1-I ó 27-XII de 1841, do 6-I-1843 ó 28-III-1844, do 6-VIII-1854 ó 6-VII-1855, do 4-I-1861 ó 14-IX-1863 e do 28-III ó 19-II-1864. Neste 1864 din del as actas capitulares: «Caballero de la Real y distinguida Orden Española de Carlos Tercero, Rector cesante de la Universidad Literaria de Santiago...»

Os avogados e grandes propietarios **Antonio** e **Víctor Naveira Pato**, que aparecen no 1890, serán no 1906-10, xunto con Salvador Golpe Varela, redactores (e controladores) do semanario betanceiro *La Defensa: Órgano de las Asociaciones de Agricultores*... Un periódico este que representa a tendencia máis tradicionalista e conservadora do movemento solidario, defendendo unha xusta distribución dos impostos e unha solución negociada e moderada a través da redención dos foros (TORRES REGUEIRO, Xesús. «A prensa betanceira (II): De «El Pueblo» a «La Defensa». 1900-1910". *Anuario Brigantino 1984*, nº 7, pp. 63 ss.).

animais. Moitos son membros das xuntas municipais de sanidade, desde onde se planifica e decide sobre a saúde pública. Pero esta posición de privilexio, esta proximidade ó mundo da política tamén deu Alcaldes e concelleiros[18].

«MEDICOS» 1840, 1865, 1890, 1920 1935
(nome / rúa / idade / natural de)

«Médicos» no 1840

Gayoso, D. José, San Francisco 1, 53, Puente de Eume
Hernando, D. Juan, San Francisco 14, 32, Mondoñedo

«Cirujanos» no 1840

Cortiella D. Miguel, Cortaduría 8, 54, Tortosa
Fernández Andrade, D. Benito, Cachiñas Arriba 4, 46, Orense
Fraga, D. Francisco, Arriba Puente Nuevo 26, 94, Pontevedra
Lavandeira, D. Ramón,Puerta Hórreo 10, 60, Santiago
Luna, D. Benito, Nª Sª Camino 72, 44, Verines
Martínez, D. Andrés, 1ª Noas 24, 60, Curtis
Seoane, D. José, Santa Mª 8, 58, Coruña

D. Agustín García Sánchez foi deputado a Cortes en diversas ocasións e era a finais do s. XIX e comenzos do XX o xefe do partido liberal en Betanzos e comarca. Enfrentado no 1906-10 ós redactores de *La Defensa*, contará el e a súa poderosa familia, cun órgano propio, *La Aspiración* (1904-12).

Xa falamos como propietarios de **D. Calixto Leis Ponte** e de **D. Manuel Sánchez Cordero**.

O tamén avogado **D. Roque Ponte Peña** foi o fundador e director do primeiro periódico local, *El Censor* (1883-84). Co enxeñeiro D. José López Cortón y Viqueira formará unha sociedade que levantaría a partir de 1895a primeira fábrica de electricidade de Betanzos, a beira da Ponte Nova.

O notario **D. Juan Arines Montenegro**, que o vemos no 1890 era, ademais dun importante propietario de terras, o xefe do partido conservador en Betanzos.

No 1935 vemos ós avogados D. César Sánchez Díaz, que fora Alcalde no 1912-14, e o seu fillo D. Agustín Sánchez García.

D. Emilio Romay Montoto vive no 1935 na Rúa Nova, 5, 3º. Ten daquela 38 anos e está casado con Dª Mercedes Becaría Loureda, de 32. Teñen 4 fillos: Emilio, de 4 anos, Mercedes, de 3, José Manuel (actual conselleiro da Xunta de Galicia) e Julio (Alcalde no 1974-78), de menos de un ano. Don Emilio sería Alcalde de Betanzos na Dictadura de Primo de Rivera , do 8-II-1924 ó 17-I-1929. A partir desta data será Presidente da Deputación d Coruña...

O avogado **D. Antolín Sánchez Valeiro**, da rama dos Cordero, será Alcalde do 1-I-1914 ó 27-XII-1915 e do 20-X ó 8-XII-1917.

D. Manuel Álvarez García, da familia Ramos (a do antigo Alcalde, D. Juan Mª Ramos Chas) será tamén Alcalde, na época de Franco, do 17-IV-1940 ó 17-XI-1942.

O notario **D. José Alguero Pened**o, que nacera en Betanzos no 1872 era fillo do capitán do Exército M. Alguero Nicolau (de Ascó, Tarragona). Fixo a carreira de «Leyes» en Santiago, obtendo no 1892 a licenciatura en Dereito Civil e Canónico. Será profesor do «Colegio Privado de 2ª Enseñanza» a partir do curso 1897-98, impartindo clases de Xeografía. A Audiencia Territorial nomeouno fiscal do partido xudicial de Betanzos para o bienio 1898-99. Participará con frecuencia como redactor dos periódicos locais: *¡Ya somos Tres!* (1889), *El Valdoncel* (1890), *El Mendo* (1890-91), *El Brigantino* (1888-89) e *El Progreso* (1900-01). Tamén participa na *Revista Núñez* (1925-26) e no *Anuario Brigantino* (1949) (TORRES REGUEIRO, Xesús. «Os animadores da prensa local (II)». Anuario Brigantino 1988, nº 11, pp. 71-73.). Significouse, así mesmo, como poeta. No 1936, en pleno Alzamento, foi acusado de «rebelión militar», se ben sería absolto ó ano seguinte. Morreu en Xixón no 1956.

[18]O médico **D. José Andrés Gayoso** será Alcalde do 1-I ó 28-XII-1840. Con el tamén terá funcións de Alcalde accidental o farmacéutico D. Cosme Antolín Serrano.

D. Fermín Couceiro Serrano, neto do citado D. Cosme, será tamén farmecéutico e mesmo Alcalde do 1-VII-1891 ó 1-I-1894.

D. Fernando García Acuña será, ademais de médico, un apaixoado poeta e periodista prolífico nos entusiastas periódicos locais de finais do s. XIX.

No 1935 atopámonos con algúns médicos que foron alcaldes na Dictadura de Primo de Rivera. É o caso de **D. José Calviño Salazar** (1-X // 26-XI-1923, 1-8-II-1924), e de **D. Vicente Garma Páez** (3-XII-1923 // 1-II-1924).

Outro médico que aquí aparece será tamén Alcalde na Segunda República, precisamente o primeiro desa etapa: **D. Víctor Cancela Noguerol** (15-20-IV-1931, 18-X-1934 // 22-II-1936).

1.5. Técnicos superiores

Non atopamos este grupo na cidade, o que tamén é significativo. Non hai aquí enxeñeiros, nin arquitectos...

1.6. Funcionarios superiores e militares de alta graduación

Son altos funcionarios da administración municipal ou das delegacións estatais, persoas todas de poder social en maior ou menor grado, posto que por moitos deles pasan os papeis e, en definitiva, deciden sobre os dereitos duns e doutros e afectan á economía da xente, podendo frear ou acelerar o ascenso social de tal ou cal persoa ou familia. Outros rexentan institucións como Correos, Telégrafos.... E mesmo podemos considerar neste apartado ós altos mandos do exército na cidade e ós catedráticos de instituto.

En conxunto, hai un descenso dos funcionarios superiores, de 61 no 1840 (pola gran cantidade de procuradores e de militares) a 32 no 1865, mantendo cifras semellantes no 1890 con 33, no 1920 con 37 e baixando a 23 no 1935.

Xuíces hai un nas 5 datas, fiscal 1 no 1840 e outro no 1865, pero procuradores hai 19 no 1840, baixan a 5 no 1865 e 1890, a 3 no 1920 e a penas soben a 4 no 1935. O comisionado de amortización de 1840, orixinado nas leis de desamortización eclesiástica xa non aparece no 1865 nin despois. O xefe de estación de 1920 e 1935 non aparece nas datas anteriores, porque a estación Betanzos-Pueblo inaugurouse no 1913, aínda que podería ser da Estación do Norte, que se inaugurou no 1883. E chama a atención a existencia de 6 catedráticos no 1935, debido á existencia recente

«Médicos» no 1890
Folla Llanes, Benigno, Pza. Cassola 7, 25, Bet.
García Sánchez, Joaquín, Sánchez Bregua 16, 40, Bet.
Martínez Teijeiro, José, Pza. Cassola 36, 26, Bet.
Porto García, José, Hórreo 28, 52, (Pontevedra)

«Médicos cirujanos» no 1890
Peón Rodríguez, Ramón, Pza. Cassola 8, 44, Bet.

«Médicos» no 1920
Ares Teijeiro, Angel, Méndez Núñez 6, 63, Bet. >>>
Calviño Salazar, José, Rúa Nueva 8 y 10, 30, Meaño (Pontevedra)
Cancela Noguerol, Víctor, Angeles 3, 34, Bet.
Codesido Sánchez, José, Manz. R. Traviesa 6, 72, Arzúa
Corral Castro, Manuel, Monjas 27, 24, Bet.
Curiel Rodríguez, Ricardo, Ribera 143, 29, Bet.
Garma Páez, Vicente, Pza. Constitución 6, 23, Bet.
Mosteiro Pena, Salvador,Roldán 1, 25, Bet.
Peón Rodríguez, Ramón, Pza. Arines 38, 77, Bet.
Varela Almoina, Luis, Sánchez Bregua 3, 39, Santiago

«Médicos» no 1935
Alguero Caamaño, Miguel, Valdoncel 25, 24, Negreira
Alvarez García, Luis, Sánchez Bregua 16, 28, Bet.
Calviño Salazar, José, Valdoncel 20, 48, Meaño (Pontevedra)
Cancela Noguerol, Víctor, Angeles 3, 50, Bet.
Codesido Sánchez, José, Manz. R. Traviesa 6, 78, Arzúa
Corral Castro, Manuel, Monjas 27, 39, Bet.
Garma Páez, Vicente, Sánchez Bregua 13, 39, Bet.
Lago Pereira, Antonio,Roldán 1, 30, Bet.
Núñez Ford, Pastor, Sánchez Bregua 2, 73, Montevideo
Vázquez Crespo, José,Valdoncel 12, 37, Bet.

«Odontólogos» no 1935
Martínez Fernández, Manuel, Sánchez Bregua 3, 26, Puentedeume

«BOTICARIOS/FARMACÉUTICOS»
1840, 1865, 1890, 1920 1935
(nome / rúa / idade / natural de)

«Boticarios» no 1840
Serrano, D. Cosme Antolín, Plateros 18, 40, Bet.
Villar, D. Vicente, Campo... 8, 34, Bet.

«Farmacéuticos» no 1840
Arias, D. Vicente, Pza. Constitución 1, 33, Bet.
Barreiro, D. José, Puerta Ciudad 1, 58, Bet («comerciante y farmacéutico»

«Boticarios» no 1865
Arias, D. Vicente, Pza. Constitución 4, 58, Bet.
Villar Vázquez, D. Vicente, Campo... 8, 57, Bet.

«Farmacéuticos» no 1865
Serrano, D. Cosme Antolín, Plateros 10, 64, Bet.

dun *Instituto de Segunda Enseñanza*, polo que tanto loitaran as corporacións municipais da Segunda República.

«Farmacéuticos» no 1890
Castro Ares, Carlos, Pza. Cassola 3, 40, Bet.
Cortiñas Vidal, Ricardo, Pza. Cassola 4, 37, Monforte
Salgado Martínez, A. Pza Constitución 6, 31, Bet.
«Farmacéuticos» no 1920
Caballero Sánchez, Antº, Pza. Constit. 7, 66, Santiago
Couceiro Serrano, Fermín, Méndez Núñez 8, 58, Bet.
Couceiro Núñez, Jesús, Méndez Núñez 8, 26, Bet.
Lafont López, Francisco, Rúa Traviesa 16, 62, Bet.
Cortiñas Vidal, Ricardo, Pza. Arines 4, 69, Monforte
«Farmacéuticos» no 1935
Couceiro Núñez, Jesús, Méndez Núñez 8, 41, Bet.
Losada Rodríguez, Luis, Hnos. García 17, 38, Chantada

«VETERINARIOS»
1890, 1920, 1935

«Veterinario» no 1890
Argüeso Gómez, Pedro, Valdoncel 43, 58, Burgos
«Veterinario» no 1920
Casal Sánchez, Baldomero, Rúa Traviesa 2, 37, Coruña
Fontela Vázquez, José, Nª Sª del Camino 1, 36, Bet.
«Veterinario» no 1935
Seijo Sande, Emilio, Hnos. García 20, 47, Coruña
Vila Roel, Alfredo, Av. Jesús García 20, 42, Lugo

«CATEDRATICOS» 1865, 1890, 1935

«Catedráticos» no 1865
Martínez Araujo, D. Prudencio, Herreros 7, 55, Castelo

«Catedráticos» no 1890
Robledo, D. Juan León, Valdoncel 26, 44, Burgos

«Catedráticos» no 1935
Bescansa Aller, Manuel, Alhóndiga 6, 27, Coruña
Cernedo Arias, Luis, Ribera 113, 30, Nogueira (Orense)
Fernández Cao Cordido, José, Angeles 12, 60, Santiago
Folla Leis, Agustín, Valdoncel 2, 27, Betanzos
González Prieto, José, Alhóndiga 6, 25, Alcalá Henares
Noain García, Miguel, Linares Rivas 10, 32, Logroño

II.- CLASES MEDIAS

2.1.- Artesáns de oficios tradicionais

A análise comparativa dos artesáns tradicionais entre 1840 e 1935 amósanos unha inexorable e progresiva decadencia en conxunto, desde 1865, aínda que hai excepcións. Téñase en conta que no 1752 había un 35,5% de veciños artesáns en Betanzos[19] e no 1840 vemos 501 persoas que pertencen a este gran grupo e que só representan o 11,06% da poboación total; no 1865, 521 (11,58%), mentres que no 1890 xa baixa a 410 (8,61%...), no 1920 a 372 (6,72%) e no 1935 a 321 (5,46%).

En liñas xerais, parece evidente que se trata dun efecto dos grandes cambios económicos que na longa duración sacoden España e o mundo, paralelos á chamada revolución industrial, que ofrece productos manufacturados en maior abundancia e máis baratos. Tampouco debe ser alleo a este fenómeno o ferrocarril, que chegou a Betanzos no 1883 (liña Palencia-A Coruña) e, aínda posteriormente, no 1913 coa liña Betanzos-Ferrol[20].

Pero, sinalada a tendencia xeral, non tódolos oficios teñen o mesmo comportamento e eso tamén nos indica algo máis concreto do que está a pasar na cidade.

No que se refire ós oficios da alimentación, aínda que non chegan a desaparecer, sofren unha gran caída no número de persoas que a eles se dedican: de 146 no 1840 pásase xa a 99 no 1865, e a 40 no 1890, para recuperarse moi pouco a partir daquí: 54 no 1940 e 63 no 1935. Desaparecen, sobre todo, as panadeiras (de 126 no 1840 pasan a 12 no 1935),

[19]GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Xan Miguel. «A candidatura de Betanzos á sede da Real Audiencia de Galicia no século XVIII». *Anuario Brigantino 1986*, nº 9, pp. 63-70.
[20]ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. «A chegada do ferrocarril a Betanzos». *Anuario Brigantino 1983*, nº 6, pp. 85 ss.



mentres os panadeiros non son capaces a contrarrestar esta caída, por máis que suban (3, 2, 4, 11 e 23). En definitiva, cae moito en conxunto un oficio que daba fama á cidade en todo o Antigo Réxime, posto que as nosas panadeiras chegaban ata A Coruña.

Os tipos de oficio relativos ó tecido e confección («costurera», «hiladora», «sastre», «lavandera», «planchadora», «bordadora», «tejedor/a»...) medran ata 1890, pero a partir desa data desaparecen moitos deles e no 1935 só temos costureiras, modistas, lavandeiras e xastres. Pero a decadencia desde 1890 a 1935 é moito máis terrible se nos atemos ó número de persoas, xa que pasan de 206 a 80 no 1920 e a 41 finalmente.

Está claro que no 1935 as prendas de vestir manufacturadas xa desprazaran á maior parte dos oficios artesanais da cidade e, conseguintemente, á xente a eles dedicada. E non fai falta dicir que este grupo está composto, sobre todo, de mulleres. Así pois, aquí temos unha resposta segura (polo menos en parte) á pregunta que nos faciamos máis atrás de por que se incrementaban tanto as amas de casa no 1935: porque tanto en oficios artesanais

da alimentación (panadeiras...) como do vestido, a súa función pasa a ser antieconómica. Quizais manteñan na casa algo deses oficios, pero xa de cara a dentro, posto que exercelos publicamente implicaría pagar impostos e eso xa non compensaría.

Os oficios que teñen como materia prima a pel tamén sofren un efecto parecido en conxunto: de 85 persoas no 1840 pasan a 83 no 1865 e a 27 no 1890, para recuperarse algo no 1920, 47, e baixar no 1935 a 43.

No 1840, os que fan zapatos novos, os mestres de obra prima, son 28 e soben a 46 no 1865, pero caen en picado ata 8 xa no 1890 e desaparecen despois. É dicir, por este tempo semella que os zapatos xa son da compra: veñen manufacturados de fóra.

Ó mesmo tempo, os zapateiros remendóns (que puntualmente tamén podían facer zapatos novos), tenden a manterse, a pesar da baixada de 1890, porque aumenta a poboación e os zapatos da compra tamén hai que arranxalos.

Moitos oficios do metal desaparecen, posto que no 1935 xa non vemos ós armeiros, caldeireiros, cerralleiros, claveteiros, latoeiros, lanterneiros, faroleiros, etc., aínda que si aparecerán uns personaxes novos: 3 afiadores. Permanecen os ferradores, ferreiros e follalateiros. Pero, en conxunto, empezan subindo de 37 a 48 entre 1840 e 1865, para baixar a 19 no 1890, a 21 no 1920 e a 14 no 1935. A maior baixada está nos ferreiros, que pasan de 15 no 1840 a 13 no 1865, a 3 no 1890, soben a 10 no 1920 e volven caer a 2 no 1935. Os ferradores tamén baixan, pero menos: 7, 1, 1, 2 e 4. A chegada dos ómnibus e dos automóbiles[21] non elimina de golpe os cabalos nin os bois e as vacas como forza de



[21]"Están para terminarse las obras de los almacenes que para los automóviles de esta ciudad al Ferrol, están construyendo en la Avenida de Linares Rivas. Nos aseguran que dichos vehículos empezarán a funcionar en la primera quincena del mes entrante». *El Pueblo*, 4-VIII-1900.
«El martes próximo pasado á la una de la tarde llegó á esta ciudad, procedente del Ferrol, uno de los automóviles de la empresa El Oriente conduciendo al Ingeniero encargado de la inspección de los mismos. Regresó á Ferrol á las tres de la tarde». *El Progreso*, 4-XI-1900.
«Desde el 1 de Noviembre empezaron á circular entre esta ciudad y la de Ferrol los Automóviles. De la espendeduría de los billetes, está encargado el que antes era de los coches de la misma empresa, **D. Laureano Andrad**e, dueño de la fonda La Universal. Estos vehículos saldrán todos los días para Ferrol á las siete de la noche, y costarán sus billetes en interior 6 pesetas y en berlina 7,50 pesetas; el servicio de equipajes y viajeros de esta empresa desde la Administración á la estación del ferrocarril estará á cargo de los coches El Veloz, propiedad de **Ginés Almodóvar**». *El Progreso*, 4-XI-1900.



tracción e mesmo para ir e vir a pé das feiras (como a de Betanzos dos días 1 e 16 de cada mes). No 1935 as estradas comarcais aínda están en moi mal estado e os carreteiros de zorras e carros permanecerán unhas cantas décadas ata a chegada das pistas e do tractor.

Por último, cabe dicir que xa desde 1890 desaparecen oficios como peineiros e cereiros. Desde 1920 tampouco aparecen esquiladores, compoñedores de paraugas, cesteiros, brocheiros, alpargateiros, oleiros ou fogueteiros. Na véspera da Guerra Civil a penas había nada do vello espírito artesanal, aquel que dera nome de oficios a tantas rúas da cidade. O Antigo Réxime agonizaba definitiva e tardiamente en Betanzos a mans das transformacións capitalistas do mercado. Xa non era rendible ser un bo artesán. Valía a pena merca-las cousas no comercio.

En resume, tódolos oficios artesáns tenden a desaparecer menos os da construcción (albaneis, canteiros) e os da madeira (carpinteiros, serradores, toneleiros...). Os primeiros pasan de 25 a 30, 41, 77 e 72, o que parece significar un incremento constructivo na cidade desde algo antes de 1920 ata 1935. Os oficios da madeira soben de 51 no 1840 a 58 no 1865, a 66 no 1890, a 86 no 1920 e baixan moi pouco, a 81, no 1935, baixada parella a dos albaneis que quizais fale dun certo freo na expansión constructiva, logo da Revolución de Asturias e pouco antes da Guerra Civil.

2.2.- Pequenos comerciantes



¿Son os chamados industriais, pequenos comerciantes? Cremos que si. A proba está en que cando os pequenos comerciantes que podemos definir ben baixan no 1920, aínda que eso ten algo de real, ó mesmo tempo empezan a subir os industriais. Esto parece querer dicir que moitos pequenos comerciantes desde 1920 (pero sobre todo no 1935) foron considerados de maneira xenérica como industriais nos padróns.

Pequenos comerciantes témolos no ramo da alimentación, tecido e confección, madeira, *ferretería*, comercio de metais, xoguetes, estancos, tabernas, hostais, mesóns, e hainos tamén ambulantes, quincalleiros e mesmo alquiladores de cabalerías.

Internamente as fontes non sempre nos permiten facer unha axeitada comparación, posto que existen termos xenéricos («comerciante», «industrial», «tratante», «tendero»...) que en ocasións (sobre todo no 1935) concentran un excesivo número de persoas. Isto explica, por exemplo, por que os pequenos comerciantes dedicados á alimentación pasan sucesivamente (1840, 1865, 1890, 1920 e 1935), de 42 a 56, a 66, a 42 e soamente a 8 ó final, o que, evidentemente, neste último caso, non responde á realidade. Ou, máis claro aínda, cando vemos que os pequenos comerciantes dedicados ó mundo dos tecidos e confección pasan de 1 a 6, 19, 3 e 0. Son datos incompletos que se complementarían sen dúbida con eses xenéricos «comerciantes», «tenderos», etc.

2.3.- Profesionais liberais medios

¿Que incluímos neste grupo?: pequenos impresores, fotógrafos, pintores, administradores de fincas, delineantes, agrimensores, peritos mercantís, encadernadores, peritos agrónomos, topógrafos, castradores, barbeiros, peluqueiras/os, carreteiros...

En números absolutos, no 1840 hai 17, vindo logo unha subida forte cara a 1865, con 35 (soben carreteiros e barbeiros) e baixando no 1890 a 18. A partir daquí, a subida é forte, tanto no 1920 con 44, como no 1935 con 55, debida en boa parte ós barbeiros/peluqueiros e tamén, en menor medida, ós fotógrafos.

[22]CUNS LOUSA, Xulio. «La Banda Municipal de Betanzos en el siglo XIX». Anuario Brigantino 1984, nº 7, pp. 137 ss.

No 1840 hai 11 barbeiros, 20 no 1865, caen a 6 no 1890 e logo soben a 32 no 1920 e a 33 (inclúese 1 «peluquera» e 11 «peluqueros») no 1935.

2.4.- Pequenos funcionarios

Falamos da administración de xustiza, concello, delegacións estatais e exército, así como do mundo educativo, aínda que aquí vémonos na obriga de xuntar mestres públicos e privados por non establecer as fontes claramente a distinción.

Na xustiza só vemos 1 «alguacil de juzgado» no 1890 e 2 no 1920.

No concello a variedade xa é grande. En conxunto mantéñense estables no 1840, 1865 e 1890 (20, 19, 21) para subir a 37 no 1920 e a 39 no 1935, debido ó maior número de gardas municipais e ós músicos da Banda Municipal que nacera coa Academia de Música no 1852[22].

Consideramos neste apartado tamén o mundo do teléfono, telégrafo, correos e mesmo o ferrocarril. En total soben (1840, 1865, 1890) de 8 a 13 e a 17 para escapar a 41 no 1920 e baixar a 23 no 1935. A subida de 1920 débese ós empregados de correos e ós de consumos, ós que se engaden os de teléfonos e telégrafos.

En canto ós empregos medios e baixos do exército, temos aquí ós gardas civís, a moitos militares sen especificar, carabineiros, voluntarios de Galicia (1 no 1840), cabos e mesmo soldados. En conxunto, evolucionan así: 55, 45, 24, 53 e 40. Nos 55 de 1840 aparecen 20 «carabineros», 13 soldados e 11 militares sen máis. Os «carabineros» seguen, aínda que menos, 16, no 1865 e tamén baixan os soldados a 7. Logo, fonda caída de 1890 (só quedan 3 carabineiros e outros 3 retirados, desaparecendo os soldados e os militares sen especificar). E subida a 53 no 1920, porque reaparecen os «militares» na cidade. Os gardas civís témolos no 1865, 4, no 1890, 5, non figuran no 1920 e vemos 12 no 1935, data na que tamén hai 14 «militares».

Mestres e profesores (deixando aparte os catedráticos) van de 8 e 5 no 1840 e 1865 a 16 no 1890, 24 no 1920, subindo a 33 no 1935 polo efecto da política educativa dos concellos republicanos.

Sobre o mundo relixioso, hai que dicir que Betanzos non é capital de diócese, pertence á de Santiago e, polo tanto, non atoparemos aquí grandes dignatarios eclesiásticos. En conxunto o seu número parece estable: entre 24 no 1840 e 21 no 1865, pero sobe a 36 no 1890 (pola existencia de 19 monxas), chegando ó cumio de 57 no 1920 (aumenta o número de monxas) e manténdose en 55 no 1935.

O paso do tempo dá matices a este grupo. Así, no 1840 vemos os recentes efectos da desamortización eclesiástica de Mendizábal ó atopar 14 relixiosos exclaustrados: a maioría deben pertencer ó convento de San Francisco, pero tamén pode haber do de Santo Domingo. Catro son de Betanzos e, polo tanto, non terían problemas de aloxamento, pero os demais viven en distintas rúas nos barrios de San Francisco e da Rúa Nova, probablemente recollidos caritativamente nas casas dalgúns veciños. Mesmo 3 viven

xuntos no nº 17 da Rúa Nova. No 1890 xa non quedan «religiosos» ou «monjes», pero voltamos a atopalos no 1920, despois da construcción do novo convento de San Francisco no 1914.

Non aparecen reflectidas monxas nos padróns antes de 1890, pero si desde aquí: 19 no 1890; 18 «enclaustradas» (agustinas recoletas) e 15 «hermanas de la caridad» no 1920, e 29 «religiosas», 1 «monja» e 6 «hermanas de la caridad» no 1935, ligadas estas a institucións sanitarias e asistenciais. Pola súa banda, o clero secular (curas párrocos, coadxutores...) permanece moito máis constante.

2.5.- Pensionistas

Consideramos aquí exclusivamente ós que teñen esa denominación xenérica. As súas cifras de conxunto, moi baixas en todo caso, van de 6 no 1840 a unha certa estabilidade: 17 no 1865, 23 no 1890-1920, e 20 no 1935.

2.6.- Estudiantes

En relación ós estudiantes (segundo os datos de 1890 as nenas son escolarizadas de xeito non moito inferior ós nenos), cabe dicir que a subida tan espectacular do seu número desde os 58 de 1840, 24 de 1865, a 822 de 1890, 978 de 1920 e 1.204 no 1935, debe contemplarse (aparte de posibles defectos das fontes de 1840 e 1865) dentro do progresivo interese dos gobernantes españois e locais pola educación, desde a *Lei Moyano* de 1857 ó gran esforzo da Segunda República. Pero tamén hai que ver neste avance educativo unha actitude positiva da sociedade, sobre todo esta de mentalidade pequeno burguesa, que albisca no ensino un medio de subir na escala social.

III.- ASALARIADOS

3.1.- Asalariados de oficios tradicionais

Referímonos aquí ós asalariados de oficios da alimentación, dos tecidos e confección, construcción, madeira, coiro, metal e xoiería. Pasan todos de 5 no 1840 (1 peón e 4 xornaleiros de zapateiro), a 2 no 1865 (oficiais de obra prima), para subir a 82 no 1890, debido fundamentalmente ós 21 peóns de albanel e ós 30 oficiais de zapateiro: unha subida que arremeda a dos xornaleiros agrícolas por esa data e que nos fala de xentes da comarca que «invadiron» á cidade. Do mesmo xeito, caen no 1920 a 6, aínda que soben logo a 22 no 1935, debido sobre todo ós 12 peóns de albanel e a 6 camareiros. No 1935 tamén aparece a figura do picapedreiro, relacionado co arranxo de estradas.

3.2.-Dependentes de comercio

A progresión numérica deste grupo é enorme, sobre todo de 1890 a 1935. Soben en paralelo ós pequenos comerciantes, dos que en xeral dependen, e, polo tanto, é un síntoma máis da bonanza que experimenta este subsector. Eles demostran que os industriais son efectivamente comerciantes. Nembargantes falta saber por que soben os dependentes de comercio no 1920, precisamente cando hai ou parece haber unha baixada de comerciantes. ¿Tratarase quizais nesta data dun erro da fonte, confundíndose as dúas categorías? ¿Ou será que baixaron realmente os comerciantes e os que quedaron intensificaron o traballo mediante o emprego dun maior número de dependentes?



3.3.- Asalariados domésticos

As criadas e os criados do Antigo Réxime non desaparecen doadamente: medran as criadas de 150 no 1840 a 157 no 1865, a 198 no 1890, a 224 no 1920, decrecendo ata 169 no 1935. Diríase que as criadas, a pesar da tendencia a diminuír, seguen a ser necesarias no 1935 para os vellos e novos propietarios, así como para os grandes negociantes e algúns outros que os queren imitar. Están ligadas á casa.

Os criados, en cambio, tenden a desaparecer irremisiblemente, ó pasar de 32 no 1840 a 39 no 1865, a 21 no 1890, a 26 no 1920 e a 5 no 1935.

3.2.- Xornaleiros agrícolas

A subida no número de xornaleiros agrícolas cara o cumio de 1890 é tan espectacular como a baixada posterior. Pasan de 62 no 1840 a 209 no 1865 e a nada menos que 628 no 1890, para caer a 284 no 1920 e a 115 no 1935.

Arredor de 1890, está claro que na propia cidade xurdiron moitos xornaleiros (252, dos que 164 son homes e 88 mulleres), pero a maioría viñeron de fóra (376, 217 homes e 159 mulleres). Foi unha inmigración importante. Diríase que o baleiro deixado na cidade polas víctimas da fame e da epidemia foi cuberto en boa medida por estes xornaleiros e xornaleiras (que tamén se chaman ás veces braceiros e braceiras). Xuntáronse nesta avalancha ás criadas (que pasan de 150 no 1840 a 198 no 1890) e ós asalariados de oficios artesáns (que pasan de 5 no 1840 e 2 no 1865 a 82 no 1890). Desa forma equilíbrase unha poboación que, de non ser por esto, houbera caído a valores inferiores ós de 1840.

Pero as cifras indican que a dinámica económica da cidade non chegou para que esta xente se asentase definitivamente e eso explica a súa desaparición progresiva e inexorable, quizais levada pola corrente emigratoria cara a América.

A distribución destes xornaleiros pola cidade no 1890 demostra que toda ela tiña neste momento un acentuado carácter agrícola, aínda que esa distribución non era uniforme. O

barrio da Ponte Vella, con poucas casas, pero envorcado cara ás terras de Tiobre e do Mandeo (terras de viñas...) estaba á cabeza con 171 (77 homes e 94 mulleres), concentrados, sobre todo, na rúa de Nosa Señora do Camiño («Calle del Cementerio» daquela), na de Saavedra Meneses e na Travesía de Caraña... Pode dicirse que eran rúas de xornaleiros nese tempo.

O barrio do Campo concentra os 151 xornaleiros (103 homes e 48 mulleres), fundamentalmente na rúa de Castro de Unta (no vello barrio da Fonte de Unta), na Cruz Verde (o antigo barrio dos Xudeos nas aforas) e na rúa dos Ánxeles...

No barrio de San Francisco había 112 xornaleiros moi dispersos por tódalas súas rúas, estando á cabeza a de Quiroga e Cervantes. Hai que subliñar que non hai vivindo ningún xornaleiro na rúa onde no 1840 vivían tantos facendados e na que agora vivirían os seus descendentes: a rúa dos Ferreiros.

No barrio da Rúa Nova eran 101 xornaleiros (61 homes e 40 mulleres) os que había, tamén moi dispersos, pero sobresaíndo a longa rúa do Valdoncel, flanqueando o camiño de Castela que ía á Coruña, lugar de antigos facendados.

No barrio da Ribeira había 93 xornaleiros (86 homes e 7 mulleres), destacando a rúa da Ribeira con 41 (40 homes e 1 muller) e a da Marina con 32 (30 homes e 2 mulleres).

En canto á procedencia, por parroquias está á cabeza Tiobre (Betanzos) con 31 xornaleiros. E se falamos dos concellos da bisbarra, viñeron non só dos máis próximos (Coirós, Paderne, Abegondo, Bergondo...), senón tamén de Oza, Cesuras e ata de Lugo.

3.3. Obreiros

En Betanzos non se pode falar de obreiros en sentido estricto, a pesar de que, por razóns ideolóxicas e de defensa dos seus dereitos, moitos artesáns e asalariados, e mesmo campesiños, se agrupasen nas chamadas sociedades obreiras: «Sociedad de Albañiles y Peones La Aurora Obrera de Betanzos» (1903), «Sociedad de Carpinteros de Betanzos» (1903), «Asociación de Obreros Agricultores de la ciudad de Betanzos» (1904)... No 1935 no padrón de habitantes aparecen 3 «obreros», un en activo e dous parados: non sabemos que traballo fan en realidade.

No 1920 atopámonos con 5 electricistas e 4 mecánicos. Os electricistas soben pouco, soamente a 7 no 1935, pero os mecánicos chegarán a 19. En xeral non cremos que fosen autónomos, senón asalariados ou, se se quere, obreiros.

A electricidade chegou a Betanzos a partir da fábrica que construíu D. José López Cortón y Cía. na zona da Ponte Nova no 1895.

Os mecánicos tamén se fan imprescindibles coa progresiva aparición de automóbiles, camións e coches de liña. Porque no mundo do transporte cambia todo: queda lonxe a figura do «alquilador de caballerías», que desaparece pouco despois de 1890 . O «chaufer» será agora o protagonista: hai 3 no 1920 e xa 41 no 1935, xunto a 2 conductores e 2 revisores. Evidentemente, o automóbil, os ómnibus e os camións están gañando terreo, por máis que haxa 8 carreteiros no 1865, 2 no 1890 e 3 no 1920 e 1935.

3.4.- Outros asalariados de servicios

Abondan os empregos de pluma, tales como amanuenses, curiais, escribentes, que pasan de 23 no 1840 a 41 no 1865, para baixar a 32 no 1890, a 15 no 1920, e subir a 22 no 1935. Temos tamén oficiais de barbeiro (7 no 1890) e aprendices de barbeiro (3 nese ano).

IV.- CAMPESIÑOS E MARIÑEIROS

4.1.- Labradores

Os 122 versos da cuarta parte na versión primeira fican reducidos a 90 no libro; as varientes afectan a verbos *locen* (primeira versión), por *están* (libro), no verso catro; *non hachei* (primeira versión, v. 29), por *non topei* (libro, v.21); expresións como *Deo gracias* (primeira versión, v. 21), por *Deo gratias* (libro, v. 13); versos *Pídalle ós ricos podrosos/ E non a no-los labregos* (primeira versión, v. 69-70), por *Miña vella, pida ós ricos/e non veña onda os labregos* (libro, v.39-40); *Meu señor, que estou morrendo!* (primeira versión, v. 74), por *señor, que me estou morrendo!* (libro, v.44); *Si morre ja enterraremos* (primeira versión, v.76), por *Se morre fáiselle o enterro* (libro, v. 46); *(Pero! (E consente, señor/Que eu morra sin ter romedio!* (primeira versión, v. 77-78), por *(Ai, Dios mío!)E osté consente/ que me morra sin romedio?* (libro, v. 47-48); *(Boeno logo!... ter pacencia...* (primeira versión, v.91), por *(Vaya logo!... ter pacencia* (libro, v. 55); *(Polas ánemas benditas* (primeira versión, v. 101), por *(Polas benditiñas ánemas* (libro, v. 69); *(Que gente, Gasús, Dios mío!* (primeira versión, v. 105), por *(Asús, Dios mío, que xente!* (libro, v.73); *Ver si secorren a fame* (primeira versión, v.109), por *ver si secorren ós probes* (libro, v.77); *Pidindo ás portas gemendo,* (primeira versión, v. 118) por *pidindo a própeos e alleos* (libro, v. 86); cambia o adxectivo *desfarrapada* (v. 117) por *esfarrapada* (v. 85) e a conxunción *nin* (v. 126) por *sin* (v. 88) e diante do posesivo coloca o artigo que non aparecía na primeira versión: *Prós que, cal eu, nosa vida* (primeira versión, v. 121), *prós probes que a nosa vida* (libro, v. 89).

A quinta parte consta de 74 versos na primeira versión que fican reducidos a 68 no libro. As variantes son as seguintes: versos: *Levando a yalma cuberta/dun penar fondo, moi fondo* (primeira versión, v. 5-6), *levando na yalma penas/e fame, ademais, no corpo* (libro, v. 5-6); *Nun tellado que esviado* (primeira versión, v. 9), *nun tellado que alá ó lonxe* (libro, v.9); *Y ó achegarse del máis preto/Viu de cote que era un forno* (primeira versión, v.15), *Y ó chegar preto da porta/y alcontrarse con un forno* (libro, v.13); *Veño con moito esconsolo/Buscando unha limosniña* (primeira versión, v. 26-27), *Veño, chea de esconsolo,/*

buscando unha caridade (libro, v. 26-27); *)Y entón no pobo non houbo/Unha presoa que tenra/Se doese dos seus rogos?* (primeira versión, v. 28-29-30), *)Y entón no lugar non houbo/nin xiquera unha presoa/que lle atendese os seus rogos?* (libro, v. 28-29-30); *Así foi que sin dar creto/Ós rogos y ós esconsolos/Que a velliña esfamentada/Lles facía con apromo* (primeira versión, v. 65-66-67-68), *Así foi que, sin dar creto/ós choromiqueiros rogos/da velliña, despidírona/con mofas e con anoxos* (libro, v. 61-62-63-64) ortografía: *crabou* (primeira versión, v. 8), *cravou* (libro, v. 8); *bágoas* (primeira versión, v. 39), *vágoas* (libro, v. 39) palabras, *miña amiga* (primeira versión, v. 25), *señorita* (libro, v. 25); *Agarda* (primeira versión, v. 36), *Espere* (libro, v. 36); *botaran* (primeira versión, v.63), *fixeran* (libro, v. 59); *Namentres* (primeira versión, v. 71), *mentres* (libro, v. 65) *De sospiros* (primeira versión, v. 40), *de traballos* (libro, v. 40); o adxectivo *pesarosos* (primeira versión, v. 44) é sustituído por un sustantivo cambiando o verso de *Cos probiños pesarosos* a *cos probiños e cos orfos* (libro, v. 44); *admirabre* (primeira versión, v. 61), *pasmosa* (libro, v. 57); cambio de lugar das palabras: *Y ó estar cocéndose dentro* (primeira versión, v. 49), *y ó estar xa dentro cocéndose* (libro, v. 49); cambio de xénero do sustantivo *color*: *Coa color mesma dos mortos* (primeira versión, v. 74), *co color mesmo dos mortos* (libro, v. 68).

No primeiro apartado da parte sexta, con estrofas de seis versos, elimina as estrofas 3 e 5, de seis versos, en total son doce versos menos. Variantes nas estrofas conservadas: estrofa catro da primeira versión e tres do libro, versos catro e cinco: *Y agora que morro de fame á miñoca,/Non topo prá boca ni un triste secorro* (primeira versión), *y agora que morro de fame á mioca/non topo prá boca nin triste secorro* (libro); estrofa sete da primeira versión e cinco do libro, versos un e dous: *Cubertos de trapos hastra onde ó cocote,/Pidindo de cote boroa ou farrapos* (primeira versión), *Cubertos de trapos dos pés ó cocote,/pidindo de cote pan, caldo e farrapos* (libro); estrofa oito da primeira versión e seis na segunda, verso cinco: *Coa roupa esgazada ja o fan de camiño* (primeira versión), *coa roupa esgazada xa o fan correndiño* (libro); estrofa dez da primeira versión e oito da segunda, versos dous e tres: *Pra ser susceptibres ás coitas y ós males/Que temos en nós* (primeira versión), *pra ser insensibres ás coitas y ós males/que sofrimos nós* (libro). Na estrofa catorce da primeira versión aparece a forma *ceio* e na estrofa doce do libro *ceo*; a forma do adverbio *dimpois*, na estrofa quince da primeira versión, é sustituída por *dispois* na estrofa trece do libro; a forma verbal *caleime* da estrofa quince é sustituída pola forma *valeime* na estrofa trece do libro.

O segundo apartado da parte sexta, con estrofas de oito versos, conserva o número de 9 estrofas da primeira versión aínda que con algunhas variantes. Na primeira estrofa, no verso dous cambia a forma do adxectivo *debres* por *debles*; na mesma estrofa o verso catro da primeira versión *Dun corazón envolto en feros males* cambia no libro para *dun corazón que sofre feros males*; no verso seis a forma do verbo *arranca* é sustituída no libro por *arrinca*; na estrofa dúas, verso cinco, o adxectivo *malencólicas* da primeira versión aparece como *malencónicas* no libro e o verso seis cambia de *Sospiros (ai! que con tropel inquieto* (primeira versión), para *sospiros fondos que en tropel inquieto* (libro); a interxección *¡ah!* do primeiro verso da estrofa tres aparece como *¡ai!* no libro e os versos catro e cinco transfórmanse de *Cal seres invisibres que entristecen;/ Consolos ¡ai! que ó torvo pensamento*, en *lembranzas treizoeiras que entristecen;/ consolos que o cativo pensamento* (libro); na estrofa catro, verso tres, a forma *ves* con seseo escríbese no libro como *vez*, a forma verbal *arrancadas* do verso seis pasa a *arrincadas* no libro, o sintagma *croeles bágoas* do verso sete convértese en *amargas vágoas* no libro, cambiando o

adxectivo e a ortografía do sustantivo; na estrofa cinco elimina o seseo final da forma *ves* do verso catro e no verso seis engade o artigo diante do posesivo seguido dun nome, *a súa penetración aguce* (libro), o verso sete cambia de *Mescrados ¡ai! cos mágicos lamentos*, para *mesturados cos máxicos lamentos* (libro); na estrofa seis, verso tres, elimina o seseo da forma *ves*; na estrofa sete cambia o adxectivo *afanosos* do verso tres, por *animosos* (libro), o verso cinco *Sombra da paz, que loucos cobizades* pasa a *sombra do benestar que cobizades* (libro), o sintagma *os que encerrades* transfórmase en *os que enterrades* (libro), o vulgarismo *patreotismo* do verso oito pasa a *patriotismo* (libro); na estrofa oito, verso sete, a expresión *Podia ser* transfórmase no libro en *poida dar*.

A parte sete consta de dous apartados, o primeiro en forma estrófica de cuadras e o segundo en estrofas de oito versos. No libro elimina sete cuadras, as números 4,5,6,7,10,11,14, que suman un número de 28 versos e catro estrofas de oito versos, a 2, 4, 7, 10, cun número de 32 versos tamén. Nas estrofas conservadas existen variantes. O verso dous da primeira estrofa, *Coroa con espréndedos fulgores,* pasa a *alumea cos últemos fulgores* (libro), os versos tres e catro, *Aparecen deixando en vals e montes/ Esprandecentes e brilantes coores*, tranfórmanse en *deixando sempre atrás, en vals e montes,/o seu cortexo de brilantes coores* (libro); na estrofa dúas, a forma verbal *ascender* do primeiro verso cambia para *asconder* no libro e, no verso tres, *ámpitos* sustitúese por *cómaros*; mantén o seseo na palabra *lus*, estrofa tres, verso primeiro, o verso dous, *A triste néboa súpeta caía*, tranfórmase en *negra capa de brétema caía* (libro); a estrofa oito da versión primeira e catro do libro cambia a ortografía da conxunción copulativa, o adverbio de lugar *aló* pola contracción de preposición e artigo, a forma verbal *desfacéndose* por *retirándose*, o demostrativo polo artigo e o adxectivo *medrosa* por *medoñenta*; na estrofa que na primeira versión é a número doce e a seis no libro cambian os versos dous e catro, de *Sentada tremelaba ja co medo* a *tremaba xa con medo non escaso* (libro), de *Foise cara ó lugar con paso quedo* a *foise cara ó lugar pasiño a paso* (libro); na estrofa trece que corresponde á sete no libro varían os versos un e dous, *Y ó topar preto del con un pendello* pasa no libro a *Y ó toparse, ó chegar, con un pendello*, o verso dous *Co tempo esborrallado, de imporviso* convértese en *que o tempo esborrallara, de improviso*; no verso un da estrofa quince (oito no libro), o adverbio de tempo *entonces* é sustituído polo pronome persoal feminino *ela*, engadindo o adverbio de lugar *alí*; na estrofa dezaseis (nove no libro), o verso dous pasa de *Sin razón, nin sosego, nin sentido* a *cuáseque sin sosego e sin sentido* (libro); no verso dous da estrofa dezasete (dez no libro), cambia o sustantivo *terror* por *temor* e a forma do adxectivo *esquecida* por *esquencida*; na estrofa dezaoito (once no libro), no primeiro verso cambia *a probiña* por *a coitada*, os seguintes versos da cuadra transfórmaos case por enteiro: *Envolta en door coa fame pelexando!/ Nin acouga non dorme... (coitadiña!/(Todo dela parés que vai marchando* (primeira versión), *co pantasma da fame pelexando.../Nin dorme nin acouga... (malpocada!/(Que ha de acougar si a fame a está matando!...* (libro). No segundo apartado, en todas as estrofas conservadas hai variantes que afectan a partes ou versos enteiros sirva como exemplo a estrofa primeira que varía case por completo na segunda parte, pasando de *Y ó estar dormindo cáxeque/Coa moita fame páleda,/Sinteu un ruído súpeto/Nos aires estralar./Mirou y ó ver rompéndose/Con lus a sombra escuáleda,/Repuxo presinándose:/ «¡Gasús, vanme matar!»*, a *Y ó estar dormindo cuáseque/coa moita fame páleda/ escomenzouse, súpeto,/o espazo a alumear./E cando a lus a túneca/rachou da sombra*

escuáleda,/un esprandor fantásteco/apareceu no ar (libro).

Na parte VIII elimina dúas estrofas de oito versos, as números tres e catro e conserva parte da sete e da oito nunha, sendo polo tanto un total de 24 versos os que se suprimen; as variantes, nas estrofas conservadas agás na dúas e nove que varían case por enteiro, son menos e afectan a palabras e expresións como *resprandores* (estrofa 1, v. 2) por *esprandores* (libro), *pracenteira* (estrofa 5, v. 7) por *gasalleira* (libro, estrofa 3, v. 7); *satisfeita* (estrofa 6, v. 5) por *tranquila* (libro, estrofa 4, v. 5), *estreizoado* (estrofa 10, v. 3) por *desleigado* (libro, estrofa 7, v. 3), *me mandou* por *me encargou* (libro, estrofa 7, v. 8).

A parte IX consta de 66 versos na versión primeira que no libro son 59; as variantes, salvo na parte final son moitas podendo falar case dun novo texto.

Os 85 versos da parte X convértense nos 79 do libro; hai variantes que afectan a palabras, expresións, algún verso enteiro e cambio de lugar de palabras.

A parte XI está dividida en catro apartados, os 24 versos do apartado primeiro da primeira versión pasan a 14 no libro; os 28 versos do segundo apartado pasan a 22; os 26 do terceiro son 24 no libro e no apartado cuarto consérvase o mesmo número de versos (12); as descricións son máis extensas na primeira versión, utilizándose moitas perífrases; nos versos conservados hai variantes que afectan a palabras na forma ou cambio de lugar, expresións e versos.

A parte XII, na versión primeira, constaba de seis cuadras que fican reducidas a cinco no libro; o eu poético, na versión do libro, non fala só da lenda senón tamén do seu labor de contador dun pasado que se contrapón aos que cantan o futuro. As variantes afectan á forma e tamén ao contido, tendo a versión do libro un carácter máis xeral.

Pasados oito anos desde a publicación da primeira versión da composición premiada nos primeiros Xogos Florais de Betanzos, o autor decide incluíla no seu primeiro libro *Folerpas* que formará parte da colección *Biblioteca Gallega* de Martínez Salazar. Nun camiño perfeccionista, Eladio Rodríguez propúxose lograr dous obxectivos, o primeiro, como excelente filólogo, sería a corrección lingüística nunha época na que a escrita se caracterizaba polas vacilacións, tratando de conseguir unha lingua unitaria e o máis correcta posible na forma, na semántica e na sintaxe, eliminando na segunda versión os apóstrofes, o uso das grafías **j** e **g** , o uso das maiúsculas no inicio de cada verso e palabras que considera vulgares ou non galegas, aínda que non sempre a segunda versión cambie para mellor; o segundo sería de carácter poético, na procura dunha mellor expresión lírica cambia palabras ou expresións por outras que considera máis poéticas, elimina as descricións que poderían resultar demasiado extensas, refundindo estrofas e suprimindo os procedementos que desenvolven máis a expresión nun proceso de concentración sen afectar, en xeral, á liña argumental. Os únicos cambios importantes de contido afectan á parte primeira de maneira que na versión do libro a crítica aos defensores do tempo presente como un tempo de luz e progreso é menor e o sentimento patriótico da primeira versión na percepción dun destino bo para a patria galega nese camiñar de Galicia cara a súa redención e na defensa da lingua disminúe tamén na versión do libro, feito que podemos comprobar tamén na terceira parte onde as referencias ao antigo reino suevo, aínda que compensandas en parte pola introducción de símbolos celtas, desaparecen. Nese desexo de redondear a obra Eladio Rodríguez acerta en xeral no plano lingüístico e estilístico pero no plano do contido o sentimento patriótico perde forza.

Reproducimos a continuación as dúas versións por orde, a primeira publicada na revista *Galicia* de Martínez Salazar e a segunda que figura no libro *Folerpas*:

O PUZO D'O LAGO [1]

LÉNDA

Lema:

«Eu non quero ir á Betanzos
»Ganal-o prémeo ofrecido
»Sinon pra lembrar somentes
»O que temos esquecido.»

I

Eu non veño cantar, cal outros cantan
Armoñosas canciós. D'a miña lira
Os próbes écos sólo se levantan
Pra lembrar d'uha lénda que sospira
Os subrimes recordos que m'encantan.
A miña débre voz sólo s'ispira
N'o pasado que loita morimundo
Por verse relembrado n'este mundo.

Amante de Galicia, anque sin nóme,
Vóuvos contar d'a pátrea en que fun nado
Unha história qu'o tempo en vau consóme;
Hestória que loitando c'o pasado
Venceu d'os sigros é hoje con renóme
Vai o mundo admirala espaventado;
Hestória d'esas que tan sólasmentes
Gardadas viven n'a fieldá d'as gentes.

Cando de nen'ó mimo d'a lareira
Miña nai contos véllos me contaba,
Sintía que miñ'alma lastimeira
Un mesterioso arcano descifraba;
Hoje qu'os anos ¡ai! co a sua carreira
Me roubaron a paz qu'enton gozaba,
Non pódo inda esquecer, por máis que fago,
Recordo aquel d'*a tradicion d'o Lago.*

Unha d'esas hestórias mesteriosas
Qu'alcontra a fé costante d'os poetas
Desque véñen loitando pesarosas
Con mil e mil generaciós inquietas;
Unha lénda d'as que hoje esprendorosas
Mostran suas galas puras e compretas
Diant'a faz d'este sigro esprandecente
Que contempra o pasado indiferente.

Ja sei qu'os vates d'hoje están chamados
A cantar as bellozas de Galicia:
Ja sei que seus deberes máis sagrados
Son descobrir os trunfos qu'en justicia
O porvir pr'os gallegos tén gardados.
N'o pasado pra min está a dilicia:
Nada sei d'o porvir: non son profeta:
¡Xiquera o nóme teño de poeta!...

Outros ispiraciós tópen divinas
D'as augas n'os murmullos rugidores,
Ou tal ves n'as estrelas pelegrinas
Que brilan con angélicos fulgores

(1) A mi respetable amigo Sr. D. José Quiroga.

En noites craras de lembranzas dinas:
Outros n'os malencólicos romores
D'as álbores, alcontren ideäles
Pra conquistar loureiros inmortales.

Suas loucas ambiciós non-as cobiza
A miña endomeñabre fantesía:
Canten a lus qu'eu alcontrei sombriza
D'este sigro inmortal con energía:
Gocen d'a gróría a sombra qu'os feitiza:
Busquen, sí, n'os progresos d'hoj'en día
Nobre porvir pr'a pátrea galleguiña...
¡O mundo é seu mail-a beleza é miña!

Eu vexo aparecer esprandecente
D'o futuro gallego o sol devino:
Eu sinto rebulir n'a miña mente
Un númen mesterioso e pelegrino:
Eu precibo n'o meu afán ardente
D'a miña pátrea o fúlgido destino:
Eu lévo en min as chaves inmortales
Que gardan d'o pasado os idëales.

Eu conozo as belezas nespricabres
D'a sin igoal gentil Naturaleza:
Penetro n'os sacretos insondabres
Qu'atesouran poemas de grandeza:
Vexo d'a pátrea os trunfos nimitabres:
Sinto qu'a nosa redencion comeza,
¡E n'os latejos d'o meu peito ardente
Sinto o mundo latir continoamente!

Os qu'esta tradicion gozosos ledes
Facei conto que falo d'as verdades
Esquecidas debaixo, cal sabedes,
D'os curutos d'o olvido... ¡Que coidades!
¿Qu'é mintira o qu'eu digo?... ¡N'o pensedes!
Pois sosteñer sabrei cando queirades
Qu'é o pasado ja cuase morimundo
Que se vai ver lembrado n'este mundo!

¿Quen diría qu'os céltecos gallegos
Suas tradiciós tivesen esquecidas
Sigros tras sígros sin conocer, cegos,
As lembranzas que gardan ascondidas?
¿Quen dirá qu'en Galicia n'hai achegos
Pr'as grandezas c'o tempo escurecidas?
Hastr'o mesmo pasado, morimundo,
Vai quedando olvidado ja n'o mundo!

Hoje camiña pol-o mundo adiante
En pelegrinacion aventureira
Buscand'o prémeo ó seu loitar costante;
Y-ó querer amostrar por ves primeira
O encanto qu'atesoura lumeänte,
Emprende sua mision conquistadeira
Próbe, sí, porque a nai quo lle dá vida
E unha lira cozáis desconocida.

Almas sensibres, almas que gozades
Co'as tradiciós d'a pátrea en que nacestes;
Nobres gallegos que vos afanades
Pol-o grande porvir qu'en sonos crestes;
Seres que tolos vos antusiasmades
Co'as léndas que de nenos deprendestes,
Deteivos c'o respeto máis profundo
Diant'a vóz d'o pasado morimundo.

O qu'eu digo, ja o vedes, non é novo
Pois de véllo ja cai esborrallado
E si o canto n'a fala d'o meu pobo
Falto d'encantos, próbe, esfarrapado;
Si co'as forzas que teño non-o movo
D'o seu leito onde dorme ensoniñado,
Acordaivos que con delor profundo
Alcontrei o pasado... morimundo.

II

N'un prácedo vergel amorosiño
Antr'os moitos que n'estas térras hai,
Descóbrese o garrido Carballiño
Linda vila pr'aquel que vela vai.

Préto d'ela n'o chão descoberto
Hai un puzo rodeado d'herba e fror
Ond'o jílgaro amostra seu concerto
E ond'o melro asubía con primor.

A iste puzo os rapaces sempr'acoden
Batuxarse n'o vrau cando fai sol,
Mais tén sitios tan fondos que non póden
Ver s'o leito d'a y-auga é duro ou mol.

E n'o medio cal próba verdadeira
De qu'en tempos pasados esto foi,
Levántase unha altiva carrouceira
D'herba e junco onde nunca entrou o boi.

Pois d'a beira gardada con firmeza
Pol-a yauga prateada qu'alí está,
Din as gentes qu'a mesma Natoreza
Móstras deixou qu'acraran a verdá.

Á sua beira hay touzales e piñeiros.
Mazanceiras, carballos e nogals,
Ringuileiras de grosos castiñeiros
Y-arboredas de longos salgueirals.

Os céfros n'estes sitios son mainiños
E dan cheiros ó espazo as moitas frols,
E n'os soutos n'as pólas pousadiños
Trinan alegres ledos rousiñols.

Sigun contan os homes ja máis vellos
Pol-os cales eu sei a tradicion,
Disque foi este punto un d'os concellos
De máis nome e de máis estimacion.

E si coidas, leutor, qu'esto é paróla
Qu'eu argallo mofándome de tí,
Contareiche somente a verdá sóla
Tal e como se conta por aquí.

III

Aló n'os tempos antigos
Qu'a nosa mente contempra
Con louca ademiracion
Cando n'os veñen á idea,
Correndo o sigro de nove,
Ano oito centos corenta,
Alcontrábase bén firme
Levantado con fachenda
Un pobo, nobre cal todos
Os descendentes d'a Suevia,
Co' seus soutos e seus vales
Y-as sombrizas alboredas
Donde daban armunías
Ó chegal-a primaveira
Paxáros que c'os seus cantos
Anamoraban ás cheas
N'os castiñeiros bulindo
Que s'erguían pol-as veigas.
N'este pobo, cheo d'encantos
Pr'os verdadeiros poetas,
Nosos pasados vivían
Sinon con moita grandeza,
Xiquera c'o necesario
Pra ser felices n'a térra;

Y-anque non tiñan folganza
Nin menos grandes riquezas,
Iban vivindo n'as chouzas
Sin conocel-a miseria
Traballando con cariño
Os eidos,hortas e veigas
De qu'eran donol-os próbes
Sin cobizar outras rendas
Com'aqueles que s'alcontran
Satisfeitos co'a probeza
Sin remordemento algun
Nin ambiciós nin xenreiras.
N'o centro d'un val garrido
Tiñan as suas vivendas
Levantadas con descoido
Entre risoñas pradeiras
Que n'o inverno lle servían
Pr'acocharse baixo d'elas
Y agarimarse d'o frío
Que trán as noites c'as tréboas.

IV

N'unha mañá de San Joan
D'ese mes tan feiticeiro
Cand'as álbores y-os campos
Locen de froles cubertos
E cand'alumea o sol
C'os resprandores máis meigos,
Ó ser as once d'o dia,
Con pasiño preguiceiro,
Chegou ó pobo unha próbo
Sin poder tomar alento,
D'esas que piden ás portas
Envoltas solo en fatelos
C'o coiro todo engurrado
E co'a o morriña n'o peito,
Esfamentado o sembrante
Y-o mirar que daba medo
Cal si sofrise n'o corpo
Croëles remordementos.
Ó dar c'a primeira chouza
Qu'alcontrou d'alí máis preto:
—Deo gracias, dixo chamando,
—Quen está, lle responderon,
—Unha coitada velliña
Que vai buscando sostento.
—Diol-ampare, que por hoje
Nada que darlle non teño.
—Pol-amor de Dios, señora,
Que ja veño de moi léxos
E non hachei en ningures
Pr'a miña fame romédio.
—Vaya con Dios, ja llo dixen:
Non me turre pol-o génio
Qu'estou de frema moi mala
Y-encomodarme non quéro.
—E logo, algunha cousiña
¿Non terá pra min de geito?
—Seica m'atenta. ¡Recoiro!
¿Ou non tén conocemento?
¡E canto pode acurrirse!...
Eu qu'a miña vida levo
Ganando farta de fame
E de sudores inmensos
O pan con qu'hei de vivir
¿Está bén qu'agora mesmo
Ll'o déa á vostede agora
Quedándom'eu sin sostento?
—Pero, señora...—J'ó dixen:
Fuja d'a porta correndo.
—¡Válam'a Virge d'o Cárme
Y-os santos todos d'o ceo,
Que gente tan desleigada
Vive dentro d'este puebro!
Cacheál-as vivendas vou
Todiñas, todas á eito
Pra ver s'atopo un bocado
Con que calmar un momento
Esfa fame que treidora
Me roi o corpo por dentro.
—Ave-María, repuxo
N'a qu'alcontrou máis á geito.
—Sin pecado concebida,
De contado lle dixeron.
—Se favorecerme póden
C'unha cousiña d'achego
Qu'hoje fai, sin mintir nada,
Tres dias cuase compretos
Que pasa miseria moita
Meu corpo de fame cheo.
—Pídalle ós ricos podrosos
E non a nól-os labregos
Qu'andamos noit'e máis dia
Traballando pra manternos.
—¡Pol-a Virge d'os Delores,
Meu señor, qu'estou morrendo!
—¡Y-osté que quer que lle faga!
Si morre j'a enterraremos.
—¡Pero! ¡E consénte, señor,
Qu'eu morra sin ter romedio!
—¡Bó! ¿Y-anque morra qu'importa?
Ó fin todos lle morremos.
Eses son ditos qu'os próbes
Coma vosté, deprenderon
Pra manterse á conta nosa
Y-andar dende pequerrechos
Afeitos á esa gandaya
Sin traballaren n'os eidos.
—Pero vosté bén conoce
Qu'eso eu non pódo facelo.
—¿Seique de léria tén gana?
Non dou nada que o non teño.
—¡Bieno,logo!... ter pacencia...
Sofrir... calar... n'hai romedio!...

. . . . . .

—Diol-o ajude, señor cura,
Dixo atopando c'un crégo.
—Sea ostede bien venida,
¿E pr'onde vai tan correndo?
—Vou pidindo unha limosna.
—¡Ah, vai pidindo!... Pois boeno.
—¡E non me da un ichaviño!
—Non, señora, que o non levo.
—¡Pol-as ánemas benditas,
Señor, que morro de feito!
—Ja lle darei outro dia
Qu'agora vou vel-os eidos.
. . . . . .
¡Que gente, Gasús, Dios mio!
¡Que gente mala vou vendo!...
Alí está unha casa grande,
Vóume sin perda de tempo
Ver si secorren a fame
Ou s'eles son limosneiros.
. . . . . .
¡Ai, que can negro alí estaba!
¡Que can tan grande e tan fero!
Por achegarm'ond'a porta
Esgazoum'os meus fatelos
Sin reparar qu'unha próbe
Pra vivir sin sofrimentos,
Tén qu'andár desfarrapada
Pidindo ás portas gemendo.
Pero... ¡que pobo!... ¡que pobo
Sin caridá nin apego
Pr'os que, cal eu, nosa vida
Á humanidade debemos!...

D'esta maneira falando
C'o peito choo de loito
A coitadiña mullere
Saléuse fóra d'o pobo
Largand'a yalma cuberta
D'un penar fondo, moi fondo;
Y-ó ter andado un anaco
Pequeno, crabou os ollos
N'un tellado qu'esviado
D'o lugar aquel un pouco,
Viu erguido d'arrepente
Fumegando aló antr'os soutos.
Foi car'alí camiñando
Pra pidir algun secorro;
Y-ó achegarse d'el máis préto
Viu de cote qu'era un forno
En doude estaban cocendo
Tres mulleriñas sin folgo
Qu'anqu'eran caritativas
C'os probiños e c'os horfos,
Tiñan ceibados n'o peito
Sentementos ambizosos.

—Teñan vostedes boas tardes.
—Boenas y santas. E logo,
Que quería miñ'amiga?
—Veño con moito esconsolo
Buscand'unha limosniña.

—¿Y-enton n'o pobo non houbo
Unha presoa que tenra
Se doëse d'os seus roños?
—Non señora. Dend'as once
Que cheguei sofrindo moito
Non alcontrei por disgracia
Xiquera un triste consolo.
—¡Váll'a Dios, miña joiña!
Agard'estonces un pouco
E unha bica lle daremos
Pra que faga bén ó corpo,
Que n'este mundo de págoas
De sospiros y-esconsolos,
É mala cousa, abofféllas,
Que seámos como somos
Tan bulrons e tan mezquiños
C'os probiños pesarosos
Qu'improran a caridade
Pidindo en todol-os pobos.

Fixeron, pois, unha bica
E metérona n'o forno,
Y-ó estar cocéndose dentro
Foi medrando de tal modo
Que todas tres, aparvadas,
Mirándose con asombro
Dixeron qu'era un milagre
D'os que fai Dios generoso
C'os que secorren ós próbes
Dando limosna d'abondo.
Mais todas tres c'o cobizo
De quedar, por seus antojos,
Co'a broa gardada enteira
Meteron moitas n'o forno
E todas ¡cousa admirabre!

Saían d'o mesmo modo
Qu'a primeira que botaran
Pra darlle á próbe un secorro.
Así foi que sin dar creto
Ós rogos y-ós esconsolos
Qu'a velliña esfamentada
Lles facía con apromo,
Espidírona dond'elas
Con mofas e con anojos;
E namentres quedan rindo
Rindos'ás cheas d'o conto
A probiña camiñaba
Co'a color mesma d'os mortos.

VI

¡Ca-este, qu'argullo;—marchaba dicindo—
Quedáronse rindo de min á barullo
Sin ter voluntá!
¿Y-é justo mofarse n'o mundo d'os vellos?
¿Quen dá estes consellos? ¿é Dios por vingarse?...
¡No!... Dios non-os dá.

. . . . . .

¡Que gente malvada!... ¡Non sei que lle chame!
Non miran qu'a fame n'o peito pousada
Dá moito delor;
Y-agora é costume n'as máis d'as aldeas
Dicirnos ás cheas de todo en resúme:
«Qu'o ampare el Señor.»

Meu corpo tolleito co'a malencolía
Non sinte alegría nin vexo n'o peito
Pousar máis que fel.
E sempre cruzando sin tino e con calma
Camiña miñ'alma pra s'ir achegando
Ó fin máis croel.

Rozando n'os montes, cavando n'as terras,
Dormindo n'as serras sin ver hourizontes
A infancia pasei;
Y-agora que morro de fame á miñoca,
Non topo pr'a boca ni'un triste secorro
Por máis que busquei.

¡Nó'ser!... este empreo qu'eu teño n'a terra
Todiño se encerra á manterme d'o alléo
Sin ter nada meu.
Así é que pr'as coitas que levo d'encolo
N'atopo consolo pra vel-as enxoitas
Cal Dios prometeu.

¡Que vida famenta pasamol-os próbes!
¡Meu Dios! Ti que móves á terra cruenta
Con sólo tua mau,
Acórdate enriba d'os moitos traballos
Y-os máis arrangallos que en cráis tan cativa
Sofrimos n'o chau.

Cubertos de trapos hastr'ond'ó cocote,
Pidindo de cóte boroa ou farrapos
Á humanidá,
Tal é a vida nosa servindo d'escravos
Juntand'os ichavos qu'a gente podrosa
Por lástema da.

N'as portas d'os ricos están os cadelos
Gardand'os couselos d'a pedra d'os picos
Qu'está n'o portal;
Y-ó ver un probiño somars'ond'á entrada
Co'a roupa esgazada ja o fan de camiño
Fugir d'o curral.

Si ós ricos sin trégoas pidimos co'a vista,
Ja... ¡Dio'nos asista! dond'eles ás légoas
N'hai máis que fugir.
¡Y-aïnda se téñen por moi caridosos
C'os próbes queixosos qu'á porta lle veñen
Limosna pidir!

N'hai duda qu'os tales cobizan ser libres
Pra ser susceptibres ás coitas y-os males
Que temos en nós,
Pois cando paseando topámol-os fonchos,
Botando reconchos contestan berrando:
«Camiñe con Dios.»

¡Que fame roedora tan negra e tan fera
Dixera calquera que son eu treidora
Pra Dios e pra min.
Y-aféllas qu'ó verme marchar contristada
Buscand'a pousada y-o pan pra manterme
Non sei que sintin.

¡Eu morro!... mirade... ¡De fame langreo!...
Meu peito está cheo quizáis de maldade...
¡Que ll'hei de facer!...
¡Non podo comigo!... ¡Parés que m'esmayo!...
¿Que teño?... ¿Que trayo?... ¿Que falo?... ¿Que digo?...
¿Que poderei ter?...

¡Ouh Reir.) d'a gracia, naiciña quirida,
Qu'eiquí n'esta vida non vich'a disgracia
No teu curazon!...
¡Por Dios, consolaime que o pido cal vedes,
Mais s'é que o facedes, señora, amparaime
Tamen... ¡compasión!...

Facei qu'os delores meus dias rematen
Qu'anque hoje me maten con croeles rigores
Serei eu felís;
Y-ó verme mirada n'o céio d'os Santos
Con tantos encantos serei estimada
N'aqueles confís.

. . . . . .

¡Quen leva sabido dimpois que morremos
Si o posto que temos aló adiquirido
Será padecer!!...
¡Asús! enganeime...,. morrer é moi malo...
¡Non sei o que falo!... Señora... caleime...
¡Non quero morrer!!!...

Palabras ¡ai! cubertas d'amargura,
Tristes, amargas, debres e fatales,
Salidas con fatídica tristura
D'un corazon envolto en féros males;
Palabras que tan sólo a desventura
Ll'arranca á y-alma; frases sepulcrales
Que de loito e de penas mesturadas
Pol-o esfertunio foron prenunciadas.

Lamentos ¡ai! que desenganos deixan
N'os seres que padecen en sacreto
Os despreceos treidores que os aqueixan;
Desafogos quizáis qu'o door compreto
D'as almas malencólicas aleixan;
Sospiros ¡ai! que con tropel inquieto
Firen a y-alma, abouban os sentidos
E consolos en sí levan perdidos.

Consolos ¡ah!... consolos de tormento
Que fogen, véñen, van e desparecen
En rápedo e confuso movemento
Cal séres invisibres qu' entristecen;
Consolos ¡ai! q'ó torvo pensamento
Con lóbregos recordos estremecen,
Cal si penas n'a y-alma n'os deixasen
Y-as poucas alegrías nos roubasen.

Queixas de cóte tristes e doridas
Fillas somentes d'almas angustiadas,
Tal ves n'o mesmo corazon nacidas,
Tal ves en tristes horas engendradas,
Tal ves d'os beizos con delor salidas,
Tal ves á fortes penas arrancadas,
Tal ves de croeles bágoas mensageiras,
De pesares tal ves queixas tristeiras

Lúgubres áis, gemidos inhumanos
Qu'o delor máis despóteco produce...
¿Quen seus ecos monótonos, tiranos,
Ó noso corazon tal ves conduce?

¿Quen conoce os amargos desenganos
—Por máis que sua penetracion aguce—
Mesorados ¡ai! c'os mágicos lamentos
Que sán d'a nosa y-alma pesarentos?

¿Quen sabe si esas penas, si esas coitas,
Si eses áis, si esas queixas lastimeiras
Serán tal ves d'as continoadas loitas
D'o corazon as tristes compañeiras?
¿Quen sabe si quizáis n'ás penas moitas
Qu'a nosa y-alma sofre treizoeiras,
Nacerán, recobertos d'amargura,
Eses salayos fillos d'a tristura?

Os que n'a vida sin cesar levades
A sede negra de topal-a groria
Tras d'a cal afanosos camiñades;
Os que vistes con júbilo a ilusoria
Sombra d'a paz, que loucos cobizades
Pr'o fulgente esprendor d'a nosa hestoria;
Os qu'encerrades ¡ai! n'o fondo abismo
D'o despreceo o gallego patreotismo...

Os que sintides algo qu'en sacreto
Vos roi'o corazon; os qu'o infinito
Anhelades n'o voso afan inquieto...
Vosoutros ¡ai! que cal un vil proscrito
Levades o desdén d'o mundo, preto
D'o corazon continoamente escrito,
Pódia ser que vós mesmo sospeitedes
O orígen d'eses áis que padecedes.

Así como a tormenta enfurecida
Deixa sólo n'os campos e vergeles
A tristura de cóte esparegida,
Así tamen os dóores mais croeles
Cebándose n'a vélla delorida,
Deixáronlle n'a yalma amargas féles
Y-o corazon cobríndolle de coitas
Sofrir fixéronlle ¡ai! odiosas loitas.

VII

Era n'a hora en qu'o sol os hourizontes
Coróa con espréndedos fulgores
Aparecen deixando en vals e montes
Esprandecentes e brilantes coores,
Y-ó ascender tras d'a cima d'alta sérra
Seus mágicos refrexos derradeiros
Parecían os ámpitos d'a térra
Torres de lume en campos feiticeiros.
A lus iba morrendo. Pol-o ambente
A triste néboa súpeta caía
Cal exército mudo que valente
Consigue o trumfo que lograr quería.
¡Todo é tenro en Galicia! Ese momento
Malencólico e dolce c'a sua calma
Seméllase ó profundo sentimento
Que se desperta enton dentro d'a y-alma.
Tod'a terra de groria está cuberta:
Piando n'a arboreda están as aves
Tristes quizáis ó ver qu'a lus incerta
Se convirte en refrexos máis soaves;
Y-ó mirar soñolento o sol n'a cume
Fugindo entre vivíficos fulgores
Van quedand'os regueiros cheos de lume
Rebuldando c'os mainos resprandores.
. . . . . .
Chegou por fin o istante destinado
Pol-o Rei d'o Universo á escuridade;
Chegou, pero chegou enmedoñado
Coma sempre sin traer cousa qu'agrade.
Os picoutos qu'o sol cintileäba
Trocaran ja de coor y-aló n'o ocaso,
Desfacéndos'a lus, queda baixaba
Esa sombra medrosa paso á paso.
Longa masa de negro s'estendía

Pol-os curutos cal legion de bruxas
Que montes e pradeiras recobría
De soledá c'o canto d'as curujas.
¡A noite é triste! A imágen d'os doöres
Suas alas trai cubertas de tristura;
Nada queda d'a lus nin resprandores,
Fóge todo ó mirala tan escura;
E n'o espazo onde brilan as estrelas
C'o esprendor máis fulgente e feiticeiro
Descóbrese perenne en medio d'elas
Cal lámpara d'os céos... un luceiro.
A coitada velliña chea de loito
Sentada tremelaba ja c'o medo:
Levantóuse d'a pédra e sin ver moito
Foise cara ó lugar con paso quedo;
Y-ó topar préto d'el con un pendello
C'o tempo esborrallado, d'imporviso
Meteuse baixo d'el, pois anque vello,
Considerouno enton un paradiso.
Chea de penas, cangada sin delito,
Sentouse n'unha pédra, apesarada;
Rabuscou aquel chau pr'ela bendito
Nada achou nin co'a vista topou nada.
Quixo entonces poñerse d'arrudillas,
Quixo pidirll'á Dios que a secorrese,
Y-ó pousar, pra facelo, suas rudillas
Esmayada caíu cal si morrese.
¡Mirade pr'ela! Alí n'o chau deitada.
Sin razon, nin sosego, niu sentido,
¡Miña joya! alí está desemparada
Reloucando quizáis d'haber nacido.
D'as gentes a indifrencia sempre fosca,
O terror de morrer alí esquecida
Y-a fame que no peito se ll'enrosca
É moi fácil qu'acaben c'a sua vida.
¡Tumbadiña n'o chau está a probiña
Envolta en doór co'a fame pelejando!
Nin acouga niu dórme... ¡coitadiña!
¡Todo d'ela parés que vai marchando!

Y-ó estar-dormindo cáxeque
Co'a moita fame páleda,
Sinteu un ruido súpeto
N'os aires estralar.
Mirou y-ó ver rompéndose
Con lus a sombra escuáleda,
Repuxo presinándose:
«¡Gasús, vánme matar!»

Enton as negras gárgolas
D'as nubes esgazáronse
Fugindo en ringlas rápedas
Enchidas de negror.
E c'o esprandor fantásteco
Os campos alumiáronse
Y-as froles aromátecas
Recendían c'o olor.

Aló n'os altos ámbetos
Con pasmo foron víndose
Luciñas moi espréndidas
Baixar pr'esta region,
Y-en tod'o espazo cóncavo
As néboas desfacéndose
Deixaron vel-as álbores
N'un louco fulion.

Aqueles rayos lívidos
Que viñan sacudíndose
N'aquela noite lóbrega
Con maino relumbrar,
Non era un sono mágico
Debido á estar durmíndose
Nin foi c'o moito júbilo
Un rauto de chorar.

Co'a fame cadavéreca
Os ollos refregándose
A vélla malencólica
De car'ó céo mirou.

Rodeada d'unhos ángeles
Viu vir de pé baixándose
A Reina d'as imágenes
Qu'ond'ela s'achegou.

A Virge recreiándose
N'a sua compañ'angélica
Chegóus'á probe méndega
Qu'estaba pra morrer.
Y-ó estar cerquiña díxolle
Con moita gracia célica:
«Filliña, a nai d'os méndegos
Vénte hoje secorrer.

»Ja sei con moita lástema
Qu'a máis d'a gente gózase
Con ver sirvir de márteres
Ós probes coma tú;
Mais esta vida y-áspora
Eiquí n'a terra, adózase
Con outra longa e práceda
Pr'os fillos d'a virtú.

»Ti cala e dalle trégolas
Ó teu penar tan grávido
Non chores mais y-escóitame
Qu'eu voute consolar.
Mañá este pobo déspota
Qu'así t'ajou impávido
Será, de órde profeteca
Mandado asulugar.

»Pois ja que foi indócele
De ti e de min mofándose
Dend'hoje mesmo fágoche
O qu'eu mandei, cumprir;
Que Dios n'o ceo—repúxolle—
De tanto mal fartándose
Pr'o castigar mandóuchemc
Baixar pra ch'o dicir.

»E co'este exempro trágico
Que dou, de ti doéndome
As gentes máis despótecas
Así escramentarán;
E ti ó morrer estáteca
N'o céo estarás véndome
Cantando dolces cántigas
C'os ánges qu'alí están.»

Calóus'a Nai d'as Vírgenes
Y-en nube d'ouro erguéndose,
Rubíndose... rubindose...
N'o espazo se perdeu,
Y-á méndega esforzándose
Por vela ir ascondéndose,
Quedóu c'os ollos lánguedos
Mirand'aló pr'ó céu.

VIII

Y-entramentres que rubían
Pol-o espazo os resprandores
Os ánges encantadores
Iban todos a cantar,
Mail-a vélla esconsolada
Con pena e con alegría,
Dudando de canto vía
Escramaba sin berrar.

¿Y-él poderá ser verdade
Qu'a Virge veñ'á pé feito
Baixando con tanto geito
Hastra comigo atopar?
Parece un conto de véllas
Pero... pilleivos un medo
Que n'aquel sitio tan quedo
Coidei que m'iban matar.

¡Que rayos! ¡Que resprandores!
Alumeaban os camiños!...
¡Si os virádes, quiridiños,
N'o negro espazo brilar!...
Si virádes dentro d'eles
Baixar a Nosa Señora
C'a sua gracia sedutora
Y-antr'os ánges refrexar!...

¡Ave María purísma!...
¡Asús, nunca Dios me déra!
Si l'o contara á calquera
Faría mofa de min.
¡Nó, ser!... ¡Qué cousa máis linda!
Cáxequ'eu mesma non creo
Que baixase dend'o ceo
A Virge com'eu a vin.

Chegar con tanto angeliño
De tanta lus rodeada
Y-ó mirarme apesarada
Consolarme n'o delor...
Deixar o seu paradiso
E con gracia feiticeira
Falarme tan pracenteira
Con cariño e con amor...

Por mor d'unha probe vélla
Mandar así de ligeiro
Sulagar un pobo inteiro
Que non tivo caridá;
Y-ó deixarme satisfeita
Rubir pr'o céo sourrindo
Con un sembrante tan lindo
Cal ninguen víu nin verá...

Ja con justicia lle chaman
Consolo d'os afrigidos
Pois ós seus fillos quiridos
Nunca os deixa perecer.

Y-o que se confíe n'ela
E gracia algunha lle pida
Ou eiquí ou n'a outra vida
Ha d'achala sin querer.

Máis... olla: volvend'ó caso,
Aféllas, que dudo moito
Que por dar creto ó meu loito
Se faga un pobo morrer.
Poida qu'eu mesma soñando
Co'a moita fame que tiña,
Vís'á Vírgen sentadiña
Baixar pra me secorrer.

Poida ser que trastornada
A miña intranquila mente,
Poida ser que francamente
Fose un sono canto vin.
Pero non: todo foi certo,
E inda teño n'a mamoria
O qu'a Vírgen chea de groria
Me mandou facer á min.

E pra qu'as gentes futuras
Sépian o fin disgraciado
D'este pobo estreizoado
Que tanto me despreciou,
Anque traballo me custe
Y-antes que corra esta loa
Hei cumprir cristiana boa
O qu'a Vírgen me mandou.

IX

D'o Ourente tral-os fúnebres picoutos
Alaranjados coores se divisan;
N'os vals, n'as alboredas e n'os soutos
Os páxaros seus trinos imporvisan;
D'o novo dia os pálidos refrexos
Esténdese por campos e pradeiras
Deixando ver de préto e máis de léxos
A esmeralda d'a brisa n'as silveiras;
Os aromas camiñañ pol-o ambente
Esparramando práchedos olores;
As fontélas surgindo mainamente
Compoñen c'os seus mágicos romores
Tenros idilios en vergels de frores;
Os solouzos que forman os regueiros
Ó cruzar vals e montes, preguizosos,
Somellan ós sospiros lastimeiros
D'a afligida Galicia; os tenros cantos
Que multitú de seres armoñosos
Entoan saludando'ó novo dia
Parece qu'atesouran os encantos
D'unha divina e célica armunía;
O curisco d'aurora corre cheo
De cheiros aromátecos; os prados
Están de fresco orvallo sementados;
N'as pradeiras as brisas rebuldexan
Coma n'o mar as pelras máis brilantes;
N'as campías as froles qu'encarnexan
Somellan incensarios, qu'ós istantes
Seus prefumes ó espazo dan amantes;
N'as bóvedas azuls e trasparentes
As estrelas esconden d'imporviso
Seus fúlgidos refrexos esprendentes,
E n'os froleados vals esprandecentes
As albas rín copiand'o paradiso
Dond'Adan noso pai foi pecadento.
Tod'a terra s'anima e vólve tola:
Todo é color, aroma, movemento,
Beleza, animacion, lus y-armunía:
Un bico é cada rayo: cada póla
Que s'agita unha dolce sinfunía:
Cada folla qu'o vento bambolea
Encerra inespricabre poesía;
Cada cheirosa fror érguese chea
De pelras de rocío; cada prado

É un leito d'ouro e prata coroado;
Cada chouza un idilio, e cada trino
Un concerto armoñoso e pelegrino.
Galicia enton parece que desperta:
O ceo que co'a aurora cintilea,
Eses feitizos de que vén cuberta,
O mar que se refrexa e s'hermosea
Y-o sol que sai garrido rebulindo
Amostran sin cesar sempre sourrindo
Os encantos poéticos ceibados
Para consolo d'os esconsolados
Cal augurios felices pr'o futuro.
As árbres..... pero abonda de parólas
Porque con tan inúteles viólas
Ja vai pasando de castaño escuro,
Segun as gentes din; e certamente
Pretender ser poeta solamente
C'o gallo de falar sin decir nada
Comprendo qu'é uuha louca tolaxada;
E deixando tan vana tolaría,
Falando con verdá sin argallada,
Direivos d'unha ves qu'amañecía!

X

—¿Prónde vas inda tan cedo
Con tal carrreira, miniña?
—Vou coidal-o gando ó monte
Co'esta miña cadeliña. (1)
—E logo o gando que coidas
¿De quen é, miña rosiña?
É d'os veciños d'o pobo
Que me dan a limosniña
Dendes que lle quedei horfa
Cando inda era pequechiña.
—¿Y-estonces os teus papáis
Morréronche tan agiña?
—Si siñora. Fai seis anos
Que lle quedei eu soliña
Sin nai, nin pai, nin parentes
Que me desen pousadiña
Donde poder acocharme;
Y-agora, esfamentadiña,
Teño qu'andar ó mandado
D'os que me dan a camiña,
A mantenza, o acolleito
E máis tamen a roupiña.
—¿E cantos anos tés hoje?
—Teñ'oito, miña velliña.
—¡Próbe nena! ¡Ja tan nova
Ser horfa, miña cousiña!
¡Vállate Nosa-Señora
Qu'é nai d'os horfos, filliña!
¡Que vida croel ja levas!
¡Que vida, miña joíña!
Pasand'os dias n'os montes
Sin ter espranza tenriña
De millorar de fortuna
Vas acabando a vidiña.
¡Dios podroso te console!
¡Dios che dea sorte, probiña!
¡Dios se doya d'os traballos
Qu'a gente pesarosiña
Temos eiquí n'este mundo!...
Dim'agora, carrachiña,
¿Como se chama este pobo
Qu'está de nós á beiriña?
—Chámase o Lago, señora...
—Dios ch'o pague, quiridiña.
—E logo ¿por que o pergunta
¿Seica tén moita famiña?
—Teño.—Pois por meu consello
Non vaya alá, coitadiña,

(1) Creo que se dispensará la rima en tanto diminutivo si se atiende á la afluencia que hay en la lengua gallega de estas palabras.—*(El autor).*

Que ll'é pouco caridoso
C'os probes d'esta terriña.
—¡Lógo sí! Pois enton, olla,
Que vou cumprir eu soliña
O mandato que me dou
Unha Señora justiña.
¿Cal é o nome que dixeches
Fai un pouco, rapaciña?
—Éll'o Lago.—Pois estonces,
Fóra tí y-a cadeliña
Que vai contigo pr'o monte.
«S'eres Lago t'asolajo
Con el d'arriba pr'abajo.»

. . . . . .

E inda bén de dicir esto
A vélla non acabára,
Cando, tal ves d' arrepente,
Caíu n'o chau nanimada
Escarrameland'os ollos
Cal si co'a morte loitára;
E dando un longo sospiro
Salido d'a mesma y-alma,
Guindou... quizáis pr'autra vida
Máis tranquila e sosegada.
¡¡Morreu!!... mais non: nunca mórren
As almas que resinadas
Sofren con santa pacencia
Os traballos y-as disgracias
Que Dios ll'envía á esta térra
Pra próba d'a sua costancia.
Fugíu risoña y-alegre
D'os márteres pr'a morada.
Fugíu cal todos fugimos
De este val cheo de bágoas
Pr'aló pr'a vida d'as vidas
Gozar delicias sin tasa.
¡Justo prómeo pr'os que nacen
E mórren co'a fé n'a y-alma!

. . . . . .

XI

Cand'o sol esprendoroso
D'os rayos d'ouro rodeado
Viña rubindo garrido
Pol-os curutos máis altos
Desfacend'as mainas brisas
Que de noita se pousaron
N'as herbiñas d'as pradeiras
E n'as follas d'os carballos;
Cando trinaban n'as pólas
C'o seu cantar os paxáros
Dando armunías sin conto
Con gorgeos d'antusiasmo;
Cando despechan as froles
Seus capulos con agrado
Esparegendo cheirores
Pol-o ambente prefumados.
Espaventadol-os hómes
D'outros puebros máis cercanos
Miraban co'a boca aberta
Todos volvéndose parvos,
Un milagre qu'abofféllas,
Solo ó querer recordalo,
¡Qu'inda eu rabecho se minto!
Sinto meu corpo arripiado.

Alí rapaces, mulleres,
Hómes encorcomeñados,
Mozos solteiros e véllos,
Xordos e coxos e mancos,
C'o sembrante com'a neve
Y-a cara chea d'espanto,
Estaban todos atónetos
E con pasmo contemprando
O remate desastroso
D'o croel pobo d'o Lago.
N'o mesmo punto d'a ireja
Qu'alí tiñan os cristianos
Solo se vía n'a térra
Un puzo largo, moi largo
Posto alí n'aquela noite
Pra lembranza d'o pasado
Co'a terrouceira n'o medio
Qu'hoje se ve reparando;
Y-os chouciños qu'á sua beira
S'alcontraban levantados
Antes d'a trágica noite
Que socedera o milagro,
Despareceran de todo,
Quedando d'eles n'o canto
Us montós altos de térra
N'o val aquel encravados.
¡Próbas qu'esisten inda hoje
Pra lembranza d'o pasado!

É d'a mór parte d'os hómes
Asistentes á aquel auto
—Porque sempr'houbo n'a terra
Hómes que queren ser sábeos—
Saía sua sentencia
Sin sabel-a causa en craro.
—Un dicía. Son castigos
D'aló d'o céo mandados.
—Outro reprica. É ben feito
Pra qu'escramenten os malos.
—Non, hóme, non, escrama outro.

Esto foi cousa d'o diaño.
—Boeno, boeno, dí un velliño.
É-vos qu'agora anda o trasno
Por estes nosos contornos
Poñendo as cousas en craro;
E son tantas as cachizas
Que tén feito o condanado,
Qu'eu creo moito qu'o pobo
Enterrouno el sin reparos.
—Pois non certastes aínda,
Dixo un d'os outros finchado
Qu'estaba tamen presente.
Foi porqu'o pobo d'o Lago
Tiña que ser ja de cóte
Por nacenza sulagado

D'esta maneira os confusos
Concurrentes parolando,
Discurrían de mil modos
Sobr'a verdá d'este caso,
Pero o certo... ¡vaiche boa!
Naide sabía espricalo;
Y-estando n'estas liortas
A unha voz todos falando,
A rapaza enton chegou
C'o seu gando arrecadado,
Y-a verdad'alí espricoulles
D'o asuagamento d'o Lago

XII

Tal é o recordo triste qu'estaba escurecido
D'o pobo dospiadado qu'alí s'asolagou
Gemendo, ja sin forzas, n'as páginas d'olvido,
Loitando dend'estonces c'o tempo que pasou.

Si os que n'a nosa térra se gaban de gallegos
Fosen inda hoje o Lago de paso á visitar,
Ou tiñan que ser parvos, ou tiñan que ser cegos
Pra non topar dilicias alí qu'ademirar.

S'algunha vez, leutores, chegades á aquel punto
Fugindo d'os barullos d'as grandes pobracios,
Pensade pesarosos n'o pobo alí difunto
Por ser treidor pr'os próbes, pr'a Virge e máis pra Dios.

Si de paseo vades ó lindo Carballiño
Buscando encantos própeos cicáis pr'ademirar,
Chegáivos con respeto, chegáivos con modiño
Ó puzo cuya lénda vos quixen eu contar.

Cando eu por vez primeira cheguei á visitalo
E soupen o mesterio qu'encerra en sí este val,
Sintin n'a miña y-alma cobizos de lembralo
Dinantes de qu'o vise morrer sin dar señal.

Mais si quizáis non souben decilo cal quería
D'estonces... dispensaime, porqu'eu non sei cantar
Sin lira, esconsolado, nin groria, ni'alegría,
¿Qu'hei de facer, meus véllos? ¿qu'hei de facer?... ¡Calar!

(De D. Eladio Rodríguez González).

O PUZO DO LAGO

LÉNDA

Premeada con pruma de prata no certáme literario celeórado en Betanzos o ano de 1886.

I

Amante de Galicia, anque sin nome,
vouvos contar da pátrea en que fun nado
unha hestoria que o tempo en vau consome;
hestoria que loitando co pasado
vencéu os sigros e hoxe, con renome,
vai o mundo á escoitala ademirado:
hestoria d' esas que tan solasmentes
gardadas viven na fieldá das xentes.

Cando de neno ô mimo da lareira
miña nai contos vellos me contaba.
parescía que en longa ringuileira
diante min o pasado desfilaba.
Hoxe que os anos xa co a sua carreira
me roubaron a paz que entón gozaba,
non podo inda esquecer, por máis que fago,
a relembrada tradición do Lago.

Xa sei que os bardos de hoxe están chamados
á cantar as bellezas de Galicia:
xa sei que seus deberes máis sagrados
son descobrir os trunfos que a xusticia
do porvir pr' os gallegos tén gardados:
no pasado pra mín está a dilicia:
nada sei do porvir: non son profeta:
¡xiquera o nome teño de pöeta!....

Os que con xúbilo esta lénda ledes
facéi conta que falo das verdades,
enterradas, fai tempo, cal sabedes,
na fochanca do olvido..... ¡Qué coidades!
¿Qué é mintira o qu' eu digo?.... No-o pensedes;
pois sosteñer sabréi, cando queirades,
qu' é o pasado xa cuase morimundo,
que se vai ver lembrado n-este mundo.

¿Quén diría que os céltecos gallegos,
suas tradiciós tivesen esquencidas
sigros tras sigros, sin conecer, cegos,
as lembranzas que gardan escondidas?
¿Quén dirá que en Galicia n-hai achegos
pr' as grandezas co tempo escurecidas?
¡Hastra o mesmo pasado, morimundo,
vai quedando olvidado xa no mundo!

Almas sensibres, almas que gozades
co as tradiciós da pátrea en que nacestes;
nobres gallegos que vos afanades
pol-o ansiado porvir que en sonos creestes;
seres que, tolos, vos antusiasmades
co as léndas que de nenos deprendestes,
deteivos co respeto máis profundo
diante a voz do pasado morimundo.

II

N-un prácedo verxel amorosiño,
doude primores âs mancheas hai,
atópase o garrido Carballiño,
vila fidalga pr' o que á vela vai.

Préto d' ela, entre grosos castiñeiros,
hai un puzo rodeado de herba e fror,
onde os xílgaros cantan garruleiros
e onde os melros subían con primor.

A iste puzo os rapaces sempre acoden
batuxarse no vrau cando fai sol,
máis tén sitios tan fondos que non poden
ver si o leito da yauga é duro ou mol.

E no medio, cal proba verdadeira
do que en pasados tempos esto foi,
levántase unha altiva carrouceira
de herba e xunco onde nunca entróu o boi.

Sigun contan os homes xa máis vellos,
pol-os cales eu sei a tradición,
disque foi este punto un dos concellos
de máis nome e de máis estimación.

E si coidas, leutor, qu' esto é parola
que eu argallo mofándome de tí,
contareiche somente a verdá sola
tal e como se conta por aquí.

III

Alá nos tempos antigos
qu' inda hoxe en día nos lembran

falcatrüadas de trasnos,
e bruxerías de meigas,
e milagres nunca vistos,
e pantasmas medoñentas;
n-aqueles sencillos tempos
en que a popular concencia
tiña réspeto â compaña,
soilo por medo â estadea
que leva a morte nos ollos
cando vai pol-as aldeas;
tempos en que as corredoiras,
nas noites escuras, eran
un compreto formigueiro
de visiós e de quimerias,
que andaban d' un lado pra outro,
sempre errantes, entr' as tréboas;
tempos en que se tomaban
por voces de almas en pena
todol-os ecos estranos
que a tranquila noite ceiba,
con mau sempre misteriosa,
nos soutales e nas veigas;
en que morrera xa o culto
das sagradas carballeiras,
onde o druida presentaba
sobre o dolmen suas ofrendas,
y-en que tiña o fanatismo

seus ídolos con fachenda,
y-a superstición seus dioses,
y-a iñorancia suas creencias;
n-aqueles tempos en que houbo
negrumantes e nubeiras,
y en que eran as malas fadas
o terror da raza celta;
n-este val, que altos curutos
e picoutos arrodean,
había un pobo cai todos
os da terriña gallega,
cos seus campos sempre verdes
no outono e na primaveira;
co as suas chouzas escondidas
entre soutos e alboredas,
e cos seus lindos verxeles
onde a xentil Natureza
ciscara os colores todos
da sua máxica paleta.
N-este pobo os moradores
vivían, non con grandeza,
sinon co máis nacesario
pra estar tranquilos na terra;
y-anque non tiñan folganza
nin menos moitas riquezas,
iban pasando esta vida
sin conocel-a miseria,
¡que os nosos labregos sempre
viviron entr' a probeza!

IV

N-unha mañá de San Xoan,
d' ese mes tan feiticeiro,
cando os álbores y-os campos
están de froles cubertos,
ô ser as once do día,
con pasiño preguiceiro,
chegóu ô pobo unha probe
sin poder tomar alento.
Co a cara chea de engurras
y-os farrapos de remendos,
ô dar co a primeira chouza
qu' estaba na entrada mesmo,
—*Deo gratias,* díxo chamando.
—¿Quén está? lle responderon.
—Unha coitada velliña
que vai buscando sostento.....
—Diol-ampare, que por hoxe
nada que darlle non teño.
—Pol-o amor de Dios, señora,
que xa veño de moi lexos
e non topéi en ningures
pr' a miña fame romedio.
—Vaya con Dios, xa llo dixen,
non me turre pol-o xenio,
que estóu de freima moi mala
y-encomodarme non quero.
—E logo, algunha cousiña,
¿non terá pra min de xeito?
—¡Seica me atenta! Xa o dixen:
fuxa da porta correndo.
—Fuxiréi..... á ver si n-outra
son algo máis limosneiros.
Ave María, repuxo
n-unha que alcontróu á xeito.
—Sin pecado concebida,
de contado lle dixeron.
—¡Se queren favorecerme
c' unha cousiña de achego!....
—Miña vella, pida ós ricos
e non veña onda os labregos
que andamos noite e máis dia
traballando pra manternos.
—¡Pol-a Virxe dos Delores,
señor, que me estóu morrendo!
—¡Y-osté qué quer que lle faga!
Se morre fáiselle o enterro.
—¡Ai, Dios mío! ¿E osté consente
que me morra sin romedio?
—¡Bo! Y-anque morra, ¿qué importa?

Ô fin todos lle morremos.
¿Non quer morrer? Pois traballe,
que o traballo dá sostento.
—Pero, señor, ¡son velliña!....
—Non dou nada que o non teño.
—¡Vaya logo!.... ter pacencia.....
sofrir..... calar..... ¡n-hai romedio!....
¡Válame a Virxe do Carme
y-os santos todos do ceo,
qué xente tan desleigada
vive dentro d' este puebro!....
. . . . . .
—Diol-o axude, señor cura,
dixo atopando c' un crego.
—Sea ostede bien venida.
¿E pra onde vai tan correndo?
—Vou pidindo unha limosna.....
—¡Ah, vai pidindo!.... Pois boeno.
—¡E non me dá un ichaviño!....
—Non, señora, que o non levo.
—¡Pol-as benditiñas ánemas,
señor, que morro de feito!....
—Xa lle daréi outro día,
que agora vou vel-os eidos.
. . . . . .
—¡Asús, Dios mío, qué xente!
¡Qué xente mala vou vendo!....

Alí está unha casa grande;
voume sin perda de tempo
ver si secorren ós probes
ou si eles son limosneiros.
. . . . . .
¡Ai, qué can negro alí estaba!
¡Qué can tan grande e tan fero!
Por achegarme ond' â porta
esgazoume os meus fatelos,
sin reparar que unha probe
pra vivir sin sofrimentos,
tén que andar esfarrapada
pidindo á própeos e alleos.
Pero..... ¡qué pobo!.... ¡qué pobo
sin caridá e sin apego
pr' os probes que a nosa vida
â humanidade debemos!....

V

D' esta maneira falando,
co peito cheo de loito,
a coitadiña mullere
saleuse fora do pobo,
levando na yalma penas
e fame, ademáis, no corpo;
y-ô ter andado un anaco
pequeno, cravóu os ollos
n-un tellado que alá ô lonxe
víu fumegando entr' un souto.
Foi cara alí camiñando
pra pidir algun secorro,
y-ô chegar préto da porta
y-alcontrarse con un forno,
donde unhas cantas mulleres
amasaban pan de abondo,
pensóu en Dios que cos probes
sempre é misericordioso;
e coidando ver cumpridos
ô fin seus cobizos todos,
encarouse co as forneiras
e faloulles d' este modo.

—

—Teñan vostedes boas tardes.
—Boenas y santas. E logo
¿qué quería, señoriña?
—Veño, chea d' esconsolo,
buscando unha caridade.....
—¿Y-entón no lugar non houbo
nin xiquera unha presoa
que lle atendese os seus rogos?
—Non, señora. Dende as once
que cheguéi, sofrindo moito,

non alcontréi, por disgracia,
xiquera un triste consolo.
¡Válla Dios, miña xoíña!
Espere estontes un pouco
e unha bica lle daremos
pra que faga ben ô corpo;
que n-este mundo de vágoas,
de traballos y-esconsolos,
é mala cousa, abofellas,
que seámos, como somos,
tan bulróns e tan mezquiños
cos probiños e cos orfos
que improran a caridade
pidindo en todol-os pobos.

—

Fixeron, pois, unha bica
e metérona no forno,
y-ô estar xa dentro cocéndose
foi medrando de tal modo,
que todas á unha dixeron
que era un milagre asombroso.
Mail-as forneiras, co gallo
de quedar, por seus antoxos,
co a broa enteira gardada,
meteron moitas no forno,
e todas ¡cousa pasmosa!

saían do mesmo modo
que a primeira que fixeran
pra darlle â probe un secorro.
Así foi que, sin dar creto
ôs choromiqueiros rogos
da velliña, despidírona
con mofas e con anoxos.
E mentres quedaban elas
ríndose âs cheas do conto,
a probiña camiñaba
co color mesmo dos mortos.

VI

¡Careste, qué argullo!—marchaba dicindo;—
quedáronse ríndo de mín á barullo
sin ter voluntá.
¿Y-é xusto mofarse no mundo dos vellos?
¿Quén dá estes consellos? ¿É Dios por vingarse?
¡Nó!.... Dios non os dá.

¡Qué xente malvada!... ¡Non sei que lle chame!
Non miran que a fame no peito pousada
dá moito delor;
y-agora é costume nas máis das aldeas
decirnos âs cheas, de todo en resume:
«Qu'o ampare el Señor.»

Rozando nos montes, cavando nas terras,
dormindo nas serras, sin ver hourizontes,
a infancia paséi;
y-agora que morro de fame â mïoca
non topo pr'a boca nin triste secorro
por máis que busquéi.

¡Qué vida famenta pasamol-os probes!
¡Meu Dios! Tí que moves a terra crüenta
con solo tua mau,
acórdate enriba dos moitos traballos
y-os máis arrangallos que en crais tan cativa
sofrimos no chau.

Cubertos de trapos dos pes ô cocote,
pidindo de cote pan, caldo e farrapos
â humanidá;
tal é a vida nosa, servindo de escravos,
xuntando os ichavos que a xente podrosa
por lástema dá.....

Nas portas dos ricos están os cadelos
gardando os couselos da pedra dos picos
que está no portal;
y-ô ver un probiño somarse ond'â entrada,
co a roupa esgazada xa o fan correndiño
fuxir do curral.....

Si ôs ricos sin trégoas pidimos co a vista,
xa..... ¡Dio-nos asista! dond' a eles âs légoas
n-hai máis que fuxir.
¡Y-aïnda se teñen por moi caridosos
cos probes queixosos que â porta lle veñen
limosna pidir!

N-hai duda que os tales cobizan ser libres
pra ser insensibres âs coitas y-ôs males
que sofrimos nós,
pois cando paseando topámolos fonchos,
botando reconchos, contestan berrando:
«Camiñe con Dios.»

¡Qué fame roedora tan negra e tan fera!
Dixera calquera que son eu treidora
pra Dios e pra mín.
Y-afellas que ô verme marchar contristada,
buscando a pousada y-o pan pra manterme
non sei que sintín.

¡Eu morro!.... mirade..... ¡De fame langreo!....
meu peito está cheo quizáis de maldade....
¡Qué lle hei de facer!....
¡Non podo comigo!.... ¡Parés que me esmayo!....
¿Qué teño? ¿qué trayo? ¿qué falo? ¿qué digo?
¿qué poderéi ter?....

¡Ouh, Reina da gracia, Naiciña quirida,
que aquí n-esta vida non viche a disgracia
no teu curazón!....
Por Dios, consoláime, que o pido cal vedes;
máis si é que o facedes, señora, amparáime
tamén..... ¡compasión!

Facéi que os delores meus días rematen,
que anque hoxe me maten con croeles rigores
seréi eu felís;
y-ô verme mirada no ceo dos santos
con tantos encantos seréi estimada
n-aqueles confís.

¡Quén leva sabido, dispóis que morremos,
si o posto que temos aló adiquirido
será padecer!!....
¡Asús! enganeime..... morrer é moi malo.....
non sei o que falo..... señora..... valeime.....
¡non quero morrer!!....

* * *

Palabras ¡ai! cubertas de amargura,
tristes, amargas, débles e fatales,
salidas con fatídica tristura
d' un corazón que sofre feros males;

palabras que tan solo a desventura
lle arrinca â yalma; frases sepulcrales
que de loito e de penas mesturadas
pol-o esfertunio foron pronunciadas.

Lamentos ¡ai! que desenganos deixan
nos seres que padecen en sacrèto
os despréceos treidores que os aqueixan;
desafogos quizáis que o door compreto
das almas malencónicas aleixan;
sospiros fondos que en tropel inquieto
firen a yalma, abouban os sentidos
e consolos en sí levan perdidos.

Consolos ¡ai!.... consolos de tormento
que foxen, veñen, van e desparecen
en rápedo e confuso movemento;
lembranzas treizöeiras que entristecen;
consolos que o cativo pensamento
con lóbregos recordos estremecen,
cal si penas na yalma nos deixasen
y-as poucas alegrías nos roubasen.

Queixas de cote tristes e doridas,
fillas somentes d' almas angustiadas:
tal vez no mesmo corazón nacidas,
tal vez en tristes horas enxendradas,
tal vez dos beizos con delor salidas,
tal vez á fortes penas arrincadas,
tal vez de amargas vágoas mensaxeiras,
de pesares tal vez queixas tristeiras.

Lúgubres áis, xemidos inhumanos
que o delor máis despóteco produce.....
¿Quén seus ecos monótonos, tiranos,
ô noso corazón tal vez conduce?
¿Quén conoce os amargos desenganos
—por máis que a sua penetración aguce—
mesturados cos máxicos lamentos
que sán da nosa yalma pesarentos?

Quén sabe si esas penas, si esas coitas,
si eses áis, si esas queixas lastimeiras
serán tal vez das continoadas loitas
do corazón as tristes compañeiras?
¿Quén sabe si quizáis nas penas moitas
que a nosa yalma sofre, treizöeiras,
nacerán, recobertos de amargura,
eses salayos fillos da tristura?

Os que na vida sin cesar levades
a sede negra de topal-a groria,
tras da cal animosos camiñades;
os que vistes con xúbilo a ilusoria
sombra do benestar que cobizades
pr' o fulxente esprendor da nosa hestoria;
os que enterrades ¡ai! no fondo abismo
do despréceo o gallego patriotismo.....

Os que sintides algo que en sacreto
vos roi o corazón; os que o infinito
anhelades no voso afán inquieto.....
vosoutros ¡ai! que cal un vil proscrito
levades o desdén do mundo, préto
do corazón continoamente escrito.....
¡poida dar que vós mesmo sospeitedes
o orixen d' eses áis que padecedes!

Así como a tormenta enfurecida
deixa solo nos campos e verxeles
a tristura de cote esparexida,
así tamén os doores máis croeles,
cebándose na vella delorida,
deixáronlle na yalma amargas feles,
y-o corazón cobríndolle de coitas
sofrir fixéronlle ¡ai! odiosas loitas.

VII

Era na hora en que o sol os hourizontes
alumea cos últemos fulgores,
deixando sempre atrás, en vals e montes,
o seu cortexo de brilantes coores.
Y-ô asconder tras da cima da alta serra
seus máxicos refrexos derradeiros,
parescían os cómaros da terra
torres de lume en campos feiticeiros.
A lus iba morrendo. Pol-o ambente
negra capa de brétema caía,
cal exército mudo que valente
consigue o trunfo que lograr quería.
Os picoutos que o sol cintilëaba
trocaran xa de coor; e pol-o ocaso,
retirándose a lus, queda baixaba
a sombra medoñenta paso á paso.
Longa masa de negro se estendía
pol-os curutos, cal lexión de bruxas,
que montes e pradeiras recobría
de soledá co canto das curuxas.
A coitada velliña, chea de loito,
tremaba xa con medo non escaso:
levantóuse da pedra e, sin ver moito,
foise cara ô lugar pasiño á paso.
Y-ô toparse, ô chegar, con un pendello
que o tempo esborrallara, de improviso
meteuse baixo d' él, pois anque vello
considerouno entón un paradiso.
Quixo ela alí poñerse d' arrudillas;

quixo pidirlle á Dios que a secorrese,
y-ô pousar, pra facelo, suas rodillas
esmayada caíu cal si morrese.
¡Mirade pra ela! Alí, no chau, deitada,
cuáseque sin sosego e sin sentido,
¡miña xoya! alí está desemparada
reloucando quizáis de haber nacido.
Das xentes a indifrencia sempre fosca,
o temor de morrer alí esquencida,
y-a fame que no peito se lle enrosca
é moi fácel que acaben co.a sua vida.
Tumbadiña no chau está a coitada,
co pantasma da fame pelexando.....
Nin dorme nin acouga..... ¡malpocada!
¡Qué ha de acougar si a fame a está matando!....

***

Y-ô estar dormindo cuáseque,
co a moita fame páleda,
escomenzouse, súpeto,
o espazo á alumear.
E cando a lus a túneca
rachóu da sombra escuáleda,
un esprandor fantásteco
aparecéu no ar.

Aló nos altos ámbetos
con pasmo foron véndose
as luces, en exércitos,
baixar pra esta rexión;
e, pouco á pouco, as brétemas
da noite desfacéndose,
deixaron vel-os álbores
n-un louco folión.

Co a fame cadavéreca,
y-aïnda non dormíndose,
a vella malencónica
de cara ô ceo miróu.
Y-estonces, chea de xúbilo,
víu vir de pe, sourríndose,
â Reina dos arcánxeles
que onda ela se achegóu.

A Virxe, recrëándose
na sua compaña anxélica,
miróu con moita lástema
pr' a mísera muiler;
y-ô estar cerquiña díxolle
con voz graciosa e célica:
«Filliña, a nai dos méndegos
vénte hoxe secorrer.

«Xa podes darlle trégolas
ô teu penar tan grávido:
atende ben y-escóitame
que eu voute á consolar.
Mañá este pobo déspota
que así te axóu impávido
será, sin máis andrómenas,
mandado asolagar.

»Pois xa que foi tiránico
dos méndegos mofándose,
dendesde agora obrígote
á o que eu mandéi, cumprir;
que Dios no ceo—repúxolle—
de tanto mal fartándose,
pra o castigar, mandóucheme
baixar pra cho dicir.»

Calouse a Nai dos ánxeles
y-en nube de ouro erguéndose,
rubíndose..... rubíndose.....
no espazo se perdéu.
Y-a coitadiña méndega,
por vela ir ascondéndose,
quedóu con ollos lánguedos
mirando aló pr' o ceu.

VIII

Y-entramentres que rubían
pol-o espazo os esprandores,
os anxes encantadores
iban todos á cantar.
Mail-a vella esconsolada,
con pena e con alegría,
dudando de canto vía,
escramaba sin berrar.

¿Y-el poderá ser verdade
que a Virxe veña á pe feito
dendesd' o ceo ô dereito
tan linda como eu a vín?
¡Ave María purísima!.....
¡Asús, nunca Dios me dera!
Si llo contara á calquera
faría mofa de min.

Chegar entre tantos ánxes
de tanta lus rodëada,
y-ô mirarme apesarada
consolarme no delor.....
Deixar o seu paradiso
e con gracia feiticeira

falarme tan gasalleira
con cariño e con amor.....

Por mor d' esta probe vella
mandar así de lixeiro
sulagar un pobo enteiro
que non tivo caridá;
y-ô deixarme xa tranquila
rubir pr'o ceo sourrindo,
con un sembrante tan lindo
cal ninguén víu nin verá.....

Xa con xusticia lle chaman
consolo dos afrixidos,
pois ôs seus fillos quiridos
nunca os deixa perecer.....
Mais, olla: volvendo ô caso,
abofé que dudo moito
que por calmar o meu loito
se faga un pobo morrer.

Poida ser que medio tola,
co a moita fame que tiña,
me enganase a razón miña
e fose un sono o que vín.
Pero non: inda conservo,
grazasadiós, na mamoria,

o que a Virxe chea de groria
me mandóu facer á mín.

E pra que as xentes futuras
sepian o fin disgraciado
d' este pobo desleigado
que tanto me desprecióu,
anque traballo me custe
y-antes que corra esta loa,
hei cumprir, cristiana boa,
o que a Virxe me encargóu.

IX

Do Ourente tral-os fúnebres picoutos
alaranxados coores se divisan:
nos vals, nas alboredas e nos soutos
os paxaros seus trinos improvisan.
Do novo día os páledos refrexos
esténdense por montes e pradeiras,
deixando ver, de préto e máis de lexos,
as pingotas do orballo entr' as silveiras.
Dibúxanse xa ô lonxe os piñeirales,
cóbrense de prefumes as campías,
inúndanse de luz os salgueirales,
énchense as veigas todas de armunías
e vístense os paisaxes de colores;
y-entre os vagos rumores dos soutales
y-os idílicos cantos dos pastores,
fórmase esa campestre sinfonía
que a Natureza, en tonos feiticeiros,
repinica saudando ô novo día.
Corren, por entre chopos, os regueiros
ciscando nos veirales as pingotas,
que saltan con unísona armonía
ô entropezar de cote co as cañotas.
Na carballeira espertan os sonidos
que a söedá da noite adormentara,
y-entre a folla os paxáros escondidos
arman co seu gralear tal algazara
que n-hai máis que gorxeos e chilidos.
Tod' a aldea se anima e volve tola;
todo é color, aromas, movemento,
belleza, animación y-algarabía.
Un bico é cada estralo; cada póla
que se move abalada pol-o vento
é unha nota da eterna sinfonía
que os campos, no concerto matutino,
lle cantan â alborada; cada prado
é un leito de ouro e prata coröado;
cada chouza un idilio campesino;
cada folla unha yarpa, e cada aldea
unha bandada ceiba de pombiñas
que aquí y-alí, na veiga que verdea,
se alcontran ô descoido pousadiñas.
Tén estonces o campo máis feitizos
y-a lus tamén máis relumbrantes coores.
Non son os hourizontes tan sombrizos
dendes que a aurora vén cos seus fulgores.
Hai na brisa máis prácedos falares,
nos soutos máis poéticos romores,
nos montes máis atruxos e cantares,
máis trinos y-asubíos entr' as pólas
e máis vagos queixumes nos piñares.....
Os álbres..... pero abonda de parolas,
porque tantas inúteles vïolas
non veñen nada ô caso, e, certamente,
pretender ser pöeta solasmente
co gallo de falar sin decir nada,
comprendo qu' é unha louca tolaxada.
Y-así, deixando á un lado esa manía,
falando con verdá e sin argallada,
direivos d' unha ves que amañecía.

X

—¿Pra onde vas inda tan cedo
con tal carreira, miniña?
—Vou coidal-o gando ô monte
co esta miña cadeliña.

—E logo o gando que coidas,
¿de quén é, miña rosiña?
—É dos veciños do pobo
que me dán a limosniña
dendes que lle quedéi orfa
cando inda era pequechiña.
—¿Y-estonces os teus papáis
morréronche tan axiña?
—Si, siñora. Fai seis anos
que lle quedéi eu soliña
sin nai, nin pai, nin parentes,
y-agora, esfamentadiña,
teño que andar ô mandado
dos que me dan a roupiña
pra vestirme, y-a mantenza
pra ir vivindo.....—¡Coitadiña!....
¿E cántos anos tes hoxe?
—Téñolle oito, señoriña.....
—¡Malpocada! ¡Xa tan nena
ser orfa, miña cousiña!
¡Válla te nosa Señora
que é Nai dos orfos, filliña!
¡Qué vida cröel xa levas!
¡Qué vida, miña xoíña!.....
Pasando os días no monte
vas acabando a vidiña
sin millorar de fertuna.....
¡Dios che dea sorte, probiña!
¡Dios se doya dos traballos
que pasas!.... Dime, filliña,
¿Cómo se chama ese pobo
que está de nós â veiriña?
—Chámase o Lago, señora.....
—Dios cho pague, quiridiña.
—¿E logo seica quer ir
buscar unha limosniña?
—Eso penso.—Nó, pois..... mire,
non vaya, miña velliña,
que en todo o lugar enteiro
n-hai xiquera unha veciña
que lle sea caridosa
pr' os méndegos da terriña.
—¡Ai, logo é certo! Pois deixa
que vou á cumprir axiña
o mandato que onte â noite
me dou Nosa Señoriña.....
¿Cal é o nome que dixeches
fai un pouco, rapaciña?
—Elle o Lago.—Pois estonces,
fóra tí y-a cadeliña
que vai pr' o monte contigo.....
Se eres Lago te asolajo
con lo de arriba pr' abajo.

E inda ben de decir esto
a vella non acabara,
cando, mesmo d' arrepente,
caíu no chau nanimada,
y-escarramelando os ollos,
cal si co a morte loitara,
fuxíu..... quizáis pr' autra vida
máis tranquila e sosegada,
¡¡Morréu!! máis non: nunca morren
as almas dos que, con santa
pacencia, sofren as penas
y-os traballos y-as disgracias
que Dios dende o ceo lle envía
pra proba da sua costancia.
Fuxíu risoña y-alegre
dos márteres pr' a morada:
fuxíu cal todos fuximos
d' este val cheo de vágoas
pr' aló pr' a vida das vidas
gozar delicias sin tasa.....
¡Xusto prémeo pr' os que nacen
e morren co a fe na yalma!

XI

Cando alumeaba o sol
cheo de maxestade o espazo,

espallando a lus á feixes
nos curutos e nos campos;
cando os paxaros cantaban
entr' as follas dos carballos,
espaventadol-os homes
dos pobos máis inmediatos
miraban co a boca aberta,
todos volvéndose parvos,
un milagre tan pasmoso
que solo con relembralo,
parés que o coiro se engurra
e trema o corpo de espanto.

—

Alí as mulleres y-os homes
contempraban asombrados
a compreta destrución
do antigo pobo do Lago,
convertido xa en ruinas
cal si fose por encanto.
Bastóu unha sola noite
pra deixar todo cambeado,
que n-aqueles tempos eran
cousa corrente os milagros.
No mesmo sitio en que tiñan
á süa igrexa os cristianos
víase tan solasmentes
un puzo largo, moi largo.

Y-as chouzas que antes había
por un lado y-outro lado,
despareceran de todo,
quedando, en troques, no canto,
us montós altos de terra
no val aquel encravados.
¡Probas que esisten inda hoxe
pra lembranza do pasado!

—

Y-a măor parte dos homes
asistentes á aquel auto
botaba a sua sentencia
sin sabel-a cousa en craro.
Un dicía.—Son castigos
d' aló do ceo mandados.
Outro escramaba.—É ben feito,
pra que escramenten os malos.
—Non, ho, non, repricaba outro;
esto foi cousa do diaño.
—¡Bó, bó! agregaba un velliño;
évos que agora anda o trasno
por estes nosos contornos
poñendo as cousas en craro;
e son tantas as cachizas
que tén feito o condanado,
que eu créovos ben que o pobo
enterrouno él sin reparos.

—Pois non certastes aïnda,
añidía un moi finchado
que estaba tamén presente.
Foi porque o pobo do Lago
tiña que ser xa de cote
sin romedio asolagado.

—

D' esta maneira os confusos
concurrentes parolando,
discurrían de mil modos
sobre a verdá d' este caso,
pero o certo..... ¡vaiche boa!
naide sabía espricalo;
y-estando nas liortas estas,
todos á unha voz falando,
chegóu entón a rapaza
co seu gando arrecadado
y-espricoulles a verdade
do asuagamento do Lago.

XII

Tal é o recordo triste, que estaba xa esquencido,
do pobo despiedado que alí se asolagóu.
Deixádelle que salla das brétemas do olvido,
deixádelle que trunfe do tempo que pasóu.

Si algunha ves ô Lago chegades, meus leutores,
fuxindo do abouxante barullo da cibdá,
pensade no castigo que en anos anteriores
sofríu alí unha aldea por non ter caridá.

N-aqueles mudos restos d' un tempo xa olvidado
parés que á voz dos sigros quer inda rexurdir;
parés que inda s' escoitan os ecos do pasado
nos inmediatos bosques que o vento fai ruxir.

Quén soñe c' un futuro de eternas vinturanzas
que anuncie seus fulgores con nobre ispiración.
Eu busco nos recordos das vellas relembranzas
as poéticas consellas da santa tradición.

Quixera solasmentes o nume dos poetas
pra en máxecas estrofas podérvolas contar.
Mais co as ideas miñas confusas e incompretas,
¿qué hei de facer, velliños? ¿qué hei de facer? ¡Calar!

A traducción ao castelán dun poema de Eugénio de Castro en *El Eco de Galicia*

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario
Un fragmento de Sagramar, de Eugénio de Castro, publicado en castelán en El Eco de Galicia.
Abstract
A passage from Eugénio de Castro's *Sagramar* published in *El Eco de Galicia*.

Eugénio de Castro e Almeida naceu en coimbra en 1869, morrendo nesta mesma cidade no ano 1944. Considerado pola crítica como o introductor do movemento simbolista en Portugal[1], despois de ter realizado estudios superiores na Facultade de Letras de Lisboa, tendo como profesores a Teófilo Braga e Pinheiro Chagas, iniciou a súa carreira literaria coas obras *Cristalizações da Morte* e *Canções de Abril* (1884); *Jesus de Nazaré* (1885); *Per Umbram* (1887); *Horas Tristes* (1888). En 1889 realiza unha viaxe a París e establece contacto co Simbolismo francés, decidíndose a introducir este movemento en Portugal coa idea de inaugurar unha nova estética; nese mesmo ano funda a revista *Os Insubmisos* que competirá coa publicación, as dúas de Coimbra, *Bohemia Nova* na introducción das novas tendencias literarias. En 1890 publica *Oaristos*, facendo do prólogo un auténtico manifesto, designándose portavoz dunha nova estética, lonxe dos lugares comúns e da pobreza de vocabulario da estética tradicional; quizais o máis importante deste manifesto sexa a defensa que o autor fai da liberdade de ritmo, rompendo coa cesura obrigatoria na sexta sílaba do alexandrino e defendendo os efectos musicais. En *Horas*, libro publicado en 1891, fala xa do símbolo como obxectivo estético, do gusto polos arcaísmos, polo vocabulario exótico e polo estilo acumulativo de imaxes e sinestesias; no prefacio caracteriza o símbolo como máis alegórico que propiamente simbólico: *Terraço ladrilhado de cipolino e ágata, por onde o SÍMBOLO passeia, arquiepiscopal, arrastando flamante simarra bordada de Sugestões, que se alastra, oleosa e policroma, nas lisonjas*[2]. Outros libros publicados son: *Sylva* e *Interlúnio* (1894); *Tirésias* (1895); *Salomé* (1896); *Saudades do Céu* (1899); *O anel de Polícrates* (1907). Libros que se moven dentro da estética simbolista e decadente como o drama en prosa coa temática de amor e tristeza *Belkiss* (1894), *Sagramor* (1895). Aínda que *Oaristos* é un libro ousado na época pola suntuosidade das imaxes, o autor incorpora só innovacións simbolistas superficiais ficando reducida a súa obra a unha sucesión de imaxes preciosistas carentes de grande imaxinación; desta experiencia renovadora vai evolucionar máis tarde ata un neoclasicismo case barroco que se manifesta no gosto polos materiais preciosos, con predominio do ouro, plantas e flores exóticas; a simpatía polo mundo clásico xa a manifestara nas traduccións que fixera de poemas de Horacio e Catulo. Eugénio de Castro foi pouco recoñecido no seu país, chegando a ser atacado virulentamente, xunto a outros poetas simbolistas, por Fialho de Almeida desta

* **Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.**

[1]Sendo director da revista *Arte*, aparecen colaboracións de autores simbolistas franceses como Verlaine e Mallarmé.

[2]Eugênio de Castro, *Obras Poéticas*, 10 vols., *Horas*, Ed. Parceria A. M. Pereira, Lisboa, 1968, pp. 93-94.

maneira: *Os poetas simbolistas, decadentistas (cada qual feito, segundo a etimologia do termo, de dez dentistas), delinquescentes, e* ***tutti quanti****, que como núcleo de escola não lograram ainda ser reconhecidos pelas grandes potências, e que em França não passam, mau grado o talento do místico Verlaine, dum grupo de telhudos destinado a morrer de esgana, entre dois vinhos, estão determinando entre os nossos imberbes uma tal reflexibilidade artística, um tal* ***émoi*** *de imitação, que não é raro ver-se nos jornais ou em pequenos volumes de tipografia exótica ridículas trovadorias esmaltadas de epítetos sem nexo, onde os recém-nascidos se declaram já cépticos, e espapaándo, como ele próprios dizem «na neurose deste final de século, que viu todo»... Entre os que mais petulantemente arvoraram por gonfalão de guerra, destacam os Srs. António de Oliveira Soares e Eugénio de Castro*[3]. Sen embargo chegou a ser o poeta portugués da época simbolista máis recoñecido e estimado fóra das fronteiras portuguesas e a súa influencia foi decisiva na poesía hispanoamericana, do que dan mostra as traduccións como a feita en Buenos Aires por Luis Berisso de *Belkiss* cun prólogo de Leopoldo Lugones ou a traducción do poema dramático *O rei Galaor* feita por José Juan Tablada[4]. Os poetas hispanoamericanos saudaron con entusiasmo o cultivo do versolibrismo no libro *Horas*, chegando Rubén Darío a analizar os experimentos do poeta portugués nun traballo que sería publicado en *Los raros* e que antes fora o texto dunha conferencia que pronunciara no Ateneo de Buenos Aires. O poeta portugués é posto por Rubén Darío ao lado dos grandes autores como Edgar Allan Poe, Leconte de Lisle, Paul Verlaine, Jean Moréas, Lautréamont ou José Martí, solicitando para el o mérito de ser o primeiro da raza ibérica, no movemento cultural que viña dar forzas novas á poesía; Octavio Paz, falando das preferencias de Rubén Darío e dos modernistas hispanoamericanos, recoñece que, ademais de todos os autores estranxeiros citados en *Los raros*, aparece un único escritor de lingua española, o cubano José Martí e un portugués, Eugénio de Castro, iniciador, segundo el, do verso libre[5]; para Octavio Paz, a influencia do portugués e a lección de Walt Whitman foron os antecedentes dos primeiros poemas «semilibres». Max Henríquez Ureña afirma que con este poeta portugués deu comezo o «metrolibrismo» nos poetas de América, empezando por Ricardo Jaimes Freyre[6]. En España a influencia de Eugênio de Castro maniféstase sobre todo en autores como Francisco Villaespesa que deu a coñecer a súa poesía na revista *Literatura Latina*; á difusión da súa obra contribuiu Don Miguel de Unamuno, admirador da obra *Constança* e quizais influenciado por ela na utilización do versolibrismo[7], a través da obra *Por tierras de Portugal y España*. O éxito de Eugênio de Castro foi notable, ofrecéndolle un grupo de autores unha homenaxe no ano 1922. Froito do interese suscitado por este autor no mundo hispanoamericano é a traducción ao castelán dun fragmento da obra *Sagramor*, dramatización alegórica que trata de ilustrar a desgracia á que arrastra o desexo e a inutilidade de procurar a razón da vida, que *El Eco de Galicia*[8] de Buenos Aires publica o día dez de marzo de 1911. Reproducimos o fragmento «Crepúsculo» traducido ao castelán nesta revista de Buenos Aires:

---

[3]Fialho de Almeida, *Os Gatos*, Biblioteca Ulisseia de Autores Portugueses, n1 23, pp. 217-218.
[4]Autor mexicano, precursor da vangarda e introductor do hai-ku.
[5]Octavio Paz, «El caracol y la sirena» (Rubén Darío), fragmento sobre o modernismo, en *Los signos en rotación*, Círculo de Lectores, pp. 74-86.
[6]*Breve historia del modernismo*, Fondo de Cultura Económica, México, 1978.
[7]Unamuno fai unha aproximación do personaxe de Constança ao personaxe de Mariana de *Amor de Perdição*.
[8]Publicación liberal que informaba sobre a actualidade en Galicia e na emigración.

CREPÚSCULO

Primera voz

¡Oh, peregrino, que vas llorando!
Di, ¿por qué lloras?
Vente conmigo. Verás cantando
pasar tus horas.
¡Anda, no tardes! Daré á tus presos
deseos alas... ¡Soy el Amor!,
Beberás dulces y suaves besos
en lindas bocas, copas en flor.

Sagramor

¿Besos? ¡Los besos, caricias locas
venenos son!
Deshojan rosas sobre las bocas,
mas abren llagas al corazón...

Segunda voz

Traigo aquí oro, talegas de oro...
Toma. ¡No llores!...
Con los ducados de este tesoro
tendrás palacios, joyas y flores.
Repara, ve
cómo este oro radiante esplende ..

Sagramor

Mas, ¿para qué?
La dicha humana nadie la vende.

Tercera voz

¿Por qué suspiras, y de ese modo
lanzas tus quejas desesperadas?
¡Vamos! Haremos lindas jornadas...

Sagramor

Es corto el mundo... Le anduve todo.

Cuarta voz

Yo soy la gloria, genio jocundo
del refulgente país solar.
Te haré el poeta mayor del mundo...

Sagramor

Dicen que el mundo debe acabar.

Quinta voz

Serás un sabio. Allá en mi estancia
verás en breve todo aclarado.

Sagramor

Si yo aún viviera con mi ignorancia,
jamás me viese tan desgraciado.

Sexta voz

Yo soy la muerte libertadora:
á mis misterios llevarte puedo...

Sagramor

¡Oh, no me lleves! ¡Márchate ahora!
¡Te tengo miedo!

Séptima voz

¡Yo soy la vida! Más de mil años,
si odias la muerte, te haré vivir...

Sagramor

¡Por Dios! Ya basta de desengaños...
¡Vete! ¡No quiero ya más sufrir!

Muchas voces

¿Pídenos raros y hondos placeres?
¿Quieres ser astro?... Yo rey te haré...
Vamos, responde, di lo que quieres...

Sagramor

No sé, no sé...

EUGENIO DE CASTRO.

Poemas de la vejez*

JOSÉ ANTONIO MIGUEZ**

*Ay, Carmen, Carmela, Carmen****

(Romance de tierra y mar)

Esta es una breve historia
que tiene que ver con Carmen.

Los gitanillos de Lorca
vienen por los olivares;
por Talavera venían
los gitanos de más aire.
Eran de mulas muleros,
cetrinos por su semblante,
y en las ferias parecían
más que gitanos, tratantes.
Ciertamente, desmentían
la condena de Cervantes:
no eran hato de ladrones,
malandrines y farsantes,
que la fama llega sola
cargada de mezquindades
y en la vida los papeles
siempre son intercambiables.
Yo fui un joven romántico
herido por cien puñales,
unos no dejaron huella,
otros, señal lacerante.
Cuando llegué a Talavera
con perfil de caminante,
el mar era una quimera,
nostalgia de viejos lares.
La ciudad se presentaba

---

* Continuamos en este ANUARIO la publicación de los poémas inéditos agrupados por su autor bajo el título POEMAS DE LA VEJEZ. Se indica al pie de cada poema la fecha de su composición.

**** JOSÉ ANTONIO MIGUEZ es Doctor en Filosofía y Letras y fue Catedrático de Lengua y Literatura españolas en el Instituto de Bachillerato «Francisco Aguiar» de Betanzos hasta la fecha de su jubilación académica.**

***Este romance fue recitado por su autor en la comida-homenaje dedicada por sus familiares a la profesora Mª del Carmen González Madrid con motivo de cumplir los setenta y cinco años. El romance revive los inicios de la carrera docente de ambos en Talavera de la Reina, lugar de nacimiento de Mª del Carmen y asocia la significación primitiva de la palabra Carmen como cántico con la tradición marinera que tiene el nombre. Así se justifica el título de *romance de tierra y mar.*

toda llena de contrastes:
el Prado jardín florido,
las cañadas y albañales,
un río sinuoso y turbio
y el primor de los alfares,
los gitanos y las ferias
con resabios medievales.
Había puerta de cuartos
como en todas las ciudades,
que en esto de los impuestos
nadie gana a los alcaldes.
En su misma dejadez,
sin mirar hacia adelante,
de la España de aquel tiempo
era la perfecta imagen.
Talavera, Talavera,
que ya del guión te sales
y no me está permitido
aumentar mis soledades.
Ayer, ciudad que vivía
de sus huertas y olivares,
hoy, urbe que se despierta
alentada en sus afanes,
con el Tajo que discurre
majestuoso por su cauce
y un paseo que hermosea
la línea de su talle.
Talavera se embellece
con modernos bulevares,
que no son los de París
aunque algo los iguale,
que aquí siempre luce el sol,
la luna en cuarto menguante,
que inspira el numen poético
del gran Rafael Morales.
Este es el marco del cuadro,
ay, Carmen, Carmela, Carmen;
lo que el destino forjó
no lo imaginaba nadie
y así pudo florecer
en encuentros bien casuales:
tú, una profe tan seria,
ajena a las vanidades,
que explicaba a sus alumnos
logaritmos e integrales;
yo, todavía soñando

proyectos irrealizables,
sobre ideas que legaron
Platón, Plotino o Descartes.
¿Acaso eran compatibles
unos mundos tan distantes?
Nunca logré averiguarlo
aunque a veces lo intentase.
Pero dos mundos se encuentran
si hay voluntad concordante,
si el vínculo que los une
resiste cualquier embate.
De dónde te viene el nombre,
ay Carmen, Carmela, Carmen,
si ese nombre me recuerda
barcos que surcan los mares,
mujeres entristecidas,
naufragios irremediables.
Proceden de mi niñez
esos ecos ancestrales,
la muerte asociada al mar,
porque es tumba y porque es madre
que a los pechos dio la vida
de la que exige el rescate.
Cementerios marineros
con tantas y tantas Cármenes,
que no se apague la voz
que trae del mar su aire,
caracolas que repiten
un patético mensaje,
que vivir es navegar,
*aunque la muerte nos halle.[1]
Pero añadiría más,
ay, Carmen, Carmela, Carmen;
se fueron los años buenos,
vinieron las tempestades,
lo mismo ocurre en el mar,
pleamares, bajamares,
y este subir y bajar
es en la vida constante,
un tejer y destejer
mientras Penélope aguante
y Ulises fije ese rumbo
que buen puerto le depare.
El mar, la mar, dice Alberti,

[1]variante: aunque la muerte nos llame.

con el género mudable:
el mar, agresivo y bronco,
con aspereza de padre;
la mar, femenina y dulce,
tan tierna como una madre.
Con una coplilla breve
quisiera darle remate
a estos versos que reflejan
sentimientos que comparten
cuantos aquí se reúnen
colebrando este homenaje.
El brindis vaya por ti,
como lo pide el romance:
Si Carmen es un cantar,
mi cantar se llama Carmen.

(Año 2000)

Soneto del milenio

(Dedicado a todos los brigantinos)

El tiempo que se va y el que se viene

El tiempo que se va y el que se viene
es péndulo que rige nuestra vida,
oscilante ilusión, tan desvaída
que se empeña en negar lo que ya tiene.

Si fugaz es el tiempo que deviene,
más frágil la memoria que lo olvida,
sueño de la razón, arma homicida
que camino del mal no se detiene.

Mil años de andadura certifican
que no hay tiempo sin rastro de memoria,
tiempo escindido de la vida humana;

en tantpo unas agujas reivindican
-manecillas al ritmo de la historia-
la vida que vivimos, tan cercana.

(Diciembre de 2000)

Lección de humildad *

JOSÉ ANTONIO MIGUEZ**

Queridos alumnos de la promoción 1962-63: Creo que en efecto es un gran honor para todos nosotros compartir mesa y mantel con los alumnos de antaño, hoy viejos amigos, en la ya cercana despedida de este milenio. Vienen a mi memoria muchos recuerdos de aquellos venturosos años en los que tuve la dicha de ser vuestro profesor. No sé si mis enseñanzas resultaron todo lo fructíferas que debieran serlo, pero si así no ha sido, atribuirlo a mis deficiencias, a mis fallos personales, tal vez a un desconocimiento de algunos campos del saber y, sobre todo, a no haber calado como debiera en lo más hondo del corazón de cada uno de vosotros. Hoy como ayer estoy con Pascal y repito lo que él decía: hay razones del corazón que la razón no comprende. Y es por eso que quien como profesor quiere atraerse a sus alumnos tiene primero que ganar su corazón para facilitar las tareas del aprendizaje.

Confieso que siempre he sido un profesor un tanto romántico al que le costaba trabajo suspender a un alumno. Rechazaba de plano ser juez de mis alumnos y por fuerza he tenido que serlo. Dichoso aquél que sólo es juez de sí mismo, eso sí, juez implacable de sus actos y de sus posibles fallos. La vida me ha enseñado más que los libros, y vosotros, tal vez, habéis sido mis mejores maestros. Porque el que enseña verdaderamente aprende enseñando, en una ecuación en la que los dos términos tienen el mismo valor. Ciertamente, enseñar es aprender. Por eso os digo que he aprendido mucho de vosotros y quizá sea eso lo que más ha ilusionado mi vida y enriquecido mis recuerdos.

Jubilado como profesor hace ya muchos años fortalecen mi espíritu actos de generosidad como éste. Por fuerza uno deber ser humilde porque la humildad nos acerca a la tierra, al *humus* del que procedemos. La verdadera humildad no es bajeza sino reconocimiento de nuestras limitaciones, que nos sitúan en pie de igualdad con todos los seres humanos. Sócrates, el maestro de Platón, acuñó aquella frase memorable: sólo sé que no sé nada. Hermosa lección de humildad que yo corregiría con un talante más del mundo de hoy: sólo sé que sé muy poco. Y esto os lo digo ahora, en el umbral de mi caminar hacia el más allá. No os transmito ninguna consigna porque soy enemigo de ellas, pero, por favor, alejad de vosotros la soberbia, sed humildes y sinceros con vosotros mismos, que todo lo demás se os dará por añadidura. Tener por cierto que al final lo que más importa es la tranquilidad de la conciencia y el sentimiento del deber honestamente cumplido.

Muchas gracias y un fuerte abrazo para todos.

---

*He aquí la lección de humildad que impartió el profesor José Antonio Miguez, en nombre de sus compañeros y en el suyo propio, a los alumnos de la promoción 1962-63 del Instituto de Bachillerato de Betanzos, al final de la comida de confraternidad y de homenaje que éstos ofrecieron a sus antiguos profesores el dos de septiembre de 2000.

****José Antonio Miguez es Doctor en Filosofía y Letras y fue Catedrático de Lengua y Literatura españolas en el Instituto de Bachillerato «Francisco Aguiar» de Betanzos hasta la fecha de su jubilación académica.**

Recordo dun mestre: unha ética xeral *

JOSÉ ANTONIO MIGUEZ**

¡Coma se a teoría do eterno retorno non fora verdadeira! Miren por onde ao pouco de sauda-lo dous mil cun poema de senectude dos moitos que desde que me xubilei veño urdindo na soidade do cuarto de estar, a deusa Fortuna fai chegar ás miñas mans un exemplar da traducción, con estudio introductorio, dun libro de texto no que moy noviño aprendín, aló polos anos trinta e no instituto Eusebio da Guarda da Coruña, a buscar na vida interior a razón fundamental que segue a darlle sentido a miña existencia.

A ÉTICA XERAL era o texto que o profesor don Ramón de Prado, catedrático de Filosofía no Instituto entre os anos 1928-1936, escribira para os alumnos de sexto curso naquel bacharelato de seis anos.

Tanto aprecio sentín sempre por este libro e tanto afecto por aquel profesor dos meus anos mozos que non sei ben se será un milagre poder termar entre as mans agora mesmo dun exemplar traducido ao galego, e con sentida dedicatoria.

Ao centro Ramón Piñeiro, á fortuna, ao eterno retorno, así, por xunto, o meu agradecemento pola ledicia que me dá ve-lo nome do meu mestre, desde sempre inxustamente acalado e marxinado, nas portadas precisamente dun libro sobre valores morais.

A arela que eu lle espertei a López Vázquez cando os dous coincidimos no Instituto Francisco Aguiar de Betanzos callou felizmente nunha merecida recuperación e xusto desagravio a un profesor ao que levamos moi dentro os que fomos seus discípulos.

Xa nin me acordo, porque a memoria empeza a facerme das súas, se daquelas tiven ocasión de amosarlle ao amigo profesor López Vázquez o libro amarelo e trillado polo paso dos anos da edición orixinal da ÉTICA GENERAL de don Ramón del Prado, impresa na Coruña en 1935. Si me lembro do moito que lle falei do meu inesquecible mestre naqueles turbulentos anos non tan lonxanos. Pero sobre todo, que don Ramón del Prado, home sempre nervioso e inquieto, non só aprendía Filosofía -Psicoloxía, Lóxica e Ética- senón algo moito máis importante: iniciaba, á maneira de Sócrates, aos alumnos no sempre pescudante traballo de descubrísmonos a nós mesmos, de aprendermos a pensar por nós mesmos.

---

* ETICA XERAL, por Ramón del Prado. Estudio, traducción e notas de Ramón López Vázquez. Edita Xunta de Galicia, Concellería de Educación e Ordenación Universitaria; Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades. Santiago de Compostela, 1999.

**O autor desta recensión da ÉTICA XERAL de Ramón del Prado agradece unha vez máis o meritorio esforzo intelectual do profesor López Vázquez e lembra con agarimo aquelas peripatéticas conversas con el no Instituto de Bacharelato de Betanzos, que foron, non hai dúbida, a primeira incitación para esta versión ao galego dunha obra de tanta riqueza de pensamento moral.

Quedamos poucos, quizabes nos contemos cos dedos das dúas mans, os mozos daquela década dos anos trinta que asistimos ás clases de don Ramón del Prado e tamén, lembralos vén ao caso, ás de don David Fernández Diéguez ou don Eumenio Rodríguez, que enchían totalmente o noso espírito xuvenil, sempre ansioso por entrar nos intrincados labirintos do saber.

As clases de don Ramón del Prado eran exemplares. Con dicirlles que a min, con catorce ou quince anos, me animou a le-las *Investigaciones lógicas* de Edmundo Husserl, unha obra aínda difícil para os universitarios, e que cheguei a comentar na clase cun traballo do que agora mesmo lamento telo extraviado.

Husserl, Scheler, Hartmann, velaí nomes dos que se falaba na clase a cotío. ¡Canta claridade nas súas verbas, que acento tan xeneroso e cordial naquel home que se afanaba por facernos mirar cara a dentro de nós e aí asistir o milagre do propio e alleo coñecemento! Pasaron xa tantos anos que eu mesmo dubido se os supostos da filosofía bergsoniana e a mesma noción de intuición me veñen ou non daquelas clases, e que logo tanto debullei neles nos meus estudios sobre Bergson, que felizmente culminaron na edición das obras completas pola editorial Aguilar (México, 1959), cando en España aínda estaba prohibida a lectura de *La evolución creadora*.

Un apartado do capítulo I do profundo e meditado estudio do profesor López Vázquez sobre don Ramón del Prado que chama poderosamente a miña atención é o que se refire a don Ramón como víctima do resentimento en Galicia. É verdade que non era un escolástico coma a mairoría, aínda que si un profesor comprensivo e bo coñecedor de tódalas correntes filosóficas, incluída a escolástica, e, sobre todo, defensor da liberdade de pensamento coma un atributo irrenunciable do pensar humano. A ida providencial a Madrid librouno de momento dunha morte (paseo) segura, tal fora a sorte do seu amigo o artista Luís Huici, naquela atmosfera sanguinosa de axuste fratricida de contas; nada nin ningén impediu que fora separado da cátedra e abandonado no desamparo. E todo porque os novos cruzados do catolicismo hispano o tiñan pola ovella negra que coma tal había que tratar.

Pouco antes del morrer, cando aínda eu estaba estudiando en Madrid tiven a ocasión de ir velo á modestísima vivenda que xunto á súa familia ocupaba. Recibiume co cariño e afecto que nel eran naturais. Estaba prostado na cama da dor presentindo que axiña ía morrer; consciente da barbarie e crime que con el cometeran os facciosos da Coruña, pero só pensaba na súa familia, sen unha palabra de odio nin resentimento para aqueles que conseguiron destruílo incluso fisicamente. Naquel momento quedou xa para sempre gravada na miña memoria a imaxe dun home honrado, bo, íntegro e xeneroso, un home que coma profesor constitutíu para min un exemplo irrepetible. Nunca lle agradecerei como merece que me teña feito na miña xuventude o grande regalo de aprenderme a pensar por min, a sentirme dono de min mesmo cando xa a miña existencia, polo paso dos anos, carece de horizonte futuro.

Fagámolo, pero, mentres tanto, acheguémonos a algún lugar onde poidamos calmar a sede e tamén comunicarnos coa ledicia que nos permite o noso viño. Disfrutemos do momento, que non faltará un día para traballar nin para que nos preocupemos de outros mesteres. Despois, como se fixo precisamente hoxe, de poñer o ramo de loureiro, querido Presidente, queridos colleiteiros, veciños desta comarca, garelos e betanceiros, abran as adegas e que veñan os romeiros. Xa está aí moi preto San Roque, o Globo e os Caneiros. ¡Colleiteiros de Betanzos poñede un neto. Deus vos bendiga a todos para velo!

¡Moitas gracias!
Xaime Alberto Pita Varela

7 de maio de 2000

Celebrouse a *XIX Volta á Comarca Brigantina*, puntuable para a Copa de España de Ciclismo, organizada polo Club Ciclista Betanzos, na que resultou gañador Luís Poyatos do equipo *Supermercados Froiz*. Editouse un libro conmemorativo do evento.

Estudios Blanco

Maio de 2000

O Colexio brigantino Francisco Vales Villamarín (foto arriba á dereita) obtivo neste mes o Premio *Voz Natura* da provincia da Coruña 1999-2000, outorgado pola Fundación Fernández Latorre, polo proxecto titulado *Estudio da pranta de tratamento de augas para abastecer a cidade de Betanzos*. D. Jorge Saavedra Mosquera e D. Manuel López Río foron os profesores responsables.

Maio de 2000

Ó longo deste mes desenrolouse o programa de actos organizado polo Concello, con motivo da festividade das Letras Galegas, que este ano estivo dedicada a Manuel Murguía. Para o seu desenrolo contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións do Concello como as Xornadas de Portas Abertas no Museo das Mariñas, Unidades Didácticas e Campañas de Fomento da Lectura na Biblioteca Municipal.

14 de maio de 2000

Preto de douscentos corredores de toda Galicia participaron na Media Maratón *Volta á Ría de Betanzos*, organizada polo Club de Atletismo *As Mariñas*. Os gañadores foron Daniel de la Torre, e Fátima Paz Gago.

Estudios Blanco

17 de maio de 2000

Dentro da celebración do Día das Letras Galegas, o Concello editou o libro de D. Marcelino Álvarez López, titulado *Contos de Onte*. Nel colaboraron Antonio Palla coas ilustracións, Concepción Delgado Corral que realizou o prólogo, e Alfredo Erias a maquetación. A presentación tivo lugar na Aula Municipal de Cultura nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

18 de maio de 2000
Tivo lugar a presentación do Grupo de Intervención Rápida, composto por doce persoas. Este grupo, financiado pola Consellería de Familia e Concello, ten a función de colaborar en situacións de risco, coidado do medio ambiente, así como calquera outra actividade puntual.

18-31 de maio de 2000
No Edificio Arquivo puido contemplarse a exposición *Galicia en Foco*, iniciativa do Club de Prensa de Ferrol, e que amosou ó público os traballos realizados polos fotógrafos galegos nos últimos anos.

21 de maio de 2000
O deportista betanceiro Xosé Vales, pertencente ó club de piragüismo *Ría de Betanzos Construcciones Doyfra*, obtivo en Portodemouros a medalla de ouro no Master Galego Individual na proba de 500 metros.

21 de maio de 2000
Nunha competición desenvolvida en Santiago de Compostela, as Escolas de Natación do Concello de Betanzos acadaron o primeiro posto no Campionato Galego en Idade Escolar en categoría alevín. Nas actuacións individuais destacaron Laura Valverde cunha medalla de ouro e unha de prata, Sara Abad unha de prata e Aitor Otero cunha de bronce.

Estudios Blanco

22 de maio de 2000
Con motivo da festividade de Santa Rita, patrona dos funcionarios da Administración Local, o Alcalde, D. Manuel Lagares, entregoulles unha insignia da cidade ós funcionarios que se xubilaron neste ano que foron: Dª Florinda Presas Mosquera, D. Juan Campos Barral, D. Anxo Fafián Casal e á viúva de D. Manuel Mellid. Recibiron tamén un distintivo D. Germán Rivas Campos e D. Luís Zamora Andrade por levar vintecinco anos vinculados ó Concello.

23 de maio de 2000
Organizado polo Concello tivo lugar no Centro Social Municipal un curso de Prevención do Consumo de Drogas, especialmente dirixido a familias con fillos en idade adolescente, que foi impartido pola Asociación de Axuda ó Drogodependente (ADAFAD).

Estudios Blanco

24 de maio de 2000

Dª Amparo Calviño Méndez e D. Xesús Gundín Hurtado donaron ó Museo das Mariñas de Betanzos dous preciosos aderezos galegos do s. XIX, formados por un colgante de tres corpos e un xogo de pendentes de prata dourada. Asinou a recepción das pezas o Alcalde, D. Manuel Lagares.

Estudios Blanco

24 de maio de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *O bululú do linier* a cargo do grupo *Teatro do Adro*.

25 de maio de 2000

Dentro dos actos organizados polo Concello para a celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura unha conferencia impartida polo historiador D. Carlos Pereira, titulada *Vida e obra de Manuel Murguía*.

26 de maio de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación da *Obra poética de Francisco Vales Villamarín*, editada polo Concello. A obra presentouse en dous tomos, un deles cun estudio crítico e edición de Concepción Delgado Corral, titulado *Poesía inédita e dispersa en galego*, e outro titulado *Poesía inédita e dispersa en*

castelán con edición de Concepción Delgado Corral, Mª Teresa Amado Rodríguez e Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do profesor de Teoría da Literatura da Universidade de Santiago, D. Arturo Casas e foi presidida polo Alcalde, D. Manuel Lagares. O acto contou coa presencia de varios familiares de D. Francisco Vales Villamarín, representados por D. Francisco Vales Villamarín Vía.

Maio de 2000

Rematou neste mes unha nova edición do *Tren do Pasatempo*, que permitiu o acercamento de máis de dous mil nenos da provincia da Coruña á nosa cidade. A organización debeuse á Xunta de Galicia, Renfe e Concello.

1 de xuño de 2000

No parque do Pasatempo tivo lugar o acto de clausura do Curso de Educación Vial, organizado polo Concello e que contou coa colaboración da Dirección Provincial de Tráfico. Foi impartido polo Cabo da Policía Municipal, D. Manuel Seijo Vázquez a preto de 500 alumnos dos colexios Francisco Vales Villamarín e Nosa Señora do Carme. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e contou coa presencia do responsable da Dirección Provincial de Tráfico, D. Gonzalo Ocampo.

2 e 3 de xuño de 2000

Seguindo co desenrolo do Programa das Letras Galegas, a Aula Municipal de Cultura acolleu dúas representacións teatrais: *O lapis do carpinteiro* polo grupo *Sarabela Teatro* e *Ultimamente non durmo nada* a cargo do grupo de *Teatro da Lúa*.

4 de xuño de 2000

Organizado polo *Club Ciclista Terrazos Riego* celebrouse a *II Volta ás Mariñas Memorial Luís Lousa Bodmer*, na que participaron uns oitenta ciclistas de Galicia, Asturias e Castela-León. O gañador foi o asturiano Damián Prieto.

Estudios Blanco

4 de xuño de 2000

Como remate dos actos das Letras Galegas celebrouse o III Encontro de Bandas de Música, que contou coa participación das bandas de Sada, Pontedeume, Narón e a Municipal de Betanzos.

5 de xuño de 2000

Coa plantación de varias árbores no Pasatempo por parte dos alumnos do colexio Vales Villamarín, celebrouse o Día Mundial do Medio Ambiente organizado polo Concello. Os nenos estiveron acompañados polo Alcalde e o concelleiro de Medio Ambiente.

7 de xuño de 2000

Estudios Blanco

Na Sala Capitular do Concello foron recibidos os equipos de xuvenís e alevíns do Betanzos F.C. con motivo de proclamarse campións de liga nas súas respectivas categorías. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Antonio Lagares, do Concelleiro de Cultura e Deportes, D.Francisco Díaz Pereira, do Presidente do Betanzos, D. Julián García e de varios membros do corpo técnico.

9 de xuño de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a presentación do Programa de Concienciación Social e Educación Ecolóxica para os nenos da comarca, elaborado polo Consorcio das Mariñas. O programa foi presentado polos Alcaldes de Abegondo, Arteixo e Betanzos.

Estudios Blanco

9 de xuño de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a presentación do libro *Pequeños tesoros de Betanzos: la Ciudad de los Caballeros*, do que son autores Dª Olga Cristina Viaño e D. Joaquín Díaz-Pache. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

12 de xuño de 2000

En Santiago tivo lugar a entrega dos Premios Extraordinarios de Bacharelato, outorgados pola Xunta de Galicia. De catro galardoados pertencentes á provincia da Coruña, dous son os betanceiros: Diego Villaverde e Felipe Erias. >>

16 de xuño de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares, acompañado de varios membros da Corporación Municipal, recibiu no Pasatempo ó Conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, D. Xaime Alberto Pita Varela, que veu acompañado polo Director Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, D. Xosé Antonio Redondo e polo Delegado Provincial da COTOP, D. Jesús Almuiña. O motivo da visita foi comprobar o estado de varias obras financiadas pola Xunta de Galicia como as vivendas do Martín Ballesteros e a Urbanización da Condesa.

Estudios Blanco

25 de xuño de 2000

Os deportistas betanceiros do *Club Ría de Betanzos construccións Doyfra*, Xosé Vales e David Mosquera, acadaron a medalla de ouro na proba de 500 metros en C-2 da Copa de España de Pista.

27 de xuño de 2000

Foron inauguradas polo Alcalde, D. Manuel Lagares, as novas dependencias do Conservatorio Municipal de Música en San Francisco. O novo edificio permitiu desconxestionar o Edificio Arquivo, que xa se quedara pequeno para atender as distintas demandas culturais.

Estudios Blanco

29 de xuño de 2000

O Acalde, D. Manuel Lagares e o Concelleiro de Emigración, D. Andrés Beade Dopico, recibiron no Concello a tres representantes do Centro Betanzos de Bos Aires: á súa Presidenta Dª Beatriz Lagoa, D. Modesto Viqueira e D. Leonardo Varela. >

30 de xuño de 2000

«Sobresaliente cum laude» foi a calificación da Tese Doutoral do avogado betanceiro, D. Antonino Vázquez Bonome, lida na Universidade da Coruña e titulada, *Derecho Cambiario: letra, pagaré y cheque*, na que tratou da incidencia das novas tecnoloxías na Banca.

1 de xullo de 2000

No Edificio Arquivo tivo lugar a inauguración da exposición de fotografías de Xosé Castro, titulada, *Retratos para facer un tempo*. No acto estiveron presentes o Alcalde, D. Manuel Lagares e o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira.

Estudios Blanco

Estudios Blanco

7 de xullo de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a presentación da carpeta nº 5 da colección «Debuxos de Galicia», de Alfredo Erias, titulada «Cabaleiros». O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e contou coa presencia do Conselleiro da Presidencia e Administracións Públicas, D. Xaime Alberto Pita Varela. Presentou a obra o historiador, D. Carlos Pereira Martínez.

7-9 de xullo de 2000

O casco antigo da cidade volveu unha vez máis a engalanarse para acoller a III Feira Franca Medieval, que contou como ven sendo habitual cunha ampla participación de tódolos cidadáns e con gran afluencia de visitantes.

Estudios Blanco

Danzas gremiais, revoltas irmandiñas, música medieval, malabaristas, grupos de teatro nas rúas, Torneos, poxas públicas, queimas de bruxas, bufóns, expulsión de leprosos, caza do xabarin, cantares de cego, batalla das figueiras, cea medieval.... foron algúns dos actos que axudaron a transportarnos ó Betanzos medieval. A organización do acontecemento foi do Concello, que contou coa colaboración de asociacións, empresarios e comerciantes e numerosos voluntarios.

A feira deu comezo coa representación dun saúdo entre o «Conde de Andrade» e o Alcalde, para a continuación dar lectura ó pregón que correu a cargo do historiador D. Carlos Pereira.



Estudios Blanco

PREGÓN DA IIIª FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANÇOS

Anno do nasçemento de nosso Sennor Ihesu Christo de dous mill annos, sesta feyra, sete días andados do mes de jullo.

Sabbean quantos este instormento de pregón oíren como eu, Carlos da Pereira, da linagen que son de Diego Breixo Aldao Andeiro Freire de Andrade et de Isabel Rey Vilardefrancos Moscoso et Figueroa, escripuano et notario da terra e bailía de Faro, a pedimento do alcallde et justiçia et regedores et procuradores geeraes et homnes boos do conçello de Betanços, seendo ajuntados a campaa tangida enno adro da eglesia de Sanct Françisco, segund o an de uso et costume, et coa

Estudios Blanco

Estudios Blanco

bendiçón do arçipreste de Janrozo, fago saber que, merçe ao priuillegio et graçia que oubtorgou a esta çibdade nosso sennor el rei Enrrique, quarto dese nome, que Deus garde, averemos Feira Franca nestes primeiros días de jullo por andar.

Et sabede que das Marinnas dos Freires, et dos Condes, et da çibdade da Crunna et o seu alfoz, et de Pontes de Ume et de Ferreol et terra de Trasanquos et da terra de Párrega et de Millide, et Arçúa et Montanos et Bregantinos, et de outros lugares do reyno de Gallizia, chegaron mercadores aa çibdad de Betanços coas súas mercadorías, para nos mercarmos o que máis nos prouguer. Et sabede que o alcallde et regedores mandaron disser que nehuun vezinno ouse de lles fazer nen perpetrar nen prijon, nen leson, nen mortes nen feridas nen desonor algund na sua venida aa çibdad, et entrada en ela et na tornada a as súas casas.

Et averá juglares et malabares et jogos ennas rúas da çibdad et o abbade de Sobrado, et o prior, virán façer visita a o moesteiro das Cascas, que fundaran Bermudo Peres et a súa filla Urraca deouota, que Deus aia. Et o padre guardián de Sanct Françisco díssome que çelebrará misa polas memoria de frey Fernán Miguelles, comendador, e dos freires da orde et miliçia do Templo, a quen Deus perdoe, que aquí teveron súa encomenda, onde o grand sennor Fernán Peres d´Andrade, de boa memoria, alçó et edificó a eglesia et convento dos frades minores.

Et estes días Alonso de Lançós et Fernán Peres, et Afonso de Carvallido et Pedro Pardo o Mariscal, et Gomes Peres das Marinnas et o arçebispo Alonso de Fonseca, et Diego de Lemos e Pedro Alvares, et os homes da Irmandade et os escudeyros, et vassallos et homes de beetrías farán treguas, et leixarán as súas contendas et demandas et herros et malquerenças et queixumes por non entorpeçer a Feira Franca.

Estudios Blanco

Xa tangeron as campaás de Sanct Françisco, do Açougue et de Santiago. Xa os Fieis executores deron liçençia a as paradas et os çapateiros, os ferreiros, os tundidores, os ourives et alfaiates, tecedeiras, carniçeiros, pescadores et labregos voçean as súas mercadorías ennas rúas da çibdad et os seus arrabales, et ennas tendas et portaes. Xa arrivaron a o nosso porto as naos dos mareantes con teas de oltramar: panos de ouro, de seda, et lá, et lenços. Xa os cambiadores ofreçen o ouro et a prata; et hai ferro et azeiro, vino et azeyte et outros mantementos. Et de todo isto, nen de alguuha cousa, que non sejan tiudos ditos mercadores de dar nen pagar alcabala, nen portadgo alguun, mas que sean francos, libres, quitos et esentos de todo.

Et sabede que xa corre o vino nas tabernas da çibdad, et ricas viandas agardan nas mesas. Et veñen polos camiños os cavaleiros con atabales, trompetas e tamboril et os seus peóns e lanças botando apellido, et donçelas et viláns, et os abbades de Cins, de Monfero et Bergondo, et o prior de Briuis et de Cambre, et esmoleiros, et laçarados, et alguus clérigos con as suas barraganas. Et a todos uos digo, vezinnos e estrangeiros que estades y presentes: ¡viva a Feira Franca de Betanços!

Feyto este escripto de pregón enna çibdad de Betanços dia, mes e anno supradictos. Eu, Carlos da Pereira, notario na terra et bailía de Faro, presente fuy et fiz escrepuir et puge aquí meu nonme et meu Signal que tal he, en testimoyo de verdade.

Carlos Pereira Martínez

Estudios Blanco

14 de xullo de 2000

Tivo lugar a inauguración da *VII Bienal de Pintura Balconadas*, organizada polo Concello co patrocinio da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial. Este evento converteu á cidade por uns días nunha gran sala de exposicións. En total foron 130 as obras seleccionadas que quedaron penduradas dos balcóns do casco histórico. O acto de presentación estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e estivo acompañado do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira e dos directores do concurso D. Jesús Núñez e Dª Verónica Dopico. A pesar de que a organización depende do Concello, os premios son outorgados por votación dos propios participantes que neste ano corresponderon: o primeiro, a Antonio Santiago Linde, o segundo, a Victor Navarro Ríos, e o terceiro a Pedro de Miguel García.

Estudios Blanco

Xullo de 2000

Ó longo deste mes desenrolouse o programa *Noites de Cine*, no que se proxectaron varias películas ó aire libre. Este programa vense celebrando desde hai once anos gracias a un convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello.

La Voz de Galicia: Estudios Blanco

18-21 de xullo de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o III curso *Musica y Cine*, organizado pola Universidade da Coruña en colaboración co Concello e que dirixiu D. Xosé María Paz Gago. Estivo dividido nunha parte teórica na que participaron diferentes especialistas e profesionais e unha parte práctica que consistiu na realización dun corto dirixido por Xosé Vilaboy. O programa completouse coa proxección de varios filmes ademais de contar co ciclo de proxeccións ó aire libre.

Estudios Blanco

25 de xullo de 2000

No Cruceiro da Cruz Verde tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a vida por Galicia. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

27 de xullo-13 de agosto de 2000

Ó longo destes días veuse celebrando o Ciclo de Música do Concello de Betanzos Verán 2000, organizado pola Delegación de Cultura e Deportes do Concello, que se desenrolou no Claustro do Museo das Mariñas e na igrexa de San Francisco. Participaron os grupos: Orquestra de Cámara Vox Aurae de Brescia, Cuarteto de Saxofóns da Coruña, Artabria Trium, Muxicas, Dúo Arabesco, Trío Untia, Agrupación Musical Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos e Banda Municipal de Música.

Estudios Blanco

28 de xullo de 2000

Tivo lugar en Muros a inauguración da exposición de fotografas «Muros anos 50» de D. Antonio Selgas Goyanes. As instantáneas, que aparte do valor artístico son de gran valor histórico e afectivo para as xentes desta vila, foron publicadas nun libro editado polo Concello de Muros. A mostra serviu ademais para un acto de irmandade entre o Concello de Muros e o de Betanzos, desprazándose para este acto unha delegación do Concello de Betanzos encabezada polo Alcalde, D. Manuel Lagares.



Estudios Blanco

4 de agosto de 2000

Na Sala Capitular do Concello foi presentado oficialmente o programa de Festas Patronais *San Roque 2000* polo Alcalde, D. Manuel Lagares. O cartel e portada do libro foi realizado por Luís Galán.

12 de agosto de 2000

O Concello dedicoulle a Uxío Novoneyra, o poeta do Courel, a praza que está ó lado do ambulatorio nun acto en que estiveron presentes familiares e amigos do homenaxeado e presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares. A continuación no Museo das Mariñas tivo lugar un recital poético presentado por Xulio Cuns, e no que participaron Bernardino Graña, Manuel María e Xosé Neira Vilas.

14 de agosto de 2000

Na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares, coroou á Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina, Lucía Campañó Faraldo. Seguidamente desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do empresario, D. Roberto Tojeiro Díaz. A continuación, houbo unha recepción ás autoridades e personalidades invitadas e fíxose entrega dos premios *Garelos 2000* que foron os seguintes: En Cultura á Banda Municipal, en Deporte a Ana Belén Blanco, en Industria a Suministros Vía-Mar, e un Garelo especial a Mármores Betanzos. Entregáronse así mesmo os premios da VII Bienal Balconadas.

Faraldo

Pregón das Festas

Faraldo

Iltmo Sr. Alcalde y Corporación Municipal, demás Autoridades, Reina y Damas de las Fiestas y a todos los presentes

Muchas gracias por haberme invitado y así poder expresar mis deseos y mis pensamientos a esta querida Ciudad.

Estamos en la Fiesta Mayor y hablo de la Fiesta Mayor, porque en Betanzos todos los días son fiesta, quiero decir con esto que estar de fiesta es estar como se hace en esta Ciudad, desenfadados, con caras alegres, buenas actitudes y en armonía.

No conozco a ningún matrimonio que no tenga ninguna «trifulca» de vez en cuando, por bien que se lleven, y que bonito es después del enfado, la reconciliación, cuando aflora el cariño que está por encima de todo.

Esto ocurre en Betanzos y pongo como ejemplo a los políticos de este Pueblo, que dan ejemplo de saber llevar un pueblo adelante, a pesar de sus diferencias de opinión, ya que ellos son los que deben dar ejemplo, igual que un sacerdote o unos padres de familia, porque el buen ejemplo es la base de todo.

Los que tenemos la suerte de conocer muchas ciudades y pueblos diferentes, nos damos cuenta enseguida de que Betanzos tiene algo especial, su historia, su cultura, su ambiente, sus frutos del campo, su gastronomía.

Conocida es su tortilla, su carne asada y otros manjares, que tanta fama le han dado dentro y fuera de España.

Las personas de un pueblo, a veces no nos damos cuenta de lo que tenemos, es como aquel que compra una casa con unas vistas preciosas, y «gasta» la vista en un año mirando el entorno, después de un año ya se cansa y cierra las contras y ya no se da cuenta de la hermosa vista; o aquel que tiene una mujer guapa y buena persona, y se fija en otra que va delante de él aunque sea más retorcida que un salgueiro.

Igual que otros muchos, yo viajé bastante, conocí fondas de tercera, de segunda y hoteles de varias estrellas, pero sólo cuando vuelves a tu casa y te acuestas en tu cama, te das cuenta de que no hay ninguna como ella. Esto es lo que nos pasa a todos cuando estamos rodeados de cosas buenas.

A veces no nos damos cuenta y no las apreciamos en su justa medida.

Estamos en una Ciudad que históricamente se le conoce como Betanzos de los Caballeros y ya se sabe que donde hay damas hay caballeros, y donde hay esta clase de personas, naturalmente también es un gran sitio para vivir, por eso me gusta Betanzos a mi y a muchos otros, y los que no lo vean así, lo sentimos por ellos.

Los tiempos cambian y las ciudades también, Betanzos está pasando a ser un potencial económico tanto industrial como comercial; este cambio yo lo comparo al de un chico que está pasando de los 13 a los 18 años, que es el momento más difícil y decisivo para que encauce bien su vida.

Por ello los que dirigen esta Ciudad deben cuidarla conforme a los valores que hasta ahora han tenido, pero al mismo tiempo dando paso al futuro, pueden convivir perfectamente la tradición y

los buenos modales de una ciudad, con el crecimiento industrial y comercial, así como el cuidado del medio ambiente, todo ello sin quedarse ni pasarse, en su justo medida, pues todas las malas y buenas costumbres tienen un límite, como la educación del joven que antes decía.
Queridos amigos, os estoy robando un tiempo precioso de vuestra fiesta de San Roque, sólo quiero desearos que mis palabras os sirvan para apreciar mucho esta Ciudad, tan entrañable que tenéis y tenemos.
Muchísimas gracias a todos, y perdonadme, si no me he expresado como esperabais, pero este no es mi oficio, creedme, que las palabras que os dije; os las dije de corazón.
¡¡¡Hasta siempre Betanceiros y ahora a disfrutar!!!.

Roberto Tojeiro Díaz

Arume

15 de agosto de 2000

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Miriam Díez Seoane, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares. Acto seguido, Gloria Cupeiro Docampo deu lectura ó Pregón Infantil.

Arume

Función do Voto

(16 de agosto)

SEÑOR SAN ROQUE

Al postrarme nuevamente delante de Tí, para presentarte esta ofrenda, que hace más de cinco siglos te ofrece el pueblo de Betanzos, quiero manifestarte el agradecimiento y la gratitud de nuestro pueblo por la generosidad y protección que tuviste siempre con nosotros. Protección que siempre nos dispensaste y de una forma especial, cuando estuvimos perseguidos por la enfermedad y por la peste de las que nos liberaste.
Como Alcalde de Betanzos, renuevo esta presentación en este momento en el que el cambio de milenio se muestra delante de la sociedad con avances tecnológicos, en el mundo de la comunicación

y en las diversas facetas de la actividad humana. Pese a estas mejoras de la sociedad, existe realidades en el mundo que se manfiestan a través de guerras, exilios, envidias que configuran un progreso real pero mal repartido y donde las tremendas desigualdades entre los países obligan a muchas personas a lanzarse al mar o a cruzar el desierto para buscar una vida digna donde los derechos humanos sean tenidos en cuenta.

Fersal

Ayuda a los millones de personas que, tanto en nuestro país como en otros, especialmente en la franja sur, tienen que soportar la más dura realidad de una vida sin las mínimas condiciones para acercarse a Tu testimonio e integración.

Igualmente te pido que protejas a todos los seres humanos y de forma especial a los betanceiros, para construir un mundo nuevo lleno de ilusión donde quepamos todos. En donde los jóvenes tengan el protagonismo que merecen y sepan superar las lacras humanas del alcohol, las drogas y ese conjunto de peligros que les acechan cada día. Que los ancianos que tanto trabajaron en construir la sociedad que disfrutamos, encuentren la atención y el respeto que les debemos. Y donde los parados encuentren la cobertura de sus necesidades, los enfermos vean sus dolencias aliviadas y los que sufren y tienen problemas encuentren Tu sabio consejo y la superación de sus traumas.

Quiero también en estas fechas tan dolorosas en diversas comunidades de nuestro país, mostrar mi solidaridad y respeto por las víctimas del terrorismo. Personas que, a veces por defender sus ideales o sus trabajos, sufren, sin justificación de ningún tipo, esta barbarie que altera la convivencia familiar y ciudadana y sume en la más profunda de las tristezas a muchos seres humanos. Busca la Paz y el diálogo sirva de forma de comunicación desterrando para siempre el lenguaje de las pistolas y de las bombas que sólo sirven para distanciarnos y terminar con el derecho más profundo y sagrado de las personas a una vida en libertad.

SEÑOR SAN ROQUE, siempre nos diste sobrados motivos de tu extraordinaria generosidad y nos favoreciste e iluminaste cuando más lo necesitamos. Es por ello que, en nombre de esta Ciudad que sabe reconocer las atenciones de quién las realiza, te presente esta humilde ofrenda y te doy las más reconocidas gracias.

MANUEL LAGARES
Alcalde de Betanzos.

16 de agosto de 2000

Como tódolos anos, ás 12 da noite, saíu da torre de Santo Domingo o Globo de San Roque, que realiza a familia Pita desde o s. XIX. O globo, o máis grande do mundo construído en papel, surcou de novo o ceo de Betanzos para admiración do numeroso público asistente que o seguiu ata perdelo na noite. Este ano viaxou ata a veciña parroquia de Muniferral, no Concello de Aranga.

La Voz de Galicia: Pedro Puig

Alfredo Erias

La Voz de Galicia: César Quian

18 e 25 de agosto de 2000

Como é tradicional, foron miles de persoas as que se acercaron ó campo dos Caneiros para disfrutar destas orixinais romarías. As lanchas engalanadas con flores déronlle color e vistosidade a estas xiras. O accidente ocorrido ó envorcar unha das lanchas na volta dos Caneiros do día vintecinco ocasionou a morte de dúas persoas e empañou a alegría do remate da festa. O accidente trouxo consigo unha longa polémica sobre a seguridade das lanchas nesta romaría.

20 de agosto de 2000

Celebrouse a V Carreira Popular de Betanzos na que participaron máis de douscentos corredores. O gañador foi Raúl Hernández Fernández en categoría masculina, e en feminina, Sonia Botana. Os trofeos foron entregados polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

Estudios Blanco

6 de setembro de 2000

Tivo lugar na Sala Capitular do Concello unha homenaxe a D. Andrés Otero Martínez, concelleiro do BNG que presentou a súa dimisión o pasado mes de xullo. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e a el asistiron diversos membros da Corporación Municipal.

6 de setembro de 2000

No edificio do Concello, o Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu a D. Leonardo Varela, quen lle fixo entrega con destino ó Museo das Mariñas, dunha réplica do manifesto de San Sebastián do ano 1930, que se considera como xerme da II República.

8 de setembro de 2000

Foron varios miles de persoas as que se achegaron este día ó Santuario dos Remedios para celebrar a tradicional romaría.

11-15 de setembro de 2000

Puido contemplarse no Edificio Arquivo unha mostra de gravados de Sylvie Karier.

Setembro de 2000

Neste mes construíronse as beirarrúas ó pé do muro de fronte ós soportais da Praza do Campo.

15 e 16 de setembro de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Tres no bamban», a cargo do grupo de teatro Espello Cóncavo.

18 a 29 de setembro de 2000

Ó longo destes días celebráronse na Aula Municipal de Cultura as II Xornadas de Rutas do Mundo, organizadas polo Concello de Betanzos co patrocinio de Caixa Galicia e coordenadas por Xabier Ares. Nas mesmas participaron viaxeiros e aventureiros moi coñecidos como Juan Oiarzábal que subiu na súa carreira de montañista catorce cumes que superan os oito mil metros, Diana de Horna que conviviu con varios pobos indíxenas, Xabier Ares e Rita Melo, das súas viaxes, os cicloturistas Luís Marquina e Emilia Curiel, pechando este ciclo o montañeiro Frank Van Herreweghe.

24 de setembro de 2000

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do libro «Wa Wa Wa», da autoría de Xabier Ares, «Japi», que trata sobre as experiencias vividas na viaxe que realizou recentemente a Filipinas, Malasia, Indonesia e Papúa Occidental. A presentación correu a cargo de D. Antonio Selgas. >>



25 de setembro de 2000

No Hotel Tryp María Pita da Coruña inaugurouse unha exposición de pinturas e gravados de Alfredo Erias Martínez.

Estudios Blanco

28 de setembro de 2000

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino, nº 22. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares a quen acompañaban diversos membros da Corporación Municipal, entre os que se atopaba, o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, así como o Director da publicación, D. Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do Doutor en Historia da Arte, D. José Cardeso Liñares.

28 de setembro de 2000

O Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu da Mancomunidade de Concellos da Área Metropolitana dous camións destinados á recollida selectiva do lixo, así como un lavacontedores.

Setembro de 2000

Betanzos foi declarado Municipio de Interese Turístico pola Comisión de Valoración da Xunta de Galicia. O casco histórico da cidade e os monumentos nel conservados foron os factores máis influintes nesta decisión.

29 de setembro de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a toma de posesión como concelleiro do BNG, D. Andrés Otero Botana. >>

29 de setembro de 2000

Na sesión ordinaria do Concello, deuse conta da sinatura dun convenio entre o Concello de Betanzos e a Sociedade de Promoción Fluvial Valdoncel, na que esta última cedeu unha franxa de terreo que vai permitir o ensanche do paseo da Galera e a entrada do Carregal.

30 de setembro de 2000

Dentro do ciclo de colaboración co Instituto Galego de Artes da Imaxe, dependente da Consellería de Cultura, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra «O cerco de Leningrado», de José Sanchís, que representou o grupo Teatro do Atlántico.

Outubro de 2000

Dentro do plan de mellora no abastecemento de auga, este mes rematáronse as obras da nova represa no río Mendo, coa que se viu ampliada a capacidade de bombeo de auga.

7 de outubro de 2000

Celebrouse en Madrid a poxa dos doce bustos de mármore dos emperadores romanos que mercara D. Juan García Naveira en Italia para o Pasatempo. Os bustos estiveran nun primeiro momento no Pasatempo pero despois o propio D. Juan levounos para o xardín da casa de dona Águeda. Á poxa asistiron o Alcalde, D. Manuel Lagares e o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, coa intención de facerse coa colección ou cando menos con algunha das pezas, pero o prezo que alcanzaron impediu levar a bo termo esta tentativa.

9 de outubro de 2000

Entraron en funcionamento as novas dependencias municipais no Edificio Arquivo. Os novos locais responden a unha necesidade física de espacio da propia administración que vai repercutir nunha mellora no servicio ó cidadán. Na Casa Consistorial segue a Alcaldía, as delegacións de Cultura e Deportes, Emigración, Servicios e Turismo.

Estudios Blanco

16-30 de outubro de 2000

Puido contemplarse no Edificio Arquivo unha exposición de fotografías antigas titulada «Betanzos e as súas xentes», con recordos de familia anteriores a 1950. A exposición foi organizada polo Club de Xubilados Caixa Galicia de Betanzos.

22 de outubro de 2000

Dentro do programa da Rede Galega de Teatros, tivo lugar na Aula de Cultura a representación de «Cyrano de Bergerac» pola compañía teatral Librescena.

27 de outubro de 2000

Presentouse na Aula Municipal de Cultura o libro de poemas titulado «Lendario Acibeche», autoría do xornalista betanceiro Xosé Luís Sobrino. Foron tres os presentadores: Enma Couceiro, Xabier López López e Xesús Torres Regueiro.

Estudios Blanco

28 de outubro de 2000

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a sinatura do depósito da «Colección Fundación Jiménez-Cossío» no Museo das Mariñas, entre a Presidenta da Fundación Jiménez-Cossío, Dª Natalia Jiménez de Cossío e o Alcalde, D. Manuel Lagares.

3 de novembro de 2000

No Concello o Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu ó Embaixador Arxentino, D. Ricardo E. Lafferriere. No acto, no que tamén estiveron presentes algúns membros da Corporación Municipal, falouse da numerosa colonia de betanceiros que vive neste país, especialmente en Bos Aires, e do Centro Betanzos.

Estudios Blanco

5 de novembro de 2000

Incluída dentro da Rede Galega de Teatro tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra «Ñikiñaque», a cargo do grupo Ollomoltranvía.

10 de novembro de 2000

Constituíuse a «Fundación Comarcal de Betanzos», que reuniu na Casa Consistorial a dez Alcaldes dos once concellos que conforman oficialmente a comarca de Betanzos, que son: Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Paderne, Vilasantar e Vilarmaior. Este órgano comarcal ten como obxectivo elaborar plans conxuntos entre os distintos concellos que axuden a potenciar o desenrolo económico da zona. O Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Alberto Pita Varela, foi nomeado Presidente de Honra, recaendo en D. Andrés Precedo Ledo, o cargo de Presidente para este primeiro ano.

Estudios Blanco

20 de novembro de 2000

Como primeiro paso para a consecución da Denominación de Orixe para o viño de Betanzos, a Consellería de Agricultura ven de concederlle neste día a denominación de Viño da Terra. Acadan esta denominación ós viños da zona productora da comarca, que conforman os concellos de Bergondo, Coirós, Paderne e Betanzos. Viño da Terra é un indicativo xeográfico de calidade recoñecida pola Unión Europea que a partir de agora se poderá poñer nas etiquetas, omitindo o termo de «viño de mesa».

23-27 de novembro de 2000
Os traballos de substitución da ponte do tren de Castro por unha nova plataforma, obrigaron a pechar á circulación a estrada de Betanzos a Sada.

24 de novembro de 2000
O Alcalde, D. Manuel Lagares, acompañado de varios membros da Corporación Municipal, inaugurou as instalacións do Centro Social de Saavedra Meneses.

29 de novembro de 2000
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar unha homenaxe ó cantautor Suso Vaamonde. Proxectouse un vídeo e presentouse un disco recopilatorio titulado *Lembranza*. No acto estiveron presentes varios familiares do cantautor, a quen lles foi entregada unha placa conmemorativa polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

Novembro e decembro de 2000
Nestes meses a nosa comarca viuse sometida a varios temporais que ocasionaron importantes destrozos, sobre todo en zonas próximas ós ríos, como Caraña, Piñeiro, Barallobre, Roibeira, Acea e Miodelo. Algunhas das casas víronse anegadas, chegándolles a auga a máis dun metro de altura.

La Voz de Galicia: E.B.

Novembro de 2000
Estivéronse levando a cabo traballos no exterior da igrexa de San Francisco para evitar as filtracións de auga. As obras contratadas pola Xunta de Galicia, consistiron en rodear a cabeceira da igrexa con pedra de cantería.

1-11 de decembro de 2000
Unha delegación betanceira encabezada polo Alcalde, D. Manuel Lagares, estivo estes días na cidade de Bos Aires para participar nos actos de celebración do 95 aniversario da fundación do Centro Betanzos. Inaugurouse a nova biblioteca «Antolín Faraldo» e presentouse o libro «De Espenuca a Barracas al Sur», do «Príncipe de Espenuca», Carlos Penelas.

1 de decembro de 2000
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Quién es quien», a cargo da agrupación Teatro Mariñán, que foi organizada pola Delegación de Cultura e Deportes.

1 de decembro de 2000

A Xunta de Galicia aprobou neste día a concesión a Betanzos da categoría de Concello Turístico Galego, despois de ser solicitado pola Corporación Municipal. Esta declaración outórgalle a Betanzos prioridade para obter beneficios nos plans de desenrolo e mellora do sector turístico elaborados pola Xunta de Galicia.

2 e 3 de decembro de 2000

Tivo lugar no Pavillón Polideportivo Municipal o VIII Campionato Cidade de Betanzos de Karate, organizado pola Federación Galega de Karate e polo Club Shin-Gi-Tay KarateDo, que contaron coa colaboración do Concello.

7 e 15 de decembro de 2000

Organizadas polo «Club Rotary» tiveron lugar na Aula Municipal de Cultura unhas xornadas dedicadas á emigración, que levaron por título «100 años de emigración Betanceira». Participaron: D. Isaac Díaz Pardo, D. Miguel A. Santos Rego, D. Antolín Sanchez Presedo, D. José Luis Couceiro Vicos, D. Fernando Amarelo de Castro, D. Jaime A. Pita Varela, D. Manuel Lagares Pérez e D. Andrés Beade Dopico.

10 de decembro de 2000

Na Piscina Municipal desenrolouse o Campionato Galego Master de Natación, que reuniu a máis de sesenta deportistas de toda a comunidade galega.

10 de decembro de 2000

A partir deste día ata o mes de xaneiro veuse celebrando o programa de Festexos do Nadal organizado pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Laura Noya Belío do Colexio Nosa Señora do Carme (Atocha), gañadora do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.

12 de decembro de 2000

Coñeceuse pola prensa deste día que o Presidente do Goberno Vasco, D. Juan José Ibarretxe, acompañado de súa nai, Dª María Dolores Markuarto, visitara a nosa cidade. O motivo foi coñecer o lugar onde vivira a súa familia os anos posteriores á Guerra Civil, anos nos que o avó do lehendakari padeceu o desterro debido a motivos políticos.

14 de decembro de 2000

Tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración dunha exposición de Xacobe Méléndrez, que foi presentado por Alfredo Erias. O acto estivo presidido polo Tenente de Alcalde, D. Antonio Lagares Pérez, acompañado do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira.

16 de decembro de 2000

Estudios Blanco

Celebrouse a Feira do Galo, organizada polo Concello para fomenta-la exposición e venda de determinados productos tradicionais. Para levar este evento a bo termino, contouse coa colaboración de varias asociacións locais. Ó concurso presentáronse máis de cen exemplares, dos que resultou gañador o de D. Manuel Casanova Souto de Betanzos. Os galos clasificados nos tres primeiros postos foron subhastados e o seu importe destinado a Cáritas de Betanzos.

16 de decembro de 2000

Incluída dentro da Rede Galega de Teatro tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra «Morte accidental dun anarquista», a cargo do grupo Teatro do Morcego.

17 de decembro de 2000

No Pavillón Municipal desenrolouse o Campionato Galego Júnior de Taekwondo, organizado pola Federación Galega de Taekwondo, a empresa concesionaria das instalacións deportivas do Carregal (Deside) e o Concello de Betanzos.

21 de decembro de 2000

Dentro dos actos programados pola Delegación de Cultura, tivo lugar na igrexa de San Francisco un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.

21 de decembro de 2000

No Salón de Actos da Fundación Caixa Galicia tivo lugar a presentación do libro «Betanzos frente a su historia. Sociedad y patrimonio», do que son autores D. José Antonio Fernández de Rota y Monter e Dª Mª del Pilar Irimia Fernández, profesores da Universidade da Coruña. O acto de presentación correu a cargo do escritor Carlos Casares.

27 de decembro de 2000

Na librería Donín de Betanzos tivo lugar a presentación do libro «O xabaril branco», de Tucho Calvo, con ilustracións de Miguelanxo Prado. A presentación correu a cargo do profesor D. José Antonio Ponte Far.

Jesús Núñez, 1997. Xilografía-aditivos. Mancha: 78x112 cm.
Papel Creysse. Matriz: 2. Tirada: 3.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2000
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DO
2001